

# Pobreza e exclusión social

## Perspectiva comparada e estudo específico do municipio de Vigo

Dirección: Luis Espada Recarey

**Valedor do Cidadán**
Actuacións de Oficio

Valedor do Cidadán
Actuacions de Oficio

# Pobreza e exclusión social

## PERSPECTIVA COMPARADA E ESTUDO ESPECIFICO DO MUNICIPIO DE VIGO

Dirección: Luis Espada Recarey

**Dirección**
Luis Espada Recarey

**Coordenador xeral**
Víctor Manuel Martínez Cacharrón

**Coordenador informático**
Guillermo Rey González

**Coordenadores temáticos**
Javier Iradiel Sánchez
Mónica Estévez Salgueiro

**Colaboradores**
Damián Cuadrado Rodríguez
María del Pilar Fernández Pérez
Paula García-Suárez Fernández
Francisco J. García González
María Dolores Gil Carballa
Alba Gómez Sanz
María del Carmen Groba Gándara
Mercedes Herrero Padín
Xan Lago Teijeiro
Daniel Ledo Martínez
Iago Pozo Antonio
Lucía Rodríguez Barreira
Raquel  Santamaría Rodríguez
Cristina Rozas Daponte
Antón Vidal Andión

**Diseño e maquetación**
Diego Durán

**Imprime**
Grupo SR

**Depósito Legal**
VG 516-2011

**ISBN**
978-84-939053-3-0

**Oficina do Valedor do Cidadán**
R. Policarpo Sanz, 15  - 4º
(Casa das Artes) • 36202 Vigo
Teléfono: 986 430 047
Fax: 986 227 774
*e-mail: valedordocidadan@vigo.org*
*web: http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor*

# ÍNDICE


01 RAZÓNS PARA A REALIZACIÓN DESTE ESTUDO ........................................................9

02 AGRADECEMENTOS ........................................................................................13

03 INTRODUCIÓN A MODO DE PRÓLOGO ......................................................15

04 **PARTE I** A POBREZA NO MUNDO. ANÁLISE E PROPOSTAS DE SOLUCIÓN .............21

Introdución 21

1. Perspectiva histórica da riqueza e da pobreza das nacións 22
2. Do crecemento á globalización da pobreza 24
3. Os obxectivos da Cimeira do Milenio (2000) e a erradicación da pobreza 27
4. Muhammad Yunus e a proposta dun mundo sen pobreza 30
5. Educación, traballo cualificado e mercado laboral 32
6. Traballo doméstico e habitación, medidores da segregación social 35

05 **PARTE II** SITUACIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NA UNIÓN EUROPEA.........................................................................39

Introdución 39

1. Taxa de risco de pobreza 41
2. Taxa de desemprego 44
3. Poboación vivindo en lares sen emprego 46
4. Ano Europeu de Combate á Pobreza e á Exclusión Social 49

06 **PARTE III** SITUACIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN ESPAÑA ............57

Introdución 57

1. Transformacións económicas e mudanza social 58
2. Campañas de concienciación social contra a pobreza 60
3. Enquisa de Condicións de Vida (ECV) 63
4. Estudos específicos sobre a pobreza e a exclusión social 70
5. A pobreza infantil 89

07 **PARTE IV** SITUACIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA............93

Introdución 93

1. Taxa de risco de pobreza 94
2. Desigualdade na distribución de ingresos 95
3. Taxa de desemprego 95
4. Poboación vivindo en lares sen emprego 97
5. Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ano 2009) 98
6. Persoas sen abrigo 100
7. Medidas de acción para o combate á pobreza e á exclusión social 101
8. A Rede Galega contra a Pobreza 108
9. Obra social das caixas de aforro 110

08 **PARTE V** SITUACIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO MUNICIPIO DE VIGO ....................111
1. Análise da situación 111
2. Recursos das administracións públicas 118
2.1 Consellaría de Traballo e de Benestar Social da Xunta de Galicia 118
2.2 Servizo de Acción Social da Deputación Provincial de Pontevedra 122
2.3 Concellarías do Concello de Vigo 126
2.3.1 Concellaría de Benestar Social 126
2.3.2 Concellaría de Promoción Económica e Emprego 138
2.3.3 Concellaría de Igualdade 140
3. Recursos da iniciativa social e das institucións privadas 142

09 **PARTE VI** OPINIÓN DOS PROFESIONAIS E VOLUNTARIOS DOS COLECTIVOS E DAS INSTITUCIÓNS PRIVADAS ....................193
1. Enquisa sobre a situación da pobreza e exclusión social 193
2. Opinións mediante unha entrevista 198

10 **PARTE VII** ENQUISA SOBRE A EXPERIENCIA DA POBREZA ....................279
1. Introdución 279
2. Informe de resultados 281
2.1 Caracterización dos suxeitos 281
2.2 Resultados da enquisa 284
3. Tendencias observadas 288
3.1 Caracterización dos suxeitos 288
3.2 Análise dos resultados da enquisa 292
3.2.1 O risco de pobreza e de exclusión social 292
3.2.2 As causas da pobreza 295

3.2.3 Opinións xerais sobre a pobreza e as súas posíbeis solucións 298

11 **PARTE VIII PERCEPCIÓN DA CIUDADANÍA VIGUESA SOBRE A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL** ....................303

1. Introdución 303
2. Informe de resultados 305
   2.1 Caracterización dos suxeitos 305
   2.2 Resultados globais 308
   2.3 Resultados por zonas 324
   2.4 Comparativa entre Vigo, UE e España 357
3. Tendencias observadas 366
   3.1 Caracterización dos suxeitos 366
   3.2 Análise dos resultados da enquisa 368
      3.2.1 Grao de percepción da pobreza e da exclusión social 368
      3.2.2 O risco de pobreza e de exclusión social 375
      3.2.3 Implicacións da pobreza e da exclusión social 379
      3.2.4 As causas da pobreza 381
      3.2.5 A situación económica da cidadanía viguesa 386
      3.2.6 Opinións xerais sobre a pobreza e as súas posíbeis solucións 391
      3.2.7 O combate á pobreza e á exclusión social 396
   3.3 Comparativa entre Vigo, UE e España 399
      3.3.1 Grao de percepción da pobreza e da exclusión social 399
      3.3.2 O risco de pobreza e de exclusión social 401
      3.3.3 As implicacións da pobreza e da exclusión social 402
      3.3.4 As causas da pobreza 403
      3.3.5 A situación económica da ciudadanía 404
      3.3.6 Opinións xerais sobre a pobreza e as súas posíbeis solucións 405
      3.3.7 O combate á pobreza e á exclusión social 407

12 **CONCLUSIÓNS XERAIS**....................409

1. Conceptos xerais 410
2. Percepción cidadá sobre a pobreza e a exclusión social 411
   2.1 Percepción da cidadanía viguesa 411
   2.2 Comparativa entre Vigo, UE e España 414
3. Opinións dos profesionais e voluntarios dos colectivos relacionados co combate á pobreza e á exclusión social 417
   3.1 Resposta ás cuestións formuladas con varias opcións 417

3.2 Resposta prioritaria ás cuestións abertas formuladas 418
4. Enquisa sobre a experiencia da pobreza e a exclusión social 420
4.1 Tipoloxía 420
4.2 Riscos 421
4.3 Causas 421
4.4 Políticas das administracións 421
4.5 Solucións 422
5. Pontos de encontro e diverxencias entre os tres colectivos sociais analisados: cidadanía viguesa, profesionais e voluntarios relacionados co combate á pobreza e á exclusión social e persoas que experimentaron persoalmente esta situación 423
5.1 Pontos en común entre os tres colectivos analisados 423
5.2 Pontos non comúns (específicos para cada grupo) 424

13 **ANEXO I:** Opinións dos profesionais/voluntarios das asociacións e colectivos implicados no combate á pobreza e á exclusión social 425

14 **ANEXO II:** Cuestións abertas formuladas aos profesionais/voluntarios das asociacións e colectivos implicados no combate á pobreza e á exclusión social 427

15 **ANEXO III:** Enquisa sobre a experiencia da pobreza (cuestionario) 429

16 **ANEXO IV:** Enquisa á cidadanía viguesa sobre a pobreza e a exclusión social en Vigo (cuestionario) 433

17 **ANEXO V:** Ficha técnica: Enquisa á cidadanía viguesa sobre a pobreza e a exclusión social 441

18 **ANEXO VI:** División do municipio de Vigo por Distritos 443

19 **BIBLIOGRAFÍA** **445**

# 01 Razóns para a realización deste estudo

A figura do Valedor (Defensor, Síndic...) é unha institución nova que comezou a súa andaina en España hai vinte anos e que se caracteriza, en nível local, pola defensa das garantías persoais da cidadanía e pola súa salvagarda frente ás actuacións municipais.

O Valedor do Cidadán, do mesmo xeito que o resto dos defensores locais doutras cidades cuxo colectivo excede o número de setenta, realiza as súas actuacións de dúas formas: a instancia de parte e de oficio. As primeiras están relacionadas con consultas, intervencións e avinzas, como consecuencia de entrevistas solicitadas, de forma persoal ou colectiva, pola cidadanía, así como co tratamento de escritos recebidos por medio do correo electrónico. Algunhas das entrevistas non implican situacións de conflito senón que, en ocasións, o recorrente procura unha orientación, que se lle dea unha opinión sobre un tema e se é posíbel que se faga a correspondente xestión.

Por outra banda, as actuacións de oficio son aquelas realizadas a iniciativa da propia institución do Valedor do Cidadán, feito que se pon de manifesto na publi-

cación de monografías ou informes, ben por ser temas que afectan á comunidade viguesa ou ben por ser queixas recorrentes que poden ter un tratamento global. Para ese efecto, publicáronse, entre outros, estudos sobre a percepción social do fenómeno do garrafeo ou botellón, o ruído do tráfico rodado, análise da influencia da "dupla fila" no tráfico ou as accesibilidades dos estacionamentos en espazos libres.

No pasado ano, o número de actuacións a instancia de parte ascendeu a 1.036, cunha evolución anual crecente que nos últimos catro anos duplicáronse xa que, no ano 2006, foron 484.

Do total das actuacións a instancia de parte destacan as entrevistas que deron lugar a xestións ou avinzas e cuxo número ascendeu a 844, das cais 123 non estaban relacionadas coa Administración Local. Estas entrevistas relacionábanse con asuntos variados mais con similares problemas expostos: pagamento de hipotecas, desemprego, dificuldades económicas para chegar con diñeiro ao fin do mes, pensións..., temáticas que, en principio, non tiñan cabida dentro das competencias estatutarias que rexen a figura do Valedor do Cidadán.

Motivados por esta situación, no pasado mes de setembro tomouse a decisión de analisar as causas da pobreza e exclusión social desta cidadanía que expuña con preocupación estes problemas. Con este obxectivo realizáronse, en primeiro lugar, estudos que permitisen observar o tema dunha perspectiva do máis xeral ás realidades máis concretas: mundo, Unión Europea, España e Galicia. O seguinte paso consistiu en centrarse en Vigo e para iso planificáronse enquisas, con certa similitude ás doutras cidades europeas, para coñecer a opinión da cidadanía viguesa e poder así levar a cabo unha comparación entre as respostas obtidas en nível local e as situacións, españolas e europeas, máis xerais.

Considerando que o estudo ficaba aínda incompleto, planificouse unha serie de enquisas co fin de solicitar dados e opinións dos profesionais e voluntarios de centros e institucións públicas e privadas que acollían a diversos colectivos relacionados coa pobreza e exclusión social. No total foron 45 os centros que colaboraron fornecendo informacións sobre os seus obxectivos e actividades que, na súa maior parte, son referidas á axuda humanitaria que emprestan aos sectores sociais máis carenciados: fornecemento de alimentos e/ou roupa, inmigrantes, asesoramento xurídico-laboral, persoas sen abrigo, sen ingresos suficientes ou

desempregadas, atención a enfermos, alcohólicos, prostitución, doenzas mentais crónicas, maternidade e infancia, coidados integrais,…. De forma complementar, e por medio dos responsábeis deses centros, levouse a cabo outro tipo de enquisas para solicitar a opinión das persoas que utilizan estes servizos.

Do ponto de vista metodolóxico, nos catro primeiros apartados en que está dividido este estudo, relátase a perspectiva histórica da riqueza e pobreza das nacións, para centrarse posteriormente na análise da situación da pobreza e a exclusión social na Unión Europea, España e Galicia. Finalmente, nunha última parte, analísase esta situación en Vigo desde tres ópticas diferentes, mais relacionadas entre si, que abranxen a opinión dos profesionais e voluntarios dos centros e asociacións públicas e privadas, a experiencia que poden ofrecer as persoas acollidas nesas institucións relacionadas co combate á pobreza e á exclusión social e a percepción da cidadanía viguesa sobre este tema.

Un epílogo, a modo de conclusións xerais e de tendencias observadas, serve para interrelacionar algúns dos riscos, causas, consecuencias e solucións deste palpitante tema analisado na súa tripla dimensión humana: cidadanía, profesionais e voluntarios de colectivos relacionados co combate á pobreza e á exclusión social e persoas que experimentan situación de pobreza.

Vigo, maio de 2011.

**Luis Espada Recarey**

# 02

# Agradecementos

A dirección deste estudo quer agradecer a desinteresada colaboración mostrada polas institucións públicas e privadas que realizan un importante labor social para mitigar a pobreza e a exclusión social dunha parte da poboación viguesa.

Estas entidades foron: Asociación Freixeiro de Axuda ao Necesitado (AFAN), Alborada, Alcoólicos Anónimos, Asociación Viguesa de Alcooloxía (ASVIDAL), Ayuvi-Provida, Fundación Provincial Banco de Alimentos, Cáritas Diocesana Tui-Vigo, Comisións Obreiras (CCOO), Cedro – Programa Autoaxuda VIH-Sida e Adicións O Imán, Confederación Intersindical Galega (CIG), Fundación Casa da Caridade de Vigo – Fogar San Xosé (Comedor da Esperanza), Cruz Vermella, Asociación de Axuda ao Enfermo Mental (DOA), Emaús Fundación Social, Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS), Fundación Érguete-Integración, Asociación Faraxa, Fase de Encontro, Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao, Fundación Juan Soñador, Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, Fogar Santa Isabel, Intermon Oxfam, La Sal de la Tierra, Médicos do Mundo, Misión do Silencio, Misión Evanxélica Urbana de Vigo, Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home, Red Madre, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Maos Tratos, Remar Galicia, RETO – Asociación Reto á Esperanza, Asociación San Caetano, Fundación Secretariado Xitano, Atención Social en Emerxencias Grupo 5 (Programa Sereos), Servas de Xesús da Caridade, Sociedad San Vicente de Paul, Asociación Stop, Unión Xeral de Traballadores (UGT), UTS de Castrelos e Coia, UTS de Lavadores, Cabral,

Candeán, R. Atienza, Dependencia e Persoas Estranxeiras, UTS Sur, UTS Teis, UTS Travesía, UTS Centro – Casco Vello – O Castro e Asociación Vida Digna.

Sen a colaboración e opinións dos profesionais e voluntarios destes colectivos o presente traballo non tería alcanzado os seus obxectivos de contribuír para a erradicación da pobreza mediante un mellor coñecemento dos problemas e das situacións concretas que, nunha situación de crise económica como a actual, conducen a un número cada vez maior de persoas e de lares ao empobrecemento ou á exclusión social no municipio de Vigo.

# 03 Introdución a modo de prólogo

A pobreza é un fenómeno que adquiriu importancia crecente durante os últimos anos, converténdose nun problema de ámbito global. Os gobernos e os foros políticos internacionais comezan a considerala unha cuestión prioritaria, e millares de persoas mobilízanse en todo o mundo através de distintas campañas que teñen como obxectivo combater á pobreza, á marxinación e á exclusión social. Concretamente no ano 2000, a Unión Europea xa estableceu a Estratexia de Protección e Inclusión Social, comprometéndose a conseguir avanzos decisivos na erradicación da pobreza para o ano 2010, ano dedicado ao Combate á Pobreza e á Exclusión Social. No entanto, a pesar do crecemento económico e da melloría na creación de emprego da última década, seguen a existir níveis de pobreza que non poden ser aceitados na nosa sociedade, mormente cando, despois do inicio da crise económica de 2008, os seus efectos se foron agravando de forma considerábel.

O concepto da pobreza mudou durante os últimos anos e deixou de estar ligado, como sucedía tradicionalmente, á falta de recursos económicos e aos sectores marxinais ou máis baixos da sociedade. Hoxe en día producíronse tantas mudan-

zas no mercado laboral, o acceso á vivenda, os modelos de familia, as pautas de desenvolvemento demográfico ou os movementos migratorios que a pobreza se converteu nunha realidade dinámica que pode afectar a moitas persoas de distintas camadas sociais e na que se pode chegar a entrar ou saír inesperadamente ao longo do ciclo vital dunha persoa. Debe ser estudado como un fenómeno complexo no que interveñen multitude de factores. Está ligado tradicionalmente a condicionamentos económicos obxectivos e refírese principalmente á falta de recursos para cubrir as necesidades básicas dun individuo. Tamén está relacionado cos medios que ten unha persoa para participar de forma activa na sociedade. A exclusión social, en troca, é un concepto máis amplo, que non se concentra unicamente en determinados colectivos marxinais senón que pode afectar a persoas de distinta extracción social. É un concepto multidimensional no que se integran inúmeros factores como o desemprego, a educación, o acceso á vivenda, a precariedade laboral e non apenas o desemprego, o sistema sanitario, a doenza, a deficiencia, etc., e mesmo as condutas ou comportamentos individuais que acentúan os riscos de sofrer exclusión social durante algunha etapa da vida.

Hai varias formas de medir a pobreza, aínda que en Europa acostúmase calcular mediante unha serie de indicadores que son comúns para todos os países da Unión Europea.

Dependendo do ponto de vista que se vaia adoptar e do tipo de información que se vaia utilizar na medición falarase de pobreza subxectiva ou de pobreza obxectiva. Por unha banda, os estudos de pobreza subxectiva baséanse na percepción que teñen as propias persoas ou lares sobre a súa situación económica. Doutra banda, nos estudos de pobreza obxectiva utilízase información que provén dos dados recollidos polo investigador, normalmente dados referidos a ingresos e despesas dos lares, níveis de vida e consumo, sendo considerada esta información bastante obxectiva ao ser variábeis observábeis e medíbeis.

Dentro das análises con base na pobreza obxectiva e dependendo do baremo utilizado pódese falar tamén de pobreza absoluta ou pobreza relativa.

A pobreza absoluta defínese como a situación na que un individuo non ten a capacidade suficiente para cubrir as súas necesidades básicas ou servizos como a alimentación, a vivenda ou a saúde, e por iso está relacionada co concepto de miseria. O Banco Mundial, por exemplo, define a pobreza en termos absolutos e,

ao referirse a todos os países do mundo, establece o limiar de pobreza en 1,25 dólares ao día.

A pobreza relativa, polo contrario, analisa a situación dun individuo ou dunha unidade familiar relacionándoa e dependendo do contexto económico e social da sociedade na que se desenvolve.

Este termo é utilizado para analisar a existencia de situacións de desigualdade e de desvantaxe económica e social a respecto da sociedade na que se convive, facendo imposíbel ao individuo participar de forma activa ou normal nela. Esta clasificación depende, logo, do grao de desenvolvemento da sociedade obxecto de estudo e, por iso, non se pode aplicar a todas as sociedades por igual. Ten a ver máis coa identificación de situacións de desigualdade que cunha grave privación material.

A utilización conxunta destes dous tipos de medidas servirá para comprender de maneira máis completa o fenómeno da pobreza. Cabe dicir que a maioría dos estudos que se realizan sobre a pobreza baséanse en dados de enquisas a lares, e non teñen en conta normalmente ás persoas que están en situación de pobreza severa sen lar, como son os usuarios de axudas proporcionadas por entidades sociais, as persoas sen abrigo, etc.

As variábeis monetarias que se utilizan principalmente para o cálculo da pobreza relativa son a despesa e os ingresos dos individuos. Esta última variábel, os ingresos, é a medida oficial para a elaboración de análises estatísticas sobre a pobreza. Para calcular o ingreso total de cada lar, segundo a Enquisa de Condicións de Vida, téñense en conta os seguintes compoñentes: os ingresos líquidos dos salarios, os ingresos líquidos do traballo por conta propia, os beneficios do capital e os rendementos de propiedades, as prestacións sociais netas, os rendementos procedentes de sistemas privados de pensións non relacionados co traballo, os ingresos recebidos polos menores de 16 anos e todo aquilo que compón o resultado da declaración polo IRPF e polo Imposto de Patrimonio.

Na actualidade, parece que existe un consenso xeral en utilizar o concepto de pobreza relativa para medir os índices de pobreza nos países desenvolvidos. Para realizar este cálculo, as medicións oficiais que se levan a cabo na UE fixan o limiar de pobreza relativa dunha persoa ou dunha familia no 60% do ingreso

medio disponíbel polo conxunto da sociedade do país no que se vive. O ingreso medio dun país é o valor que, ordenando a toda a poboación de menor a maior ingreso, coloca á metade por baixo do devandito valor e á outra metade por en cima. Isto significa que cando se teñen uns ingresos anuais inferiores a este limiar suponse que se está en situación de pobreza relativa. Por outro lado, o valor do limiar de pobreza, cando se referir ao ingreso total do lar, ten en conta tamén o número de persoas que viven nel e virá determinado polo tamaño deste e polas idades dos membros que o forman. Para este cálculo aplícase unha escala de equivalencia utilizada nas medicións da UE, dado que as despesas do lar non son proporcionais ao número dos seus membros. A escala de equivalencia utilizada é a da OCDE modificada, segundo a cal o número de unidades de consumo nun lar extráese aplicando un valor de 1 ao primeiro membro adulto do lar, un valor de 0,5 ao segundo membro adulto e seguintes e, por último, un valor de 0,3 aos menores de 14 anos.

O número de lares, e por iso de persoas, en situación de pobreza dependerá, por tanto, da súa posición relativa na sociedade. Actualmente considérase que os lares que dispoñen entre un 50 e un 60% do ingreso familiar medio dun país están en "risco de pobreza", os que dispoñen dun 40-50% son catalogados de "pobres" e os de menos do 40% acharíanse en "pobreza extrema". Segundo estes cálculos, para que se reduza a cantidade de pobres en calquera das tres categorías, é necesario que se produzan mudanzas na distribución da renda e que se reduzan as desigualdades na percepción dos ingresos.

O cálculo do limiar de pobreza relativa, aínda que serve pouco para comparar países a escala mundial, co paradoxo de acharmos máis "pobres" nos Estados Unidos dos que nun país do Terceiro Mundo, é esencial para realizar un estudo da sociedade dun país ou dunha Comunidade Autónoma, xa que permite clasificar a sociedade en dous grupos principalmente, os desfavorecidos aos que se denomina pobres, que estarían por baixo desta liña do 60%, e o resto. A esta liña denomínaselle "limiar de pobreza" e é o principal indicador que se usa na Unión Europea baseado nos ingresos dos lares.

No Estado español utilízase principalmente a Enquisa de Condicións de Vida (ECV) que realiza o Instituto Nacional de Estatística para medir as situacións de pobreza e exclusión nos lares. Lévase a cabo desde 2004 e proporciona información importante a respecto dos ingresos e as condicións de vida das familias. Esta

enquisa réxese por un regulamento marco europeu e fai parte do conxunto de enquisas estatísticas harmonizadas para os países da Unión Europea "Statistics on income and living conditions" (EU-SILC) que substituíron ao anterior método denominado PHOGUE (Painel de lares da Unión Europea). Esta Enquisa de Condicións de Vida mide, por tanto, o limiar de pobreza relativa. Este limiar, ao ser un cálculo relativo, muda cada ano e o seu valor depende de como se distribúa a renda entre a poboación.

Dado o carácter mudábel das sociedades actuais e que a pobreza non é un fenómeno estático, é importante realizar estudos dinámicos de pobreza que teñan en conta as mudanzas e as poboacións en períodos distintos.

Co obxectivo de entender o fenómeno da pobreza da maneira máis completa posíbel, vaise analisar neste estudo a pobreza subxectiva, tendo en conta a opinión da cidadanía de Vigo en relación co tema, así como aqueloutros dados de tipo estatístico que permitan observar tamén a pobreza obxectiva deste municipio. Desta maneira poderanse deseñar políticas acordes á nova situación despois do inicio da coñecida crise económica actual e as mudanzas sociais e culturais derivadas da mesma.

04 PARTE I

# A pobreza no mundo. Análise e propostas de solución

## Introdución

Actualmente achámonos nun mundo no que as desigualdades entre países ricos e pobres aumentan progresivamente. E con iso increméntase tamén o número das persoas máis ricas do mundo, así como o seu patrimonio medio, estimado en 3.500 millóns de dólares. O curioso é que, nunha lista onde a maioría segue a ser norte-americana, aumenta a porcentaxe dos ricos que viven en países como China, Brasil, India, México, Turquía, Ucrania ou Rusia e que fixeron a súa fortuna por estar ao pé do Estado e non pola eficacia do mercado. Dito doutro modo, o suceso destes multimillonarios é a pobreza dos consumidores dos seus países.

O fenómeno da pobreza é un dos principais problemas da época en que vivimos, e existen varias formas de a definir. Principalmente utilizouse a carencia de recursos económicos para a caracterizar, mais xa na Cimeira Mundial sobre Desenvolvemento Social de Copeñaga de 1995, nesta definición incluíanse outros

aspectos, como a privación de oportunidades, a exclusión social e a falta de participación como factores determinantes. Nesa cimeira propúñase tamén como obxectivo prioritario para o desenvolvemento humano a erradicación da pobreza. Este obxectivo tornouse a ratificar como o primeiro dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) na Cimeira do Milenio convocada polas Nacións Unidas e celebrada en setembro do ano 2000 que incluía o compromiso de traballar para reducir á metade a pobreza no mundo no ano 2015.

A sociedade actual, caracterizada por ser a máis avanzada da historia, e en concreto o modelo actual de desenvolvemento económico e social, presenta unha serie de desharmonías de difícil explicación. A primeira delas refírese á desproporción crecente entre ricos e pobres e á desigual distribución dos ingresos, en mans duns poucos, mentres que hai cerca de 1.000 millóns de persoas que viven con menos de 1 dólar ao día; isto é, o 13% da humanidade. En concreto na Unión Europea, que é unha das áreas máis ricas do mundo, hai 80 millóns de europeos que viven en situación de pobreza, dos cais 19 millóns son nenos, aínda que hai que dicir que a noción de pobreza varía dunhas rexións a outras. Estes dados son moito sorprendentes e obrígannos a mudar a nosa maneira de pensar sobre a pobreza e o que se debe facer para a mitigar.

## 1. Perspectiva histórica da riqueza e da pobreza das nacións

Se, como escribía Thomas Malthus a 26 de xaneiro de 1817 en carta dirixida a David Ricardo, "as causas da riqueza e pobreza das nacións é o obxecto por excelencia de todos os estudos de economía política", o grande desafío do século XXI segue a ser o estudo dos mecanismos de adquisición de riqueza na historia, creados por un orixinal modelo económico e político implantado na Europa desde o século XV, e o seu contrario, os motivos da queda na pobreza, mesmo o colapso dun sistema económico provocado polas decisións dunhas incompetentes elites gobernantes. Algúns pensan que a Europa superou ás outras civilizacións do seu entorno, non pola súa pericia e coñecemento mais en termos de agresión e aniquilación (imperialismo e colonialismo), como se a súa hexemonía fose accidental ou, por usar un termo actual, continxente, e que as etapas de crecemento fosen unha sorte de ilusión, xa que a auténtica realidade son as crises repetidas e xeradoras de pobreza, exclusión e discriminación da maioría perante o benestar da minoría.

O que interesa agora é cuestionármonos porque ocorreu unha cousa así e por que Europa, como continente, atinxiu a riqueza, porque asumiu a lideranza e como impuxo os seus valores. No seu estudo intitulado "A riqueza e a pobreza das nacións. *Por qué algunhas son tan ricas e outras son tan pobres?*" (1999), unha análise de historia comparada sobre o progreso e a modernización mundial no último milenio, David Landes interrogábase porque hai nacións ricas e nacións pobres e cal é a contribución da historia á comprensión destas cuestións, e concluía que "o factor chave, a forza motriz do progreso económico, para ben ou para mal, foi a propagación da cultura, do saber, das técnicas e das ideoloxías sociais e políticas". Os europeus buscaron sempre novas experiencias e, alá onde chegaban, impuñan con métodos violentos a súa propia linguaxe, as súas conviccións relixiosas, as súas propias institucións políticas, os seus propios modelos económicos e sociais. Estas foron as bases dunha longa supremacía, que tivo numerosas formas (o colonialismo unha de tantas) e que estaba destinada a perdurar ininterrompidamente até ben entrado o século XX.

Perante este transcendental fenómeno, que marcou profundamente a historia e o destino do mundo, asoma a inevitábel cuestión: qué tivo de particular o occidente europeu para permitir aos pobos que o habitaban iniciar unha fase tan significativa de expansión económica e cultural?

En primeiro lugar, debemos destacar o espírito de empresa, o conxunto de valores que guían a conduta humana, o dominio da ciencia, a tecnoloxía e o espírito nacional. Isto significa que o modelo político e a particular relación entre economía e política tornábase nunha lección de como os coñecementos e a pericia técnica dan poder e control sobre as redes comerciais e as rotas estratéxicas da navegación mercantil e do comercio militar. E aínda que Landes dubida sobre o papel intervencionista do Estado, que unhas veces axuda e outras atranca o desenvolvemento económico, o tipo de goberno que prefire é aquel que protexe e outorga garantías á iniciativa e á empresa privada; isto é, aquel que, logo dunha etapa de medidas proteccionistas que impulsan a estrutura industrial, deixa actuar libremente ao mercado.

En segundo lugar, as maiores potencialidades de crecemento das áreas europeas non foron debidas só aos méritos do seu sistema económico e institucional, mais tamén ás limitacións dos sistemas concorrentes. O incremento europeu da riqueza estivo comprometido coas expectativas da sociedade ante a concorrencia de

nacións emerxentes, os únicos limites, por utilizar a expresión de Adam Smith, que chegou a ter Europa. No Próximo Oriente, o fundamentalismo islamita representou sempre un atranco intelectual á mudanza e, na mesma China, o isolacionismo e o conservadorismo institucional opúñanse á instauración de políticas serias de innovación produtiva, mentres que na África, o colonialismo e a ausencia de coñecementos técnicos prácticos provocaron tradicionalmente os índices máis baixos de crecemento e de ingresos familiares, inferiores mesmo aos que tiñan antes de seren países independentes. Só no Xapón moderno, a imitación do espírito de empresa europeu e o desenvolvemento dunha cultura do traballo, do esforzo e da disciplina individual explican o acelerado enriquecemento e progreso do último século.

En terceiro lugar, a cultura, entendida mesmo como cultura relixiosa e xurídica, constituída polo coñecemento e a linguaxe e polas diversas formas de comunicar o coñecemento e transmitilo de xeración en xeración.

Esta historia de longa duración, que se inicia no fin da Idade Media e se consolida no século XIX, contrasta coa outra grande civilización, a China imperial, onde imperaba un sistema totalitario de constante inxerencia na empresa privada, o Estado non incentivaba o aumento da produtividade, non existía o mercado libre e non estaban institucionalizados os dereitos de propiedade. Ao contrario, na Europa a defensa da propiedade privada, o exercicio autónomo da xurisdicción civil, administrativa e penal e a resolución xurídica dos conflitos persoais ou comerciais foron dominantes na fase económica expansiva, incrementaron as expectativas de seguranza e riqueza e aumentaron a propensión ao investimento e á multiplicación dos recursos dispoñíbeis.

## 2. Do crecemento á globalización da pobreza

Deixando aparte a congruencia e validez das súas interpretacións históricas, o libro de Landes deu un novo impulso aos debates sobre a actual conxuntura económica mundial e sobre as razóns que provocan a troca desigual entre países, que é a causa do subdesenvolvemento de moitos deles e da crecente xeneralización da miseria en amplos sectores da humanidade. As respostas de Landes ao "porque unhas nacións son tan ricas e outras tan pobres" susténtanse, na realidade, nun-

ha concepción neoliberal, chamada tamén modelo neoclásico de economía política, que se basea en tres postulados fundamentais: a) o libre comercio, establecido como dogma do crecemento, produce consecuencias beneficiosas suficientes como para solucionar os problemas e desigualdades deste mundo globalizado; b) o comercio internacional permite , como dicía David Ricardo, que cada país se especialice nas actividades nas que resulta máis eficiente e esta "vantaxe comparativa" constitúe "o eixo da nosa orde económica mundial"; c) a exportación e importación de postos de traballo, baseados nesta vantaxe comparativa, trae consigo a expansión económica através das actividades de exportación de traballo intensivo ou especializado, o cal á súa vez crea postos de traballo e dese modo mellora o benestar da sociedade en xeral.

Durante as últimas décadas, estas teorías de neoliberalismo económico exacerbado, aplicadas aos países en vías de desenvolvemento do Terceiro Mundo, non resultaron eficaces para acabar coas desigualdades do crecemento nen puideron evitar que, na maioría das nacións da África e en varias rexións de Asia e da América Latina, se concentre a maior proporción de pobreza en nível mundial. Ao contrario, provocaron que, en determinados países, non se producira a mudanza cualitativa de pasar de ser produtores de materias primas a selo de produtos manufacturados, proceso polo que, no entanto, si pasaron os países que hoxe se consideran ricos. Este empozamento é entendido por moitos economistas como a principal causa de que se manteñan os níveis de pobreza nestes países e que, salvo que se produzan mudanzas no seu desenvolvemento económico, veranse sempre abocados a depender dos países ricos, que son os que están industrializados.

Recentemente, o informe publicado polas Nacións Unidas e intitulado *Rethinking Poverty. Report on the World Social Situation 2010* mostra que en moitos casos a liberalización económica non só retardou o crecemento e a redución da pobreza desde 1980 até a actualidade mais que tamén aumentou as desigualdades, a inseguranza e a vulnerabilidade en numerosos países. Moitos economistas comezaron xa a oporse ás teorías de desenvolvemento económico con base no modelo neoliberal, e alegan mesmo que os países que se consideran desenvolvidos non seguen ao pé da letra as recomendacións de libre comercio e de restriccións alfandegarias que se propugnan no modelo ricardiano para as primeiras fases de desenvolvemento nos países que comezan a se industrializar.

Entre estes teóricos economistas áchase Eric Reinert, que avoga polo fin da teoría ricardiana actualmente dominante en medios académicos e políticos, e que é o autor do libro *"A globalización da pobreza: cómo se enriqueceron os países ricos e por qué os países pobres seguen sendo pobres"* (2007). Este libro causou un grande impacto en nível internacional ao realizar unha análise profunda das causas da pobreza dunha perspectiva heterodoxa contraria ao modelo neoliberal dominante. Unha das principais conclusións ás que chega o autor é que aqueles países que seguiron as recomendacións do Consello de Washington non desenvolveron unha rede industrial que favoreza o desenvolvemento e crecemento económico, mais que concentraron os seus esforzos en ser exportadores de recursos naturais, o cal non permite que, a longo prazo, estas economías crezan e se desenvolvan de forma competitiva.

No libro analísase o caso da Mongolia para exemplificar o engano que supuxo a aplicación das directrices propostas polo Consello de Washington conxuntamente co Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial. A rápida abertura da economía do país e o feito de permitir que o mercado se fixese co control da economía, en teoría ía situar á Mongolia no mercado global "especializándose na actividade na que gozaba dunha vantaxe comparativa". O resultado foi que a economía do país se viu gravemente afectada e recuou até uns níveis inferiores aos existentes antes da abertura. O Consello de Washington revelábase como un plano dirixido a establecer aos países do Norte como produtores industriais e aos países do Sul como fornecedores de materias primas e consumidores dos produtos dos países ricos. Na realidade, os países que non desenvolven o seu sector industrial vense afectados polo aumento da pobreza e a redución dos seus salarios.

Para Reinert, os países do Terceiro Mundo confiaron en que o libre comercio internacional traería consigo o crecemento económico e a redución da pobreza, mais isto non ocorreu así.

A chave do suceso baseouse na capacidade dos países emerxentes de emular a outros países máis prósperos economicamente da época que xa iniciaran o seu proceso de industrialización. A historia demostrou que os países que durante o seu desenvolvemento industrial se opuxeron á abertura sistemática do mercado e se protexeron mediante a implantación de taxas alfandegarias a produtos provenientes do exterior estimulando así a súa produción, son os que posteriormente desenvolveron economías poderosas en nível mundial.

Reinert analisa a globalización como un factor que pode non só impedir o desenvolvemento económico dos países pobres mais que tamén pode agravar a súa situación e chega á conclusión de que existe o risco de que a infraestrutura industrial e, portanto o emprego cualificado, se desenvolva unicamente nos países ricos deixando aos países pobres a única posibilidade de realizar tarefas non cualificadas que non contribúen ao desenvolvemento da súa economía e conducen, pola contra, a unha relación de dependencia dos países desenvolvidos.

Aínda que en xeral se considera a globalización como un fenómeno positivo tamén pode producir algunhas consecuencias negativas. Existen algunhas iniciativas e planos co fin de evitar estas externalidades adversas como pode ser a perda de empregos, debido a unha maior concorrencia á que se ve submetido o sistema económico dun país. Na Unión Europea, o Fondo Europeo de axuste para a Globalización (FEG) está dirixido a combater as consecuencias adversas que provoca e promover o crecemento económico de forma conxunta coa cohesión social. Este fondo ofrece apoio aos traballadores de rexións e sectores que se achan máis expostos ás consecuencias da economía global e que poden perder o emprego polas mudanzas producidas nos padróns de comercio.

# 3. Os obxectivos da Cimeira do Milenio (2000) e a erradicación da pobreza

No ano 2000, un total de 189 cabezas de goberno reuníronse na chamada Cimeira do Milenio co intuito de traballar para erradicar a pobreza extrema, promover a dignidade humana e combater ás desigualdades, lograr a paz, a democracia e a sustentabilidade ambiental.

Os obxectivos do Milenio eran os seguintes:

Obxectivo 1: erradicar a pobreza extrema e a fome.
Obxectivo 2: lograr o ensino primario universal.
Obxectivo 3: promover a igualdade entre xéneros e a autonomía da muller.
Obxectivo 4: reducir a mortalidade infantil.
Obxectivo 5: mellorar a saúde materna.
Obxectivo 6: combater o VIH/SIDA, a malaria e outras doenzas.

Obxectivo 7: garantir a sustentabilidade ambiental.
Obxectivo 8: fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento.

Todos os obxectivos estaban relacionados entre si e a súa consecución esixía, entre outros aspectos, o compromiso do cumprimento das políticas xa pactadas anteriormente polos distintos gobernos e o establecemento de regulacións comerciais máis xustas en nível internacional.

Nun contexto global no cal os lucros económicos se reparten entre unha pequena parte da poboación que vive nos países desenvolvidos e no que, ao mesmo tempo, unha grande parte da humanidade vive en condicións de pobreza extrema, a situación actual mostra que a consecución dos Obxectivos do Milenio dista moito de ser unha realidade, ao menos para un futuro próximo, aínda que hai que referir que se produciron algúns avanzos. De feito, o documento máis significativo, resultado da Cimeira do Milenio, foi a Declaración do Milenio na que os países se comprometían a dedicar até 0,7% do PIB á axuda oficial ao desenvolvemento. O problema é que unicamente o cumpriron algúns países.

Este tipo de axudas ao desenvolvemento é considerado actualmente por algúns sectores como un instrumento paliativo que non soluciona o problema de miseria ao que se enfrontan os países pobres, mais que serve como remedio para mitigar as consecuencias destrutivas da pobreza a curto prazo. A transferencia de fondos e a axuda internacional debería enfocarse a investir eses fondos nunha estratexia que permita aos países dar un primeiro paso no proceso de industrialización e deixar de significar unha axuda que mantén a estes países na pobreza. Por outro lado, este sistema de transferencias pode xerar unha relación de dependencia respecto dos países ricos que, de resto, dá pé a que estes poidan exercer certo control político sobre os países en desenvolvemento co que non se promove unha democracia global nen axuda a que os países sexan autosuficientes.

Amiúde, as transferencias internacionais e as axudas non chegan a alcanzar á grande maioría da poboación, ficando en mans duns poucos, ben porque non existen actividades lucrativas ás que dedicar ese diñeiro ou ben porque se alicerzan en suposicións erradas a respecto dos pobres, as súas circunstancias e a súa conduta. É por todo isto que algúns sectores da comunidade internacional perderon a fe na eficacia destas axudas.

Nos países en desenvolvemento converxen multitude de factores que causan a pobreza, entre eles a superpoboación, as doenzas non erradicadas, a falta de asistencia medica, as condicións climáticas, a insuficiente produción de alimentos, a carencia de infraestruturas ou mesmo factores históricos como a escravaría ou o colonialismo. As políticas gobernamentais destinadas a axudar aos pobres son necesarias, pero hai que demostrar aos organismos internacionais que estas axudas chegan ao lugar adecuado, co fin de recuperar a confianza nos investidores e que os gobernos e sectores privados dos países en desenvolvemento canalizan de forma adecuada eses investimentos.

No que respecta aos Obxectivos do Milenio, os diversos autores en xeral son alérxicos ás grandes xeneralizacións ("fai falta aumentar a axuda internacional aos países pobres" ou "a axuda internacional non funciona e é contraproducente") e tamén son descrentes perante afirmacións non sustentadas en dados empíricos verificábeis. Nun libro recente intitulado *"Poor Economics"*, os profesores Abhijit Banerjee e Esther Duflo, do Instituto Tecnolóxico de Massachussets, analisan estatisticamente como e en que gasta o seu diñeiro a xente que gaña un dólar ao día (13% da humanidade). Os dados recollidos en 18 países revelan que a comida representa entre 36% e o 79% do consumo dos pobres que viven no campo e entre 53% e 74% dos quen moran nas cidades.

A mesma descrenza de fondo mostra Reinert cando dubida da eficacia das axudas gobernamentais ao desenvolvemento que "non representan unha boa política social a longo prazo". Reinert sinala que o modelo de desenvolvemento existente e do cal se derivan os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), non serve para atallar de forma radical o problema da pobreza. A solución partiría dunha reforma integral do sistema produtivo dos países pobres. Unha das solucións é que os países desenvolvidos invistan en planos que axuden aos países pobres a iniciar unha estratexia que permita a industrialización, ao ser este un sector que xera rendementos crecentes e promove a creación de riqueza. Nun segundo estadio, cando se tiver consolidado a industria interna, levaríase a cabo a abertura de mercado. Na primeira etapa sería necesario aplicar políticas proteccionistas para protexer a industria dun país até que estea fortalecida e poida competir no mercado global. Partindo do suposto de que "as principais innovacións danse en determinadas actividades (industrias) e non noutras", os países deben escoller ben en que actividade investir e en que actividade especializarse, xa que non todas as actividades

producen rendementos crecentes que son os que crean riqueza e aumento de salarios.

## 4. Muhammad Yunus e a proposta dun mundo sen pobreza

En relación coas axudas aos países pobres e, concretamente, cos problemas individuais das persoas pobres, naceron iniciativas que aproveitaron o enorme poder do mercado libre e que resultaron satisfactorias. Entre estas iniciativas hai que destacar o labor levado a cabo polo premio Nobel da Paz Muhammad Yunus quen, mediante o coñecido sistema de microcréditos e do chamado Banco dos Pobres, conseguiu sacar da pobreza extrema a millares de persoas. Esta iniciativa fundaméntase na convicción de que se poden establecer empresas sociais con rendementos económicos positivos e, ao mesmo tempo, axudar ás persoas a desenvolver a súa iniciativa aproveitando que o mercado libre ofrece máis oportunidades para vender os produtos. O modelo capitalista de libre mercado non serve de ningún modo para dar solución aos problemas sociais e, na realidade, é o causante das crecentes desigualdades, da acumulación da riqueza e da exclusión social, da contaminación e do deterioro dos recursos naturais, mais non é menos certo que xera unha serie de resultados beneficiosos e serve para estimular a creatividade e a innovación nun mercado cada vez máis competitivo. Daí nace a noción de "empresas sociais" que non buscan ante todo multiplicar o capital, como defende e practica a teoría económica neoclásica, mais conseguir obxectivos sociais e ambientais e reinvestir os lucros obtidos noutras empresas sociais que teñan como fin superar as desigualdades e a pobreza.dades y la pobreza.

Este profesor de economía, nacido en Bangladesh, unha das áreas máis pobres do mundo, Premio Nobel da Paz en 2006 e autor do libro *"Un mundo sen pobreza. As empresas sociais e o futuro do capitalismo"* (2008) que lle valeu o recoñecemento Doutor Honoris Causa en varias universidades europeas, parte da base de que o acceso ao capital, embora nunha pequena cantidade, pode mudar completamente a vida das persoas. Con esta idea creou todo un sistema de microcréditos, que beneficiou a máis de 100 millóns de persoas pobres de todo o mundo.

Para Yunus, que utiliza as características da empresa capitalista e do libre mercado mais con obxectivos diferentes, a globalización pode ser positiva e traer

beneficios aos pobres, aínda que admite que sen unha supervisión e unhas directrices claras pode tornarse en algo terribelmente destrutivo, como de feito se observa cando as empresas transnacionais instalan as súas fábricas en países pobres e explotan os seus traballadores, aos que consideran como "man de obra barata" para aumentar os seus lucros. É por isto que se fai necesario establecer unhas normas xustas que impidan tais efectos, algo que é aínda obxecto de debate e cuxa obrigación corresponde aos gobernos, aos que Yunus outorga unha importancia capital na responsabilidade de solucionar os problemas sociais.

O crecemento económico é imprescindíbel para erradicar a pobreza mais os gobernos non teñen en conta aos pobres na procura deste crecemento. Esta é a razón pola cal é preciso crear institucións que resolvan o problema dos pobres, e de aquí nace a idea de crear o coñecido como Banco dos Pobres, nome atribuído ao Banco Grameen creado por Yunus na década de 70 para axudar ás persoas sen recursos a escapar da pobreza. Este banco serviu para proporcionar financiamento ás empresas sociais, que se diferencian das empresas tradicionais en que o seu obxectivo final non é o de aumentar a súa riqueza e dividendos (que non se reparten) mais o de proporcionar unha mellora social con base na convicción de que as persoas pobres teñen grande capacidade para emprender e xerar riqueza. Mediante estas empresas sociais aprovéitase o potencial do libre mercado, mais de forma distinta ao tradicional sistema capitalista co que unicamente se busca maximizar os lucros económicos.

O Banco Grameen foi concebido para proporcionar créditos pequenos a familias moi pobres, a fin de iniciar e desenvolver unha actividade artesanal que lles permitise saír da pobreza. Resulta sorprendente que a taxa de retorno destes créditos sexa dun 98,6%, e tivo tanto suceso que actualmente este banco empresta a 7,5 millóns de persoas en Bangladesh, das cais 97% son mulleres de 78.000 aldeas. Desde que comezou a funcionar este banco emprestou un total de 6 millóns de dólares americanos.

Aínda que é certo que se cuestiona a viabilidade deste tipo de empresas, mormente en termos de competitividade con outras que non son de carácter social, a verdade é que con este tipo de iniciativas o autor puxo de relevo a importancia da responsabilidade social que debe imperar en toda filosofía de negocio.

A diferenza das formulacións históricas de Landes ou de teoría económica do desenvolvemento de Reinert, Yunus salienta a dimensión humana e familiar da pobreza e os problemas ético-morais que esta xera no comportamento das sociedades, na calidade da democracia e na paz social, reivindicando a enerxía, a capacidade creativa e mesmo o potencial de desenvolvemento económico dos pobres. Tais ideas tiveron resposta e resultados positivos coa creación de empresas sociais e co sistema de microcréditos destinados a fortalecer a familia e o papel da muller, porque está demostrado que unha familia débil economicamente significa menos oportunidades, menos educación, máis delincuencia e máis marxinación para a infancia. Hoxe moitos países adoptaron ou tentan implantar medidas similares: crear un ingreso ético-familiar, que consiste en que o Estado transfire unha proporción do produto interno bruto para esas familias que viven en pobreza extrema, ingresos através de subsidios, mais non de forma incondicional senón condicionado ao logro de determinados obxectivos (de educación, de saúde, de traballo, etc.) e a que a familia se comprometa co seu propio futuro.

## 5. Educación, traballo cualificado e mercado de traballo

Entre as medidas que os gobernos actuais, tanto de países desenvolvidos como daqueles en vías de desenvolvemento, consideran prioritarias para erradicar as verdadeiras causas da pobreza e as desigualdades excesivas, a educación e a creación de novos postos de traballo ocupan os primeiros lugares. Mais, para asegurar unha educación de calidade e accesíbel a todos os cidadáns, é necesario establecer planos educativos avanzados, evitar que a educación sexa un elemento discriminatorio que agudice as diferenzas e dedicar diñeiro e esforzo para que os cidadáns dos países en desenvolvemento poidan optar a traballos cualificados e portanto ter mellores salarios. Para iso requírese a acción do Estado, non apenas insubstituíbel mais a única que pode cumprir esa tarefa.

Porén, os economistas e a situación de crise actual comezan a advertirnos que a idea de que a educación garante o suceso económico e o emprego é errónea. Os avanzos tecnolóxicos están a modificar o mercado de traballo, particularmente de traballadores cualificados, tanto nos países avanzados como nos países pobres, e están a incrementar as ocupacións menos remuneradas en toda a par-

te. Nos países desenvolvidos, a clase media que enviaba os seus fillos á universidade está a descender, os seus salarios crecen máis lentamente e ter un título universitario xa non garante ter un bo traballo. Pola contra, os traballos de baixa formación, aqueles que requiren habilitacións e destrezas non explícitas e que, logo, están menos pagos, tenden a aumentar. A cualificación comeza a ser removida por computadores e as tarefas rotineiras, aínda que sexan de alta especialización non manual, son eliminadas polo progreso tecnolóxico. En definitiva, a alta educación perdeu gran parte do seu potencial como mecanismo distribuidor da riqueza e das oportunidades; ou sexa, como xeradora dunha clase media con bos salarios, e cada vez aproxímase máis a ser a causa dunha pobreza relativa.

Nos países pobres, o problema vén derivado cando se fan investimentos na educación mais, ao non investir no desenvolvemento dunha industria innovadora, a cidadanía non pode aplicar o seu potencial neses campos e vense obrigados a emigrar para países onde existe este tipo de industria e portanto poden optar a un traballo ben remunerado. Isto produce a perda de man de obra cualificada do país e nese aspecto tamén non resulta positivo, aínda que se argumentou que en países con altas taxas de desemprego a emigración serve para reducir o exceso de man de obra e beneficiarse da entrada de diñeiro que envían os inmigrantes ás súas familias.

Portanto, a emigración, baixo as súas múltiplas formas e motivacións (guerras, conflitos étnicos, miseria, persecucións políticas ou ideolóxicas), é un dos grandes fenómenos relacionados coa globalización, especialmente cando actualmente se producen migracións masivas de países pobres para países ricos en busca de mellores condicións de vida. É certo que a emigración foi moi positiva para a economía de moitos países, particularmente debido ás baixas taxas de natalidade que se están a observar e á tendencia ao envellecemento progresivo da poboación. Logo, podemos afirmar que a emigración é necesaria, apesar de que ás veces se producen problemas de concorrencia no mercado de traballo, dificuldades de adaptación ou problemas que teñen a ver coa maneira en que os inmigrantes son tratados no país de acollemento ou coas condicións nas que ven obrigados a vivir unha vez establecidos.

No caso do Estado español, a súa proximidade co norte de África é un factor que influíu na inmigración masiva que está a se producir desde hai algúns anos, espe-

cialmente traballadores subsaarianos e de Marrocos. De resto, até hai relativamente pouco tempo dábase a circunstancia de que o mercado de traballo podía acoller esta demanda de traballadores, situación que actualmente non é tan viábel por causa da crise económica. Nos países desenvolvidos, os inmigrantes teñen máis posibilidades de arranxar traballo debido a que sempre hai tarefas que a cidadanía local non está pronta a realizar, ben polo tipo de actividade, polas condicións ou polo baixo salario. Son estes traballos os que moitas veces se ven obrigados a aceptar os inmigrantes para sobrevivir. Deste xeito tentan asegurar a súa estancia legal no país de acollemento, coa esperanza de poder mellorar as súas condicións de vida e de traballo.

Nun estudo recente intitulado *"Trabajadores invisibles. Precariedad, rotación y pobreza de la inmigración en España"* (2004), o profesor Martínez Veiga analisa os diferentes sistemas de integración laboral dos inmigrantes e advirte que a temporalidade e rotación, consecuencia das reformas laborais no desde 1984, é "o factor estrutural do mercado de traballo español nestes momentos". Este autor recolle a idea do dualismo no mercado de traballo segundo a cal se pode distinguir un mercado primario, que ofrece mellores condicións, salarios altos, máis oportunidades de ascenso e estabilidade e seguranza no emprego, e un mercado secundario de traballos precarios e mal pagos, onde os inmigrantes teñen máis posibilidades de encontrar un emprego caracterizado pola instabilidade, a precariedade e a alta rotación en distintos postos de traballo.

O curioso é que, en España e nos países ricos, a inmigración está a aumentar a segmentación á baixa dos mercados de traballo internos, e a precariedade xa non é unha característica específica dos inmigrantes mais que afecta a sectores laborais nacionais que poderían encadrarse igualmente tanto no sector primario como no secundario, e a temporalidade non se adapta xa só "aos ciclos económicos ou á incerteza na comercialización dos produtos mais á disciplina da man de obra". En consecuencia, a temporalidade, derivada en parte da concorrencia e da fragmentación laboral á baixa, é un aspecto intrínseco á estrutura do mercado de traballo mais a rotación descóbrese como unha "estratexia básica de manexo da man de obra por parte dos empresarios, xa que ten lugar nun en cada catro contratos de traballo e exerce un efecto fundamental de ameaza en todos os outros".

# 6. Traballo doméstico e vivenda, medidores da segregación social

A temporalidade e a grande mobilidade do mercado de traballo considéranse un fenómeno característico que afecta por igual a todo o colectivo de traballadores inmigrantes, desde California até El Ejido, e que é inseparábel do tipo de capitalismo global onde o traballo se torna nunha mercadoría volátil e efémera. A extrema segmentación dos mercados laborais produce os fenómenos de subcontratación e externalización dos traballos e o retorno a soldos e contratos máis precarios. Resulta curioso observar que, mesmo noutro tipo de economías máis avanzadas como ocorre en Silicon Valley de California, danse similares condicións no mercado de traballo.

Un exemplo moi ilustrativo desta situación proporciónao os recentes acontecementos de El Ejido onde, logo a seguir dos ataques xenófobos á poboación inmigrante marroquina na zona, produciuse un fenómeno de substitución de todo un colectivo por outro. Neste caso, a persecución aos marroquinos provocou que deixasen de ser contratados e, en consecuencia, tiveron de abandonar a zona, sendo substituídos posteriormente coa chegada de traballadores do Ecuador ou de países do Leste e inmigrantes subsaarianos.

Esta temporalidade tan acusada inflúe de distintos modos nas relacións entre o empregado, que non adquire un grao de compromiso elevado coa empresa na que traballa, e o empregador, que non inviste na formación nen no benestar dos seus traballadores. O elemento máis común neste tipo de relacións é a curta duración das mesmas, o que favorece que o compromiso entre ambas as partes sexa practicamente nulo.

Da análise sobre as formas en que se produce a discriminación social e laboral, Martínez Veiga conclúe que os empregadores, á hora de valorar a produtividade dun traballador ou decidir se contratar a unha persoa, amiúde toman as súas decisións con base en aspectos como a súa orixe étnica, a súa raza ou o lugar de residencia. Estas actitudes discriminatorias ás veces están baseadas na experiencia, mais obrigan aos inmigrantes a buscar traballo en sitios máis afastados para evitar que se coñeza a súa residencia, o cal contribúe para que disocien cada vez máis habitación e traballo.

Perante esta situación, os inmigrantes frecuentemente receben maiores axudas grazas ás redes sociais que tamén xogan un papel importante, xa que serven para conectar a persoas entre si e funcionan como redes de apoio á hora de conseguir emprego, realizar trámites administrativos ou buscar aloxamento. Estas relacións fundaméntanse en factores como parentesco, amizade, comunidade de orixe ou identidade relixiosa, aínda que hai que afirmar que estas redes varían duns procesos migratorios a outros.

Frecuentemente, estas redes serven como canles do traballo doméstico ao que soen incorporarse maioritariamente as mulleres inmigrantes. A situación do traballo doméstico é amplamente analisada por varios estudos e as conclusións son similares. O traballo doméstico en rexime interno proporciona maior seguranza e estabilidade, para alén do aloxamento que supón un gran gasto, aínda que amiúde trabállanse máis horas das que se pagan. En rexime externo, as traballadoras gozan dunha maior autonomía e liberdade pola posibilidade de traballar en varias casas, e permite que a persoa inmigrante viva coa súa familia ou coas súas amizades, aínda que ten outros inconvenientes como que as vivendas máis baratas acostuman estar nos arrabaldes da cidade, ou a grande cantidade de tempo que requiren os deslocamentos.

Relativamente aos traballadores inmigrantes de forma irregular, amiúde prodúcense abusos frecuentes por parte dos empregadores que se aproveitan da situación e páganlles menos do acordado. Estas situacións danse con frecuencia, dado que ao estaren en situación irregular non poden reclamar nen defender os seus dereitos.

A instabilidade e precariedade laborais contribúen en xeral para a situación de pobreza dos inmigrantes, mais mormente son causa de condutas discriminatorias relacionadas con aspectos fundamentais como o aloxamento e a vivenda. Este é un dos fenómenos da globalización que presenta formas moito semellantes entre os inmigrantes e as persoas pobres e que se produce en todos os países desenvolvidos do mundo.

Nun estudo específico denominado *"Pobreza, segregación y exclusión espacial. La vivienda de los inmigrantes extranjeros en España"* (1999), Martínez Veiga analisa as condicións de vida dos inmigrantes, especialmente no relativo aos sistemas de aloxamento. Chama a atención reparar en que as condicións da vivenda dos

inmigrantes e dos pobres "parécense bastante no mundo máis desenvolvido e no que se considera en desenvolvemento", isto é, en localidades como Torre Pacheco, Calcuta, Lima ou en zonas de Texas e California, como tamén son moi parecidos os procesos de discriminación que se desenvolven e que desembocan nestas situacións. O autor chega á conclusión de que as condicións de amontoado nas que viven a maior parte dos inmigrantes amiúde derívanse de actitudes de discriminación por parte dos empresarios que, por outro lado, contribúen deste xeito para a perpetuación dos prexuízos raciais. Após analisar o panorama laboral dos inmigrantes non é de estrañar que a vivenda sexa un dos aspectos nos cais a discriminación é máis visíbel.

05 PARTE II

# Situación da pobreza e a exclusión social na Unión Europea

## Introdución

Existen actualmente moitos estereótipos ligados á pobreza, sendo que un dos máis frecuentes se prende coa idea de que a pobreza existe apenas nos países en desenvolvemento. No entanto, a Europa, considerada a rexión máis rica do mundo, presenta números moito preocupantes relativos á pobreza, que requeren unha rápida intervención, tornando visíbel a chamada “pobreza invisíbel”.

De acordo cos últimos dados da UE, cerca de 80 millóns de europeus viven abaixo do limiar da pobreza e 19 millóns de menores non teñen os medios fundamentais para satisfacer as súas necesidades máis básicas. Os grupos máis vulnerábeis á pobreza son as familias numerosas ou uniparentais (como as nais solteiras), os vellos, os inmigrantes ou persoas con deficiencias. Son tamén estes que máis sofren co desemprego e, consecuentemente, coa exclusión social. Desde a UE a exclusión social é conceptualizada como unha importantísima perda de potencialidades sociais, especialmente de talento e de enerxía, e sostén que un con-

xunto ben deseñado de políticas para atallar este problema podería supor unha mellorία tanto en termos de xustiza como de eficiencia.

O combate á pobreza e á exclusión social en nível europeo conta cunha base legal limitada, xa que non permite o desenvolvemento de políticas sociais propias. Porén, o Tratado de Niza estableceu novas bases legais para que a UE actuase de forma indirecta neste ámbito. En marzo do ano 2000, durante o lanzamento da Estratexia de Lisboa, os líderes de Estado e de goberno comprometéronse a dar "un impulso decisivo para a eliminación da pobreza" antes de 2010. Consecuentemente, en xuño dese ano creábase o Comité de Protección Social (CPS) co fin de se tornar nun instrumento eficaz para o intercambio e cooperación entre a Comisión Europea e os estados-membros da UE en materia de modernización e mellorία das estruturas de protección social. Ese CPS traballa en estreita colaboración con outros comités encargados de monitorizar a política social e económica en nível europeu, en particular co Comité de Emprego e o Comité de Política Económica, establecendo os contactos cos axentes sociais.

As prioridades do CPS céntranse en cinco áreas: Inclusión social, pensións, atención sanitaria, ligazón entre as políticas de protección social e as políticas activas de emprego e racionalización. Entre as súas funcións, destaca o seguimento da situación social e a evolución das políticas de protección social dos Estados, intercambios de información, experiencia e boas prácticas entre os estados-membros e elaboración de informes nos ámbitos das súas competencias.

Desde entón a UE proporcionou un marco para o desenvolvemento desta estratexia en nível estatal e tamén un marco de coordenación entre si e en nível europeo de todos os estados-membros. A participación da sociedade civil através de axentes como as ONG, actores sociais e autoridades locais e rexionais converteuse, desde entón, nunha parte deste proceso. Alén disto, a iniciativa fomentou que os estados-membros examinasen criticamente as súas políticas sociais co obxectivo de que se transferisen boas prácticas entre os países da UE.

A teor deste proceso a UE conseguiu chegar a un consenso sobre os retos e desafíos en materia de inclusión social:

- Suprimir a pobreza infantil quebrando o círculo da transmisión interxeracional da pobreza.

- Conseguir desenvolver mercados laborais inclusivos.

- Asegurar o dereito a unha habitación digna a todas as persoas.

- Combater a discriminación e promover a integración dos inmigrantes, persoas con deficiencias ou pertencentes ás minorías étnicas.

- Combater a exclusión financeira e o endebedamento excesivo.

En 2005, coincidindo coa renovación da Estratexia de Lisboa, a Comisión Europea aprobou a Axenda Social Europea 2005-10. A partir de entón a Estratexia Europea de Inclusión Social non apenas cobre a pobreza e a exclusión social, aínda que mantén dúas áreas políticas adicionais: pensións adecuadas e sustentábeis e asistencia sanitaria e atencións médicas de longa duración accesíbeis, de alta calidade e sustentábeis.

## 1. Taxa de risco de pobreza

Apesar dos esforzos desdobrados, a poboación en situación de pobreza, que en 2002 era de 15%, segundo os dados de Eurostat, subiu a unha taxa de 17% no ano 2010, isto é, cerca de 80millóns de persoas que aínda viven na indixencia e que non teñen acceso a servizos básicos como a saúde. Esta situación está en contradición cos valores comúns da UE de solidariedade e de xustiza social.

Que a taxa de pobreza se sitúe abaixo do limiar da pobreza, fixado no 60% da renda nacional media, significa que esa proporción de europeos (17%) están expostos ao risco da pobreza. As taxas de risco, porén, varían segundo os países oscilando entre as máis baixas da República Checa (8,6%), Eslovaquia (11,0%) e Países Baixos (11,1%) e as taxas máis altas da Letonia (25,7%), Romenia (22,4%), Bulgaria (12,8%) e Lituania (20,6%). A taxa de España é de 19,5%.

Alén disto, tal como ser observa no seguinte cadro, a taxa de pobreza das mulleres (17,1%) supera á dos homes (15,4%) en todos os países. As maiores diferenzas

no risco de pobreza entre xéneros prodúcense na Estonia (4,1 puntos), Bulgaria (3,9) e Chipre (3,5). O único país que rexistra unha taxa de pobreza masculina superior á feminina é Hungría. Finalmente, as taxas de pobreza de homes e mulleres están equilibradas na Irlanda (0,2), Dinamarca (0,3), Países Baixos e Polonia (diferenza de 0,5 en ambos os países).

| País | Taxa de risco de pobreza (%) | Pobreza feminina (%) | Pobreza masculina (%) | Diferenza |
|---|---|---|---|---|
| Alemaña | 15,5 | 16,3 | 14,7 | 1,6 |
| Austria | 12,0 | 13,2 | 10,7 | 2,5 |
| Bélxica | 14,6 | 15,7 | 13,4 | 2,3 |
| Bulgaria | 21,8 | 23,7 | 19,8 | 3,9 |
| Chipre | 16,2 | 17,9 | 14,4 | 3,5 |
| Dinamarca | 13,1 | 13,3 | 13,0 | 0,3 |
| Eslovaquia | 11,0 | 11,8 | 10,1 | 1,7 |
| Eslovenia | 11,3 | 12,8 | 9,8 | 3,0 |
| España | 19,5 | 20,6 | 18,3 | 2,3 |
| Estonia | 19,7 | 21,6 | 17,5 | 4,1 |
| Finlandia | 13,8 | 14,7 | 12,9 | 1,8 |
| Franza | 12,9 | 13,7 | 12,0 | 1,7 |
| Grecia | 19,7 | 20,2 | 19,1 | 1,1 |
| Hungría | 12,4 | 12,1 | 12,8 | -0,7 |
| Irlanda | 15,0 | 15,1 | 14,9 | 0,2 |
| Italia | 18,4 | 19,8 | 17,0 | 2,8 |
| Letonia | 25,7 | 27,0 | 24,2 | 2,8 |
| Lituania | 20,6 | 21,9 | 19,1 | 2,8 |
| Luxemburgo | 14,9 | 16,0 | 13,8 | 2,2 |
| Malta | 15,1 | 15,6 | 14,7 | 0,9 |
| Países Baixos | 11,1 | 11,3 | 10,8 | 0,5 |
| Polonia | 17,1 | 17,4 | 16,9 | 0,5 |
| Portugal | 17,9 | 18,4 | 17,3 | 1,1 |
| Reino Unido | 17,3 | 17,9 | 16,8 | 1,1 |
| República Checa | 8,6 | 9,5 | 7,5 | 2,0 |
| Romenia | 22,4 | 23,4 | 21,4 | 2,0 |
| Suecia | 13,3 | 14,5 | 12,0 | 2,5 |
| *Islandia* | 10,2 | 11,1 | 9,3 | 1,8 |
| *Noruega* | 11,7 | 13,2 | 10,1 | 3,1 |
| *Suiza* | 15,1 | 16,7 | 13,5 | 3,2 |
| *Croacia* | 17,9 | 19,7 | 16,0 | 3,7 |

*En letra tipo itálica, países non membros da UE*

O nível de pobreza atinxe tamén o 19,6% no caso infantil e dos mozos até 17 anos. Esta taxa dáse en aproximadamente a maioría dos estados-membros, salvos os países nórdicos, Eslovenia, Chipre e República Checa (entre 9-13%), Romenia (32,8%), Bulgaria (24,4%), Lituania (21,4%) e Italia (24,0%). A taxa española sitúase no 23,3%. Na pobreza infantil da UE inflúen grandemente tanto a situa-

ción laboral familiar como a eficacia da intervención dos poderes públicos en materia de axudas ao rendemento e dos servizos e asistencia. Isto é particularmente evidente no caso das familias monoparentais, onde o risco de pobreza é de 32%.

No caso das persoas de máis de 65 anos, a taxa dos que viven en situación de pobreza é de 17,8%. Neste sentido, tal como figura no seguinte cadro, as taxas máis elevadas sitúanse en países como Chipre (48,6%), Letonia (47,5%), Bulgaria (39,3%) e Estonia (33,9%). Por outra parte, Hungría (4,6%), Luxemburgo (6,0%), República Checa (7,2%) e Países Baixos (7,7%) presentan os níveis máis baixos. A taxa de España é de 25,2%.

| País | Pobreza infantil | Pobreza anciáns |
|---|---|---|
| Alemaña | 14,6 | 15,0 |
| Austria | 13,8 | 15,1 |
| Bélxica | 16,4 | 21,6 |
| Bulgaria | 24,4 | 39,3 |
| Chipre | 11,7 | 48,6 |
| Dinamarca | 11,1 | 19,4 |
| Eslovaquia | 17,0 | 10,8 |
| Eslovenia | 11,2 | 20,0 |
| España | 23,3 | 25,2 |
| Estonia | 20,4 | 33,9 |
| Finlandia | 11,9 | 22,1 |
| Franza | 16,7 | 10,7 |
| Grecia | 23,4 | 21,4 |
| Hungría | 20,7 | 4,6 |
| Irlanda | 17,8 | 16,2 |
| Italia | 24,0 | 19,6 |
| Letonia | 24,9 | 47,5 |
| Lituania | 24,1 | 25,2 |
| Luxemburgo | 21,7 | 6,0 |
| Malta | 20,6 | 19,0 |
| Países Baixos | 15,4 | 7,7 |
| Polonia | 22,7 | 14,4 |
| Portugal | 21,8 | 20,1 |
| Reino Unido | 20,7 | 22,3 |
| República Checa | 12,8 | 7,2 |
| Romania | 32,8 | 21,0 |
| Suecia | 12,7 | 17,7 |
| *Islandia* | 10,1 | 12,4 |
| *Noruega* | 11,1 | 12,2 |
| *Suiza* | 19,0 | 29,5 |
| *Croacia* | Sd | 31,3 |

*En letra tipo itálica, países non membros da UE*

O nível de vida das persoas en risco de pobreza flutúa fortemente no seo da UE. Se ben nos Estados bálticos, Hungría, Polonia e na Eslovaquia o salario mensal das persoas expostas ao risco de pobreza é de 200€, na Dinamarca, Irlanda, Luxemburgo, Finlandia e no Reino Unido o limiar de pobreza está fixado en 900€ por mes. Considerando as diferenzas en materia de custo da vida, valores expresados no Padrón de Poder de Compra (Purchasing Power Standards, PPS), o salario mensal das persoas expostas ao risco de pobreza varía entre 230-890 € PPS (até 1375€ PPS no Luxemburgo). En España este valor sitúase no 699€ PPS. Estas cifras suxiren que o nível de vida das persoas de renda baixa nos países máis ricos da UE é 3,5 veces superior ao das persoas que viven nos países máis empobrecidos.

## 2. Taxa de desemprego

Na UE as mellorías observadas desde o ano 2000 sobre o mercado do traballo, no seu conxunto, tiveron un impacto moito reducido. O número de persoas que viven en lares sen emprego segue a ser elevado. A pobreza dos traballadores, así como a integración dos inmigrantes no mercado laboral ten sido unha preocupación crecente na maioría dos estados-membros da UE.

A crise económica e financeira internacional de 2008 xa tivo consecuencias sobre o mercado de traballo no aumento da taxa de desemprego, sendo as persoas máis vulnerábeis as que con maior probabilidade están expostas ao risco de caír na pobreza.

A taxa de desemprego na UE a 27 mantense inalterada desde marzo de 2010 no 9,6% (10,0% na zona do euro). Esta é a maior taxa de desocupación desde xullo de 1998. No total, o Eurostat estima que en novembro de 2010 existían 23,24 millóns de homes e mulleres desempregados nos 27 países da UE. Destes, 16 millóns están na zona euro. A taxa europea de desemprego é igual á rexistrada nos EUA e superior á do Xapón (5,1%).

O Gabinete de Estatística Europeu mostra que España presenta a taxa de desemprego máis elevada, no 20,6%, seguido pola Letonia (20,1%), Lituania (17,8%), Estonia (16,3%), Eslovaquia (14,5%), Irlanda (13,9%), Hungría (10,3%) e Portugal (11,0%).

Na Alemaña a taxa de desemprego en 2010 foi de 6,8%, o menor nível de desemprego dos últimos 18 anos. Na Franza, segunda maior economía do euro, esta taxa alcanzou 9,7%, a maior desde o ano 2000. Na terceira economía deste bloque, a Italia, a porcentaxe de desemprego é de 8,6%, o maior valores desde o ano 2003.

O seguinte cadro recolle a taxa de desemprego nos países da UE (valores expresados en %).

| País | 2007 | 2010 |
|---|---|---|
| UE-27 | 7,2 | 9,6 |
| UE-euro | 7,5 | 10,0 |
| Alemaña | 8,4 | 6,8 |
| Austria | 4,4 | 4,4 |
| Bélxica | 7,5 | 8,4 |
| Bulgaria | 6,9 | 9,9 |
| Chipre | 3,9 | 6,8 |
| Dinamarca | 3,8 | 7,4 |
| Eslovaquia | 11,1 | 14,5 |
| Eslovenia | 4,8 | 7,2 |
| España | 8,3 | 20,1 |
| Estonia | 4,7 | 16,9 |
| Finlandia | 6,9 | 8,4 |
| Franza | 8,3 | 9,7 |
| Grecia | 8,3 | *11,0* |
| Hungría | 7,4 | 11,2 |
| Irlanda | 4,6 | 13,5 |
| Italia | 6,1 | *8,4* |
| Letonia | 6,0 | *20,1* |
| Lituania | 4,3 | 17,8 |
| Luxemburgo | 4,7 | 4,7 |
| Malta | 6,4 | 6,7 |
| Países Baixos | 3,2 | 4,5 |
| Polonia | 9,6 | 9,6 |
| Portugal | 8,0 | 11,0 |
| Reino Unido | 5,3 | 7,8 |
| República Checa | 5,3 | 7,4 |
| Romania | 6,4 | *7,4* |
| Suecia | 6,1 | 8,4 |

*En letra tipo itálica figuran os dados referidos a xullo 2010*

A taxa de desemprego dos menores de 25 anos na UE a 27 é de 20,7% (20,0% na zona do euro), a proporción máis alta desde o ano 2000. As menores taxas deste indicador rexístranse nos Países Baixos (8,7%), Austria (8,8%) e na Alemaña (9,1%). O Reino Unido e a Franza rexistran 19,5% e 23,9%, respectivamente. A

maior taxa prodúcese en España (41,6%), seguido pola Lituania (35,1%), Eslovaquia (34,3%), Estonia (32,9%), Irlanda (27,3%) e Hungría (27,0%).

A taxa de desemprego de longa duración, isto é, a proporción da poboación activa que estivo desempregada polo menos doce meses, alcanzou en 2009 o 3,0% na UE a 27 (3,1% na zona do euro). As taxas máis baixas producíronse na Dinamarca (0,5%), Países Baixos (0,9%) e Austria (1,0%) contra as máis altas, localizadas na Eslovaquia (6,5%), Letonia (4,6%) e España e Portugal (4,3% as dúas). As taxas da Alemaña, Franza e Italia foron 3,4%, 3,3% e 3,5%, respectivamente.

## 3. Poboación que vive en lares sen emprego

A poboación vivindo en lares sen emprego é un indicador que marca o grao en que os lares se encontran excluídos dos mercados de traballo. En 2009, 10,1% dos cidadáns adultos da Europa a 27 en idade de traballar, isto é, poboación non estudantil comprendida entre os 18-59 anos, vivían en lares integrados exclusivamente por persoas sen emprego. Estas cifras oscilaban entre o 5,6% de Chipre ou 6,6% nos Países Baixos e 13,1% da Hungría, 12,9% da Irlanda e 12,8% dos Países Baixos. En España este indicador alcanzaba 10,8%.

Segundo os dados de 2009, a proporción infantil nesta situación na UE a 27 era do 10,2% e variaba fortemente dun estado-membro para outro: de 3,9% da Eslovenia, 4,2% do Chipre e 4,4% do Luxemburgo a 17,5% do Reino Unido, 17,2% da Irlanda ou 15,6% da Hungría. En España este parámetro situábase no 9,9%. Este ambiente irá influír nas condicións de existencia do menor e na evolución do seu desenvolvemento persoal.

O traballo asalariado é a primeira fonte de ingreso nas sociedades europeas e, como tal, a súa ausencia supón fortes riscos de exclusión social. Porén, como mostran o resto de indicadores de cohesión social, a incorporación dos lares ao mercado de traballo é condición necesaria, mais non suficiente, para safar do risco da pobreza. A realización dun traballo remunerado non é garantía de saír fora do risco de pobreza, xa que a forte perda de poder adquisitivo dos salarios e a alta taxa de temporalidade están por detrás deste fenómeno.

En 2009 até 8,4% dos traballadores maiores de 18 anos vivían en risco de pobreza. As cifras oscilaban entre 3,2% da República Checa e 3,7% da Finlandia e os máximos de 17,9% da Romenia e 13,8% da Grecia. A pobreza dos traballadores está ligada aos baixos salarios, ao baixo nível de formación, á precariedade laboral e ao traballo a tempo parcial. De feito esta taxa de pobreza elévase ao 13% para o caso dos traballadores con contratos de duración determinada contra a dos traballadores con contratos indefinidos (5%). En España esta taxa atinxía 11,4% (14% no caso dos traballadores con contrato temporal e 5% nos de contrato indefinido).

Este tipo de pobreza tamén está ligada ao tipo de habitación na que viven os traballadores, así como á situación económica dos outros membros do lar. Nos lares con nenos, por exemplo, o modelo familiar con un só rendemento non evita a situación de pobreza.

A aparición dos "traballadores pobres" pon tamén en causa a eficacia das políticas sociais con base unicamente en criterios de crecemento económico e en níveis macro de creación de emprego. Ningunha destas dúas dimensións, por importantes que foren, permiten evadir automaticamente a pobreza.

No seo da UE as prestacións sociais alén das pensións de xubilación (como os subsidios familiares, de desemprego e de habitación) contribuíron para a redución do risco de pobreza nun 32,3% no ano 2009. Sen estas contribucións o risco de pobreza medio dos estados-membros da UE elevaríase ao 25,1% (contra o 17% despois das axudas públicas). As axudas sociais máis eficaces encóntranse na Irlanda (redución da taxa de pobreza no 60,0%), Dinamarca (58,0%) e Hungría (57,1%). As menos eficaces déronse na Grecia (13,2%), Letonia (15,2%) e Bulgaria (17,4%). A taxa de redución producida en España en consecuencia das transferencias sociais realizadas foi do 20,1%. (Ver cadro).

| País | Pobreza antes prestac. sociais | Pobreza após prestac. sociais | Taxa de redución |
|---|---|---|---|
| Alemaña | 24,1 | 15,5 | 35,7 |
| Austria | 24,1 | 12,0 | 50,2 |
| Bélxica | 26,7 | 14,6 | 45,3 |
| Bulgaria | 26,4 | 21,8 | 17,4 |
| Chipre | 22,7 | 16,2 | 28,6 |
| Dinamarca | 31,2 | 13,1 | 58,0 |
| Eslovaquia | 17,1 | 11,0 | 35,7 |
| Eslovenia | 22,0 | 11,3 | 48,6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| España | 24,4 | 19,5 | 20,1 |
| Estonia | 25,9 | 19,7 | 23,9 |
| Finlandia | 26,2 | 13,8 | 47,3 |
| Franza | 23,8 | 12,9 | 45,8 |
| Grecia | 22,7 | 19,7 | 13,2 |
| Hungría | 28,9 | 12,4 | 57,1 |
| Irlanda | 37,5 | 15,0 | 60,0 |
| Italia | 23,2 | 18,4 | 20,7 |
| Letonia | 30,3 | 25,7 | 15,2 |
| Lituania | 29,4 | 20,9 | 29,9 |
| Luxemburgo | 27,0 | 14,9 | 44,8 |
| Malta | 23,1 | 15,1 | 34,6 |
| Países Baixos | 20,5 | 11,1 | 45,9 |
| Polonia | 23,6 | 17,1 | 27,5 |
| Portugal | 24,3 | 17,9 | 26,3 |
| Reino Unido | 30,4 | 17,3 | 43,1 |
| República Checa | 17,9 | 8,6 | 52,0 |
| Romania | 29,1 | 22,4 | 23,0 |
| *Suecia* | 26,6 | 13,3 | 50,0 |

O impacto das prestacións sociais na redución do risco da pobreza infantil é aínda maior (41,1%), atinxindo o 33,3% de media europea. Nos países nórdicos e tamén na Austria, Irlanda e Hungría as prestacións sociais permitiron reducir o risco da pobreza infantil a máis de 55%. Porén, é inferior ao 20% nos seguintes países: Grecia (6,4%), España (17,4%) e Bulgaria (17,8%). (Ver cadro).

| País | Pobreza infantil antes prestac. sociais | Pobreza infantil após prestac. sociais | Taxa de reducción |
|---|---|---|---|
| Alemaña | 30,7 | 14,6 | 52,4 |
| Austria | 38,4 | 13,8 | 64,1 |
| Bélxica | 32,2 | 16,4 | 49,1 |
| Bulgaria | 29,7 | 24,4 | 17,8 |
| Chipre | 19,5 | 11,7 | 40,0 |
| Dinamarca | 24,9 | 11,1 | 55,4 |
| Eslovaquia | 24,6 | 17,0 | 30,9 |
| Eslovenia | 23,9 | 11,2 | 53,1 |
| España | 28,2 | 23,3 | 17,4 |
| Estonia | 29,7 | 20,4 | 31,3 |
| Finlandia | 28,5 | 11,9 | 58,2 |
| Franza | 34,7 | 16,7 | 51,9 |
| Grecia | 25,0 | 23,4 | 6,4 |
| Hungría | 47,6 | 20,7 | 56,5 |
| Irlanda | 44,8 | 17,8 | 60,3 |
| Italia | 31,5 | 24,0 | 23,8 |
| Letonia | 31,8 | 24,9 | 21,7 |
| Lituania | 38,7 | 24,1 | 37,7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Luxemburgo | 39,3 | 21,7 | 44,8 |
| Malta | 31,1 | 20,6 | 33,8 |
| Países Baixos | 24,9 | 15,4 | 38,2 |
| Polonia | 29,5 | 22,7 | 23,1 |
| Portugal | 29,4 | 21,8 | 25,9 |
| Reino Unido | 43,3 | 20,7 | 52,2 |
| República Checa | 25,4 | 12,8 | 49,6 |
| Romania | 42,0 | 32,8 | 21,9 |
| *Suecia* | 31,1 | 12,7 | 59,2 |

Até o presente, os sistemas de pensións de xubilación permitiron eliminar a pobreza nas persoas maiores. En 2006 a cidadanía maior de 65 anos recebeu unha pensión media equivalente ao 85% dos rendementos recebidos pola poboación activa nun abano que ía de 57% de Chipre a 100% da Polonia (73% en España). No entanto, a teor dos menores salarios recebidos polas mulleres, aquelas que viven soas e dependentes dunha pensión están máis expostas ao risco de pobreza do que os homes nesa situación (28% contra o 20%).

Apesar de a Europa ser globalmente considerada unha sociedade rica, o problema do colectivo das persoas sen abrigo continúa a ser de difícil resolución e irá a agravarse nalgúns países europeus. De acordo cun relatorio da Unión Europea de 2009, un 38% das persoas que están en risco de pobreza gastan máis de 40% do seu rendemento líquido coa vivenda, máis do dobro que a poboación en xeral. O relatorio tamén revela que o número de persoas que dormen na rúa ou que non teñen aloxamento ten aumentado nalgúns países. Situación esa que ten por causa, en parte, a actual conxuntura económica.

# 4. Ano Europeu de Combate á Pobreza e á Exclusión Social

Desde 1983 a Europa inicia cada ano unha campaña de sensibilización chamada “Ano europeu” co obxecto de fomentar e promover o diálogo coa cidadanía europea a fin de facer evoluír as mentalidades e os comportamentos. Estas conmemoracións anuais constitúen igualmente unha oportunidade para chamar a atención dos gobernos dos Estados sobre temáticas de tipo social (en 2008 a UE celebrou o Ano Europeo do diálogo multicultural, en 2007 o Ano da igualdade de oportunidades e en 2006 o Ano da mobilidade dos traballadores). Consciente de que non existe nengunha solución milagrosa e inmediata para a erradicación da

pobreza na Europa, a UE renovou en 2010 o seu compromiso para coa solidariedade, a xustiza social e maior inclusión coa declaración do Ano Europeu do Combate á Pobreza e á Exclusión Social.

Con esta declaración, a UE visa reafirmar a importancia da responsabilidade colectiva no combate á pobreza, o que compromete non apenas aos responsábeis pola tomada das decisións, mais tamén aos axentes dos sectores público e privado. O Ano Europeu é unha medida que pretende tamén dar voz aos que viven diariamente na pobreza e exclusión social, problemática que non só afecta ao benestar das persoas, á súa facultade de participar na vida da sociedade, mais que tamén atranca o desenvolvemento económico.

Os obxectivos transversais ou principios reitores deste Ano Europeu foron catro:

- Recoñecemento: recoñecer o dereito fundamental das persoas en situación de pobreza e de exclusión social a vivir na dignidade e a tomar parte activa na sociedade.

- Responsabilidade compartillada e participación: aumentar a adhesión da cidadanía ás políticas de inclusión social, subliñando a responsabilidade colectiva e individual no combate á pobreza e á exclusión social, favorecendo o compromiso de todos os actores públicos e privados.

- Cohesión: promover unha cohesión máis ampla na sociedade e concienciando das vantaxes que representa unha sociedade sen pobreza.

- Compromiso e acción concreta: renovar o compromiso da UE e dos estados-membros de combater á pobreza e á exclusión social, comprometendo todos os organismos públicos neste obxectivo.

Máis concretamente, a UE propuxo pór en marcha propostas para:

- Alentar a participación e o compromiso político de todos os sectores sociais sen excepción para que se involucren no combate á pobreza e á exclusión social, ben en nível europeo, local, na esfera pública ou privada.

- Animar ao conxunto da cidadanía europea a contribuír para o combate á pobreza.

- Dar a palabra aos que sofren a pobreza e a exclusión social para coñecer as súas necesidades e preocupacións.

- Involucrar á sociedade civil e ás organizacións non gobernamentais do ámbito do combate á pobreza e á exclusión social.

- Contribuír para a erradicación dos prexuízos e estigmatización da pobreza e a exclusión social.

- Fomentar unha sociedade que desenvolva e manteña a calidade de vida, o benestar e a igualdade de oportunidades.

- Impulsar a solidariedade interxeracional e garantir o desenvolvemento sustentábel.

Durante o Ano Europeu desenvolvéronse múltiplas e variadas actividades: campañas de información, iniciativas innovadoras, accións de solidariedade creativas, encontros, debates e conferencias ou a organización de concursos, destacando as realizacións e as experiencias ben sucedidas en relación co tema do Ano. Por exemplo, no ámbito do Ano a Federación Europea das Organizacións nacionais que traballan coas persoas sen abrigo (FEANTSA), lanzou unha campaña a nível europeu chamada "Ending Homelessness" pretendendo alertar para este problema que só pode ser resolvido através dun esforzo concertado con estratexias integradas, evitando as medidas de curto prazo.

En nível estatal, cada estado-membro elaborou un programa para adaptar as orientacións comúns definidas en nível europeu aos desafíos e realidades de cada país. Estas actividades foron identificadas e implementadas por un organismo de execución designado polos países participantes.

Alén disto, en nível europeu, un comité formado por representantes dos estados-membros axudou á Comisión Europea a supervisar e a implementar as actividades do Ano Europeu. No ámbito dunha grande campaña de información e sen-

sibilización social e co obxectivo de alimentar os debates en nível europeu e nos países participantes, a Comisión Europea publicou unha serie de enquisas e estudos.

Neste sentido, a Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades da Comisión Europea encargou ao Eurobarómetro un inquérito sobre a pobreza e a exclusión social. Realizado entre agosto e setembro de 2009, foi publicado en febreiro de 2010. A seguir recóllense as principais conclusións deste Inquérito Eurobarómetro.

Segundo esta enquisa, os europeus están ben conscientes da pobreza e exclusión social na sociedade moderna. Cerca de tres en cada catro cidadáns (73%) achan que a pobreza está xeneralizada no seu país, apesar das opinións variaren bastante entre os estados-membros. É frecuente a idea de que ser pobre é ter recursos limitados ao ponto de as persoas non poderen contribuír activamente para a sociedade (24%), non poderen comprar bens de primeira necesidade (22%) ou seren dependentes de institucións de caridade ou de subsidios do Estado (21%).

Máis de oito en cada dez europeos (84%) achan que a pobreza no seu país aumentou nos últimos tres anos. Máis da metade dos cidadáns da Hungría (64%), da Letonia (62%) e da Grecia (54%) achan que a pobreza "aumentou substancialmente". Estes resultados deben ser encadrados no contexto do impacto da actual crise económica.

O desemprego (52%) e salarios que non chegan para suportar o custo da vida (49%) son, de forma xeral, indicados como explicacións "sociais" para a pobreza. Outra explicación avanzada é o custo elevado da vivenda, con dous terzos dos europeus (67%) a consideraren ser difícil arranxar vivenda decente a un prezo razoábel. Esta opinión é particularmente común na República Checa e en Chipre (cada un con 89%), ben como no Luxemburgo e Malta (86% en ambos os países) e na Eslovaquia (84%).

Os factores de tipo persoal que levan á pobreza máis indicados son a fatal de educación, formación ou cualificacións (37%), a pobreza "herdada" (25%) e a dependencia de substancias (23%). No sul da Europa, particularmente en Chipre, a pobreza é esencialmente vista como un problema herdado polo

44% das persoas inquiridas. Tamén tenden subliñar a importancia dos lazos familiares ou comunitarios (32% dos inquiridos en Portugal achan que as persoas son pobres po non seren suficientemente apoiadas pola familia ou polos amigos).

Este estudo confirmou a idea da vulnerabilidade dos desempregados. Máis de metade dos europeus defende que estes corren máis riscos de seren pobres (56%) e que os desempregados deben ser vistos como grupo prioritario para a asistencia social (47%). As persoas de idade son tamén vistas, de forma xeral, como un grupo social vulnerábel polo 41% dos inquiridos.

Os desempregados séntense máis frecuentemente en risco de pobreza do que os restantes europeus con traballo: case o dobro séntese en risco de ficar sobreendebedado (50% entre os desempregados á media europea de 27%), o dobro tamén de posibilidade de ter dificuldades constantes en pagar as contas e as prestacións de crédito (46% contra 21%), achan que a súa economía doméstica ten tres veces máis dificuldades en chegar con diñeiro ao fin do mes (31% contra 12%) ou achan que teñen dúas veces máis probabilidades de perder a casa (16% contra 7%).

Unha vez pobre, pode ser moi difícil saír do ciclo da pobreza. Por exemplo, o inquérito mostra que 72% dos que teñen dificuldades en conseguir ter diñeiro até ao fin do mes achan difícil conseguir unha hipoteca, 64% ten problema en conseguir empréstimos e máis de metade (55%) acha difícil conseguir un cartón de crédito.

No xeral, a pobreza é vista como un problema que requere acción urxente. Nove en cada dez inquiridos (89%) apoian a idea de que esa acción debe partir do seu goberno e máis da metade (53%) considera o seu goberno o principal responsábel pola redución ou prevención da pobreza.

Finalmente, apesar dos europeus non veren a UE como principal responsábel polo combate á pobreza (apenas para o 9%), o seu papel é visto por moitos como importante (28% veno como moito importante e 46% como algo importante). A idea do papel importante da UE no combate á pobreza é xeneralizada por toda a Europa, sendo o maior consenso rexistrado en Malta (93%) e na Eslovaquia (91%).

A 17 de decembro de 2010 foi encerrado o Ano Europeo de Combate á Pobreza e á Exclusión Social coa participación do presidente da Comisión Europea, José Manuel Durão Barroso, a vice-presidenta do Parlamento Europeu, Isabelle Durant, o primeiro-ministro belga, Yves Leterne, delegacións dos ministerios responsábeis de políticas sociais e case todos os países-membros e representantes de organizacións do Terceiro Sector.

Algunhas das principais conclusións referidas polos participantes foron:

- A necesidade de dar voz ás persoas en situación de exclusión e conseguir a súa participación activa nos procesos de decisión de política e nos procesos de inclusión.

- A boa oportunidade de que o Ano Europeu supuxo para forxar alianzas chave para abordar a multidimensionalidade do fenómeno da pobreza.

- A creatividade e a innovación son elementos esenciais do combate á exclusión social.

- A esixencia de pasar dos compromisos políticos e declaracións á acción efectiva no combate á pobreza, co horizonte da Estratexia Europa 2020 nas axendas.

Tamén se realizou unha Declaración conxunta do Consello Europeu dos ministros responsábeis de asuntos sociais e sentáronse os alicerces da realización da Plataforma Europea de Combate á Pobreza, contemplada na Estratexia Europa 2020 como principal instrumento de traballo para unha Europa inclusiva.

Porén, de cara o futuro o referido documento da Comisión Europea "Estratexia Europa 2020", analisado en xuño de 2010, considera que un dos cinco obxectivos para a UE atinxir en 2020 é a saída da situación de risco de pobreza de 20 millóns de persoas, o que supón, na práctica, a renuncia ao obxectivo, fixado na Estratexia de Lisboa, de "erradicación da pobreza". Con efecto, a obsesión mostrada pola Comisión Europea pola sustentabilidade financeira esquece a necesaria sustentabilidade social das políticas macroeconómicas como parte integrante da estratexia para saír da crise e obter a cohesión económicas e social. Isto implicaría apoiar a produción, garantir o control polos Estados dos secto-

res estratéxicos da economía (banca, enerxía, transportes e comunicacións), a creación de emprego de calidade, con salarios e dereitos xustos, reformas dignas e a garantía de acceso universal a todos os servizos (saúde, educación, protección social, aloxamento e xustiza).

06 PARTE III

# Situación da pobreza e da exclusión social en España

## Introdución

Apesar de o nível económico dos españois ter mellorado moito nos últimos anos, resulta interesante analisar a evolución da situación de pobreza en España xa que, segundo veremos polos múltiplos dados recollidos, a taxa de pobreza relativa mantense estábel, mentres que aumentou de forma notábel a riqueza e o nível de vida dos españois. Daquí tírase a conclusión de que o aumento da riqueza dun país non comporta necesariamente a diminución da pobreza nen das desigualdades sociais, mais que estas poden aumentar segundo a distribución das rendas e dos recursos económicos. Hai que ter en conta que as sociedades modernas áchanse inmersas nun proceso de mudanza, de reestruturación social na que forzosamente a brecha entre ricos e pobres aumenta cada día. En definitiva, hai tres aspectos esenciais que hai que analisar para entender de forma global este proceso, e estes son a transformación social, a mudanza demográfica e a distribución das rendas.

Neste contexto de realidades explícase a necesidade de levar a cabo estudos sobre a pobreza e a exclusión, a fin de analisar cal é a situación e como se comportan os distintos factores de mudanza nas diversas cidades ou Comunidades Autónomas españolas, especialmente despois dun período de prosperidade económica como o vivido durante os últimos anos, no que se produciu un crecemento dos níveis de vida e do consumo, e o inicio da crise que está a afectar actualmente a todas as economías mundiais.

## 1. Transformacións económicas e mudanza social

Na actualidade, é evidente que todos os países se achan afectados por un proceso de mudanza social e de transformacións económicas que están a producir níveis de benestar social mutábeis e diferenzas cada vez máis agudas entre países e entre grupos dun mesmo país. En primeiro lugar, a globalización interrelaciona as distintas economías mundiais e provoca unha dependencia entre sectores produtivos e unha maior división do traballo con novos riscos de empobrecemento individual. Cada vez son máis as empresas que deciden implantarse en países onde as condicións son máis favorábeis. Grazas á revolución das comunicacións está a perderse a tradicional localización empresarial, o que provoca mudanzas nos mercados laborais nacionais, que pasan a se converter en mercados mundiais, e unha maior competitividade que aumenta a presión sobre os salarios e sobre as condicións laborais. Cando as empresas se mudan de país pérdense empregos mais gáñanse alí onde se asentan.

En segundo lugar, o uso da informática e das novas tecnoloxías, substituíndo ás veces o traballo humano cualificado, tornouse nun fenómeno universal que aumenta o número de traballadores pobres na Europa. Os traballadores pouco cualificados ou de idade avanzada cada vez teñen máis difícil acceder a unha reinserción laboral ou a un salario digno. Por outro lado, o emprego agrícola está a descender e aumenta o do sector servizos, onde predominan os traballos a tempo parcial que moitas veces son ocupados por mulleres, co que a organización da vida familiar tamén muda.

O sistema público de benestar, aínda hoxe, con base no modelo de familia con sustentador masculino, mais tamén isto está a experimentar unha profunda

transformación social. O papel da muller de clase media mudou, xa que ten máis posibilidades que antes de acceder a un posto de traballo, e pode provocar alteracións en canto á conciliación entre traballo, carreira e familia, polo que as familias monoparentais, aquelas con cabeza de familia formada só pola muller, poden verse en situacións de pobreza e non encontrar o apoio adecuado por parte do sistema público de benestar.

Outro tipo de transformación social é a que se produce debido á inmigración do campo para a cidade. Na procura de oportunidades laborais dáse un aumento de traballadores amiúde pouco cualificados que veñen obrigados a aceitar traballos en circunstancias precarias. Este desequilibrio entre a familia, o traballo e estado de benestar produce que non só se manteñan os antigos riscos de pobreza mais que tamén aparezan outros novos, estruturais e de máis difícil solución.

Particularmente interesante resulta observar o impacto da crise na poboación española e os diversos estudos que analisan a relación entre pobreza e crise e as súas consecuencias. A modo de exemplo, o Informe intitulado *"El primer impacto de la crisis en la cohesión social en España"* publicado pola Fundación Foessa, estuda detidamente as mudanzas producidas nos lares españois no período da crise; isto é, entre os anos 2007 e 2009, así como as estratexias de resposta das familias perante a crise. Este relatorio ofrece dados relativos ao aumento da pobreza e a exclusión social durante os dous primeiros anos da crise e destaca o significativo incremento de familias pobres que se produciu nun período tan breve.

A pobreza é un fenómeno que afecta a toda a sociedade en xeral e a mellor maneira de a combater é mediante a prevención. Por esta razón, os estudos realizados en distintas cidades españolas fan fincapé na importancia de desenvolver políticas encamiñadas a reducir determinados aspectos que son factores directos das desigualdades sociais e de risco de pobreza, nomeadamente aqueles relacionados coa educación ou co mercado laboral.

Xa que estes mesmos factores, que teñen relación directa co desenvolvemento da pobreza e a exclusión, se repiten na maioría dos estudos, é interesante comparar a situación de distintas cidades españolas como medio para previr e propor solucións que reduzan os níveis de pobreza.

Alén disto, outra característica propia da situación que estamos a vivir de grave crise económica e que se repite en todos os estudos é a aparición dunha nova realidade de pobreza á que se lle terminou por chamar "os novos pobres" ou "a queda na pobreza" de individuos ou familias que antes non o eran.

En consecuencia desta crise, produciuse un novo perfil de pobreza presente na nosa sociedade que é importante estudar. Os "novos pobres" son persoas que, debido ao traballo precario ou a que perderon o seu emprego, non teñen capacidade abondo para participar de forma activa na sociedade ou non poden enfrentar determinados gastos, como son a vivenda ou a educación.

Algúns dos factores que inflúen na aparición de novas realidades sociais e que constitúen novos riscos de pobreza son a mudanza do modelo demográfico, a inmigración ou as consecuencias da crise económica. Relativamente á mudanza demográfica hai que referir que é un factor que se repite en case todos os países europeus. Está a producirse un desequilibrio xeracional ao aumentar a poboación de persoas maiores e diminuír o número de adultos e de nenos por un retroceso da taxa de natalidade e por mudanzas nos modelos de familia. Isto ten consecuencias directas no mercado de traballo así como nos sistemas sanitarios e das pensións de xubilación. Nalgúns países da Europa Central e do Leste as pensións amiúde non aseguran unha vida digna.

A inmigración constitúe tamén outro factor importante xa que, por un lado, o país de orixe perde traballadores novos e, por outro, os inmigrantes no país de acollemento soen aceptar traballos mal remunerados e moitas veces vense inmersos en situacións de pobreza.

## 2. Campañas de concienciación social contra a pobreza

En toda a Europa puxéronse en práctica gran cantidade de iniciativas e campañas para tentar reducir a pobreza e, o máis importante, para crear unha consciencia colectiva perante este problema que actualmente afecta a 80 millóns de europeos. Neste sentido, declarouse o ano 2010 como o Ano Europeu de combate á Pobreza e á Exclusión social e realizáronse campañas nos estados-membros da Unión.

A modo de exemplo pódense citar as campañas francesa[1], inglesa[2], norte-americana[3]. Tamén hai unha plataforma mundial[4] que desenvolve unha campaña que ten por título "Chamado Mundial á Acción contra a Pobreza" *(Global Call Against Poverty)*.

Esta campaña en nível internacional representa unha ampla coalición de intereses e de actividades onde participan millóns de persoas de máis de cen países. O seu obxectivo é promover a participación dos líderes mundiais e asegurar que cumpren as súas promesas encamiñadas a eliminar a pobreza para o 2015. Durante o ano 2010 realizáronse actividades en todos os países do mundo. Esta campaña serviu para impulsar as distintas plataformas estatais formadas por centenares de asociacións coa participación de distintos colectivos que traballan de forma conxunta e que ademais contan co apoio das diversas forzas políticas. Hai que destacar a importancia desta iniciativa porque se converteu na maior mobilización da historia contra a pobreza e porque ten como obxectivo, por un lado, que os gobernos se comprometan a acabar coa pobreza e a fame e, por outro, que se cumpran os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio que 189 xefes de goberno e de estado asinaron no ano 2000. A idea principal desta campaña reside en que, por en cima dos gobernos, é a propia sociedade a que ten un papel fundamental no combate á pobreza, e debido a este motivo levár onse a cabo tantas mobilizacións e actos para consciencializar á poboación.

Referíndonos en concreto a España, tamén se realizaron multitude de iniciativas e de actividades para consciencializar a poboación e para combater a pobreza co obxectivo de xuntar os esforzos de todos os actores sociais, tanto institucións públicas como privadas, organismos estatais administracións, ONG e mormente, a cidadanía en xeral. A Coordenadora de ONG para o Desenvolvemento España, que está composta por 94 ONGD e 14 Coordenadoras Autonómicas así como por distintas institucións, realizou múltiplas actividades e relatorios sobre a situación da pobreza e a exclusión, para alén de campañas de concienciación en todo o territorio.

1) www.2005plusdexcuses.org
2) www.makepovertyhistory.org
3) www.theonecampaign.org
4) www.whiteband.org/

Un exemplo é a campaña Pobreza Cero organizada pola Coordenadora de ONG de Desenvolvemento de España (CONGDE) que ten como obxectivo reunir a todos os sectores da sociedade civil no combate á pobreza. Concretamente adheríronse á campaña Pobreza Cero máis de 600 ONG e máis de 1.000 entidades da sociedade civil.

Este tipo de actividades tivo unha resposta moi positiva por parte de distintas autoridades españolas (locais e estatais) e partidos políticos, asinándose, por exemplo, os acordos contra a Pobreza de 19 de decembro de 2007 grazas aos esforzos que a Coordenadora de ONG para o Desenvolvemento-España fixo para reunir todos os partidos políticos con representación parlamentar na sinatura histórica dun grande Pacto de Estado contra a Pobreza, alcanzando así un consenso sen precedentes.

Consecuencia destes pactos, na Comunidade Valenciana, por exemplo, leváronse a cabo multitude de actividades e conseguiuse unha participación activa da sociedade grazas á Plataforma Pobreza Cero da Comunidade Valenciana. Tanto é así que a totalidade das sinaturas recollidas por este colectivo supón case o 40% de todas.

Outra campaña que se levou a cabo e que tivo grande difusión é a denominada "Terminemos coa Pobreza Infantil Agora!" Esta campaña, impulsada pola organización Eurochild (formada actualmente por 135 membros) e en España por FEDAIA (Federación de Entidades de Atención e de Educación á Infancia e á Adolescencia) estendeuse en todos os países membros da Unión Europea por iniciativa de asociacións que traballan con menores en situación de pobreza ou exclusión social. No noso país, realizáronse múltiplas actividades para conseguir a adhesión á campaña por parte de líderes políticos e para esixir que o combate á pobreza infantil sexa unha prioridade. Un obxectivo da campaña é denunciar a falta de políticas de protección e prevención face a pobreza infantil, que se converteu nun grave problema en Europa e en España xa que, segundo os últimos dados procedentes de Eurostat, na Unión Europea, por volta de 20% dos nenos áchanse en situación de pobreza, cantidade que, no caso de España, aumenta até alcanzar o 24%. Dada a importancia desta porcentaxe, xa son varios os concellos que se adheriron á campaña como, por exemplo, Blanes, Lleida ou Sant Boi de Llobregat.

O Plano Nacional de Acción para a Inclusión Social do Reino de España 2008-2010 precisa o contexto xeral de actuación, que se encadra nas directrices coordenadas en nível europeo. Este plano estatal serve de continuación a respecto da estratexia anterior (2008-2010) e nel establécense dous obxectivos estratéxicos que son, en primeiro lugar, o fomento da inclusión activa impulsando a inserción laboral en combinación cunha adecuada política de garantía de rendas e o acceso a uns servizos de calidade, en particular, os educativos. En segundo lugar, limitar o impacto negativo causado polo aumento da inmigración e o envellecemento da poboación que, nunha situación de crise económica como a actual, provoca directamente maiores índices de pobreza e de exclusión social. Cinco son os obxectivos prioritarios deste plano:

- Fomentar o acceso ao emprego: promover a inserción no mercado laboral e combater á pobreza e á exclusión social.

- Garantir recursos económicos mínimos.

- Alcanzar unha educación de calidade con equidade.

- Apoiar a integración social das persoas inmigrantes.

- Garantir a equidade na atención ás persoas en situación de dependencia.

## 3. Enquisa de Condicións de Vida (ECV)

Á hora de analisar a situación en España e nas distintas Comunidades Autónomas resulta imprescindíbel usar como referencia a Enquisa de Condicións de Vida (ECV) realizada polo Instituto Nacional de Estatística e que foi actualizándose anualmente desde 2004. Esta enquisa é unha valoración estatística obtida dos lares españois mais que tamén se realiza en todos os países da Unión Europea. O obxectivo deste traballo é proporcionar información obxectiva en todo o que se refire á renda, o nível e composición da pobreza e a exclusión social en España. Grazas a estes dados poden facerse análises comparativas cos demais países da Unión Europea. Tamén podemos saber a evolución da taxa de pobreza relativa en España e dados esenciais referidos á pobreza. Segundo a ECV de 2010 actualmente en España a taxa de pobreza é de 20,8%[5], calculada segundo

os ingresos percibidos polos lares en 2009. Isto significa que unha en cada cinco persoas vive abaixo do que se considera o limiar de pobreza relativa; isto é, vive cuns ingresos por baixo do 60% da media do país. Esta taxa experimentou un aumento respecto ao ano anterior cando se situaba no 19,5%. No seguinte cadro obsérvase a evolución da taxa de pobreza relativa durante os últimos anos:

**Taxa de pobreza relativa en España entre 2005 e 2010**

| ANO | % |
|---|---|
| 2010* | 20,8 |
| 2009 | 19,5 |
| 2008 | 19,6 |
| 2007 | 19,7 |
| 2006 | 19,9 |
| 2005 | 19,8 |

**Dados provisorios*
*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

Tamén resulta interesante analisar a evolución da taxa de pobreza relativa por idades e tendo en conta o aluguer imputado, xa que estes dados ofrécennos unha mellor panorámica da situación española.

**Taxa de pobreza relativa por idade e con aluguer imputado**

| | 2007 | | 2008 | | 2009 | | 2010* | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sen Aluguer Imputado | Con Aluguer Imputado | Sen Aluguer Imputado | Con Aluguer Imputado | Sen Aluguer Imputado | Con Aluguer Imputado | Sen Aluguer Imputado | Con Aluguer Imputado |
| Total | 19,7 | 15,2 | 19,6 | 15,6 | 19,5 | 15,5 | 20,8 | 16,7 |
| Menos de 16 anos | 23,6 | 19,6 | 24,1 | 21,5 | 23,3 | 20,6 | 24,5 | 22,2 |
| De 16 a 64 anos | 16,8 | 14 | 16,8 | 14,5 | 17,2 | 14,8 | 19,1 | 16,3 |
| 65 r máis anos | 28,2 | 15,6 | 27,4 | 14,1 | 25,2 | 13,7 | 24,6 | 13,2 |

**Dados provisorios*
*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

Por idades, obsérvase que o grupo de cidadáns maiores de 65 anos é o que presenta a maior taxa de pobreza relativa, apesar de ser tamén o colectivo no que máis se reduciu esta taxa ao longo destes últimos anos, ao pasar de 28,2% en 2007 a 24,6% en 2010.

5) Dados provisorios.

Se considerarmos a taxa de pobreza, mais tendo en conta o valor do aluguer imputado, a porcentaxe global para España redúcese a 16,7% e prodúcese un descenso en todos os grupos de idade, especialmente no que se refire ao de persoas maiores de 65 anos.

O aluguer imputado é unha variábel non monetaria aplicada aos lares que pagan un aluguer inferior ao prezo de mercado ou ao dos lares en propiedade. O valor que se lles imputa a estes lares é o dun aluguer a prezo de mercado menos o gasto ou aluguer real.

As seguintes cifras e cadro sintetizan a evolución da pobreza nos lares españois durante os últimos anos.

**Rendemento anual neta media disponíbel por lar, persoa e unidade de consumo en España**

| Ano | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Renda media por lar | 21626 | 22471 | 23539 | 24606 | 26101 | 26500 | 25732 |
| Renda media por persoa | 7618 | 7943 | 8437 | 8945 | 9594 | 9865 | 9627 |
| Renda media por unidade de consumo | 11744 | 12176 | 12926 | 13654 | 14583 | 14948 | 14583 |

**Dados provisorios*
*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

En 2009 o ingreso medio anual dos lares españois foi de 25.732€ e a partir dos dados existentes no cadro obsérvase con claridade como a renda media en España foi aumentando durante os anos de prosperidade económica e os ingresos aumentaron desde 2005 até 2008.

Ao contrario é no ano 2009 cando se produce unha diminución de 2,9%. Se analisarmos a situación por medio das porcentaxes, no 2005 o ingreso monetario medio líquido anual aumentou 4,6% a respecto do ano anterior. No 2006 produciuse o mesmo incremento (4,6%). O 2007 é o ano no que se produce o maior aumento dos ingresos medios anuais alcanzando o 6% a respecto do ano anterior. O último ano no que se produce este aumento é o 2008, aínda que xa só é de 1,6%. Unha característica común que afecta a todos os anos é que se analisarmos a situación por xéneros, a taxa de pobreza é sempre maior para as mulleres. Do mesmo xeito, os estudos tamén mostran que existen índices máis elevados de

pobreza nas zonas máis desfavorecidas das cidades e relacionadas con problemas de marxinación e de exclusión social.

Se considerarmos o ingreso medio anual por persoa, segundo os dados do INE, podemos constatar que as persoas que teñen maiores ingresos normalmente tamén teñen un maior nível de estudos. O ingreso medio por persoa durante 2009 foi de 9.627€ (2,4% menos que o ano anterior) que alcanzou os 9.865€. En 2008, a comunidade autónoma na que se rexistrou o maior ingreso líquido anual medio por persoa foi a Comunidade Foral de Navarra, con 12.701€, e a comunidade en que se rexistrou o menor ingreso foi Estremadura (7.551€).

Tomando estes dados como referencia pódese facer unha análise particular da situación nalgunhas localidades que levaron a cabo estudos a este respecto. Neste sentido resulta tamén útil a taxa de pobreza relativa por comunidades autónomas, que nos permite ver as diferenzas entre as mesmas.

**Ano 2009 - Taxa de pobreza relativa sen aluguer imputado**

| CCAA | % |
|---|---|
| Navarra (Comunidade Foral de) | 7,4 |
| País Vasco | 9,4 |
| Aragón | 12,7 |
| Asturias (Principado de) | 12,8 |
| Cataluña | 12,9 |
| Madrid (Comunidade de) | 13,6 |
| Cantabria | 13,9 |
| Baleares (Illas) | 17,3 |
| Comunidade Valenciana | 17,3 |
| Galicia | 19,1 |
| Castilla e León | 19,2 |
| Total España | 19,5 |
| Rioja, La | 22,7 |
| Castela-A Mancha | 27,4 |
| Canarias | 27,5 |
| Murcia (Rexión de) | 28,6 |
| Andalucía | 29,3 |
| Estremadura | 36,2 |
| Ceuta e Melilla | 36,6 |

*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

Segundo este cadro, en 2009 a autonomía que rexistraba maiores taxas de poboación en situación de pobreza relativa foi Estremadura, co 36,2%, seguida de

Andalucía (29,3%), e as que rexistraban unha taxa máis baixa foron a Comunidade Foral de Navarra con unicamente 7,4% da poboación e o País Basco co 9,4%.

Continuando a análise da situación económica dos lares españois, os principais indicadores utilizados pola Enquisa de Condicións de Vida demostran que existe unha gran proporción da poboación que presenta apuros para chegar con diñeiro ao fin do mes. Alén disto, grazas á evolución dos dados obsérvase claramente que esta é unha tendencia en aumento entre os anos 2007 e 2009. No ano 2010, seis en cada dez lares tiveron problemas para chegar con diñeiro ao fin do mes; isto é, a porcentaxe de lares españois que afirma chegar ao fin do mes con algunha ou moita dificuldade foi de 58,6% e, entre eles, 13,4% afirmaba ter moitas dificuldades. No ano anterior, 2009, estas porcentaxes foron lixeiramente superiores (59%), e os que declaraban ter moitas dificuldades representaban 13,7%, o valor máis elevado dos últimos 6 anos. (Ver cadro).

**Evolución porcentual (2004-2010) das dificuldades para chegar con diñeiro ao fin do mes**

| | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Con moita dificuldade | 11,0 | 10,4 | 10,7 | 10,3 | 12,2 | 13,7 | 13,4 |
| Con dificuldade | 17,3 | 15,8 | 18,2 | 16,5 | 17,1 | 16,8 | 17,0 |
| Con certa dificuldade | 31,8 | 32,1 | 31,2 | 29,9 | 30,6 | 28,5 | 28,2 |
| Con certa facilidade | 27,7 | 28,1 | 27,0 | 26,4 | 26,7 | 26,8 | 25,2 |
| Con facilidade | 11,1 | 12,4 | 11,6 | 15,4 | 12,4 | 12,9 | 14,8 |
| Con moita facilidade | 0,8 | 1,1 | 1,3 | 1,5 | 1,0 | 1,2 | 1,2 |
| Non consta | 0,3 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,0 | 0,0 | 0,1 |

**Dados provisorios*
*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

Á hora de analisar o custo da vida nos lares españois encontramos cuns dados que mostran que cada vez son máis as familias que non poden permitirse certos gastos.

**Evolución porcentual (2004-2010) de lares que non poden permitirse diversos gastos**

| | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Capacidade para afrontar gastos imprevistos | 39,2 | 33,8 | 31,2 | 30,5 | 28,1 | 34,0 | 36,7 |
| Vacacións ao menos unha semana ao ano | 43,9 | 40,4 | 38,3 | 35,8 | 33,5 | 38,9 | 39,7 |
| Manter a vivenda cunha temperatura adecuada | 9,4 | 9,0 | 9,3 | 7,9 | 5,3 | 6,3 | 7,2 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comida de carne, polo ou peixe ao menos cada dous días | 2,5 | 2,5 | 4,0 | 2,3 | 2,0 | 1,7 | 2,5 |

**Dados provisorios*
*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

Se estudarmos a capacidade que teñen as familias para afrontar gastos imprevistos, no 2010 unha porcentaxe de 36,7% afirma non ter unha solvencia económica suficiente para facer frente a un gasto inesperado, o que converte esta porcentaxe na máis elevada dos últimos seis anos. Xa no 2009 relativamente a esta cuestión se rexistrara unha porcentaxe de 33,9%, un dado moi elevado que significou un aumento de 5,8% e é que nestes dous últimos anos producíronse aumentos significativos a respecto desta cuestión.

Debido á deterioración da situación económica dos últimos anos e ás consecuencias da crise, irse de ocio converteuse en algo que non todas as familias poden permitirse e que cabe analisar, xa que é moi indicativo da situación que estamos a vivir. Segundo se observa nos dados do cadro, no 2010 a porcentaxe de lares que non poden permitirse ir de descanso fóra de casa, polo menos durante unha semana ao ano, é de 39,7%, isto é, catro en cada dez familias, o que significa un aumento de 0,8 puntos en comparación con 2009. Resulta necesario destacar que foi en 2009 cando se produciu un aumento moi acusado de 5,4 puntos e alcanzou unha porcentaxe de 38,9% respecto ao ano anterior, 2008, que fora de 33,5%.

Para finalizar, xa que a ECV está deseñada co obxectivo de coñecer información sobre a pobreza, as carencias, as desigualdades, a vivenda, a formación, o emprego e en xeral a situación económica dos lares, hai outra serie de cuestións que ofrecen información como que durante o 2010, o 7,2% dos lares non puido manter a vivenda cunha temperatura adecuada durante os meses de frío. Tamén se ofrece o dado de que en 2,5% dos lares non puido permitirse comer carne, polo ou peixe ao menos cada dous días. Nestas cuestións produciuse un aumento respecto ao ano precedente.

Se considerarmos a vivenda como o factor que produce o maior gasto dos lares españois, a enquisa disponibiliza dados importantes respecto de atrasos nos pagamentos periódicos.

**Evolución porcentual (2004-2010) de lares con atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal nos últimos 12 meses**

| | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Lares con atrasos relacionados co pagamento da vivenda | 6% | 4,7% | 4,9% | 5,2% | 5,4% | 7,2% | 7,7% |

**Dados provisionais*
*Fonte: Enquisa de Condicións de Vida, INE*

Os dados deste estudo mostran que o 7,7% dos lares en España tivo atrasos nos pagamentos á hora de abonar gastos relacionados coa vivenda principal durante o ano 2010. Os gastos poden referirse ao pagamento da hipoteca ou aluguer e tamén á subministración de servizos como gas, electricidade, comunidade, etc. O relatorio revela que cada lar dedicou unha media de 300€ a este tipo de gastos. Como veremos posteriormente neste estudo, os pagamentos relacionados coa vivenda tornáronse nun grande problema para moitas persoas, como demostra o feito de esta porcentaxe ter ido en aumento desde 2005, cando se situaba en 4,7%.

O informe do INE mostra tamén que o 49,8% dos lares dispuña de vivenda en propiedade sen hipoteca no ano 2009 e que o 32,3% da poboación, que tiña unha vivenda en propiedade mais cunha hipoteca pendente, pagaba unha cota media mensal de 623€. Noutra das cuestións básicas, 12,8% dos lares queixábase da falta de espazo na vivenda, aínda que este feito varía segundo o municipio. É nos municipios grandes, con máis de 500.000 habitantes, onde había máis problemas de falta de espazo (18,2%) e nos municipios de menos de 10.000 habitantes onde se orixinan menos problemas.

De resto, seguindo con cuestións sobre a calidade de vida da cidadanía e en relación cos gastos persoais, sinálase que até 85,2% dos adultos reuníase en 2009 con familiares ou amigos polo menos unha vez ao mes e que 77,8% deles realizaba gastos en si mesmo cada semana.

Segundo apunta o informe Foessa *"El primer impacto en la cohesión social en España"*, a redución de gastos en actividades de lecer non ten practicamente consecuencias nos sectores máis integrados mais, nos máis excluídos, o impacto é maior, e isto vai asociado nun 13% dos casos á perda das relacións sociais. Este informe analisa as estratexias que adoptaron os lares perante a crise. A decisión máis frecuente foi a redución do gasto en xeral, aínda que isto varía de forma notábel, dependendo do nível de integración social.

Nos sectores máis integrados constátanse medidas como a racionalización do gasto ou deixar de comprar primeiras marcas en roupa e en alimentación ou a redución de actividades de lecer como forma de contención dos gastos fixos. Do mesmo xeito, nas familias en situación de falta de ingresos, estas medidas tradúcense en situación de carencias e privacións e as persoas máis excluídas vense obrigadas a tomar decisións máis drásticas como acudir a roupeiros ou levar unha alimentación inadecuada.

# 4. Estudos específicos sobre a pobreza e a exclusión social

## OFICINA DO DEFENSOR DA CIDADANÍA DE CÓRDOBA

No que respecta a estudos específicos sobre a pobreza en España, existen varios informes que a estudaron de forma local. Como caso máis chamativo e completo, dispomos dun estudo realizado pola Oficina do Defensor do Cidadán de Córdoba que pode servir como exemplo para tratar este tema de forma detallada. Nel analísase, antes de máis, a situación da pobreza no mundo e logo, de forma máis profunda, en Córdoba, comparándoa con outras provincias españolas. Faise unha análise pormenorizada da situación da pobreza na cidade e na súa provincia analisando dados relativos ao salario medio anual e á taxa de pobreza relativa en comparación co resto de comunidades autónomas. Tamén analisa aspectos como as pensións, o desemprego, a vivenda, grupos sociais en risco de caír nunha situación de pobreza ou exclusión social, recursos das Administracións Públicas, programas de intervención social e distintos tipos de actuacións, institucións privadas de axuda e a opinión das persoas en relación co tema da pobreza e a exclusión, tanto profesionais como os usuarios destes servizos.

A pobreza severa, ou sexa, as persoas que teñen ingresos inferiores a 30% da renda media cordobesa, tamén constitúe un problema importante na provincia. Calcúlase que cerca de 30.000 persoas acharíanse nesta situación. Un dado que hai que mencionar é que debido ao importante fenómeno da economía paralela, a taxa de pobreza relativa situaríase no 27% ou 28% da poboación. É certo que nalgúns países este fenómeno constitúe a única fon-

te de ingresos para moitas persoas, aínda que o problema é que mediante este sistema de emprego precario a cidadanía non consegue safar da pobreza e non cotizan nin adquiren nengunha protección perante a vellez. A porcentaxe aproximada da produción que se relaciona coa economía paralela oscila entre 22%-25% e os sectores máis afectados son a xoiaría e a hostalaría.

A pobreza severa é máis frecuente na capital. Ao contrario, a pobreza relativa ten máis incidencia na poboación envellecida que habita sobre todo na provincia e no medio rural.

Debido a estes dados e co obxectivo de ofrecer unha mellor protección contra a pobreza e a exclusión, a maioría dos Informes Estratéxicos Nacionais sitúan a inclusión laboral activa entre as súas prioridades.

A cantidade total de persoas demandantes de emprego ascende a 149.165. Do total destas persoas, hai 110.465 que se achan non ocupadas, e entre as 78.994 persoas desempregadas de longa duración, 27.116 son maiores de 45 anos. Se analisarmos a situación por sectores, os máis afectados son o da construción e os servizos. A taxa de emprego de traballadores de idade avanzada aumentou durante a última década e, segundo o Informe conxunto sobre protección e inclusión social da Comisión Europea, once países europeos cumpren xa o obxectivo establecido en Lisboa de alcanzar unha taxa de emprego do 50% para este grupo de traballadores en 2010. Segundo as últimas tendencias europeas, as posibilidades de abandono temperán da vida activa e os incentivos de xubilación antecipada están a suprimirse en todas partes.

Se nos centrarmos na análise da pobreza subxectiva, este informe tamén analisa a percepción que ten a cidadanía sobre a pobreza. O resultado é que o 81% da poboación estima que esta ten aumentado en comparación co ano anterior.

Un dado que resulta interesante é que, á hora de calcular o límite da pobreza segundo ingresos mensais, 43,5% sitúao en menores a 600€ e 37,5% en 700€. Respecto ao futuro da pobreza, o 60,5% da poboación cre que aumentará durante os próximos meses.

Respecto ao futuro da pobreza, o 60,5% da poboación cree que aumentará durante os vindeiros meses.

Por último, en canto á percepción sobre os grupos que máis posibilidades teñen de caír na pobreza, a opinión maioritaria refírese ás minorías étnicas (64%), os traballadores autónomos (58%) e as familias uniparentais (48%).

Este estudo, do mesmo xeito que outros que se realizaron en nível estatal, analisa tamén os novos perfís de pobreza que xurdiron por causa da crise. As familias enfróntanse cada día a máis riscos de pobreza. Se, por un lado, dáse a circunstancia de que os soldos do mercado laboral son baixos e, por outro, que en ocasións só traballa un membro do lar, existe o risco de que os ingresos familiares poidan permanecer baixo o limiar da pobreza. Esta é principalmente a razón pola cal no informe se menciona os lares monoparentais como un dos grupos con máis risco de caír na pobreza ao dividir os seus ingresos e non poder facer fronte aos seus gastos, igual que ocorre en ocasións con familias de máis de dous fillos, co resultado de que os nenos son os máis vulnerábeis a este risco.

Outro dos novos perfís de pobreza son os traballadores independentes ou autónomos, que perderon os seus negocios e ao manter débedas e non contar con recursos económicos nen financeiros caen na pobreza, e por último as persoas que cobran salarios mínimos ou que traballan por horas.

Sobre as políticas de protección e recursos das administracións públicas e da sociedade civil, o informe fai unha análise explicativa moi precisa, analisando os programas e tipos de axudas presentes na zona así como as distintas entidades públicas e privadas que traballan contra a pobreza. O certo é que a aplicación de políticas sociais adecuadas serve non só para reducir o impacto social negativo nos colectivos máis vulnerábeis senón tamén para suavizar as consecuencias da crise no conxunto da economía. Por exemplo, o bo funcionamento destes sistemas é esencial para reforzar a cohesión social e estimular a creación de emprego. As políticas activas do mercado de traballo, especialmente os programas dedicados á creación de emprego, téñense que incentivar para facilitar as transicións laborais, previr o desemprego de longa duración, evitar a xubilación antecipada e mellorar as habilitacións. Segundo este informe, en nível europeo, o Plano Estratéxico do Ano Europeu contra a Pobreza e a Exclusión Social conta para o noso

país con 1.423.896€ destinados á creación de propostas e ao custo da súa implantación.

O informe tamén fai referencia á opinión dos profesionais e voluntarios do terceiro sector. A modo de resumo podemos referir que entre as principais conclusións destacan principalmente, máis que o problema de acceso aos usuarios, a dificuldade de financiar e manter os programas. Tamén se destaca que o aumento de persoas en situación de pobreza non leva ao aumento de programas de atención, e anteponse a facilidade de comunicación local face á converxencia con programas europeus. Segundo os diversos colectivos, a pobreza na provincia aumentará e, para a súa solución, é determinante a mellora do emprego e o acceso á vivenda.

## CONCELLO DE SANT BOI DE LLOBREGAT

En relación con este tema e debido ás novas necesidades sociais xurdidas pola crise e o aumento do desemprego, o Concello de Sant Boi tamén realizou un informe en outubro de 2010 no que fai un seguimento da crise e analisa o aumento do desemprego, a procura de axudas e atencións á cidadanía. Para comprender ben o impacto da crise neste municipio é necesario coñecer qué tipo de axudas foron as máis procuradas e qué perfís da cidadanía son os máis afectados.

Segundo este estudo, o número de persoas que receberon atención por parte da UBASP (Unidades básicas de atención social primaria) entre 2008 e 2010 aumentou de forma considerábel. Desde esta unidade proporciónanse diferentes axudas municipais co obxectivo de cubrir as necesidades básicas e/ou de emerxencia. Concretamente, no ano 2008 atendeuse un total de 5.488 solicitudes, mentres que durante 2009 o número foi de 6.842, o que significa un incremento de 1.354. Igualmente produciuse un aumento no relativo ás atencións de primeiro acollemento. Durante o período de setembro a decembro de 2009 houbo un total de 1.145 demandas entre atencións e informacións, e no mesmo período de 2010 esta cantidade foi de 3.056.

Respecto ao tipo de axudas prestadas entre os anos 2007 e 2010, en Sant Boi e de forma xeral no resto de municipios analisados, as relacionadas co pagamento da

hipoteca foron as máis demandadas, seguidas das destinadas a cubrir as necesidades básicas. A seguir acharíanse para a manutención e, por último, para subministración. Estes dados son indicadores claros do aumento da pobreza, tanto por endebedamento familiar como para cubrir as necesidades básicas de subsistencia.

Dado que o emprego é un indicador moi significativo do nível de ingresos dunha poboación e, portanto, un factor determinante á hora de avaliar a situación da pobreza en nível local, a localidade de Sant Boi de Llobregat realizou un estudo sobre a evolución do desemprego desde 2008 até 2010.

Segundo os dados analizados, a taxa de desemprego rexistrada sofreu un aumento progresivo bastante importante durante os dous últimos anos, desde 7,7% en xaneiro de 2008 a 16,3% en setembro de 2010. Cos dados existentes, desde setembro de 2009 a setembro de 2010 a taxa de desemprego entre os homes aumentou 4,7%, entre as mulleres 5,7% e entre a poboación estranxeira é de 17,6%, un aumento que afectou máis ás mulleres que aos homes e que golpeou especialmente aos inmigrantes, cuxa taxa de paro se triplicou a respecto do resto de poboación laboral.

Se analisarmos a situación conforme aos grupos de idade, o máis afectado pola crise nesta localidade é o que se acha no tramo de 45 a 64 anos, algo similar ao que ocorre en Córdoba e en moitos outros municipios. De resto, este grupo é o que máis problemas de reinserción laboral presenta, xa que só durante o último ano a taxa de desemprego aumentou un 11,7%. Representa o 28% da poboación activa e, apesar de este grupo ter maior cobertura frente á crise, os problemas económicos que con que depara a curto prazo son sen dúbida os máis graves.

O segundo grupo máis afectado polo paro, cun aumento de 10,1% desde 2009 a 2010, é o das persoas entre 30 e 44 anos. Porén, un dos maiores problemas que encara este grupo é o da capacidade de facer enfrentar o pagamento da débeda pola vivenda. Este grupo representa o 26,5% do total da poboación e 47% da poboación activa. A elevada taxa de desemprego alcanza o 19,8% para os homes e 26,2% para as mulleres.

Por último, o terceiro grupo correspondente á poboación nova de 16 a 29 anos é o único colectivo cun menor aumento de taxa de desemprego durante o últi-

mo ano, apesar de contar tradicionalmente cunha taxa de desocupación elevada, en parte debido a que estes mozos, mormente, áchanse a realizar estudos. Este colectivo enfróntase a problemas de emancipación, xa que aproximadamente 70% dos mozos entre 16 e 29 anos viven cos pais. Representa unha cuarta parte da poboación de Sant Boi e un terzo dos mozos con estudos de bacharelato ou universitarios desempeñan traballos non cualificados. Alén disto, cabe destacar a alta taxa de desemprego entre os mozos que non acreditan a ESO. Neste último colectivo predominan os traballos con contratos temporais e de baixa formación, converténdose nun grupo de risco de exclusión nun mercado laboral con cada vez máis concorrencia e menos oferta. Os dados de Sant Boi reflicten a tendencia estatal onde o desemprego xuvenil, que durante o período 2006-2007 rexistrou unha evolución moi favorábel de 27,5%, volveu a alcanzar níveis de 32,9%, que seguen a crecer, agravados pola temporalidade.

Todos eses factores fixeron que, en xeral, o aumento da procura de recursos sociais sexa unha característica común en toda España debido á crise..

Do mesmo xeito que no informe sobre Córdoba, analísanse os recursos existentes por parte dos servizos sociais para cubrir a procura de prestacións e solicitudes, no Concello de Sant Boi de Llobregat tamén se puxeron en funcionamento plans de axuda semellantes ao verse aumentada a procura de prestacións e servizos de asistencia.

## CONCELLO DE SABADELL

Outro estudo sobre a situación en nível local é o realizado polo Concello de Sabadell. Segundo este informe, publicado en xullo de 2010, a principal necesidade da poboación está ligada tamén coa situación económica e laboral. En relación coas demandas de atención social, comézase a observar un decrecemento a respecto dos últimos anos aínda que aumenta a fraxilidade e a precariedade das persoas atendidas. Este é o maior risco ao que se enfrontan as persoas que esgotaron todos os recursos e prestacións sociais, de maneira que, cando isto ocorrer e non contar cunha rede de apoio familiar, tórnanse máis vulnerábeis.

Este informe fai fincapé en que as persoas que se ven afectadas por problemas económicos multiplicáronse por tres, os casos de débedas por catro e o número de parados sen subsidio por cinco. Isto explica que os beneficiarios de Rendas Mínimas de Inclusión (RMI) aumentasen de 1.262 no primeiro trimestre de 2009 a 1.931 durante o mesmo período de 2010.

A poboación estranxeira de Sabadell é o colectivo con máis grave risco de exclusión e representa o 11% da procura de atención, mormente no que respecta á procura de RMI, que pasou de 16% en 2009 a 28,7% en 2010.

O aumento dos apuros económicos convértese en risco de exclusión para a poboación cando se xuntan a perda da vivenda, o desemprego de longa duración, os problemas familiares, etc.

Igualmente o estudo tamén fai fincapé no aumento da demanda de servizos de atención a domicilio e de solicitudes de recoñecemento de situacións de dependencia.

Por último, advertiuse que os barrios onde tradicionalmente había máis problemas económicos seguen a ser os que máis se deterioraron e onde xurdiron novos perfís de pobreza debido ao impacto da crise.

## CONCELLO DE XERES

O informe sobre o municipio de Xeres, que realizaron conxuntamente Cáritas, o Comedor O Salvador, a Fundación Soje e os Servizos Sociais dese Concello, resulta máis interesante, xa que analisa de forma concreta o aumento da procura de servizos sociais e as distintas propostas de actuación.

O obxectivo deste estudo é proporcionar unha visión nova sobre a situación e as necesidades sociais do municipio. Para iso constituíuse unha mesa de coordenación que reunía os Servizos Sociais Comunitarios e as principais entidades sociais implicadas en programas de intervención comunitaria.

A realización deste estudo era necesaria debido a que se produciu unha mudanza nas carencias sociais que afectaban á poboación e nos perfís dos demandantes. Por iso,

había que ofrecer novas solucións e a forma na que estaba enfocado o sistema de axudas tiña de ser adaptado a esta nova situación.

No tocante ás peticións atendidas por Cáritas duplicouse o número de solicitudes. Segundo o Observatorio da Realidade Social, esta entidade recebeu unicamente durante o seis primeiros meses de 2010 un total de 16.390 peticións, principalmente relacionadas cos seguintes aspectos por orde de importancia: alimentación, vivenda, emprego e roupa ou calzado.

En relación coa vivenda, unha gran cantidade de parellas novas non son capaces de defrontar o pagamento da hipoteca e, en consecuencia, vense obrigados a entregar as chaves da casa e regresar ao lar dos seus pais. A falta de emprego estábel é un factor decisivo relacionado directamente con este problema de estabilidade económica. En menor medida tamén se ofreceron axudas para subministracións como auga, luz, gas ou o pagamento do aluguer.

Outra das solicitudes máis frecuentes está relacionada co emprego, especialmente cando se tratar de persoas con falta de formación ou cualificación profesional procedentes do sector da construción, industria ou dos servizos. Obsérvase un aumento da procura de mulleres na busca de ocupación como empregadas de lar.

Segundo a información recollida polas catro entidades sinaladas, o perfil maioritario dos demandantes de axudas é o seguinte:

1. Familias en situación de desemprego e con gastos elevados debido á vivenda.

2. Mulleres, principalmente sós ou con familia, amiúde inmigrantes esposas de maridos en desemprego, mulleres maiores con pensións insuficientes ou mulleres inmigrantes en situación irregular.

3. Estranxeiros en desemprego e con poucos recursos de apoio externos, frecuentemente procedentes do sector da construción.

4. Persoas maiores con poucos ingresos e cargas familiares.

5. Familias en situación crónica de dependencia destes servizos.

## SINDIC DE GREUGES DE BARCELONA

Á hora de entender o proceso de inserción na pobreza e a exclusión social hai varios factores que inflúen e que resultan determinantes. En relación con este proceso, en 2009 publicouse un estudo intitulado *"Itineraris i Factors d' Exclusió Social"* que analisa as causas da reprodución da exclusión social e as políticas de prevención. Este estudo, realizado pola Síndica de Greuges de Barcelona, foi impulsado conxuntamente pola obra social da Fundación La Caixa e pola Universitat Pompeu Fabra.

A metodoloxía da súa realización resulta innovadora, xa que aplica unha estrutura teórica e metodolóxica non utilizada anteriormente noutros traballos e analisa dun ponto de vista dinámico as fases do ciclo vital das persoas e os factores que poden levar a unha persoa a caír na exclusión social para, así, detectar os factores máis importantes de prevención. Resulta innovador porque toma como obxecto de estudo a individuos que normalmente non aparecen nas enquisas mais que padecen de forma máis intensa os procesos de exclusión. Son cidadáns de Barcelona que están en situación de exclusión social extrema; isto é, persoas que viven na rúa ou que non teñen recursos nen redes de apoio ou que sofreron penas de cárcere ou viven en condicións precarias e necesitan os subsidios públicos ou a beneficencia privada para subsistir.

A partir de entrevistas e cuestionarios reconstruíronse os itinerarios de exclusión social ao longo do curso da vida destas persoas, desde a infancia á idade adulta, e fíxose tendo en conta factores como as condicións de vida durante a infancia, a evolución do seu estado de saúde, o acceso á vivenda, a estrutura familiar, o nível de estudos e as traxectorias educativas, as condutas criminosas ou as ocupacións laborais exercidas. Por último, este estudo ofrece dados sobre os custos das políticas de reinserción ou de tratamento comparándoas cos custos e beneficios que tería unha política de prevención da exclusión social.

As diferentes dimensións de estudo analisadas mostran que a falta de formación é unha característica común nas persoas atendidas polos servizos sociais da mostra. Esta causa, xunto ao factor de risco que representa a denominada herdanza social, é dicir, a pertenza a unha clase social onde non se fomentou o estudo, é unha das conclusións máis claras do informe. De facto, máis da metade dos

inquiridos autóctonos proveñen de familias onde o pai non tiña calquera tipo de estudo. Os fillos de pais sen estudos teñen máis risco de fracaso escolar ou de non continualos en canto acaban a escolaridade obrigatoria. A educación é, pois, un elemento moi importante.

Outra conclusión á que se chega é a importancia dunha preescolarización desde 0 a 6 anos como factor de prevención. Que unha persoa inicie a escolarización antes dos 6 anos reduce de forma substancial a posibilidade de caír na exclusión e aumenta as posibilidades de saír dela na idade adulta. Outro factor a ter en conta é que entre as persoas en situación de exclusión, o feito de ter máis de dous irmáns no lar familiar durante a idade de escolarización tamén aumenta o risco de fracaso escolar.

A formación e o nível de estudos están directamente ligados ao mercado laboral. Estas esixencias han de ir aumentando cada día, do que se deriva a necesidade de adquirir unha mellor formación co fin de optar a unhas mellores condicións laborais. Existen claras diferenzas no proceso de inserción laboral entre persoas integradas e excluídas. Estas últimas encontran moitos máis impedimentos ou desenvolven procesos máis lentos. O feito de ser inmigrante tamén é un factor de risco, pola desvantaxe que supón á hora de conseguir un contrato de traballo, mormente indefinido.

Entre as persoas que padecen exclusión, a posibilidade de conseguir un contrato fixo é máis difícil se carecen de estudos. A precariedade laboral e, en gran parte, a imposibilidade de conseguir un contrato indefinido está relacionada co feito de non ter calquera titulación académica ou de ter unicamente a escolaridade obrigatoria. Iso explicaría o feito de que a maioría das persoas atendidas en servizos sociais non chegasen a ter períodos de ocupación laboral continuada de máis de 10 anos seguidos. A falta de ingresos é un factor asociado ao risco de verse obrigado a durmir na rúa.

Do mesmo xeito que un dos maiores factores de exclusión reside na falta de oportunidades laborais, os problemas de conduta e de saúde son outro factor de risco importante. Por exemplo, os problemas de saúde relacionados con dependencias de álcool, drogas ou condutas criminosas e o feito de estar en prisión reducen enormemente as posibilidades de entrar no mercado de traballo. Outros factores que inflúen é sofrer unha ruptura da convivencia en parella, a depen-

dencia severa do álcool, levar conta dun adulto dependente e tamén o feito de ser inmigrante ou muller casada.

Segundo os dados do estudo, a precariedade laboral tamén se asocia coa imposibilidade de formar unha familia. De feito, a falta de relacións familiares é unha característica común a todas as persoas excluídas. A familia xoga un papel importante neste aspecto. Por un lado, a formación de familias a unha idade moi temperá, xunto coa precariedade laboral debido a un nível baixo de estudos, convértese nun risco alto de exclusión social. Por outro, a imposibilidade de formar unha familia e a falta dunha rede de apoio familiar aumenta o risco de que a situación de exclusión se converta en algo crónico durante a idade adulta.

De resto, grazas á información deste estudo, tírase como conclusión engadida que as relacións familiares e de convivencia no colexio son moi importantes para evitar a exclusión. Problemas de relacionamento ou de comportamento durante a adolescencia cos pais, titores, mestres de escola ou crecer sen unha figura paterna tórnanse nun primeiro factor de risco. En termos xerais, unha medida de prevención de risco de exclusión entre os adolescentes sería prolongar o tempo de estudo e atrasar a formación de familias así como a creación dunha rede de apoio mellor e de maior acceso ás persoas con problemas.

A posibilidade de acceso a unha vivenda desempeña un papel fundamental no benestar dunha persoa. Unha característica común ás persoas inquiridas en situación de exclusión, que na súa maioría proceden de familias humildes e que non foron ben sucedidas nos seus estudos, é que tenden a vivir de aluguer polos apuros económicos e que a metade deles se viron obrigados algunha vez a abandonar a vivenda onde vivían por non poder pagala. A maioría nunca tivo unha vivenda en propiedade. Nesta situación, os inquiridos autóctonos é probábel que tornen a vivir en casa dos seus pais ou recorran a outros medios como durmir na rúa ou nunha pensión mentres que os inmigrantes tenden a compartir masivamente cuartos ou pisos.

Proponse potenciar a preescolarización de calidade antes dos 6 anos e fomentar un sistema de bolsas que facilite a realización de estudos a persoas con poucas posibilidades económicas ou que están a pasar momentos económicos

difíceis. De feito, a alta porcentaxe de abandono escolar no noso sistema educativo é moi indicativo do traballo que aínda resta por facer neste aspecto. Tamén se menciona a necesidade de desenvolver unha rede de apoio máis efectiva no relativo ao benestar durante a infancia e a mocidade cunha maior implicación dos servizos sociais e mellor coordenación cos centros educativos, xa que este parece ser un período sumamente importante no desenvolvemento dunha persoa. Sería necesario ademais facilitar a inserción ao mercado laboral que cada vez é mais difícil para persoas con baixa formación e insuficientes recursos económicos e evitar deste xeito a perda da vivenda, asociada á precariedade laboral en parte debida á alta temporalidade nos contratos laborais.

## REDE EUROPEA DE COMBATE Á POBREZA E Á EXCLUSIÓN SOCIAL NO ESTADO ESPAÑOL (EAPN-ES)

Estes estudos son unha mostra da realidade que están a vivir moitos municipios de España. Segundo o informe *"El Impacto de la Crisis en la Pobreza y la Exclusión Social: Diagnóstico y Actuaciones"* realizado en outubro de 2009 pola Rede Europea de Combate á Pobreza e á Exclusión Social no Estado Español (EAPN-ES), a partir dos dados recollidos polas entidades sociais que forman parte desta rede, destácase principalmente o aumento do desemprego e o modelo insuficiente de protección social existente en España.

Segundo este informe, os grupos con problemas de exclusión tradicionais seguen acudindo ás asociacións de axuda, xa que a crise acrecentou a súa situación, mais destácase a aparición de persoas que, debido ao desemprego e ás consecuencias da crise, se achan en situación de desamparo e non poden defrontar as obrigacións familiares nen cubrir as súas necesidades básicas, polo que acoden aos servizos sociais como última posibilidade. As solicitacións responden principalmente a axudas para alimentación e roupa e, en segundo lugar, a axudas para a vivenda. Tamén se incrementou a procura de axuda relacionada coa busca de emprego e as peticións de inmigrantes relacionadas con asuntos legais e de estranxeiría, moitas veces ligadas á perda do emprego. Tamén se constata un aumento na aparición de peticións de apoio psicolóxico por persoas que agora se enfrontan a graves problemas que lles resultan novos.

Relativamente aos grupos de poboación especialmente afectados pola crise destácanse:

- Familias novas, entre 20 e 40 anos, con nenos pequenos, ou familias con cabeza de familia home en desemprego maior de 40 anos e con débedas como hipoteca ou préstamos aos que non poden facer frente.

- Desempregados procedentes do sector da construción, hostalaría ou, máis recentemente, sectores industriais con baixa cualificación e tamén persoas de idade avanzada que foron despedidas.

- Mulleres sós e con cargas familiares, xeralmente de familias monoparentais. Tamén mulleres inmigrantes maiores de 40 anos que buscan emprego por primeira vez.

- Persoas maiores que ven agravadas as súas responsabilidades familiares.

- Inmigrantes en situación regular que non poden cubrir as súas necesidades básicas e en situación irregular cuxas condicións de vida se endureceron.

- Persoas que nunca acudiran a entidades sociais e ao non ter alternativa recorren a centros para persoas sen abrigo.

No tocante ás respostas das Administracións Públicas, este relatorio destaca a sobrecarga á que se ven submetidas, pondo en importancia a inadecuación dos recursos disponíbeis frente á procura actual. Así mesmo, constátase a lentitude en acceder aos Servizos Sociais debido á burocratización, sendo as ONG as que amiúde teñen de proporcionar respostas de primeira necesidade. Afirman que, apesar dalgunhas iniciativas adoptadas por determinadas comunidades autónomas, en xeral mantívose unha descoordenación entre elementos administrativos e unha redución dos fondos provenientes das administracións públicas para as entidades sociais. Tamén se menciona que se está a producir un incremento na esixencia de criterios na tramitación de RMI e un maior tempo de espera na resposta de concesión. Sobre a vivenda incídese na problemática dos pagamentos de hipotecas e nas maiores dificuldades nas condicións de acceso para o aluguer.

Por parte das entidades sociais sublíñase a falta de financiamento pola Administración e a sobrecarga dos seus recursos humanos, debido a que se viron obrigados en ocasións a reducir o persoal por falta de recursos económicos. Isto provocou certa ineficacia en canto a prioridades de actuación, ritmos de resposta, aumento de traballo en rede con outras entidades, coordenación con servizos sociais municipais, etc.

Apesar destas realidades e co obxectivo de evitar a duplicidade e mellorar a eficacia na actuación das entidades sociais, buscouse en todo o momento a coordinación cos servizos sociais municipais. Este foi un dos motivos polos que as entidades sociais de axuda tiveron de adaptar a súa dinámica de traballo para asegurar a viabilidade dos programas de atención que, en certo modo, víanse superados polo aumento da procura. Segundo o estudo, tamén se tiveron que desenvolver accións específicas de contención e apoio aos servizos sociais públicos, para dar resposta aos novos perfís de persoas ou familias que demandan axuda debido ás mudanzas no mercado laboral. Prestouse especial atención á procura de recursos económicos e tamén humanos através do voluntariado e tívose que reforzar o traballo de proximidade para reducir as situacións de urxencia e evitar así riscos de exclusión.

Resultado de todas estas actuacións desenvolvéronse unha serie de propostas co fin de facer frente ás novas demandas e tomar conciencia de que a pobreza e a exclusión é un problema derivado non só da crise económica mais tamén da crecente falta de valores e dun sistema que non contempla como obxectivo prioritario o desenvolvemento da persoa nen a importancia de crear sociedades integradoras.

Neste sentido, através desta Rede propóñense diversas liñas de actuación que comprenden aspectos como:

- Facilitar os medios que animen á cidadanía a exercer os seus dereitos, como o de petición.

- Promover un plano de apoio aos servizos sociais que sirva para antever o deterioramento das situacións sociais e, ao mesmo tempo, outorgue autonomía ás persoas e familias.

- Evitar a perda de vivenda mediante servizos de asesoramento, apoio económico ou información e sensibilización.

- Fomentar accións destinadas a impulsar a formación e o emprego mediante o desenvolvemento de programas de formación ocupacional, reforzo de servizos de orientación e intermediación sociolaboral, consolidación de empresas de inserción e emprego social en novos sectores e fomento de iniciativas emprendedoras, individuais e colectivas, para colectivos en situación de vulnerabilidade.

  O obxectivo de todas estas propostas de acción será xerar emprego ou preparar á persoa para unha mellor inserción laboral.

- Crear apoios que consoliden a garantía de rendas e medidas de urxencia que sirvan para dar respostas rápidas e adecuadas. En concreto, establecer unha renda básica suficiente e accesíbel a colectivos máis desfavorecidos. Negociar coas Administracións unha contía suficiente da Renda Básica e tamén as condicións de acceso, as escalas de valores establecidos para a obtención das axudas e a posta en marcha de iniciativas que axuden ao sostemento dunha familia en casos de ineficiencia de axudas públicas.

- Apoiar ao colectivo inmigrante facilitando a mudanza de sector ou de ámbito xeográfico, así como desenvolver programas que promovan a convivencia nos barrios e cidades e, en xeral, expor medidas máis eficaces que fagan frente ás situacións de vulnerabilidade dos inmigrantes, nomeadamente mulleres, como cursos de formación, bolsas e iniciativas de autoemprego e microcréditos. Por último, afrontar o problema dos inmigrantes en situación irregular mantendo o apoio sociosanitario en asentamentos e núcleos deprimidos.

Desde esta rede insístese especialmente na necesidade de non xustificar, por mor da crise, os cortes en políticas e recursos sociais e de establecer unha liña de traballo coordenada con todos os responsábeis de políticas sociais e mesmo coas persoas en exclusión. Para iso é necesario a implicación e coordenación de todas as Administracións públicas.

Para finalizar, ter en conta que o interese mediático e a excesiva difusión de opinións que causou a crise actual pode ter consecuencias negativas. Hai que coidar o discurso transmitido xa que, en ocasións, isto provocou que se produzan condutas discriminatorias ao estigmatizar determinados colectivos e culpalos da falta de emprego ou de delitos.

## CÁRITAS DIOCESANA

En relación coa maneira en que as entidades sociais están a facer frente ao fenómeno da pobreza durante estes últimos anos, Cáritas realizou un estudo titulado *"Cáritas ante la crisis, V informe"*, no que se analisan distintos aspectos, entre eles, e especialmente, a evolución das demandas de axuda e os perfís dos demandantes durante a crise económica. Este estudo proporciona unha análise que recolle os dados e realidades constatados polos Centros de acción social de Cáritas de toda España durante o ano 2009 e compárao cos dous anos anteriores. Consoante este estudo, o número de solicitudes de axuda nos servizos de Acollemento e Asistencia de Cáritas incrementouse nun 41% de 2007 a 2008 e 43,7% de 2008 a 2009. Isto está provocado principalmente polo desemprego e pola perda de protección social pública, debido á finalización dos prazos para recibir prestacións por desemprego.

En xeral, as respostas de intervención social efectuadas aumentaron durante este período, aínda que hai que sinalar que se consideran respostas ás actividades de calquera tipo (información, orientación, axudas económicas, etc.). Se analisarmos concretamente as respostas de tipo económico, destácase que aumentaron en 76,9% de 2007 a 2008 e en 49,3% de 2008 a 2009, co que o incremento nestes anos supón o 164%. As áreas nas que se produciu un incremento maior é principalmente a vivenda, seguida da alimentación e os gastos sanitarios.

En primeiro lugar, a vivenda constitúe o maior problema para a cidadanía, e as solicitudes de axuda non deixaron de aumentar cada vez máis, nomeadamente a partir de 2008. Segundo os dados fornecidos por Cáritas, durante 2007 o número de axudas económicas destinadas á vivenda foi de 9.000, pasando a 12.000 en 2008 e 34.000 en 2009. En xeral, este é un tema bastante complexo no que se misturan varios factores. Os casos que se atenden están relacionados normalmente

coa falta de pagamento de hipotecas e débedas de arrendamentos, o que ten como consecuencia despexos ou embargos. Tamén se xestionan axudas para recibos de subministracións como a auga, gas, etc. Outro tipo de axudas demandadas están relacionadas co asesoramento de asuntos xurídicos á hora de afrontar despexos, embargos ou á hora de renegociar as condicións da hipoteca, casos cada vez máis frecuentes debido ao endurecemento das condicións para comprar unha vivenda ou para o aluguer.

Todos estes factores levan a unha serie de consecuencias e manifestacións directas de situacións de pobreza como son os casos de amontoamento que se producen ao non poder acceder a unha vivenda, as mudanzas frecuentes de morada, o aumento da ocupación ilegal de casas, os asentamentos en barrios de lata ou o retorno non desexado aos lares paternos, que provocan desenraizamento, e problemas nos procesos de integración social. Tamén se dan casos de reclamación de avais que afectan a familiares ou amigos que actuaron como avalistas. Por último, un grande problema que encaran as familias despexadas e que se produce frecuentemente é o enorme endebedamento que contraen as familias coa entidade bancaria ao desvalorizarse o prezo da vivenda que adquiriron.

En segundo lugar, relativamente ás necesidades básicas máis demandadas áchase tamén a alimentación. As axudas en alimentos constitúen un gasto moi elevado en todos os Centros de Acollemento de Cáritas, xa que a demanda tradicional foi crecendo nestes últimos anos. Chama a atención que repetidamente son familias "normalizadas" as que se ven obrigadas a solicitar estas axudas polo atraso, por parte das administracións públicas, na recepción de prestacións económicas básicas ás que teñen dereito.

En terceiro lugar, a procura de axuda para acceder ao emprego comeza a ser a máis "urxente e crecente", e outro gran problema que se ve tamén agravado polo fin das prestacións económicas por desemprego de moitas persoas. Isto débese a factores como a drástica redución das ofertas de emprego especialmente para empregadas de lar, en hostalaría, comercio e tamén no campo, ou polos impedimentos bancarios existentes á hora de iniciar unha actividade emprendedora. Outros factores que inflúen son o aumento do tempo na procura de emprego, especialmente para os inmigrantes, e o aumento da precariedade laboral, cun maior número de contratos de curta duración ou mal remunerados. Tamén se experimentou un aumento da procura de información, apoio e orientación na

busca de emprego, amiúde por persoas procedentes do sector da construción e con baixa cualificación profesional, ou do sector servizos e das solicitacións de axudas para familias uniparentais e para traballadores sen salario en empresas con suspensión de pagamentos.

En cuarto lugar, a solicitude de axuda para o colectivo inmigrante é outra das grandes necesidades detectadas, especialmente en cuestións legais e de estranxeiría. Tamén neste colectivo incrementáronse as solicitudes relacionadas co asesoramento laboral, enraizamento ou cuestións como falta de pagamentos de vivenda. Seguen as solicitudes en materia de reagrupamento familiar e as relativas a programas de retorno "incentivado" ou "asistido humanitario" aínda que estes últimos non teñen unha gran difusión debido aos condicionamentos burocráticos, o baixo orzamento público disponíbel ou o longo tempo de espera. Estas demandas soen estar relacionadas con problemas como a falta de emprego, o endurecemento das condicións administrativas en procedementos de estranxeiría ou a carencia do tempo mínimo de cotización na Seguridade Social.

Por último, cabe referir que tamén aumentou a procura na xestión de prestacións económicas públicas por desemprego, rendas activas de inserción ou salarios sociais, que provocou que moitas veces Cáritas tivese que adiantar esas contías mentres duraba o proceso de tramitación administrativa.

En canto aos perfís das persoas que solicitan axuda, constátanse dous novos tipos de demandantes que son: por un lado, as persoas que acoden por primeira vez a Cáritas, que xa estaban en situación de risco ou que, afectadas principalmente polo desemprego, caíron en situación de pobreza; por outro, persoas que saíran xa da pobreza e participaran en procesos de inserción social mais que, debido á súa situación de vulnerabilidade social e laboral, volven á situación orixinaria de pobreza.

Para alén dos perfís máis afectados e analisados ao longo do informe, hai que mencionar aos desempregados recentes que xa non teñen ingresos de calquera tipo debido a que xa acabaron o período de prestacións da Seguranza Social. Neste caso, os grupos máis numerosos son os mozos desempregados, amiúde con pouca formación, que buscan o seu primeiro emprego, os parados maiores de 45 anos e os traballadores independentes sen protección social. Tamén se

viron afectadas as familias novas entre 20 e 40 anos con nenos pequenos, moitas veces por incapacidade de facer frente á hipoteca ao perder o emprego o sustentador principal da familia.

A mesma situación prodúcese en familias e cidadáns extracomunitarios que, apesar de teren autorización de residencia e traballo, fican en paro e vense envolvidos nunha situación de precariedade. O maior problema para os inmigrantes que teñen de renovar o contrato temporal de residencia e traballo é que se esgotan os prazos para arranxar traballo, correndo o risco de entrar nunha situación de irregularidade administrativa. Esta é a razón pola cal aumentaron os casos de amontoamento e de precariedade e, logo, as solicitudes de axuda.

Alén disto, incrementouse o número de mulleres sós con fillos e mulleres inmigrantes. Tamén se detectou un forte aumento da prostitución neste colectivo. Por outro lado, aumentaron os casos de homes de máis de 45 anos separados ou divorciados, o de persoas maiores que se ven empurradas pola má situación económica dos seus fillos, e son numerosos os casos de traballadores independentes que ficaron arruinados e con débedas e aumentou a pobreza entre a poboación xitana.

Este informe aponta igualmente á falta de recursos e a lentitude nas xestións dos servizos sociais como os principais motivos que ocasionan a falta de eficacia nas súas atencións, e afírmase que hai colectivos que non receben a axuda necesaria como son os inmigrantes, as persoas sen abrigo, as persoas con problemas crónicos (drogas, saúde mental, etc.) e as persoas non empadroadas ou cun tempo de permanencia inferior ao esixido legalmente para receber axuda.

Debido a estes factores que acaban de ser descritos, desenvolveuse o fenómeno da derivación das solicitudes desde os servizos sociais públicos para organizacións de voluntariado como Cáritas. Segundo esta entidade, 42% das persoas atendidas por eles veñen derivadas dos servizos sociais. Como xa mencionamos, isto débese principalmente á lentitude dos trámites, xa que nos servizos sociais o tempo medio para concertar unha primeira cita é de 26 días e o tempo que transcorre entre que se tramita e se recebe a resposta efectiva é de 82 días. En Cáritas, por exemplo, o tempo para receber unha primeira cita é de 5 días e para

ter unha resposta efectiva é de 9 días, aínda que depende da urxencia e gravidade da solicitude. Resulta moi indicativo o tempo que tardan os servizos sociais entre a solicitude e a tramitación da prestación por Renda Mínima, que supuxo uns 122 días de media en 2009.

Para finalizar, Cáritas destaca, entre outros aspectos, a necesidade de fomentar unha maior sensibilización por parte da sociedade e promover a creación de novas iniciativas que impulsen os sistemas de protección social, o crecemento económico e o mercado laboral. Reclama un papel máis activo por parte da cidadanía e o reforzo dos programas de Acollemento, de Emprego e o desenvolvemento de accións que dean solución ao problema da vivenda sen descoidar o apoio psicolóxico a persoas en apuros.

## 5. A pobreza infantil

A situación da pobreza en España tornouse nun tema preocupante. Recentes dados publicados tanto por Unicef, como pola Unión Europea ou pola OCDE, mostran que o nível de pobreza infantil é dos maiores da Europa, só por detrás da Romenia, Bulgaria. Letonia e Italia. Case 22 anos despois da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), na Europa hai por volta de 20 millóns de nenos en risco de pobreza, o que significa máis de 20% do total da infancia. De facto, esta situación agravouse progresivamente até o ponto que, en setembro de 2010, subscrebeuse unha declaración explícita solicitando á UE que desenvolvese unha estratexia coa que combater á pobreza infantil. Esta estratexia debería contar cuns obxectivos ben definidos e ser incluída como unha das prioridades chave da Plataforma contra a pobreza e a exclusión social UE 2020. Tamén se mencionaba a necesidade de que o benestar infantil fose incluído en todas as áreas de actuación política en nível estatal e europeu e que se prestase especial atención aos nenos que sofren pobreza extrema.

Segundo o último relatorio de 2010 sobre a infancia publicado por UNICEF e elaborado por causa das impresións do Comité de Dereitos do Neno, en España existe un total de 8.192.866 menores de 18 anos que constitúen o 17,5% da poboación total. Respecto da poboación inmigrante hai 971.479 que viven en España e representan o 13,5% da poboación menor de 18 anos. Os dados sinalan que 24,1% da poboación infantil, isto é, un en cada catro nenos,

áchase en situación de risco de pobreza relativa. Se considerarmos os menores de 16 anos, a porcentaxe aumenta a 24,5% de nenos que viven en familias cuxos ingresos non chegan a alcanzar o limiar considerado como risco de pobreza.

Os principais motivos para que resulte esta porcentaxe tan alta residen nos escasos recursos dedicados á poboación infantil nos orzamentos públicos, a falta de axudas acaídas e de políticas activas enfocadas ao contorno familiar ou o impacto da crise, especialmente debido á destrución de emprego que elevou a taxa de pobreza entre os inmigrantes. Cada vez hai máis familias que non reciben calquera axuda e que non poden asumir as súas responsabilidades cos seus fillos.

Apesar de que despois da ratificación por España da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) se produciron grandes mellorías no benestar e na protección dos dereitos dos nenos e de que durante o período de crecemento económico incrementouse o nível de renda dos españois, a realidade é que as taxas de pobreza infantil non se reduciron e mesmo aumentaron, feito que aconteceu en varios países. O contexto de mudanza social no que nos achamos provoca que se altere o perfil das persoas en situación de risco e que, portanto, os nenos constitúan o grupo máis vulnerábel. A exclusión social estaba ligada anteriormente a situacións de pobreza durante a idade avanzada e relacionábanse principalmente con carencias económicas causadas por exclusión do mercado de traballo. Actualmente pasouse a falar de situacións de vulnerabilidade durante o ciclo de vida infantil, amiúde relacionadas coa estrutura familiar, os procesos de crises da familia e por iso, a infancia e a transición á vida adulta convertéronse en novas etapas de risco. Neste sentido, e no contexto de crise económica en que estamos, resulta urxente aplicar políticas activas para as familias numerosas ou monoparentais e as de orixe estranxeira, que é onde se concentran os maiores níveis de pobreza infantil.

A maior dotación de orzamento para políticas dirixidas á poboación anciá permitiu evitar moitas situacións de pobreza intensa neste colectivo. O mesmo poderiamos dicir se o investimento público se destinase tamén á infancia. O informe critica que España sexa, xunto a Grecia, o país con menor orzamento público destinado a reducir a pobreza infantil. Os dados mostran que o gasto público que se dedica en España en concepto de Familia e Infancia representa o 0,7% do PIB, face

a media da Europa a 15 que é de 2,3%, e que o investimento en Educación é o cuarto máis baixo da Europa.

As comunidades de Andalucía, Cataluña e Madrid son as que teñen unha maior porcentaxe de poboación infantil ao alcanzar case entre elas os 4 millóns de nenos. Se analisarmos a situación da pobreza infantil por Comunidades Autónomas, usando como referencia o limiar de pobreza estatal, Estremadura é a que rexistra unha porcentaxe máis alta (39,2%) seguida por Andalucía (34,2%) e Murcia e Castela-A Mancha por volta de 33%.

Existe unha serie de factores que resultan decisivos na aparición de situacións de pobreza infantil como, por exemplo, a transmisión interxeracional da pobreza ou que o nível medio de renda nos fogares é menor se hai nenos que se non os hai. Tamén resulta decisiva a escolarización temperá (menores de 6 anos) e a prevención do abandono escolar prematuro á hora de reducir o risco de pobreza futura nos adultos. De resto, hai estudos que demostran que a redución da pobreza infantil está ligada ao incremento do investimento en políticas de benestar dedicadas á familia, e en España constátase a falta de políticas eficaces de combate á pobreza familiar e un baixo investimento social neste aspecto.

Por todos estes motivos e, a modo de conclusión, o relatorio destaca a necesidade de fomentar a creación de políticas públicas de benestar e de establecer estratexias con obxectivos específicos e medíbeis, así como incrementar o investimento social na infancia e, no mínimo, duplicar o gasto público até 1,4% do PIB en infancia e familia co fin de alcanzar a media europea nun futuro próximo, previr as situacións de pobreza infantil e apoiar ás familias máis vulnerábeis. Estas accións encadraríanse nun Plano Nacional contra a Pobreza Infantil que debería contar co apoio de todos os grupos políticos e sociais e mediante o cal se poderían coordenar as accións en nível local, autonómico e estatal en varias áreas, mormente en economía, saúde, vivenda e educación.

07

PARTE IV

# Situación da pobreza e a exclusión social en Galicia

## Introdución

A crise económica internacional comezou a ser sentida na Galicia ao cabo dun ano do seu inicio no conxunto do Estado. A partir do 3º trimestre do ano 2008 a economía galega estancouse, aumentando o número de persoas desempregadas en 121.000. Este incremento supón unha redución no 10% do número de ocupados, a mesma redución que a producida en España desde setembro de 2007.

Na actualidade o mercado laboral galego alcanza a maior taxa de destrucción de postos de traballo ao día desde o inicio da crise (280), frente á producida durante o ano 2009 (153) ou de xaneiro-outubro de 2010 (125). Desta maneira, en xaneiro de 2011, segundo dados do Ministerio español de Traballo, o número de desempregados galegos alcanza a cifra máis alta desde que se contabiliza o mercado laboral (245.800 desempregados).

Xa que logo, esta conxuntura de crise económica constitúe un desafío para reducir as taxas de pobreza e exclusión social.

# 1. Taxa de risco de pobreza

Galicia, segundo os últimos dados oficiais publicados en outubro de 2010 na "Encuesta de Condiciones de Vida. Año 2010", realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), ten unha taxa de pobreza do 19,1%. Case un en cada cinco galegos encóntrase abaixo da liña que marca o 60% do ingreso medio.

Galicia sitúase no décimo lugar, e por abaixo da media estatal (19,5%).

**Comunidades Autónomas cunha taxa de risco de pobreza superior á galega:**

| CCAA | % |
|---|---|
| Ceuta e Melilla | 36,6 |
| Estremadura | 36,2 |
| Andalucía | 29,3 |
| Rexión de Murcia | 28,6 |
| Canarias | 27,5 |
| Castela-A Mancha | 27,4 |
| La Rioja | 22,7 |
| Castela e León | 19,2 |

**Comunidades Autónomas cunha taxa de pobreza inferior á galega:**

| CCAA | % |
|---|---|
| Navarra | 7,4 |
| País Basco | 9,4 |
| Aragón | 12,7 |
| Asturias | 12,8 |
| Cataluña | 12,9 |
| Comunidade de Madrid | 13,6 |
| Cantabria | 13,9 |
| Illas Baleares | 17,3 |
| Comunidade Valenciana | 17,3 |

En función destas cifras, segundo a Fundación Luis Vives, por volta de 400.000 persoas viven en situación de pobreza na Galicia e, delas, 104.000, isto é, unha cuarta parte, fano en pobreza extrema.

É de esperar que a virulencia da crise e o incremento dos níveis de desemprego teñan repercusións negativas sobre este indicador. Na Galicia estase a producir, ao igual que no resto do Estado, un contexto no que os aumentos do PIB e do emprego non reduciron as desigualdades sociais e os riscos de exclusión, polo que a ausencia destes factores de crecemento pode ter repercusións graves sobre as dimensións da sustentabilidade social.

## 2. Desigualdade na distribución de ingresos

Segundo os últimos dados publicados en 2010 polo IGE, a desigualdade de ingresos en Galicia foi en 2009 menor á española. A proporción entre o 20% con máis ingresos e o 20% con menos é de 4,13 puntos, mentres que a media española foi de 6,0 (a media europea foi de 4,9). Os dados galegos sitúanse nos níveis dos Países Baixos (4,1), Irlanda e Chipre (4,2) ou Franza e Luxemburgo (4,3).

Como sucede con outros indicadores de cohesión social, os anos de forte crecemento económico non supuxeron unha melloría na distribución dos recursos. Polo contrario, ao igual que no Estado español en 2001, Galicia alcanzou o nível mínimo de desigualdade de ingresos con un 3,91 e desde entón subiu até se estabilizar entre 4,3 e 4,1. Na Galicia, ao igual que en España, o período de máis crecemento e máis emprego (2002-07) non redundaron automaticamente nunha maior cohesión social. Isto fai desexábel a formulación de obxectivos explícitos para este e os demais indicadores de cohesión social en lugar de os subordinar ás políticas de crecemento e de emprego.

A aparición de fortes níveis de desemprego a partir da segunda metade de 2008 aumentou as iniquidades, facendo con que a desigualdade da distribución de ingresos pasase de 4,02 a 4,13.

## 3. Taxa de desemprego

Segundo a Enquisa de Poboación Activa, a taxa de desemprego en Galicia situouse no 12,9% en 2009. Desde o inicio da crise económica, o desemprego pasou de

7,6% en 2007 ao 8,7% en 2008. Porén, durante este período o desemprego estivo por debaixo da media española (8,3% en 2007, 11,3% en 2008 e 18,2% en 2009). A maior taxa produciuse nas provincias de Pontevedra (15,4%) e A Coruña (12,9%), contra á rexistrada en Lugo (11,6%) e Ourense (10,3%).

A taxa de desemprego de longa duración, isto é, a porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos doce meses durante o ano 2009, foi de 3,7%, un valor superior á rexistrada nos anos anteriores (2,3% en 2008 e 2,2% en 2007, ano en que se produciu o mínimo da década). No entanto, non está situada no seu máximo, xa que no ano 2000 alcanzou o 7,8%.

A porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 24 meses (taxa de desemprego de moi longa duración) alcanzou en 2009 o 7,6%, segundo valor histórico máis alto desde 2000, só superado en 2001 (8,1%).

Sobre o total de desempregados galegos, aqueles que procuran emprego de un ou máis anos representan o 29,6%. A taxa de desemprego de moi longa duración é do 1,8% (porcentaxe de desempregados en busca de emprego de dous ou máis anos con respecto á poboación activa).

A fenda de emprego dos inmigrantes residentes na Galicia atinxiu o 45,7% en 2009. Este parámetro, referido aos problemas de emprego da poboación inmigrante, calcúlase a partir do cociente entre o número de estranxeiros en alta laboral afiliados á Seguranza Social en Galicia e o número dos que están en idade de traballar existentes no padrón municipal de habitantes galego.

O número de mozos desempregados non deixou de crecer a un ritmo vertixinoso desde 2007 (17,5%), 2008 (23,8%) até alcanzar no final de 2009 a cifra de 31,4%. Estas cifras revelan que a taxa de desemprego xuvenil en Galicia é case o dobro que a da UE (18,4%).

A taxa de desemprego galega creceu no período 2009-10 aínda que de forma inferior á media estatal. No 4º trimestre de 2010 o desemprego representaba o 15,7% dunha poboación activa de 1.296.600 persoas. Ese mesmo trimestre a taxa de desemprego estatal situábase no 20,3%, con 4.696.600 desempregados e unha poboación activa de 23.104.800 persoas.

Segundo dados do INE publicados en 28/01/2011, entre o 4º trimestre de 2009 e o de 2010 o número de persoas empregadas en Galicia era de 1.093.100, o que implica unha diminución de 45.200. No conxunto de España o número total de persoas empregadas (18.408.200) representa unha diminución de 237.800. O número de desempregados en Galicia alcanzou 203.500 persoas, aumentando o seu número en 35.100 (+20,9%) e en España as 4.696.600 persoas, aumentando en 370.100 (+8,6%).

# 4. Poboación que vive en lares sen emprego

Segundo os últimos dados publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2010, a poboación galega entre 18 e 59 anos que vivía en lares onde calquera persoa tiña emprego en 2009 foi do 9,1%. A taxa galega é inferior á da UE a 27 (10,1%) e á española (10,8%). Os países europeos que tiñan unha menor porcentaxe foron Chipre (5,6%), Países Baixos (6,0%), Portugal e República Checa (6,7% ambos os países). No extremo contrario sitúanse Hungría (13,1%), Irlanda (12,9%) e Bélxica (12,8%), todos eles por en cima do 12% desa poboación.

Este indicador atinxiu un mínimo histórico en 2007 (6,8%), antes do remate do período de forte creación de emprego que terminou na segunda metade de 2008. Naquela altura a taxa española situábase no 6,2% contra a media europea (6,3%).

Nese mesmo ano Galicia tivo tamén unha das porcentaxes máis baixas da UE de persoas menores de 17 anos, vivindo en lares sen emprego, cun 7,6%, un nível semellante ao de países como Italia. A media europea era de 10,2% e 9,9% a española. Os países europeos que tiñan unha menor poboación neste tramo de idade vivindo en lares sen emprego en 2009 foron Eslovenia (3,9%), Chipre (4,2%), Luxemburgo (4,4%), Grecia (4,8%) e Países Baixos (4,9%). No extremo contrario sitúanse o Reino Unido (17,5%), Irlanda (17,2%) e Hungría (15,6%), todos eles con taxas por en cima do 15%.

A irrupción do desemprego desde a segunda metade de 2008 supuxo un aumento dos lares nos que nengún membro recebe un salario.

# 5. Enquisa de condicións de vida das familias (ano 2009)

Os dados publicados pola Xunta de Galicia através da “Enquisa de Condicións de vida das familias” galegas, elaborada polo IGE, dados a coñecer en decembro de 2010 e correspondente ao ano 2009, sinalan que até 14,3% dos galegos teñen risco de caír nunha situación de pobreza, cifra superior á do ano 2008, en que a porcentaxe era do 13,9%. Estes dados indican que na actualidade un total de 130.000 lares galegos viven por debaixo dos limiares da pobreza e 34.000 o fan en situación de pobreza extrema.

Esta taxa é calculada como a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Ao tomar ingresos equivalentes corríxese a consecuencia que produce o número de persoas do lar no volume de ingresos. Para calcular as unidades de consumo asígnase un 1 ao primeiro adulto do lar, 0,5 ao resto de adultos (persoas de 14 ou máis anos dese lar) e 0,3 a cada menor de 14 anos dese lar. O limiar depende, logo, do número de persoas que compoñen o lar. Para un lar unipersoal o limiar en 2009 era de 605,02€/mes, encanto para un lar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar é de 907,5 €/mes e en 1.270,54 €/mes para un lar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos. O 22,3% dos lares galegos teñen ingresos de 1000€ ou menos (15,9% superiores aos 600 euros). Un 2,0% ten ingresos inferiores aos 400 euros e 4,4% entre 400-600 euros.

As provincias de Ourense e Pontevedra, cun 18,3% e 15,0%, respectivamente, están por en cima da media galega de taxa de risco de pobreza contra Coruña (12,9%) e Lugo (13,3%). Con respecto ao ano 2008, diminúe esta taxa nas provincias de Lugo e Ourense (0,8 e 3,4 pontos porcentuais, respectivamente) e aumenta na Coruña (0,9) e Pontevedra (1,7 pontos).

Por xénero, a taxa de pobreza das mulleres (14,7%) é superior á dos homes (13,9%). A taxa de pobreza infantil, poboación comprendida entre 0 e 15 anos, é do 18,6% e a das persoas de 65 ou máis anos é levemente superior á galega (14,5%). Neste caso as mulleres (15,2%) tamén supera á dos homes (13,5%).

Por nacionalidade, a taxa de risco de pobreza da poboación de orixe estranxeira triplica á da poboación nacional (42,4% contra 13,7%). Neste sentido, indicar que o risco de pobreza nos inmigrantes experimentou un incremento de 28,7% no período 2007-08 e de 27,5% no período 2008-09. No caso dos autóctonos, despois de experimentar un descenso no primeiro período do 6,8%, no último tivo un aumento do 2,1%.

Segundo a tipoloxía do lar, a taxa de risco de pobreza é do 23,2% nos unipersoais (23,2%), 19,3% nos uniparentais e 12,8% nas parellas sen fillos. Nunha situación intermedia, áchase a taxa de risco de pobreza das parellas con fillos (14,1%).

En 2009, o 41,9% dos lares galegos chega con facilidade ou moita facilidade con diñeiro ao fin do mes, 42,2% con dificuldade e o 15,9% restante con moita dificuldade, o que representa un aumento do 11,0% con respecto ao ano 2008.

En función do réxime de tenza da vivenda, a taxa de risco de pobreza vai dun mínimo do 9,0% para o caso de propiedade con hipoteca, 13,8% en propiedade sen hipoteca ao 19,7% no caso de “cedida e outro” ou ao 27,1% en aluguer. Neste sentido, até 22,0% dos lares galegos teñen gastos de hipoteca da habitación principal, cunha media de 467,7€ ao mes. Relativamente ao alugueiro, o 10,5% dos lares teñen gasto en aluguer da habitación principal, ascendendo o gasto medio mensal, descontadas as axudas, en 301€ ao mes. Por provincias, as da Coruña e Pontevedra son as que presentan unha maior porcentaxe de lares con gasto en aluguer (11,6% e 11,0%, respectivamente), sendo Pontevedra a de maior gasto (344,1€/mes).

A día 31 de decembro de 2009 existían en Galicia 1.036.931 lares, dos cais 19,8% estaba formado por unha única persoa, 31,3% por dúas, 24,7% por tres e o 24,2% restante por catro ou máis membros. A tipoloxía máis habitual é a constituída por unha parella con fillos (34,2% do total). O lar monoparental constitúe o 9,4%. Os lares compostos por persoas de 65 ou máis anos representa o 20,8% de todos os lares, sendo Pontevedra a provincia cunha menor porcentaxe de lares deste tipo (17,7%) contra Ourense (29,1%).

O 54,8% dos ingresos dos lares galegos procede do traballo por conta allea, 11,6% do traballo por conta propia, 38,0% de prestacións e o 2,8% restante de rendas e outros ingresos. Pontevedra e A Coruña son as demarcacións con maiores porcen-

taxes de ingresos procedentes do traballo (69,1% e 67,4%, respectivamente) mentres que Lugo (34,7%) e Ourense (37,5%) son as que contan con maiores porcentaxes de ingresos procedentes de prestacións.

En 2009 produciuse unha diminución da porcentaxe de ingresos procedentes do traballo, tanto por conta allea como por conta propia, situándose no 66,4%, dado que nos anos 2007 e 2008 representaba o 70,2% e 68,1%, respectivamente. Alén disto, desde 2007 (27,4%) houbo un aumento na porcentaxe de ingresos procedentes de prestacións até situarse no 30,8%. Neste sentido, a proporción de lares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 50% pasou do 37,0% en 2007 ao 39,8%, do 29,9% ao 32,3% no caso de estas representaren máis do 75% e do 27,0% ao 28,2% no caso do 100% do total dos seus ingresos.

En cada cen mozos galegos comprendidos entre 16 e 24 anos, 31% están no desemprego, 6% traballan por conta propia, 62% son asalariados, dos cais 41% teñen contrato eventual e o 21% contrato indefinido. Dentre os mozos da clase traballadora, un 12% teñen un salario inferior a 600€/mes e 37% menor de 1000€/mes. A porcentaxe de mozos que viven cos pais sen ingresos representa o 50,4% no caso das idades comprendidas entre 18-24 anos e de 21,1% no dos comprendidos entre 25-34 anos. Reciben ingresos do traballo o 32,3% dos mozos entre 19-24 anos e o 60,8% dos comprendidos entre 25-34 anos.

## 6. Persoas sen abrigo

Segundo o estudo polo Valedor do Pobo[1] con referencia no ano 2009 e publicado en novembro de 2010, non é posíbel dar unha cifra exacta do número de persoas sen abrigo existente na Galicia.

O referido informe indica que "o número de persoas que viven na rúa ou en habitáculos infrahumanos vai en aumento e, o que é máis grave, de forma incontrolábel". As causas deste incremento, asinala, "poderíamos encontralas nas mudanzas sociais operadas nos últimos anos e, sen dúbida, neste momento, no aumento

1) "As persoas sen fogar en Galicia", Valedor do Pobo, setembro de 2010.

exponencial de desempregados en consecuencia da crise económica que padecemos, na transformación das formas de pobreza,na desinstitucionalización dos hospitais psiquiátricos, no consumo de drogas e álcool e nas dificuldades de acceso á vivenda".

Con base nos estudos realizados tanto pola Cruz Vermella como polo Instituto Nacional de Estatística (INE) o perfil medio das persoas sen abrigo en Galicia non difire do estatal: xénero masculino (80%), cunha idade media de 45 anos, con fillos (30%) e de orixe estranxeira (35%).

# 7. Medidas de acción para o combate á pobreza e á exclusión social

Para o combate á pobreza e á exclusión social o Goberno galego conta con planos de inclusión social e prestacións así como con mecanismos legais como a Lei de Servizos Sociais ou a Lei de Dependencia.

## PLANOS DE INCLUSIÓN SOCIAL

Entre os planos de inclusión social figuran:

**O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-13)**

É o principal instrumento de combate á pobreza e á exclusión social que ten por obxecto promover a integración social e facilitar o acceso e reincorporación ao mercado de traballo das persoas que se encontran nunha situación aguda de exclusión social e/ou desemprego estrutural. Trátase dunha iniciativa da Consellaría de Traballo e Benestar Social cofinanciada polo Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia.

Na estratexia do II Plan Galego de Inclusión Social vertébranse medidas e recursos específicos do plan con outros externos, tanto públicos como privados, que operan coa súa poboación destinataria. O traballo en rede como principio de actuación promove a transversalidade e coordinación das súas actuacións e, en consecuencia, favorece o uso óptimo dos medios dispoñíbeis no territorio. Des-

te xeito, e xunto coa posta en marcha de 28 equipos de inclusión sociolaboral, o plan convértese nun instrumento eficaz para compensar os problemas de acceso aos recursos sociais que existen en Galicia, dada a elevada dispersión da súa poboación.

Foi deseñado coa finalidade de consolidar unha estratexia interdisciplinar e transversal que actúe de maneira compensatoria, como unha acción positiva, estruturada e eficaz, para avanzar na igualdade real de oportunidades, potenciando o modelo social galego, baseado nos principios de xustiza social e participación activa de toda a cidadanía.

Como obxectivos fundamentais, sinálanse:

- Dar un novo impulso á integración e coherencia das políticas activas de inclusión.
- Mellorar a cobertura territorial, as dotacións de materiais e a coordinación.
- Integrar e complementar unha estratexia da intervención social, especialmente nas áreas territorialmente deprimidas.
- Incidir na promoción do emprego, especialmente nos colectivos máis vulnerábeis.
- Fomentar a participación das ONG e entidades de carácter social, servizos públicos e rede empresarial no desenvolvemento das actuacións.

Alén disto, incorpora as seguintes liñas estratéxicas de actuación para abordar os factores que inciden nas situacións de pobreza e exclusión social:

- Plan Especial para a Convivencia e Integración do Pobo Xitano en Galicia.
- Programa de Atención a Persoas Sen Abrigo e Situacións de Pobreza Cronificada.
- Colaboración activa de máis de 60 entidades e ONG, que realizan, en coordinación coa Rede de equipos e con apoio económico da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, accións favorecedoras para integración social e laboral das persoas pertencentes a colectivos en exclusión social.
- Módulo de preparación para a liberdade no Centro Penitenciario de Teixeiro (Curtis).
- Intervencións con enfoque territorial.
- Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas para a inclusión social.

## O Plano concertado de Prestacións Básicas e Servizos Sociais

Trátase do principal instrumento co que contan os servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para financiar unha rede de atención de servizos sociais municipais que permita garantir as prestacións básicas aos cidadáns.

A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración co Ministerio de Sanidade e Política Social e as corporacións locais, a través do Plan Concertado, financia:

- Persoal dos servizos sociais dos concellos.
- Despesas de manutención dos servizos sociais comunitarios municipais (deslocamento do persoal técnico, formación continua, centros directa e inmediatamente vinculados á prestación de servizos sociais como albergues de transeúntes, centros de acollida,...).
- A prestación do Servizo de Axuda no Lar, incluíndo a prestación do servizo de axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes ao abeiro do previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.
- Finalmente, cos fondos destinados ao financiamento de investimentos de capital, colabora cos concellos para que podan acceder á adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais e outras actuacións.

## Plan de desenvolvemento xitano

Este plan, financiado polo Ministerio de Sanidade e Política Social e da Consellaría de Traballo e Benestar financia actuacións específicas de intervención social para a atención, prevención da exclusión e promoción das comunidades xitanas. A súa execución corresponde aos municipios, abranxendo as seguintes áreas de actuación:

- Servizos Sociais ou Acción Social
- Educación
- Saúde
- Infraestrutura de Produción e Comercio
- Infraestrutura Urbanística
- Vivenda e Aloxamento
- Asociacionismo e Cooperación Social
- Formación Profesional e Fomento do Emprego
- Cultura

No pasado exercicio executáronse en total 28 proxectos noutros tantos concellos galegos.

## PRESTACIÓNS SOCIAIS

As prestacións coas que conta Galicia son:

### Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)

É unha prestación social económica asistencial de carácter periódico que trata de lles garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns entre 25 e 65 anos, que aínda que teñan idade laboral e non teñan causa legal de deficiencia física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes.

Pretende a reinserción social e laboral desas persoas através dun proxecto personalizado de inserción que, partindo das necesidades e características de cada caso, procure a autonomía persoal, familiar e económica do beneficiario. Cada proxecto é deseñado con rigorosos criterios de programación, determinando obxectivos, prazos medios e actividades que permitan a avaliación dos efectos reais da súa aplicación.

Segundo dados fornecidos directamente pola Consellería de Traballo e Benestar, en decembro de 2009 o número de beneficiarios desta prestación foi de 4.768 persoas (por provincias: 1920 en Pontevedra, 1655 na Coruña, 731 en Ourense e 492 en Lugo). O importe do subsidio básico para o ano 2011 é de 399,38 euros, cifra que pode incrementarse con complementos por fillo a cargo.

## Axudas para situacións de emerxencia social (AES)

Son prestacións económicas, non contributivas, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de urxencia de persoas con lares independentes afectados por un estado de necesidade básico e urxente.

Considéranse situacións de urxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tais como: gastos imprescindíbeis para o uso da vivenda habitual ou para a manutención da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual, equipamento mobiliario básico e necesidades primarias (alimentación, vestido, atención sanitaria etc.)

O número de beneficiarios destas axudas foi de 2410 no ano 2009 (1165 en Pontevedra, 566 na Coruña, 391 en Lugo e 288 en Ourense). Estas axudas teñen un carácter finalista e son incompatíbeis con calquera outra prestación pública para o mesmo fin. Son pagamentos únicos que van desde os 1.065 euros até os 5.325, dependendo do tipo de axuda que soliciten e dos ingresos que dispoñan.

## Pensións non contributivas da Seguridade Social

Son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada a favor de persoas que non cotizaran nunca, ou ben non o fixeran o tempo suficiente para acadar prestacións de nível contributivo pola realización de actividades profesionais. As clases de prestacións son invalidez e xubilación. Aínda que establecidas pola Seguranza Social do Estado, na Galicia a xestión destas pensións corresponde á Consellaría de Traballo e Benestar.

Estas pensións son incompatíbeis entre si coas pensións asistenciais[2] (FAS) e cos subsidios de garantía de ingresos mínimos e por axuda de terceira persoa da Lei de Integración Social das Persoas con Deficiencias[3] (LISMI), así como coa condición de causante da prestación familiar por fillo ao cargo con deficiencia.

A contía das pensións non contributivas establecida para o ano 2008 foi de 4.598,16 euros íntegros anuais sendo a cantidade mensal que se percibirá de 328,44 euros. Establécese a contía individual para cada pensionista a partir do

referido importe en función das súas rendas persoais e/ou das da súa unidade económica de convivencia, non podendo ser a contía inferior á mínima do 25% do establecido, é dicir, 82,11 euros.

Os pensionistas de invalidez non contributiva, cuxo grao de deficiencia sexa igual ou superior ao 75% e acrediten a necesidade do concurso doutra persoa para realizar os actos esenciais da vida, percibirán, aliás, un complemento do 50% dos 4.598,16 € anuais, fixado en 164,22 € mensais.

O número total de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguranza Social en Galicia durante o ano 2009 foi de 47.940 (60,8% de xubilación e 39,2% de invalidez).

## AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

Alén diso, existen axudas para os programas realizados polas entidades de iniciativa social que prestan servizos sociais.

Segundo as áreas de actuación os programas de servizos sociais poden ser de atención primaria, de atención ás persoas con deficiencias, de atención ás persoas maiores e de atención aos menores.

---

2) Son prestacións asistenciais económicas individualizadas de caracter periódico a anciáns, enfermos ou persoas con deficiencias para o traballo. En 2009 houbo 39 beneficiarios destas prestacións.

3) As prestacións da Lei de integración social das persoas con deficiencias son prestacións sociais e económicas non contributivas dirixidas a persoas afectadas por unha deficiencia previsibelmente permanente da que se derive unha deficiencia (ou estar afectadas por un proceso dexenerativo que puidera derivar en deficiencia, nas prestacións que así se estableza expresamente), que non están comprendidas no campo de aplicación do sistema de Seguridade Social, que non son beneficiarias (nin teñen dereito, por idade ou por calquera outras circunstancias) de prestacións ou axudas de análoga natureza e finalidade e con recursos persoais inferiores en contía ao 70 por cento, en cómputo anual, do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM). A acción protectora destas prestacións comprende: asistencia sanitaria e prestación farmacéutica, rehabilitación médico-funcional, recuperación profesional, medidas de integración social, subsidio de garantía de ingresos mínimos, subsidio por axuda de terceira persoa e subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte. O número de beneficiarios foi 1769 (ano 2009).

## Lei galega dos Servizos Sociais

Outra das ferramentas con que conta Galicia é a Lei 13/2008 dos Servizos Sociais, aprobada en decembro de 2008 e que substitúe á do ano 1993. Trátase dunha lei universal concebida como carta de recoñecemento de novos dereitos sociais para todas as persoas que o día de mañá chegarán a ser maiores ou que poden sofrer situacións de exclusión social ou padecer algún grao de deficiencia ou dependencia.

Adaptada á realidade galega, a Lei establece o carácter público, nacional e universal dos servizos sociais facendo que sexan as administracións e as entidades públicas as responsábeis polo seu planeamento, deseño e aplicación. Eta lei amplía o catálogo de servizos e prestacións contidos na lexislación estatal e establece os servizos sociais como dereitos de cidadanía que calquera persoa pode exercer por simples razón de necesidade. Entre as medidas contempladas na Lei galega dos Servizos Sociais figura a esixencia, no prazo de seis anos, de que a Xunta asigne até 7% do gasto público anual ao Sistema Galego de Benestar, frente ao 4,8% dos últimos anos. Tamén introduce mudanzas nos orzamentos das entidades locais, debendo destinar os concellos de máis de 20.000 habitantes tamén ese 7% (un punto a mais do establecido na anterior normativa). Relativamente aos concellos máis pequenos, manterán o 4% vixente.

Para alén de aspectos económicos, establécese un cartón social individual, así como a figura do profesional de referencia, similar á figura do médico de familia. Cada persoa terá un expediente social único no que se recollerán todas as intervencións e prestacións que recebe, garantindo así unha maior coordenación e racionalización na aplicación do servizos.

Entre os seus obxectivos figura crear unha unidade primaria de intervención social por cada 10.000 habitantes en áreas urbanas e outra por cada 3.000 nas zonas rurais. No referente á inclusión social, prevé crear unha equipa de inclusión en cada unha das 60 áreas sociais de Galicia, a posta en marcha de sete centros de inclusión social nas grandes cidades e 16 nas cabeceiras comarcais.

Para maiores dependentes, aspírase a alcanzar 3,5 prazas residenciais por cada 100 maiores de 65 anos (21.000 vagas), atender ao 30% dos 91.000 dependentes co

Servizo de Axuda no Lar, alcanzar unha relación de 1,4 prazas en centros de día por cada 100 maiores de 65 anos (8.400 vagas) e atender 8 millóns de desprazamentos ao ano através do Servizo de Transporte Adaptado.

Relativamente á deficiencia física prevé crear centros de “Recursos e Integración Social en cada área social” e no referente á deficiencia intelectual aspira a crear 15 vagas ocupacionais por cada 10.000 habitantes (pasando das 2.400 anuais ás 4.200), 15 vagas asistenciais por 10.000 habitantes (hai 1.800 e preténdese chegar a 2.400) e crear centros específicos.

A lei tamén autoriza á Xunta a crear a Axencia Galega de Servizos Sociais e a Axencia Galega de Atención a Menores. A primeira terá como función coordenar as actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais; en canto a segunda, ten como fin fomentar os dereitos dos menores, impulsar planos e programas de prevención de desamparo, coordenar e xestionar os recursos dependentes do goberno para executar medidas ditadas por xulgados de menores.

Nuns momentos de grandes dificuldades económicas como o actual en que se aguдiza a situación das persoas máis desfavorecidas e se constata o incremento no número de persoas en risco de pobreza, os colectivos e axentes sociais en defensa dos servizos sociais públicos consideran imprescindíbel o desenvolvemento da Lei 13/2008 como instrumento de combate á pobreza e á exclusión social.

## 8. A Rede Galega contra a Pobreza

As organizacións non lucrativas, asociacións, fundacións e ordes relixiosas, através de múltiplos centros e servizos, desenvolven en Galicia diferentes liñas de intervención destinadas a dar resposta ás necesidades de persoas en situación de pobreza ou exclusión social, através de albergues, pisos de acollemento, comedores sociais, unidades móbeis de atención ou centros de calor-café, entre outros. Levando en conta a complexidade dos factores incidentes na situación de exclusión, estas organizacións actúan de forma coordenada coas administracións públicas e outras ONG para abordar a problemática dunha forma integral.

Este é o caso da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia), unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades galegas do Terceiro Sector

implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión social através da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena.

Constituída en setembro de 2008, EAPN-Galicia está formada por 14 entidades representativas[4] de colectivos vulnerábeis, unindo en rede os seus esforzos para conseguir sinerxías e crear unha plataforma de denuncia das desigualdades sociais, transmisión das demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

EAPN-Galicia fai parte da *European Anti Poverty Network* (EAPN) rede no nível europeo que leva traballando de modo independente desde 1989. Nesa altura, no contexto das novas políticas sociais europeas que perseguen un dereito integral e construído sobre o diálogo social, a Comisión Europea tomou a decisión de establecer unha Rede Europea contra a Pobreza para introducir a problemática da exclusión social na axenda política da UE e promover así a implementación de medidas efectivas que axuden a paliala. No Estado español EAPN nace en 1991, refundándose en 2004 como rede de ONG comprometidas coa inclusión dos colectivos en risco. A súa principal misión é incidir no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos dereitos e intereses das persoas en situación ou en risco de pobreza e exclusión social, promovendo cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia. EAPN-Galicia tamén quer ser recoñecida como unha organización orientada á dignidade das persoas, representativa, reivindicativa, innovadora e capaz de establecer alianzas con outras organizacións para o cumprimento da súa misión.

En 2009 a Xunta de Galicia, EAPN-Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sumáronse ao proxecto europeo "A favor da inclusión social 2009, integrACTÚA!", unha iniciativa que tiña por obxectivo fortalecer as políticas de inclusión social.

No marco do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o 17 de outubro de 2010 EAPN-Galicia e o Parlamento galego celebraron un acto institucional no cal a cámara galega, nunha declaración institucional, asumiu o "Manifesto por

4) Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Fundación Secretariado Xitano, Federación Síndrome de Down (Down Galicia), Cáritas Diocesana, Fundación Meniños, Emaús Fundación Social, Asociación Plataforma polo Emprego, Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igaxes 3), Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES Galicia), Cruz Vermella, ACCEM Galicia, Galicia Acolle, Autismo Galicia e Fundación Érguete-Integración.

unha Cidadanía Inclusiva". Este documento, confeccionado en común por persoas en situación de vulnerabilidade coas que traballan as organizacións sociais integradas en EAPN, pretende pór de manifesto a ameaza de discriminación que pende sobre estas persoas, apostando pola súa participación plena e activa en todos os ámbitos da sociedade. Na declaración o Parlamento galego tamén fai un chamado ao combate á pobreza en todo o mundo e máis ao cumprimento dos Obxectivos do Milenio. Máis recentemente, EAPN-Galicia participou pola primeira vez no Consello Galego de Voluntariado no que se aprobou o anteproxecto de Lei Galega de Acción Voluntaria recollendo algunhas das propostas das entidades sociais de voluntariado.

## 9. Obra social das caixas de aforro

Por medio da súa obra social as caixas de aforro galegas, agora agrupadas en Novacaixagalicia, presta apoio através de diferentes programas e convocatorias de axudas que cobren desde o financiamento de medidas de atención ás persoas maiores, a inclusión social de grupos en situación de discriminación, promoción do voluntariado, asesoramento ás ONG do Terceiro Sector até programas de apoio para inmigrantes.

Neste sentido destacar o programa Socialia que abarca tanto a convocatoria de axudas sociais como liñas de traballo que van do portal socialia.org, a difusión do traballo das ONG, a formación para a realización de sistemas de xestión de calidade ou a captación de voluntarios. Este web conta cunhas dúas mil ONG inscritas, 1170 galegas, que abranxen temáticas do terceiro sector, servizos sociais, saúde, mulleres, persoas de idade, inmigración e minorías étnicas, alcoolismo e drogodependencias, deficiencias, exclusión social,...

Máis recentemente, no programa da Obra Social, Novacaixagalicia en colaboración con Cáritas criou un "Fondo Galicia solidaria perante a crise" para axudar a dar cobertura a necesidades básicas urxentes de persoas e familias non poden afrontar como consecuencia da situación de crise. Estas axudas de emerxencia destínanse a necesidades tan diversas como alimentos, vivenda, educación-formación, emprego, roupa, calzado ou gastos sanitarios non só ás persoas que xa estaban en situación de vulnerabilidade social, mais tamén a persoas que por causa de quedar sen emprego teñen dificuldades para facer frente aos gastos máis básicos.

08

PARTE V

# Situación da pobreza e a exclusión social no municipio de Vigo

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN

### TAXA DE RISCO DE POBREZA

Desde o inicio da crise económica, o número de desempregados en Vigo pasou de 19.969 en setembro de 2008 (momento da irrupción da crise) até os 29.156 en decembro de 2010.

Por sectores económicos, a industria abarca o 17,9% dos desempregados. Esta área da actividade sofre o impacto da supresión da eventualidade e os axustes temporarios de emprego na industria de componentes do automóbil e a queda da contratación naval. Con efecto, a baixada da actividade que sofren os grandes estaleiros, un dos ramos máis importantes da estrutura industrial galega, obrigou a unha trintena de empresas auxiliares a presentar expedientes de regulación de emprego (ERES) durante os primeiros nove meses de 2010, que afectaron a 400 traballadores. Desde

setembro de 2010 a queda da carta de traballo no sector naval ten provocado medio centenar de regulacións de emprego, que afecta a 1.500 traballadores, véndose afectado o persoal dos principais estaleiros.

No entanto, o sector máis afectado pola crise é o dos servizos. No total representa máis da metade (58,9%) das persoas desempregadas. A crise está a afectar a todos os comercios pola importante contracción do consumo, situación que orixinou o fecho de moitos establecementos. Non obstante, as consecuencias non son as mesmas en todos os subsectores do comercio ao retallo. Os negocios de alimentación son os que máis están a sofrer, xa que un 87,8% reduciron as súas vendas e 25,6% deste negocios máis dun 30,0% a respecto de 2009.

A situación de deterioración do mercado laboral de Vigo non difire do que acontece nos municipios que integran a área metropolitana, unha zona que suma 41.884 traballadores desempregados. Durante o ano 2010 até un total de 332 empresas da área de Vigo solicitaron un ERE, enviando temporariamente ao desemprego a 4.000 persoas.

Segundo a Enquisa de Condicións de Vida das familias do IGE, un en cada dez habitantes da cidade de Vigo (11,1%) encóntrase en risco de pobreza. Entre as sete principais cidades galegas só está superada pola producida en Ourense (13,6%) e seguida pola da Coruña (10,3), Pontevedra (9,8%), Santiago de Compostela (9,5%), Lugo (8,6%) e Ferrol (8,5%). A porcentaxe de lares vigueses con dificuldade ou moita dificuldade para chegar con diñeiro ao fin do mes no ano 2009 foi do 59,2%, algo superior á media galega (58,1%). Trátase da taxa máis elevada dos sete grandes concellos galegos frente á de Ferrol (37,8%), Ourense (47,9%), Compostela (49,0%), Coruña (49,3%), Lugo (50,0%) e Pontevedra (53,1%).

## RENDEMENTOS ANUAIS MEDIOS DISPONÍBEIS

A situación económica dos/as vigueses/as chega ao extremo que unha en cada tres familias (35,8%) subsiste ao mes con menos de 1.500€ (16,6% ingresan até 1.000€ e o 19,2% entre 1000,01 e 1500,00 €). No extremo oposto, con ingresos superiores aos 3.000€ mensais, áchase o 21,8% dos lares vigueses (11,4% entre 3000-4000€ e 10,4% máis de 4000€).

Segundo dados da Axencia Tributaria referidos a 2008, dos 141.024 declarantes do IRPF no municipio de Vigo, un 17,8% declararon un rendemento tributábel anual menor de 6000€, 19,1% comprendido entre 6000-12000€, 29,1% entre 12000-20000€ e o 36,1% superior a 20.000€. Os rendementos medios declarados foron 19.163€, na súa maioría procedentes de rendementos do traballo (89,8%) contra os rendementos procedentes de actividades económicas (5,8%).

Vigo, con 2.246 euros (37 euros a menos que en 2008), é o que presenta o cuarto maior ingreso medio mensal por lar en Galicia, situándose abaixo de Santiago (2.446 euros), Pontevedra (2.425 euros) e Coruña (2.271 euros) e en cima de Ourense (2.019 euros), Ferrol (2.250 euros) e Lugo (2.381 euros). A media galega é de 2010€, sendo 2.135€ a dos 14 municipios da Comarca de Vigo. Os ingresos medios por persoa no municipio de Vigo en 2009 foron os máis baixos das cidades galegas (821€) contra os 934 da Coruña ou 921 de Compostela. Este indicador calcúlase a partir do número de unidades de consumo adxudicadas segundo a Escala OCDE modificada[1].

Por outro lado, o 70,1% dos ingresos dos lares residentes no municipio de Vigo proceden do traballo por conta propia ou allea. No extremo das sete grandes cidades galegas sitúase Lugo (74,5%) e Ferrol (63,4%).

No ano 2009 no municipio de Vigo o 24,5% dos lares tiñan ingresos procedentes unicamente de prestacións, e no 27,8% de casos estas prestacións sociais representan o 75,0% dos seus ingresos e no 34,7% a metade dos seus ingresos. Isto significa que 26.012 familias viguesas viven só de prestacións sociais (pensións, axudas sociais e de desemprego) con orixe íntegra de recursos públicos. O número de familias que se encontran nesta situación viuse incrementado un 24%, habida conta que en 2008 contabilizábanse 20.965 familias nesta situación. A cidade galega con maior dependencia unicamente destes ingresos é Ferrol (29,1%) e a menor é Lugo (19,1%).

1) A cada membro do lar elle adxudicado un peso da seguinte forma: primeiro adulto = 1, segundo adulto e seguintes (persoas de 14 ou máis anos) = 0,5 e menores de 14 anos = 0,3.

## COMPOSICIÓN DOS LARES

A día 31 de decembro de 2009 no municipio de Vigo existían 106.226 lares, dos cais o 16,6% estaba constituído por unha única persoa, 29,3% por dúas, 25,3% por tres e o 28,9% restante contaba con catro ou máis membros. O número medio de persoas no lar é de 2,73. Segundo a súa tipoloxía, o lar máis habitual é o formado por unha parella con fillos (41,5%) seguido polo dunha parella sen fillos (21,7%), unipersoal (16,6%), monoparental (10,7%) e outro tipo (9,6%).

Até 16,5% do total dos lares vigueses está composto por persoas de 65 ou máis anos, proporción que se viu incrementada desde 2007 (15,2%) e 2008 (16,3%). Ferrol e Ourense son os dous grandes concellos que presentan unha maior porcentaxe deste tipo de lar (24,1% e 22,3%, respectivamente).

Segundo a última estatística realizada polo Concello, un en cada cinco vigueses con máis de 60 anos (13.630 dos 67.887 rexistrados) viven sós en casa, tendo que valerse por si mesmos todo o tempo. Esta proporción atinxe o 30% no caso dos tres distritos urbanos. Esta situación vese agravada no caso das mulleres maiores, tendo que vivir dunha mínima pensión de viuvez.

## DESEMPREGO

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) o número de activos na cidade de Vigo no 4º trimestre de 2009 (158.900) era superior ao rexistrado un ano despois (152.600). Nese período de tempo a poboación ocupada viuse reducida nun 7,4% ao pasar o seu número de 133.500 a 123.600. Neste período, a taxa de desemprego pasou do 16,0% ao 19,0%, o que representa un incremento de 3.600 no número de desempregados. Desta maneira, esta é maior á de Ferrol (18,8%), Coruña (14,1%), Lugo e Ourense (13,8% ambas as dúas) e Santiago de Compostela (10,8%), véndose apenas superada pola de Pontevedra (22,5%).

No 4º trimestre de 2010 a poboación asalariada de 16 e máis anos representaba o 85,0% da poboación ocupada, cunha taxa de temporalidade do 23,9%.

A taxa de ocupación de Vigo, isto é, proporción de poboación ocupada sobre o total de poboación de 16 e máis anos, é do 48,1%, superior á de Ferrol (43,8%),

Pontevedra (46,6%) e Ourense (47,5%), mais por debaixo da de Compostela (56,4%), Lugo (52,9%) e Coruña (48,8%). A taxa de actividade de Vigo (porcentaxe de poboación activa do total de poboación de 16 e máis anos) é de 59,4%, superior á producida en Ferrol (53,9%), Ourense (55,1%) e Coruña (56,8%), mais por abaixo da de Compostela (63,2%), Lugo (61,4%) e Pontevedra (60,1%). Desde o 4º trimestre de 2009 a 2010, a cidade de Vigo viu reducida tanto a súa taxa de ocupación (do 51,5% ao 48,1%) como a da actividade (do 61,3% ao 59,4%).

Por sectores económicos, o dos servizos absorve o 76,9% da poboación ocupada, a industria o 17,6%, a construcción o 4,7% e o primario (agricultura e pesca) o 0,7%. Dentro do sector de servizos existen subsectores importantes como o comercio, servizo de entregas, hostalaría, restauración, telecomunicacións ou transporte.

## SITUACIÓN DA VIVENDA

Segundo o INE a finais do ano 2006 existían no municipio de Vigo 21.000 vivendas vacías (15,2% do parque inmobiliario existente) contra o promedio estatal de 14,9%. Na contaxe realizada no ano 2003, o municipio tiña até 14,6% do seu mapa inmobiliario deshabitado (17.846 vivendas), contra o 14,8% da media estatal. A existencia do grande número de vivendas vacías áchase en que case o 60% das familias con primeira residencia en municipios da área metropolitana son propietarias dunha segunda vivenda dentro do termo de Vigo, estando moitas delas vacías. Este fenómeno difire do que acontece en España, onde a compra de segundas vivendas na mesma área metropolitana atinxe o 18% dos propietarios. Ese ano (2006), pola primeira vez, o prezo medio do metro cadrado da vivenda construída atinxía os 2000€, case 300€ a máis do que o ano anterior, tornándose na cidade máis cara da Galicia para comprar unha vivenda no centro urbano.

Segundo o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida posto en marcha en febreiro de 2007 pola entón Consellaría de Vivenda da Xunta de Galicia ao servizo dos demandantes deste tipo de vivenda como condición necesaria para acceder a ela, a cidade de Vigo concentraba o 40% da demanda de vivenda protexida[2] en Galicia (4094 vivendas). Portanto, o número de vivendas vacías

existentes en Vigo máis que quintuplica a demanda de vivendas de protección oficial.

Na actualidade o 24,0% dos lares vigueses ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun valor medio de 548,6 euros, proporción e cantidade que superan á media galega (22% e 467,7€, respectivamente). A cidade galega que conta unha maior porcentaxe de lares con gasto en hipoteca é Lugo (31,7%), sendo Pontevedra a que rexistra un maior gasto medio mensal neste concepto (551,7€/mes).

A proporción de lares que teñen gasto en aluguer da vivenda principal no municipio de Vigo é de 16,8%, cun gasto medio mensal no aluguer desa vivenda de 371,64€ (cifra tan só superada por Pontevedra, 381,93€).

## PERSOAS SEN ABRIGO

Aínda que non existe un censo oficial, calcúlase que son á volta de 200 as persoas sen abrigo que residen en Vigo. Na súa maioría, estas persoas encontran refuxio en distintas áreas do centro da cidade (Náutico, Berbés, Príncipe e Casco Vello).

Apesar de que no ano 2004 o pleno municipal do Concello de Vigo aprobou a creación dun albergue público e dos seus anuncios, desde 2007, por parte da Xunta de Galicia da súa creación, aínda non se puxo en marcha. En xaneiro de 2009 abriuse un dispositivo para o frío na antiga Escola de Hostalaría do barrio do Berbés que acabaría fechando as súas portas no mes de maio dese ano, dous meses despois do previsto, dado o seu carácter provisorio e por non cumprir coas condicións adecuadas.

Perante os rigores do inverno, entre decembro de 2009 de marzo de 2010, o Concello volveu a ofrecer un dispositivo especial de frío,no pavillón deportivo do Ber-

2) A cidade da Coruña rexistra o 24,6% das solicitudes, seguida por Santiago de Compostela (12,5%), Pontevedra (10,0%), Ferrol (4,5%), Ourense (4,4%) e Lugo (2,9%). En aproximadamente un terzo dos concellos galegos (106) non se contabilizou nengunha solicitude, na súa maioría cunha poboación inferior a tres mil habitantes e sen superar os 5.000.

bés, con 30 vagas (colchóns) e servizo de duchas. O seu horario de abertura era de 22-23h e o de saída ás 8h.

Durante a segunda reedición da abertura deste dispositivo temporario municipal para o frío, realizada entre o 9 de decembro e o 11 de marzo, rexistráronse un total de 2.599 pernoitas de 147 persoas diferentes. A media diaria de ocupación foi de 27 persoas (25 homes e un máximo de 3 mulleres). A respecto do ano anterior produciuse un moderado descenso do número de pernoitas (de 2.836 a 2.599). Destes usuarios, 86% foron homes e 14% mulleres, sendo o 44% estranxeiros.

## MINORÍAS ÉTNICAS

A comunidade xitana é unha das que máis incide a actual crise económica e a máis castigada polos procesos de exclusión social. A poboación xitana de Vigo ascende a 918 persoas (763 de etnia xitana e 155 da minoría cigana), distribuídas en 245 familias (193 xitanas e 46 ciganas), das que unha alta porcentaxe están en situación de precariedade social. Para alén da exclusión escolar e de saúde, un dos principais problemas deste colectivo son os barrios de lata que afectan a 6,2% das familias xitanas e 76,1% das ciganas.

## INMIGRANTES

Entre o ano 2002 e 2010 a cidade de Vigo viu cuadriplicado o número de persoas estranxeiras. Nese período o número de inmigrantes pasou de 6.157 persoas (2,1% da poboación) a 16.735 (5,6%).

Segundo os dados publicados polo INE, no municipio de Vigo o colectivo de inmigrantes extracomunitarios ascendía en 2009 a un total de 11.775 estranxeiros. Nesa altura a maioría (82,6%) procedía da América, con predominio dos orixinarios do Brasil (2.328), Colombia (1.216), Uruguai (1.205), Arxentina (1.071), Perú (686) e Paraguai (654). Había censados uns 1.311 inmigrantes africanos (11,1%), con predominio, entre outras das persoas procedentes do Senegal (471), Marrocos (327) e Nixeria (160). A comunidade chinesa, con 383 persoas representaba 73,0% da poboación asiática. A comunidade rusa e ucraniana ascendía a 126 e 86 persoas, respectivamente.

Un ano despois reduciuse un 6,6%, ascendendo, logo, a 11.001 persoas. Neste período produciuse unha diminución no peso da comunidade latino-americana (80,7%), contra un incremento da africana (12,1% e 1326 persoas) e da asiática (5,3% e 580 persoas). Por países de procedencia, as maiores comunidades inmigrantes son a brasileira (1953 persoas), colombiana (1.217), uruguaia (1.027), arxentina (925), peruana (740), paraguaia (583), venezuelana (511), senegalesa (496), chinesa (422), cubana (375) e marroquina (334).

# 2. RECURSOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

## 2.1 CONSELLARÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA

### Benestar social

Durante o ano 2010 o municipio de Vigo recebeu un total de 13,6 millóns de euros para axudas de emerxencia social, plano concertado e libranzas de dependencia.

#### PLAN CONCERTADO

Dirixido á manutención dos servizos sociais básicos (fundamentalmente centros sociais e escolas infantís). O municipio de Vigo contou cun orzamento superior aos 1,7 millóns de euros. Máis da metade deste investimento (58,8%) correspondeu á partida asignada para prestar o servizo de Axuda no Fogar (SAF) para persoas dependentes. Con estas axudas o Concello puido prestar outros servizos de axuda no lar para persoas non dependentes, así como levar a cabo a contratación de 27 traballadores para a área social municipal (18 traballadores sociais, 1 técnico de grao medio, 3 técnicos de grao superior e 5 auxiliares administrativos).

### AXUDAS PARA A DEPENDENCIA

Relativamente ás libranzas vinculadas ao servizo e ao coidador, a Xunta destinou en Vigo uns 6,5 millóns de euros.

### RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

Se ben a concesión destas prestacións depende exclusivamente do goberno galego, o concello de Vigo encárgase da tramitación das súas solicitudes.

A Xunta destinou ao Concello de Vigo máis de 4,7 millóns de euros por este concepto cos que se atendeu a 1.023 persoas.

### AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL (AES)

A Consellaría de Traballo e Benestar investiu case 700.000 euros das que se beneficiaron 869 persoas.

## Traballo

A Consellaría de Traballo e Benestar social leva a cabo varias políticas activas de fomento do emprego, centradas na formación, co fin de reincorporar ao mercado laboral ás persoas desempregadas. Estas políticas permiten a matrícula dos desempregados en cursos formativos para mellorar a súa formación profesional, facilitando, con iso, a súa contratación posterior.

Entre as principais iniciativas figura o programa de Accións Formativas para Desempregados, os Planos de Cooperación coas Entidades Locais e os Programas Mistos de Formación e Emprego. Durante o ano 2010 un total de 2.751 vigueses/as beneficiáronse destas iniciativas (2.655 en accións formativas e a contratación de 96 persoas), dotadas cun orzamento de 8,9 millóns de euros.

### PROGRAMA DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS (AFD)

Trátase de cursos formativos en materias tan diversas como a prestación de servizos sociais, culturais, administrativos, de idiomas, de informática e novas tecnoloxías, de hostalería ou relacionados con sectores tan arraigados en Vigo e na

súa área como a automoción ou a construción naval. Neste sentido, a Xunta destinou máis de 355.000€ para ofrecer 63 cursos a 945 alumnos através da factoría PSA Peugeot-Citroën e outras entidades relacionadas co sector.

Estes cursos son ofertados por diversas entidades, asociacións ou grupos de formación, cunha duración moito variábel (entre 45 e 1025 horas) e cuxo alumnado procede do Servizo Público de Emprego de Galicia.

#### PLANOS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E PROGRAMAS MISTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Estes programas teñen por obxectivo a adquisición de experiencia profesional das persoas en situación de desemprego, polo que realizan obras e servizos de interese xeral, social ou cultural (por exemplo, a manutención das zonas rurais, limpeza e labores de axardinamento, a supresión de barreiras arquitectónicas, a xestión administrativa e documental, os servizos de participación cidadá, de ludoteca ou biblioteca, entre outros). A duración destes contratos varía entre os 3-12 meses en función dos programas e das iniciativas propostas polas entidades solicitantes.

Con estes programas a Xunta de Galicia pretende conseguir a xeración de novos postos de traballo no medio local e rural así como servir de ferramenta de empregabilidade e diminuír as consecuencias da crise económica.

O Programa Misto de Formación e Emprego impleméntase através de Escolas-Obradoiro, Talleres de Emprego e UPD.

### Mulleres

- Centro de Emerxencias de Vigo: Centro de acollemento, protección e seguranza para as mulleres en situación de perigo ou grave risco da súa integridade física e/ou psíquica e das persoas dependentes delas para mulleres vítimas de violencia de xénero no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. Conta cun servizo de avaliación psiquiátrica para o caso en que, após a valoración psicosocial realizada ao ingreso, a podan precisar ben por necesidades específicas ou ben para determinar a pertinencia do ingreso no centro en función das súas características.

- Programa Mulleres Víctimas da Violencia (MVV): Programa establecido dentro dos programas de cooperación (dotación de 800.000 euros).

## Inmigrantes

A Xunta de Galicia, através da Secretaría Xeral da Emigración, estableceu un convenio de colaboración coa Oficina Municipal de Información a Inmigrantes e Emigrantes retornados para implementar un programa de información, orientación e inserción sociolaboral destinado á comunidade de inmigrantes extracomunitarios residentes no municipio de Vigo. Cunha cuantía de 60.000€, permitirá que esta Oficina poda colaborar na tramitación de autorizacións de residencia, traballo, visados, acceso á nacionalidade e agrupamento familiar, así como sobre as prestacións sociais, educativas e sanitarias ás que teñen dereito e permitirá tamén que se informe sobre programas formativos e de orientación e inserción laboral.

## Equipamentos da Xunta de Galicia en Vigo

### PERSOAS MAIORES

*Centros residenciais de maiores:*

- Residencia do Meixoeiro: 148 vagas
- Residencia de Bembrive: 150 vagas
- Residencia Arieiro: 306 vagas

*Centros de día:*

- Coia: Inaugurado en novembro de 2010 (en funcionamento desde outubro), oferta un total de 70 vagas para maiores dependentes ou en risco de dependencia.
- Teis: 25 vagas.
- Valadares (en construción): 70 vagas.

### PERSOAS CON DEFICIENCIAS

*Centro de día Alzheimer:*

- Bembrive: 20 vagas
- Vigo: 40 vagas

*Centro de día deficientes*

- Centro de día e residencia para afectados por dano cerebral (en construción): capacidade para 70 persoas afectadas por dano cerebral, unha residencia con 14 vagas para estancias temporais e espazo para 15 grandes dependentes.

**INFANCIA E FAMILIAS**

*Escolas infantís:*

- Bouzas (94 plazas), Relfas (74), Rosalía de Castro (122), Cabral (67), Complexo Administrativo da Xunta (29)

*Menores:*

- Vivenda asistida de Vigo tutelada para menores: 4 vagas
- Centro de Menores o Seixo (minirresidencia): 15 vagas

Punto de encontro familiar de Rivera Atienza

## 2.2 SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

A Deputación Provincial de Pontevedra conta cun Servizo de Acción Social que se responsabiliza das demandas presentadas polos concellos da provincia, tanto no nível dos servizos sociais de atención primaria como especializada, especialmente naqueles de poboación inferior aos 20.000 habitantes.

Este servizo está formado por catro áreas de traballo fundamentais: da familia, infancia e xuventude; da muller; do maior e de servizos sociais especializados, dentro do que se encadran diferentes colectivos con problemáticas definidas e específicas (deficientes, alcoolismo, drogodependencias, delincuencia, minorías étnicas,...). Cada unha destas áreas está formada por unha equipa dotada por un traballador social e un administrativo baixo s supervisión da xefatura do servizos e do/a deputado/a provincial de Benestar social e Muller.

## Acción social

### AXUDAS A COLECTIVOS ENMARCADOS DENTRO DO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS

Dirixidas a apoiar a entidades de iniciativa social (privadas e sen ánimo de lucro) que traballen de forma habitual en programas ou proxectos de formación ou capacitación orientados á integración sociolaboral ou social dos colectivos ou sectores de poboación e que dispoñan dunha sede social ou delegación permanente e continua na provincia de Pontevedra.

As áreas de intervención, definidas en función dos sectores da poboación e das problemáticas diferencias en cada unha delas son: familia, infancia e mocidade, deficiencias, drogodependencias (incluídas as legais), minorías étnicas, inmigrantes e emigrantes retornados, reinserción de poboación reclusa e outras problemáticas de exclusión ou marxinación social.

### PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA"

Destinado a asociacións de persoas maiores, de mulleres, deficientes, veciños, estudantes,... para, através de diferentes roteiros, fomentar o convivio e asociacionismo destes colectivos de persoas.

### PROGRAMAS PARA PERSOAS MAIORES

- Programa diúrno de carácter lúdico de balnearios ano 2011: Dirixido ás persoas a partir de 50 anos, pensionistas ou con necesidades de respiro familiar, que residan en municipios da provincia, unha serie de actividades encamiñadas a mellorar a súa calidade de vida, ofrecéndolles a oportunidade de ocupar o seu tempo de lecer a prezos reducidos.
- Programa de saúde e benestar: Ofrece unha estancia permanente durante uns días en balnearios ou hoteis con SPA da provincia, podendo recibir unha atención especializada en tratamentos termais, de saúde, benestar, descanso e actividades de lecer. Destinado a persoas maiores de 50 anos, pensionistas ou con necesidades de respiro familiar
- Programa "Ti tamén contas": Orientado ás asociacións de persoas maiores da provincia de Pontevedra para a participación en cursos de temas como

desenvolvemento persoal e saúde, cultura e cultura tradicional, arte e traballos manuais, informática e deficiencia.
- Convenio coa Asociación Vida Digna dirixido ás persoas maiores.

### PERSOAS CON DEFICIENCIAS

- Convenio de colaboración coa Asociación para o Síndrome de Down "Down Vigo": Destinado a apoiar economicamente á asociación para o desenvolvemento dos proxectos "Amigo" e "Vida independente" a persoas con síndrome de Down e/ou deficiencia intelectual.
- Convenios con colectivos: Alborada, Asvidal, Doa, Fundación Magar, Parkinson Vigo e Autismo Vigo.

### XUVENTUDE, INFANCIA E FAMILIA

- Programa de respiro e animación hospitalaria: dirixido a nenos e mozos entre 0 e 18 anos con doenzas de media e longa duración hospitalizados ou en situación de convalecencia domiciliaria.
- Convenio con Cruz Vermella para desenvolver o programa "Sen violencia convivencia": Trátase dun programa de intervención educativo coa xuventude para a promoción de actitudes positivas para a prevención de condutas violentas.

## Emprego

### PROXECTO AQUELANDO

Dirixido a inserción sociolaboral en servizos de atención ás persoas, a desempregados da provincia, prioritariamente a mulleres inmigrantes e emigrantes retornados, minorías étnicas e persoas con outros factores de exclusión.

Através de itinerarios de inserción, ofrécelle aos demandantes de emprego unha oportunidade de práctica laboral acompañada da formación adecuada para a prestación de servizos de atención a persoas con necesidades especiais (nenos, anciáns, persoas con deficiencias, doentes, excluídos sociais ou persoas con risco de exclusión social).

## Muller

A Deputación de Pontevedra promove convenios, actividades e servizos en apoio de accións preventivas, sensibilizadoras e de intervención tanto con aquelas mulleres en situación de risco como as que sofren a violencia de xénero. Alén disto, foméntase o asociacionismo das mulleres, promovendo accións formativas, lúdicas e mellora da súa calidade de vida segundo as súas demandas e necesidades.

- Programa "Pensa en ti": Cursos formativos orientados ás asociacións de mulleres co obxectivo xeral da promoción sociocultural e a participación social das mulleres asistentes aos cursos.

- Premio Carme Ferro: Dirixido ás mancomunidades e concellos que leven a cabo planos de igualdade de oportunidades que respondan ás necesidades reais da zona.

Convenios:

- Rede de Mulleres contra o Maltrato de Vigo
- Médicos do Mundo
- Asociación de Axuda á Vida (AYUVI)

En febreiro de 2011 a Deputación Provincial anunciou o repartición de máis de 900.000 euros a unha trintena de asociacións e entidades sociais que atenden unhas 30.000 persoas na provincia.

As subvencións da Deputación foron destinadas a: Rede de Mulleres contra o Maltrato, Hospitalidade Nosa Señora de Lurdes, Anhida, Alborada, Integra, Autismo Vigo, Igual Arte, Madro, Cáritas, Asvidal, Alento, Médicos Mundo, Vida Digna, Comedor de San Francisco, Asociación de Veciños Camiño Vello de Coia, Afán, Asociación Aida, Residencia de Santa Marta das Hermanitas dos Desamparados, Fase de Encontro, Hoxe por Mañá, Fundación Magar, Parkinson Vigo, Ayuvi, Banco de Alimentos, Doa, Down Vigo, Proxecto Home, Asociación Galega de Xogadores de Azar e Fogar de Santa Isabel.

## 2.3. CONCELLARÍAS DO CONCELLO DE VIGO

### *2.3.1 Concellaría de Benestar Social*

A Concellaría de Benestar Social desenvolve diversos programas dirixidos a persoas maiores, en risco de exclusión social, con deficiencias, infancia e familia e inmigrantes. A tal efecto dispón dunha rede de servizos sociais de tipo universal, públicos, integrados e de calidade.

O traballo dos servizos sociais desenvólvese especialmente nas Unidades de Traballo Social (UTS), que contan con traballadores sociais e persoal especializado ao que poden acudir todas as persoas que o necesiten, tendo cada cidadán/a asignada unha UTS consoante a súa zona de residencia.

Entre os programas figuran:

Programas para persoas maiores e persoas con deficiencias.

**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)**

É un programa para persoas maiores e persoas con deficiencias que precisan apoio para seguir a vivir no seu lar sen ter de ir a unha residencia. Dotado dun orzamento de 2,7 millóns de euros, en 2010 atendeu a 771 persoas, na súa maioría mulleres viúvas, ás que lles foi dado un total de 203.432 horas de servizo. Estes dados supoñen un incremento do 47% a respecto do ano anterior. Entre as súas actividades inclúense excursións, obradoiros de diversas actividades, así como dúas festas (verán e nadal).

O SAF atende a dous tipos de usuarios: os que entran pola Lei de Dependencia e os de libre concorrencia. Respecto ao primeiro caso, trátase de persoas ás que é preciso dedicar un maior número de horas de atención. O segundo caso depende en grande medida do Plano Concertado coa Xunta de Galicia.

O servizo, prestado através dunha empresa concesionaria, emprega ao redor de 200 persoas: 5 traballadoras sociais, 1 psicóloga, 178 auxiliares de axuda no lar e 2 administrativos.

Relativamente ao perfil dos usuarios, a idade media sitúase no 78 anos, con predominancia de mulleres (75,9% dos casos), tratándose de persoas maiores (72,1%) e de persoas con deficiencias (27,9%).

### BONOTAXI

Servizo dirixido para persoas maiores e con deficiencias que permite a utilización dos taxis ás que teñen mobilidade reducida mediante unha axuda económica anual de 400€, da que en 2010 se beneficiaron 160persoas.

## Programas para persoas maiores

### PROGRAMA DE ENVELLECEMENTO ACTIVO E DEPORTE PARA MAIORES

Conxunto de múltiplos programas e actividades dirixidas para potenciar as habilidades e capacidades das persoas maiores e previr a súa dependencia. Entre eles figuran:

- Programa de "Envellecemento activo" desenvólvese entre febreiro e decembro en 21 asociacións veciñais da cidade através de obradoiros de memoria, risoterapia, musicoterapia, saúde e danzas do mundo, entre outras propostas.

- Programa "Deporte para Maiores", que se desenvolve nos pavillóns municipais do Berbés, Teis, Lavadores e Travesas e nas súas respectivas piscinas, con participación de 823 persoas en 2010.

- Actividades interxeracionais: trátase de actividades relacionadas coa saúde que se celebran ao ar libre en diferentes prazas e parques da cidade durante o verán.

- Programas culturais como "Viaxa e coñece", que ten por obxectivo dar a coñecer o patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (participación de 1199 persoas en 2010), así como percorridos polo patrimonio vigués através de visitas guiadas (500 participantes).

- Programa de Balnearios: Facilita a asistencia aos programas de saúde dos balnearios, nos que participaron 475 persoas en 2010 (dotación orzamentaria: 24.400€).

- Axudas para adaptación de casas: ten por obxectivo a eliminación das barreiras arquitectónicas (30 vivendas ao ano).

- Xantar na casa: servizo de comida a domicilio que, cun orzamento de 150.000, en 2010 beneficiou a 150 persoas.

No total, durante o ano 2010 até 5.462 persoas participaron nalgunha das actividades de prevención organizadas para favorecer a saúde das persoas. Na súa maioría son mulleres cunha idade media de 78 anos.

## PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INFANCIA E FAMILIAS

- Servizo de atención á Infancia e á Familia: Presta atención personalizada no lar ás familias con dificuldades de convivio e que supoñan risco de desestruturación familiar. Dotado de 580.000€, durante o ano 2010 beneficiou a 450 familias (1.050 persoas).

- Servizo de intervención familiar con minorías étnicas: En colaboración coa Fundación Secretariado Xitano e mediante o traballo de educadores familiares procúrase superar dificuldades de normalización e integración social das persoas que pertencen á comunidade xitana e cigana. O convenio de 109.000€ establecido con esta Fundación posibilitará a intervención específica con 50 unidades familiares mediante o desenvolvemento de planos de inclusión social e inserción laboral, desenvolvendo un traballo específico no plano educativo, sanitario, xuvenil, de emprego e de muller co fin de mellorar a calidade de vida deste colectivo. Este convenio permite ofrecer servizos de información, orientación e asesoramento ás familias xitanas e ciganas, así como realizar un esforzo específico para mellorar a calidade das relacións familiares e dos menores (50% das persoas que integran este colectivo). Un dos obxectivos é a erradicación dos barrios de lata que permitiu o realoxo de sete familias (4 polo plano de erradicación do chabolismo e 3 pola bolsa de alugueiro).

- Actividades de lecer e tempo libre: Dirixidas principalmente a menores de familias monoparentais, trátase de actividades de reforzo educativo e lecer en nível de barrio para facilitar aos menores unha conciliación da vida social e laboral. Cun orzamento de 57.000€, durante o ano 2010 participaron 160 menores nesta actividade.

- Axudas libros e comedor: Trátase das axudas municipais para as familias con menos recursos. Dotadas dun orzamento de 700.000€ do que se beneficiaron no 2010 até 2.500 menores.

**PROGRAMAS MIGRACIÓNS**

- Servizo de información: centrado especialmente en procesos de regularización e reagrupamentos familiares através da Oficina Municipal de Información e Inmigrantes e Emigrantes Retornados.

- Servizo de mediación intercultural: dirixido á resolución de conflitos que podan ocorrer entre a sociedade de acollemento e os inmigrante e emigrantes retornados.

- Plan Local para as Migracións e Convivencia Intercultural: ten por obxecto definir as actuacións destinadas tanto á poboación inmigrante como á sociedade de acollemento para conseguir a integración.

- Foro das Migracións: espazo de encontro e traballo entre as persoas inmigrantes, o movemento asociativo e a o Concello para potenciar a integración dos inmigrantes.

- Guía de recursos para a Información e a Convivencia: dirixida a ofrecer información á cidadanía, aos inmigrantes e aos profesionais deste ámbito sobre os recursos e servizos que a cidade ofrece a este colectivo.

## Programas de inclusión social:

### AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA

Trátase de axudas económicas de emerxencia, de carácter puntual e extraordinario, destinadas a suprir necesidades básicas de alimentación, aloxamento e outras. Estas axudas son proporcionadas dentro dun proceso de intervención social individualizado, previa valoración positiva da traballadora social, e están suxeitas á aprobación da comisión técnica do programa e ao limite orzamentario.

### PROGRAMA REDESS (REDE LOCAL PARA A EXCLUSIÓN SOCIAL SEVERA)

Proxecto posto en marcha en maio de 2010 co obxecto de dispor dunha estrutura organizativa que permita o desenvolvemento da necesaria actividade de coordenación e colaboración protocolizada entre o persoal técnico da Concellaría de Benestar Social e o das entidades que traballan no ámbito da exclusión social severa de Vigo.

A súa estrutura está conformada, por parte do Concello, por unha funcionaria con funcións de coordenación técnica e por persoal de apoio da Concellaría de Benestar Social e, por parte das entidades colaboradoras[3], por un representante delegado de cada unha delas. Os principais instrumentos para o desenvolvemento da actividade son: 1) Memorias e informes para a coordenación documental; 2) mesas de traballo para a coordenación presencial; 3) xornada técnica e seminarios para a formación e divulgación e 4) correo electrónico e outros medios para a coordenación técnica continuada.

En outubro dese ano presentou o primeiro "GUIA DE RECURSOS DE REDESS" para facilitar a colaboración entre entidades e administración, conseguir unha mellor complementariedade das actividades realizadas e contribuír para minimizar no posíbel as limitacións existentes. En 22 de outubro tivo lugar a celebración das primeiras xornadas do proxecto REDEss.

3) En outubro de 2010 facían parte do proxecto REDEss as seguintes entidades: Asociación Freixeiro de Axuda ao Necesitado (AFAN), San Caetano, Asociación Vida Digna, Cáritas, Cruz Vermella, Emaús Fundación Social, Banco de Alimentos, Comedor da Esperanza, Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, O Sal da Terra, Médicos do Mundo, Misión Evanxélica Urbana de Vigo, Remar Galicia, Servas de Xesús, San Vicente de paúl e Programa Sereos.

## PROGRAMA SEREOS

Dirixido a persoas sen lar ou en risco de exclusión social, proporcionando as funcións dun centro de acollemento de día de baixa esixencia e ofertando servizos básicos de calor e café para alcanzar as necesidades básicas dos usuarios/as. Cun orzamento de 100.000€, trátase dun programa de redución do dano de cobertura básica de alimentación que cobre almorzos e merendas.

Ás persoas que chegan pola primeira vez ao servizo fáiselles unha entrevista individualizada para valorar a súa problemática social. Esta intervención inicial é posteriormente alargada con entrevistas de seguimento co obxectivo de axustar obxectivos ou derivación para os servizos municipais e para os dispositivos asistenciais socio-sanitarios. Tamén se ofrece asesoramento ou orientación sobre a tramitación de documentos, xa que moitas persoas non sabe que ten dereito a prestacións. Conta cun punto de intercambio de material preventivo (troca de xiringas, preservativos).

Dispón dun local para esta actividade, na modalidade de calor-café, que funciona tamén como centro de redución do dano cun traballo realizado por unha equipa de profesionais integrado por unha traballadora social, que é a coordinadora, unha mediadora social (8 horas), un mediador social (4 horas), persoal de limpeza, 8 voluntarios do propio programa e 11 voluntarios da Oficina de Voluntariado do Concello de Vigo.

O Programa Sereos atendeu 1.176 persoas ao longo do ano 2010, cun número de asistencias diarias de 300, o triplo do ano 2007. O perfil xeral dos usuarios é un home cunha idade comprendida entre 35 e 45 anos; de Vigo; con problemas económicos ou de drogodependencias; que vive na rúa, en albergues ou pensións moi económicas; con baixo nível académico e baixa ou nula experiencia laboral. Porén, fronte ao perfil típico de persoas con drogodependencias, actualmente obsérvase outros dous grupos de usuarios e usuarias, como son o de persoas maiores cunha pensión que non lles alcanza para o almorzo e a merenda, e o de transeúntes que botan un tempo no programa.

Das 1.176 persoas atendidas no 2010, 124 foron novos casos, 87% homes (1017 persoas) e 13% mulleres (159). Respecto á súa procedencia, o 66% foron españois, dos que 390 naceron en Vigo, 590 estaban empadroados en Vigo e 260 no resto da

Galicia. No ano 2010 produciuse un incremento do 25% das persoas estranxeiras que recorreron a este servizo, chegando a ser o 34% do total. O grupo máis numeroso corresponde a persoas da Unión Europea, nomeadamente Portugal, seguido de América e África.

No tocante ao seu nível académico, o 62% manifesta ter estudos primarios, o 18% Bacharelato ou FP, e o 12% di saber ler e escribir. Sobre o nível de ingresos, até 32,6% non ten ningún ingreso, moitos deles polas súas reticencias a dirixirse aos servizos sociais para saber se teñen dereito ás prestacións, o 34% perciben o Risga ou pensión non contributiva. A variábel principal dos seus usuarios no ano 2010 foi o problema de drogodependencias, fronte aos problemas económicos que recoñecían ter en anos anteriores. Relativamente ao tipo de vivenda, para alén dos albergues, 20% habitan infravivendas e 31% vivendas de aluguer, maioritariamente mulleres.

Desde o seu nacemento estivo xerido polo Comité de Solidariedade Óscar Romero, pola Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Vigo, o Grupo de Autoapoio VIH/SIDA e Adición Imán. Na actualidade está administrado pola empresa privada de iniciativa social Grupo 5.

### PROGRAMA VÍA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA

Programa de carácter residencial que pretende promover a inclusión social mediante unha estrutura convivencial estábel, normalizada e integrada na comunidade. Inclúe o adestramento e mellora das competencias persoais e sociais básicas para as actividades da vida diaria, o desenvolvemento de itinerarios de inserción personalizados, o apoio profesional e o acompañamento activo.

Para a transición á vida autónoma este programa conta con dúas vivendas tuteladas con capacidade para aloxar un máximo de 13 persoas, estando unha delas destinada para acoller 5 mulleres maiores de 18 anos, sen lar, que carecen de apoio familiar e sen medio para pagar un aloxamento.

O ingreso nos pisos pode realizarse durante todo o ano, dependendo da disponibilidade de vagas. O tempo de permanencia en calquera das vivendas tuteladas é limitado, establecéndose un período inicial máximo de medio ano, prorrogábeis, por causas xustificadas, até chegar ao ano.

Se ben este programa é de titularidade municipal, a súa xestión é realizada por Emaús Fundación Social, entidade asociada ao movemento Emaús Internacional.

### PROGRAMA DE AUTOAXUDA PARA PERSOAS CON VIH "O IMÁN"

Trátase dun grupo de autoaxuda para persoas con VIH-SIDA da unidade asistencial de drogodependencias CEDRO. Este programa está integrado por persoas, usuarios, profesionais e colaboradores especialmente dirixido ás persoas en situación de exclusión social. Proporciona información, asesoramento e acompañamento. Tamén realiza formación de mediadores e accións de divulgación e sensibilización comunitaria. Durante o ano 2010 realizou 1.253 intervencións.

### PROGRAMA CEREDA:

Destinado a persoas sen lar ou en risco de exclusión social en colaboración con Médicos do Mundo que atendeu 544 casos en 2010.

### CONVENIOS CON ENTIDADES/ASOCIACIÓNS

A Concellaría de Benestar asinou diferentes convenios como o bianual por importe de 150.000€ establecido con cinco entidades que xestionan comedores e reparten alimentos (Afán, Casa da Caridade, Vida Digna, Hermanos Misioneros e Banco de Alimentos).

## Equipamentos municipais de benestar social

### CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS

O Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS) é un órgano central integrado por recursos humanos, técnicos, financeiros e materiais, onde se xestionan e coordenan os diferentes programas que se levan a cabo nas Unidades de Traballo Social (UTS).

**Responsábel:** Rosa Alonso Míguez, traballadora Social coordenadora de programas de exclusión social severa.
**Destinatarios:** Poboación en xeral.

**Servizos que presta:** Atención, Información, Servizo a domicilio.
**Instalacións disponíbeis:** CMSS, no andar baixo do Concello (Praza do Rei, 1).

## UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL (UTS)

Para a prestación dos servizos sociais de forma descentralizada, creáronse as UTS ou Unidades de Traballo Social por zonas. Son a porta de entrada ao Sistema de Servizos Sociais. Ofrecen un Servizo de Información público, para toda a poboación, desde onde se facilita de forma profesional e confidencial información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición da cidadanía, así como os dereitos que teñen tanto en nível individual como grupal.

Nelas valóranse as necesidades expostas, oriéntase aos recursos máis adecuados, intervindo profesionalmente cando as persoas así o demandaren, co intuito de garantir unha atención persoal e social de calidade.

Concretamente, ofrecen:

- Información, valoración, diagnose e orientación á poboación relativamente aos seus dereitos, recursos e intervencións sociais que lles podan corresponder.
- Proporciónase o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), aloxamento alternativo, prestacións económicas e de emerxencia social.
- Realízanse actuacións preventivas das situacións de risco e necesidade social do conxunto da poboación, intervindo para alcanzar a integración social.

### 1. UTS CASTRELOS-COIA-LITORAL

**Responsábeis:** Erea Martínez e Montserrat García.
**Destinatarios:** Poboación en xeral.
**Servizos que presta:** Información, orientación, derivación para servizos especializados. Tramitación de servizos e prestacións. Atención a situacións de risco.
**Instalacións disponíbeis:** Rúa Quintela, 31 – baixo de Vigo.
**Nº de traballadores da organización:** 8

## 2. UTS TEIS-TRAVESÍA

**Responsábeis:** Belén Gómez (Teis) e María García (Travesía).
**Destinatarios:** Delimitado á poboación do barrio.
**Servizos que presta:** Os que lle corresponden por lei.
**Instalacións disponíbeis:** Local da R/ Dr. Corbal, nº 21 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 2007.
**Nº de traballadores da organización:** 5 (2 traballadoras sociais, un auxiliar, un conserxe e unha educadora social que fai as avaliacións do RISGA).
**Número de persoas que atende (media anual):** máis ou menos 40 persoas á semana, entre 2 días de atención ao público, asistencias domiciliarias e algunha máis fora dos días de atención.
**Outra información que sexa de interese sobre a organización:** Debido ás necesidades nos últimos tempos creáronse seis novas zonas de UTS, unha delas foi o desdobramento da UTS de Teis en dúas, unha a UTS Travesía e outra a UTS Teis.
A lei de Servizos Sociais prevé unha UTS para cada 8000 persoas. Anteriormente cada UTS tiña competencias para 28.000 persoas, coas zonas novas diminuíuse a 17.000 persoas.
Unha das singularidades da UTS Teis-Travesía é que é a única en Vigo que ten un Plano Comunitario (Plan Comunitario técnico de Teis, reunión de profesionais do barrio, médicos e persoal do Centro de Saúde, traballadoras de Alborada, Cáritas, Misioneiros dos Irmáns Pobres,...). Isto leva a ter unha serie de beneficios e mellorías con respecto a outras zonas da cidade. Recentemente elaborouse unha diagnose comunitaria de Teis cun informe de resultados.

## 3. UTS LAVADORES-RIVERA ATIENZA

**Responsábeis:** Mº Jose Thomas, Silvia Martínez, Yolanda Fajín, Sofía Méndez, Rosa Vázquez, Paula Gómez e Marta Leyenda.
**Destinatarios:** Inmigrantes e poboación en xeral.
**Servizos que presta:** Información e regularización de documentos, asesoramento, tramitación de prestacións, programas de integración familiar.
**Instalacións disponíbeis:** Local da Av. Martínez Garrido, 21 de Vigo.
**Nº de traballadores de la organización:** 12.
**Outra información de interese sobre a organización:** Establece un convenio de migracións coa Xunta de Galicia.

### 4. UTS SUR

**Responsábel:** Mª Estela Rosende Villar.
**Destinatarios:** Poboación en xeral.
**Servizos que presta:** Información, Atención á poboación, Tramitación de prestacións e recursos, Estudo de casos, Coordenación con institucións e profesionais da saúde, educación, servizos sociais e ONG, Detección de necesidades, Intervención social xeral, Visitas domiciliarias, Elaboración de informes, Rexistro informático…
**Instalacións disponíbeis:** Praza do Rei, Vigo.
**En funcionamento desde:** 2011.
**Nº de traballadores da organización:** 1.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 360.

### 5. UTS CENTRO - CASCO VELLO - O CASTRO

**Responsábeis:** Montse Romero, Marta de la Cruz, Tamara Costas, Aurora Morillo, Ángela García Martín, Marta Bamio e Begoña Estévez.
**Destinatarios:** Poboación en xeral.
**Servizos que presta:** Servizos sociais.
**Instalacións disponíbeis:** R. Princesa, 7 – baixo de Vigo.
Centro Municipal de Servizos Sociais con 5 UTS: Centro, Casco Vello, Independencia, Areal e O Castro.
**Nº de traballadores da organización:** 6 traballadoras sociais, 1 psicóloga, 1 auxiliar administrativo e 2 subalternos.
**Número de persoas que atenden (media anual):** Nesta oficina hai 7.400 expedientes abertos.

### ATENCIÓN SOCIAL EN EMERXENCIAS GRUPO 5 (PROGRAMA SEREOS)

**Responsábel:** Ana Martínez Rodríguez.
**Destinatarios:** Drogodependentes, persoas sen abrigo, etc.
**Servizos que presta:** Café da mañá (9:30 a 11:00), merenda (17:00 a 19:00) e asistencia social.
**Instalacións disponíbeis:** Local de la R/ Elduayen nº 11 de Vigo.
**En funcionamento desde:** Hai máis de 10 anos.
**Nº de traballadores da organización:** 3.

**Nº de socios:** 0.
**Colaboradores (voluntarios):** 19.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 2300 persoas diferentes (318 persoas/día).

**Outra información de interese sobre a organización:** Sereos do Casco Vello é un centro municipal. A asistencia social que realiza faina en coordenación coas UTS e os centros de drogodependentes e, entre as súas funcións, está o asesoramento, axuda para a recompilación de documentación necesaria para a percepción de prestacións, acompañamento a hospitais ou centros de saúde, así como durante todo o día facilítase ás persoas seringas e preservativos.
Forma parte de REDEss.
Atenden até un 25% de persoas inmigrantes

### CEDRO. PROGRAMA GRUPO DE AUTOAXUDA VIH-SIDA Y ADICIÓNS O IMÁN. UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS (UAD). UNIDADE DE DÍA

**Director:** Francisco Otero.
**Coordenador:** Antón Bouzas.
**Destinatarios:** Todo tipo de patoloxías aditivas (substancias), público, gratuíto, municipal.
**Servizos que presta:** Programas de desintoxicación, Centro de Acollemento, Asistencia sector sanitario.
**Instalacións disponíbeis:** No centro da R. Pintor Colmeiro de Vigo:
Centro de día, Ximnasio, Laboratorio, Sala usos múltiplos, Non hai camas, nen se dan comidas.
**En funcionamento desde:** 1984/5.
**Nº de traballadores da organización:** 34.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** Non.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 1.000 persoas.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Non.
**Outra información de interese sobre a Organización:** Trátase dun centro municipal financiado polo Concello de Vigo e con convenios coa Xunta de Galicia através do Plano Galego de Drogas da Consellaría de Sanidade.
Colabora con centros de atención a drogodependentes (Alborada, Érguete,...), coordenados polo Concello mediante un plano local e comités técnicos.

**Equipamento de inclusión social**
3 pisos terapéuticos en colaboración con Érguete: dirixido a prestar apoio ás persoas drogodependentes que están en tratamento.

**Equipamentos para persoas maiores**
**Centros de Día:** Instalación en colaboración co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar que ofrecen atención diúrna especializada e personalizada a usuarios para mellorar o seu grao de desenvolvemento e autonomía.
Cánovas del Castillo (Municipal).
Atalaia (Ayuntamiento-Consorcio): 24 vagas.
Rúa Ogrobe (Ayuntamiento-Consorcio): 70 vagas.
Valadares (en obras): 90 vagas.

**Residencias**
Residencia Barreiro: 25 vagas de urxencias.

**Equipamentos para persoas con deficiencias**
Dispositivos de acceso ao baño: Teñen o obxectivo de facilitar o baño ás persoas con mobilidade reducida nas praias de Samil e do Vao durante o verán (836 usos en 2010).

**Equipamentos para a infancia**
2 Galescolas: Rúa Palencia e Valadares.

**Equipamentos para programas de migracións**
Oficina Municipal de Información a Inmigrantes e Emigrantes Retornados (R. Martínez Garrido, 21 int.)

## *2.3.2 Concellaría de Promoción Económica e Emprego*

A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá puxo en marcha en 2008 o Plan Municipal de Emprego 2008-11 co fin de promover o emprego.

A tal efecto, este proxecto sérvese de distintos programas que emprestan especial atención aos colectivos con maiores impedimentos para integrarse laboralmente; isto é, mocidade, mulleres e desempregados de longa duración. O Plano

contempla a creación e mellora dos instrumentos de intervención empregados desde o Concello, crea accións de mellora da empregabilidade, mellora a calidade do emprego, promove unha maior seguranza no traballo, reduce a sinistralidade, aumenta o emprendedorismo e a economía social e mellora as relacións laborais.

As actuacións previstas dentro deste proxecto están englobadas nos seguintes programas:

- Programa Emprego-Calidade: dirixido á información, apoio e asesoramento a persoas desempregadas nos procesos de procura de emprego, através de accións que contribúan para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral, especialmente nos colectivos con específicas dificuldades para arranxar emprego (mulleres, mozos sen cualificación, persoas maiores de 45 anos e desempregados de longa duración).

- Programa Vigo-Emprende: destinado á estimular o autoemprego coa promoción polo Concello da creación de cooperativas e sociedade laborais mediante a creación de módulos de formación en economía social.

- Programa de Inserción laboral UTIL: dirixido á facilitación dos medios adecuados para mellorar a capacitación profesional e persoal, através de realización de actuacións de mellora da cidade, dirixido ás persoas desempregadas con graves problemas de renda.

- Programa Emprega-Verde: dirixido a que o medio ambiente e a sustentabilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas, procurando consciencializar e sensibilizar aos traballadores e empresas no coidado ambiental.

- Programa de Emprego Feminino: orientado á incorporación laboral das mulleres nas ocupacións en que está subrepresentada e procurar o abandono da muller das actividades cunha excesiva presenza feminina. A tal efecto, o programa prevé a elaboración de Itinerarios Profesionais Individualizados para unhas cen mulleres ao ano.

- Programa Emprega: deseñado a proporcionar ás persoas desempregadas unha formación apropiada ás súas necesidades e ás esixencias do mercado laboral. A tal efecto contempla a formación e contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese municipal e programas mistos de formación e emprendemento para desempregados de máis de 45 anos centrada nos campos da atención socio-sanitaria a domicilio, atención de persoas con deficiencias, animación de persoas maiores e atención domiciliaria infantil.

Con estas accións, o Concello visa reverter a realidade como que o 20,1% da xuventude teñan un nível de formación inferior ao Graduado Escolar ou ESO, que até 79,5% das mulleres carezan de formación de tipo profesional e entre elas 32,3% non teñan estudos ou dispoña de estudos inferiores ao Graduado Escolar ou que, na altura da posta en marcha do Plano, houbese 7.782 demandantes de emprego que levan máis de doce meses inscritos no desemprego (deles 5.299 máis de 24 meses).

Apesar de non ter competencias na materia, o Concello de Vigo durante o ano 2010 xerou 3200 empregos directos xerados polos investimentos do Fondo Estatal de Investimento Local e outros 368 através das políticas activas de emprego dos programas municipais. Para paliar a situación alarmante de crecemento do desemprego da cidade, o Concello esixiu da Xunta que as contías dedicadas polo Goberno galego a diferentes programas de emprego (no total 380 millóns de euros) sexan consignadas aos municipios seguindo criterios de poboación. As asignacións dos diferentes programas de emprego da Xunta de Galicia no municipio de Vigo ascenderon a 1 millón de euros, facilitando a empregabilidade de 64 persoas.

### *2.3.3 Concellaría de Igualdade*

O Concello de Vigo, através dos servizos municipais de atención ás mulleres, detecta as dificuldades, necesidades e demandas diarias das mulleres para facer valer os seus dereitos nos ámbitos profesional, social e familiar. Unha vez identificadas e detectadas esas necesidades, desde a Concellería de Igualdade, o Concello pon a disposición das mulleres os recursos e instrumentos que promoven a confianza nelas mesmas para esixir unha convivencia en igualdade. Así mesmo, combina o labor asistencial co traballo formativo, desenvolvendo diversos

programas, destinados a educar ás novas xeracións en valores que garantan a igualdade de oportunidades.

## CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE MAOS TRATOS

En Vigo funciona este centro que atende a mulleres de toda a provincia de Pontevedra. Trátase do único centro destas características en toda a provincia, despois do encerramento da Casa de Acollemento de Vigo, e a Casa da Acollemento de Pontevedra.

Este Centro, que fai parte da Rede Galega de acollemento, nace coa finalidade de proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres (e ás súas fillas/os) que se achen inmersas nunha situación de maos tratos, garantíndolles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

De xestión autonómica a cargo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral de Igualdade, 51% das mulleres atendidas son da provincia de Pontevedra, excluíndo Vigo, mentres que desta cidade son o 21% das usuarias. Así todo o Concello de Vigo asume o 88,7% do seu financiamento.

## REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS

Grupo de mulleres veciñais cuxa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres en proceso de consciencialización e ruptura coas situacións derivadas dos maos tratos. Promove actuacións xenéricas de apoio ás vítimas (denuncia, escritos e presenza na midia, rúa, actos públicos,...) e actuacións concretas de atención, información e acompañamento ás vítimas (xuízos, entregas e recollidas de fillos, acompañamento en hospitais ou na policía,...).

## CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER

Servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres adscrito á Concellería de Igualdade, no que se promove unha intervención pluridisciplinar e integral desde unha perspectiva de xénero, desenvolvendo ao mesmo tempo progra-

mas específicos de apoio e atención ás vítimas da violencia. O Centro é atendido por unha equipa de profesionais composta por unha psicóloga, unha avogada, unha traballadora social e unha administrativa. É a vía de entrada á Casa de Acollemento para Mulleres Maltratadas de Vigo, así como ao Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI).

Alén diso existen tamén outras actuacións como o telefone da Muller, servizo de Consulta Xurídica on-line, a Casa das Mulleres ou Puntos de Información sobre servizos específicos para mulleres en materia de formación, traballo e recursos así como información específica ás mulleres vítimas de maos tratos.

# 3. RECURSOS DA INICIATIVA SOCIAL E DAS INSTITUCIÓNS PRIVADAS

### ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO (AFÁN)

**Responsábel:** Hortensia González Fernández (Voluntaria).
**Destinatarios:** Persoas sen ingresos suficientes e necesitados.
**Servizos que presta:**
- Xestiona e resolve problemas ás familias relacionados coa vivenda, despesas de recibos de alugueiros, luz, auga, medicinas, cueiros, etc.
- Cursos de formación para mellorar a capacitación profesional.
- Descarga de mercadorías para a repartición de alimentos (fruta que provén de la UE) pola provincia. A despesa desta actividade afróntase entre todos os centros que se benefician.
- Dúas veces ao mes repártese una bolsa con alimentos de primeira necesidade ás máis de 400 familias (aproximadamente 1.000 persoas)
- Matricúlase a nenos na escola infantil.
- Xestión e asesoramento para solicitude de axudas.

**Instalacións disponíbeis:**
- As actividades principais desenvólvense na asociación Afán, R. Pastora nº 44 de Vigo.
- As actividades de depósito de fruta e repartición a centros no local da R. Carmo de Vigo.
- Os servizos de gardería na escola infantil de Sto. Tomé de Freixeiro na R. Pastora nº 44 de Vigo.

**En funcionamento desde:** 1985.
**Nº de traballadores/as da organización:** Secretario e tesoureiro (voluntarios).
**Nº de socios:** 0.
**Colaboradores (voluntarios):** 2.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 1454 persoas, 400 familias.
Número de persoas atendidas en 2009:

- 1252 persoas (410 familias), sendo case a metade españolas (49,5%), latino-americanas (17,2%), romenas (10,5%), marroquinas (9,8%), portuguesas (9,0%) e africanas (4,1%).
- 222 menores entre 0 e 11 anos (52,4% masculino e 47,6% feminina)
- Pola tipoloxía de familia, na súa maioría trátase de familias de 2 e 3 membros (52,4%), entre 4-6 (32,7%), un só membro (13,2%) e máis de 7 (1,7%).
- Segundo a orixe dos ingresos familiares, destacan as pensións (24,6%), os salarios (21,5%) e prestacións do desemprego (20,7%), RISGA (13,7%), venda ambulante e outras (8,5%) e empregadas domésticas (4,1%). Até 6,7% das familias carece de ingresos.

**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Hai xente que leva desde 1985, e outros dependen da situación, máis o menos en torno de un ano.
**Outra información de interese sobre a organización:** Os recursos que ten a asociación para poder levar adiante a axuda e realización do noso traballo provén de:

- Pequenas doazóns de persoas anónimas.
- Colaboracións pontuais de empresas e entidades privadas realizadas durante campañas da Asociación, de divulgación da súa actividade.
- Convenio de Colaboración co Concello de Vigo.
- Subsidio para manutención da Consellaría de Traballo e Benestar social.

Os nosos labores nesta asociación como voluntario son as que a seguir se detallan:

- Acompañamento e transporte de persoas maiores, doentes ou deficientes, para que realicen as súas xestións nos organismos oficiais, as súas visitas ao doutor.
- Xestiona e resolve na súa maioría, os problemas que podan presentarse ás familias: habitación, despesas derivadas de recibos de alugueiros, luz, auga, medicinas, cueiros, papas,... pois hai que ter en conta que entre esas familias hai 227 nenos en idades comprendidas entre os cero e once anos. Nalgúns casos é necesario envialos ao doutor, colaboración que presta o Dr. Miniño desinteresadamente.

- Axuda a domicilio.
- Cursos de formación para mellorar a capacitación profesional.
- Descarga de mercadorías para a repartición de alimentos. Entre esas descargas encóntrase a fruta que provén da UE. Esta axuda encárgase a asociación AFÁN de a distribuír pola provincia aos xardíns de infancia, parroquias, comedores benéficos, asilos e escolas sen subsidio para comedor. Para esta actividade alúgase unha nave e unha carriña de man de descarga e voluntarios pontuais para iso, afrontándose o seu gasto entre todos os centros beneficiarios.
- Xestión e asesoramento para solicitude de axudas.
- Dúas veces ao mes repártese un saco con alimentos de primeira necesidade ás máis de 410 familias, dentro das cais se poden encontrar persoas de diferentes colectivos sociais, mormente en risco de exclusión social, mulleres maltratadas, estranxeiros sen permiso de residencia… aínda que no último ano ten aumentado o grupo de desempregados sen prestación social, ou que por teren cargas familiares non é suficiente a que receben.
- Realízanse campañas de recolla de alimentos.
- Recóllense as doazóns de alimentos a particulares e empresas. Ao igual que cando hai confiscación de peixe.
- Matricúlase aos nenos en escolas infantís derivados do Concello de Vigo, Cruz Vermella, da Casa de Acollemento.
- Control das familias mediante informes e ficha social con todos os compoñentes da familia, indicando ingresos, despesas e porcentaxe de rendemento per capita e a axuda que se lle está a dar.
- Programa de infancia, acompañamento para nenos que nos derivan os seus pais, pois están sen recursos ben por non teren papeis ou outros problemas específicos, sendo atendidos con alimentación especial, cueiros,…

Los obxectivos destas actividades son:

- Mellorar a calidade de vida.
- Aumentar a súa autoestima.

Programas:

- Programa Repartición de Alimentos: entrega de alimentos básicos a familias. Os beneficiarios selecciónanse previa solicitude. A entrega realízase dúas veces ao mes. A repartición realízase, previa cita, os xoves a partir das 16h.

- Programa de distribución de frutas e hortalizas: Distribución de excedentes de frutas e hortalizas provenientes da UE, a outros centros benéficos rexistrados polo FOGGA, que participan no financiamento do programa. A entrega é realizada en función das necesidades de cada centro, en función do volume de persoas atendidas.
- Programa de Roupeiro: Entrega de roupa para suprir necesidades básicas das familias. Atención de luns a venres a partir das 16h.
- Programa de Vales de Axuda para necesidades básicas: Dirixido a resolver problemas urxentes derivados de recibos de alugueiro, luz, auga, medicamentos, cueiros e alimentación infantil. Cada caso é valorado individualmente. A atención é de luns a venres a partir das 16h.
- Programa Campaña de Nadal: Entrega de xoguetes aos nenos das familias atendidas.

Forma parte da REDEss (Rede Local para a Exclusión Social Severa).
Para o seu financiamento receben subsidios da Xunta de Galicia e Concello.
Para a distribución de alimentos, participan do fondo de alimentos da UE.

### ALBORADA

**Director:** Jesús Cancelo.
**Destinatarios:** Drogodependentes.
**Servizos que presta:** Asistencia, Prevención e Incorporación Social.
**Instalacións disponíbeis:**

- Unidade Asistencial (6).
- Centro de Día.
- Comunidade terapéutica.
- Centro de prevención.
- Acollemento menores.

**En funcionamento desde:** 1982.
**Nº de traballadores da organización:** 55.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** 2.
**Número de persoas que atenden (media anual):**1.600 diferentes ao ano.
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):** Non é centro de emerxencia social.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Páxina web: http://www.alborada.org/

## ALCOÓLICOS ANÓNIMOS

**Destinatarios:** Alcoólicos/as.
**Servizos que presta:** Axuda humana.
**Instalacións disponíbeis:** Un local emprestado pola parroquia.
**En funcionamento desde:** 1999.
**Nº de traballadores da organización:** 5 servidores voluntarios.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** 5.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 200 persoas.
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):** Non.
**Outra información de interese sobre a organización:**

- Si coñecen alguén que teña intención de deixar de beber, chamen a un número de telefone atendido todo o día (646 645 119).
- Os últimos sábados de cada mes celebramos reunións abertas para calquera persoa que estea interesada.
- Inverno: 18.30 horas.
- Verán: 20:00 horas

Alcoólicos Anónimos (AA) é unha Comunidade mundial de homes e mulleres que se axudan uns aos outros a manter a súa sobriedade e que compartillan libremente a experiencia da súa recuperación con outros que poden ter problemas coa bebida.
A Comunidade funciona através de máis de 96.000 grupos locais en 151 países. Varios centos de millares de alcoólicos obtiveran a súa sobriedade en AA, no entanto, os membros reparan que o programa non sempre é eficaz para todos os alcoólicos e que algúns poden precisar o asesoramento ou tratamento profesional.
AA interésase exclusivamente coa recuperación e a sobriedade continuada dos alcoólicos individuais que recorren á Comunidade para obter axuda. O movemento non participa na investigación do alcoolismo nen no tratamento médico ou psiquiátrico, e non apoia calquera causa. O movemento adoptou unha política de “cooperación mais non filiación” con outras organizacións interesadas no problema do alcoolismo.
AA automantense por medio dos seus membros e non aceita contributos de fontes alleas. Os membros de AA manteñen o seu anonimato persoal en nível de imprensa, cinema, radio, TV e resto de medios de comunicación social.

Segundo AA, o alcoolismo é unha doenza progresiva tanto espiritual e emocional/mental como física. Todos os alcoólicos que coñecemos parecen ter perdido o poder de controlar a súa forma de beber.

AA pode definirse como un método para tratar o alcoolismo mediante o cal os membros apóianse uns nos outros, compartillando entre si as súas experiencias semellantes de sofremento e de recuperación da doenza do alcoolismo.

A unidade básica de AA é o grupo local (do barrio ou da cidade), o cal é autónomo salvo nos asuntos que podan afectar a outros grupos de AA ou á Comunidade na súa totalidade. Nengún grupo ten poder sobre os seus membros.

Entre os máis de 380 grupos existentes en España (1994), algúns están a funcionar en centros de tratamento e institucións correccionais. Normalmente os grupos son democráticos e servidos por un "comité directivo" de curto tempo de duración. Así, nengún grupo ten líderes permanentes.

Cada grupo celebra regularmente as súas reunións, nas cais os membros relátanse mutuamente as súas experiencias, xeralmente relacionadas cos Doce Pasos suxeridos para a recuperación, e coas Doce Tradicións suxeridas para as relacións dentro da Asociación e coa comunidade non AA.

Calquera persoa que achar ter un problema coa bebida é benvinda ás reunións de AA. Tórnanse membros só con decidir selo.

Na maioría das grandes áreas urbanas existe un escritorio central de AA que poderá responder as súas dúbidas ou contactar con membros de AA.

Igualmente, pódese contactar co Escritorio do Servizo Xeral de AA, escritorio que funciona como centro de información de AA. Está sob a dirección da Xunta de Servizos Xerais de AA, composta por alcoólicos recuperados e por non alcoólicos. Nen o Escritorio nen a Xunta teñen "autoridade" sobre os membros ou grupos de AA. Ambas son responsábeis perante os grupos e informan anualmente perante a Conferencia do Servizo Xeral, integrada nas súas dúas terceiras partes polos delegados procedentes de cada unha das áreas en que está estruturada a Comunidade de AA en España.

Os membros de AA axudan a calquera alcoólico que demonstre interese en permanecer sobrio. Os membros de AA poden dirixirse aos alcoólicos que desexan ser axudados, aínda que creen que este pedido de axuda debe saír do propio alcoólico.

Poden axudar a facer os trámites para a hospitalización. Os escritorios locais de AA amiúde saben que hospitais ofrecen tratamento para o alcoolismo, aínda que AA non está filiada a calquera institución de tratamento.

Os membros de AA están prontos a compartillar as súas experiencias con calquera persoa que estea interesada, en conversas informais ou en reunións formais.

AA non trata de recrutar membros nen persuadir a ninguén para que se adhira a AA, non mantén arquivos nen historiais clínicos, non fai parte en investigacións nen as patrocina, non se une a "consellos" de axencias sociais, aínda que os membros, os grupos e os escritorios centrais cooperan amiúde con elas, non fai acompañamento dos seus membros, non lles vixía para comprobar que non beben, non fai diagnósticos nen prognósticos médicos ou psicolóxicos, non proporciona servizos de desintoxicación nen de enfermaría, nen hospitalización, medicinas, nen tratamento médico ou psiquiátrico, non ofrece servizos relixiosos, non se mistura en educación nen en propaganda sobre o álcool, non ofrece servizos de asistencia social, non fornece aloxamento, comida, traballo ou diñeiro (aínda que si axuda aos alcoólicos a se manteren sobrios para que podan conseguir estas cousas por si mesmos), non proporciona asesoramento profesional nen doméstico, non aceita diñeiro de fontes alleas, quer públicas, quer privadas e, finalmente, non proporciona certificacións nen cartas de recomendación a órganos penitenciarios de liberdade condicional, autoridades xudiciais, empresas, institucións sociais,...

Páxina web: www.alcoholicos-anonimos.org/

### ASVIDAL

**Responsábel:** Carmen Guimeráns Freijeiro.
**Destinatarios:** Álcool e outras dependencias legais.
**Servizos que presta:** Asistencia, Prevención e Incorporación.
**Instalacións disponíbeis:** Consultorios individuais. Unidade de Tratamento en R. Escultor Gregorio Fernández, 8 baixo de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1983.
**Nº de traballadores/as da organización:** 6.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** Non.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 900.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Non.
**Outra información de interese sobre a organización:**

- Persoal formado por dúas psicólogas clínicas, 1 médico, 2 traballadoras sociais e 1 administrativo. Financiamento através de Convenio con Saúde Mental da Xunta de Galicia e un Programa de emprego para inserción

través do Plano de Inclusión Social de Galicia. En diversos estudos chegaron á conclusión de que aproximadamente a metade das persoas en exclusión social son alcoólicas.

- Para o seu financiamento establecen convenio coa Consellería de Sanidade e subsidios municipais.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, son alcoólicos aqueles bebedores excesivos cuxa dependencia do álcool alcanza tal grao que dese lugar a claros trastornos psíquicos, complicacións somáticas ou a conflitos nas súas relacións interpersoais ou nas súas funcións sociais e laborais.

Non todos os alcoólicos teñen os mesmos trazos: certos alcoólicos beben todos os días e outros de forma episódica. Algúns en gran cantidade, mentres que outros beben moi pouco.

Existen dificuldades para iniciar un tratamento, xa que o alcohólico está atrapado pola súa propia crenza de que se o tenta conseguirá atopar unha forma de controlarse e gozar da bebida.

Importante: O consumo de álcool é un uso común en máis do 96% da poboación. En Galicia a porcentaxe de suxeitos bebedores de risco oscila entre 7 e 12%. Galicia confírmase como unha zona de elevado consumo dentro do Estado español. Despois do País Basco, é Vigo e a súa área onde maior consumo de álcool se rexistra.

A Asociación Viguesa de Alcooloxía, nacida en xullo do ano 1983, é unha entidade privada, con carácter altruísta e sen fins lucrativos.

Obxectivos:

- Diagnóstico e tratamento do doente alcoólico.
- Programas de rehabilitación e integración social.
- Coordenación de actividades preventivas na zona.
- Conexión e facilitación de asistencia hospitalaria.
- Actividades de investigación e docencia.

Medios:

- Unidade asistencial.
- Talleres ocupacionais.
- Equipo multidisciplinar: Psicólogos, médicos, asistentes sociais, monitora de ocupación e profesora de adultos.

Páxina web: www.alcoholasvidal.com

## ASOCIACIÓN DE AXUDA Á VIDA AYUVI-PROVIDA

**Presidenta:** Adoración Palacián.
**Destinatarios:** Nais xestantes ou lactentes nenos con menores de 3 anos.
**Servizos que presta:**

- Acoller a nais.
- Atención personalizada de cada caso.
- Proxecto intervención e informe social.
- Información de prestacións e recursos
- Apoio social, psicolóxico e legal.
- Coidado de nenos.
- Cursos e Formación
- Acompañamento
- Necesidades básicas (alimentación).
- Obradoiros preparación laboral.
- Axuda integración social e laboral.

**Instalacións disponíbeis:** Sede social en Ramón Nieto, nº 403 (Vigo)
**En funcionamento desde:** 1995.
**Nº de traballadores/as da organización:** 2.
**Nº de socios:** aprox. 60.
**Colaboradores (voluntarios):** 57.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 200.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** 3 ou 4 anos.
**Outra información de interese sobre a organización:**

- Formación laboral e social e a ser nais.
- Cada ano concorren ás convocatorias de convenios e subsidios.

Proxectos da organización:

- Formación continua: Dirixido a asesorar e formar ás nais en relación aos seus fillos mediante charlas formativas a cargo dun psicólogo (frecuencia semanal), unha parteira, un pediatra e unha terapeuta e coach (frecuencia mensal).
- Curso servizo de axuda a domicilio: Técnicas para o coidado de persoas dependentes, tres horas semanais ofrecido entre febreiro e abril na sede da asociación.

Convenios coa Deputación Provincial de Pontevedra:

- Creando Vida: dirixido a acoller, apoiar e dar seguimento personalizado ás nais xestantes a cargo da equipa de traballadores sociais de AYUVI.

- Pensa en Ti: Servizo de camareira de piso que realiza tarefas de limpeza e atención de clientes en espazos hostaleiros. Realizado en tres horas semanais entre os meses de maio e xullo.

Convenios coa Xunta de Galicia:

- Ilusiónate: Curso de técnicas de patronaxe para a creación de pezas de vestir financiado polo Servizo Galego de Igualdade. Realizado nas instalacións do Taller Fundación Nazaré, tres horas semanais entre os meses de maio e xullo.
- Curso para o autoemprego: Curso de aprendizado de todo tipo de arranxos en pezas de vestir. Realizado entre os meses de outubro e novembro (tres horas semanais) no Taller da Fundación Nazaré.

Convenios coa Concellaría de Benestar Social:

- Cursos de iniciación á costura: tres horas semanais entre os meses de outubro e novembro coa colaboración do Taller Fundación Nazaré.

Páxina web: www.provida.es

### CÁRITAS

**Secretaria Xeral:** Marta Alonso Lamberti.
**Destinatarios:** Todas as persoas que teñen necesidade.
**Servizos que presta:**
Asignación comunitaria:

- Formación.
- Coordenación-colaboración.
- Cooperación Internacional.
- Acollemento.
- Saúde.
- Asesoría legal e defensa.
- Apoio psicolóxico xeral.
- Educación social.
- Escola infantil.
- Centro de atención de día.

**Instalacións disponíbeis:**

- Local (2).
- Xardín de infancia.
- Piso.
- Cáritas en parroquias.

**En funcionamento desde:** 1970.
**Nº de traballadores/as da organización:** 28.
**Nº de socios:** 294.
**Colaboradores (voluntarios):** 533.
**Número de persoas que atenden (media anual):**
Segundo dados da Memoria 2009, referidos ao ano 2008 as persoas atendidas, por programas, foron as seguintes:

- Programa de acollemento e asistencia: 527 persoas pertencentes a 478 familias (50,7% novas), 69,1% delas mulleres soas ou con fillos. 29 persoas sen abrigo (69% homes)
- Programa de orientación laboral e emprego: Na área de orientación foron atendidas 612 persoas, das cais 53,9% mulleres e 58% inmigrantes. Participaron até 46 persoas nos obradoiros e cursos organizados pola área de formación.
- Programa de saúde e VIH: Foron atendidas 83 persoas (67,5% con VIH e o resto con problemas de drogodependencias e saúde mental). Un total de 50 persoas receberon o servizo da axuda a domicilio. O Grupo de autoapoio atendeu 18 persoas.
- Programa de inmigrantes: Foron atendidas 444 persoas, dos cais 58,1% mulleres, 32,2% en situación de irregularidade administrativa, 61,5% orixinarios de países latino-americanos e 16% da África.
- Abranxendo todas as parroquias atenden aproximadamente a 5000 persoas.

**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** 6 meses (Externos).
**Outra información de interese sobre a organización:**
Traballan con proxectos, de tal maneira que cada persoa trae o seu, sendo revisado semanalmente ou a cada 15 días. Nunca dan nada sen un proxecto.
Programas:

- Programa de acollemento e asistencia: Este programa acolle, informa, orienta, asesora e apoia aos usuarios que acoden con algunha demanda, implicándoos na resolución dos seus propios problemas e acompañándoos no seu proceso de inserción. É un programa aberto a calquera persoa que tenta dar resposta ás demandas máis prioritarias através da coordenación coas distintas Cáritas parroquiais, os servizos sociais de atención primaria do Concello e con outras entidades sociais.
- Programa de animación comunitaria e voluntariado: Este programa traballa na sensibilización, dinamización e consciencialización social da comunidade, con campañas informativas e de difusión do voluntariado, forma-

ción dos traballadores/as e voluntarios/as e participación na Rede Social Galicia-Sul.

- Programa de Orientación laboral e emprego: Ofrece un servizo de información, orientación, consello, formación adaptada e bolsa de emprego. Realízase acompañamento e seguimento do caso.
- Programa de saúde e VIH: Dirixido a prestar unha atención integral a persoas afectadas polo VIH, drogodependencias ou problemas de saúde mental en situación de exclusión social.
- Programa de inmigrantes: Proporciona actuacións de integración para suprir as necesidades deste colectivo da poboación partindo do principio de interculturalidade. Préstase un servizo de atención, información e acollemento. Dispón de 15 vagas en pisos de acollemento.
- Programas de atención e acollemento nas Cáritas parroquiais: Programa de carácter autónomo constituído polas 62 equipas de Cáritas Parroquiais. Cada unha destas equipas traballa dependendo dos seus recursos humanos e económicos, da realidade social e a problemática específica da súa contorna. En xeral, teñen un horario de atención para realizar o acollemento do caso, mediante unha entrevista de valoración na que se recolle a documentación requirida, ábrese unha ficha de seguimento,... A maior parte das intervencións están dirixidas a satisfacer necesidades básicas (alimentación, roupa, despesas de vivenda, abastecementos,...). O financiamento é realizado a partir dos fondos propios de cada parroquia. Cando os casos excederen a capacidade de resposta da equipa parroquial, son derivados aos servizos centrais de Cáritas Diocesana onde son atendidos pola súa equipa técnica.
- Concorren ás axudas convocadas pola Deputación Provincial.
- Existe un convenio coa Xunta en temas de migracións.
- Co Fondo Social Europeo establece convenios para emprego e cursos de formación.

| Barrio/Parroquia | Cáritas Parroquial |
|---|---|
| Coia | Nosa Señora do Rocío |
| | San Martiño de Coia |
| | O Cristo da Vitoria |
| Teis | Nosa Señora das Neves |
| Balaídos | Santa Marta |
| Feliciano Rolán | Nosa Señora da Soidade |
| San Roque | San Paulo |
| Paseo Padre Lorenzo | Nosa Sra. do Carmo |

| | |
|---|---|
| Camelias | A Sagrada Familia |
| Matamá | San Pedro de Matamá |
| Ramón Nieto | Santa Teresa de Xesús |
| | Santa Clara |
| Oia | San Miguel de Oia |
| Casco Vello | Sta. María de Vigo - Colexiata |
| | San Francisco de Asís |
| Coruxo | San Salvador de Coruxo |
| Centro | María Auxiliadora |
| | María Nai do Bo Pastor |
| | O Sagrado Corazón de Xesús |
| | Nosa Señora de Fátima |
| | O Corazón Inmaculado de María |
| | Santiago o Maior |
| Comesaña | San Andrés de Comesaña |
| Sárdoma | San Pedro de Sárdoma |
| Navia | San Paio de Navia |
| Florida | San Antón da Florida |
| Calvario | A Inmaculada Concepción de Santa María |
| | Nosa Señora da Paz |
| Poulo | San Xoán Bautista |
| Lavadores | Santa Cristina de Lavadores |

Membro da REDEss.
Páxina web: www.caritastui-vigo.org

### SINDICATO COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

**Responsábel:** José Cameselle Romero.
**Destinatarios:** Atención sindical, asesoramento xurídico-laboral.
**Servizos que presta:** Orientación, información, Asesoramento lexislación estranxeiría.
**Instalacións disponíbeis:** Sede CCOO de 1900 m2.
**En funcionamento desde:** 1977.
**Nº de traballadores da organización:** 16.
**Nº de socios:** 15.556.
**Colaboradores (voluntarios):** 310.
**Número de persoas que atenden (media anual):** sobre 20.000 anuais.
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):** 1/5 hora.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Páxina web: www.galicia.ccoo.es

## FUNDACIÓN CASA DA CARIDADE DE VIGO – FOGAR SAN XOSÉ (COMEDOR DA ESPERANZA)

**Directora:** Mª Angeles Oviedo Vidal.
**Coordenadora:** Milagros de la Fuente Tascón.
**Destinatarios:** Persoas adultas de ambos sexos.
**Servizos que presta:**

- Comidas de luns a sábado en horario de 12:30
- Domingos e feriados (sacos): bocadillo, frutas, bolachas, queixo,...

**Instalacións disponíbeis:**

- Posibilidade de ducha a partir das 10:30 horas.
- Repartición de roupa 2 días á semana: luns e mércores a partir das 17:00 h.
- Comedor con capacidade para 60 vagas.
- Estase a habilitar comedor e casa de baño adaptados para persoas con deficiencias.
- Roupeiro.

**En funcionamento desde:** 26 de novembro de 1985.
**Nº de traballadores da organización:** 58.
**Nº de socios:** Non existe, conta con moitos benfeitores que cooperan en diñeiro vivo e especialmente en especies.
**Colaboradores (voluntarios):** 30 (máis 5 cada día).
**Número de persoas que atenden (media anual):**
Como referencia no ano 2010, 36.745, isto é, unha media diaria de 70-115 persoas.
**Outra información que sexa de interese sobre da organización:**

- Os servizos de comedor e repartición de comida realízanse co acompañamento de dous axentes da Policía Local no exterior.
- Teñen solicitado o permiso de inicio de actividade.
- Receben a axuda da Concellaría de Benestar Social.
- É membro da REDEss.

Programas:

- Programa Comedor da Esperanza: Servizo de comedor todos os días do ano, de luns a domingos a partir das 12:30h (non serven almorzos nen ceas). Os domingos entregan un saco individual con dous sandes, fruta,...
- Programa de roupeiro: Dirixido a proporcionar roupa ás persoas que a necesitan. Atención os luns e mércores a partir das 17h.
- Programa de duchas: Dirixido a facilitar a hixiene básica. Proporciónanse esponxas descartábeis, toallas,... Dispoñíbel luns e mércores a partir das 11h.

- Outros: Axudar e informar ás persoas transeúntes.

Páxina web: http://hijascaridad.org

### CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

**Responsábel:** Serafín Otero Fernández.
**Destinatarios:** Traballadores/as e desempregados/as.
**Servizos que presta:** Asesoramento laboral e a inmigrantes.
**Instalacións disponíbeis:** 2800 metros cadrados en Gregorio Espino e 4000 no centro deformación da Av. do Aeroporto.
**En funcionamento desde:** Desde hai 35 anos.
**Nº de traballadores/as da organización:** 40.
**Nº de socios:** 23.200 filiados.
**Número de persoas que atenden (media anual):** aprox. 60.000.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Destacar a nosa preocupación e colaboración co pobo saariano ao que axudamos con colectas e préstamo de instalacións para actos na súa defensa. Tamén colaboramos con entidades de combate á pobreza, incluíndo recolla de alimentos.
Páxina web: www.galizacig.com

### CRUZ VERMELLA

**Responsábel:** Juan Carlos Pérez Santiago.
**Destinatarios:** Persoas sen abrigo, inmigrantes, persoas de difícil empregabilidade.
**Servizos que presta:** Proxecto de atención a persoas sen abrigo: acompañamento, obradoiros de habilidades sociais, sistema de bolsas e axudas, actividades educativas e de rúa.
Inmigrantes:

- Proxecto de emprego: Formación laboral, orientación, información, intermediación con empresas e inserción laboral.
- Proxecto de acollemento: Información sobre os recursos da cidade, asesoramento legal.

Persoas de difícil empregabilidade:

- Servizo de mediación social-laboral: orientación, formación, inserción, intermediación con empresas.
- Espazo de procura activa de emprego: Internet, preparación de currículo, chamadas a ofertas de traballo.

**Instalacións disponíbeis:**

- Rúa Ecuador, 16 de Vigo.
- Antigo hospital de Cánovas del Castillo.
- Un centro de día para persoas maiores.

**En funcionamento desde:** 1987.
**Nº de traballadores da organización:** 9.
**Nº de socios:** 4.000.
**Colaboradores (voluntarios):** 350.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 8700 persoas (1700 persoas distintas en temas sociais). (7.000 en praias).
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):** Non.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Programas:

- Programa de atención a persoas sen abrigo: Dirixido a mellorar a situación das persoas sen abrigo desde unha perspectiva de atención integral, promovendo que o suxeito sexa axente activo do seu propio cambio e/ou desenvolvemento, mediante a detección das necesidades de intervención, o asesoramento individualizado, a derivación para o recurso máis adecuado, o seguimento, a coordenación permanente cos centros e servizos da rede social e sanitaria e a oferta de actividades educativas e de lecer. Trabállanse as áreas socio-educativa, formativo-ocupacional, lecer e tempo libre, educación para a saúde, emprego, capacitación profesional e habilitacións laborais.
- Programa Plano de Emprego para colectivos vulnerábeis: Destinado a promover a inserción no mercado laboral das persoas emigrantes desfavorecidas e a integración socio-laboral das persoas vulnerábeis con dificuldades para o acceso ao mercado laboral mediante itinerarios personalizados de inserción, intermediación laboral, orientación laboral, formación pré-laboral, capacitación laboral e xestión de ofertas de emprego. Ligados a este programa desenvólvense os proxectos Interlabora, o Servizo de Mediación Sociolaboral e o Espazo de Procura Activa de Emprego.

Establecen convenios co Fondo Social Europeo e coas administracións públicas.
Conta con edificio propio.
Membro de la REDEss.
Páxina web: www.cruzroja.es

## ASOCIACIÓN AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA

**Xerente:** Juan M.  Adá Vázquez.
**Destinatarios:** Persoas con doenza mental crónica.
**Servizos que presta:**
Centros de Rehabilitación Psicosocial y Laboral (CRPL).
Pisos protexidos.
**Instalacións disponíbeis:**
2 centros de rehabilitación Psicosocial e laboral.
7 pisos.
**En funcionamento desde:** 1987.
**Nº de traballadores/as da organización:** 19.
**Nº de socios:** 360.
**Colaboradores (voluntarios):** 2.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 68 (rehabilitación), 34 (pisos), 19 (vagas sen concerto), 6 (atención domiciliaria).
Vagas concertadas: 27.
Usuarios ocio: aprox 20.
**Outra información de interese sobre a organización:**
O Concello de Vigo cedeulles o local e teñen lista de espera para os seus servizos.
Establecen convenios co Concello, Deputación Provincial e Xunta (Sergas).
Páxina web: www.asodoa.org

## EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL

**Responsábel:** Juncal Blanco.
**Destinatarios:** Persoas en risco de exclusión social.
**Servizos que presta:**
- Proxectos de acompañamento social.
- Melloría de competencias.
- Formación.
- Acollemento e inserción.

**Instalacións disponíbeis:**
200 $m^2$ de escritorios, salas de aulas  e gabinetes na R. Ronda Don Bosco, 9 portal 2 interior, 36202 de Vigo.
Xestión piso do Concello.
**En funcionamento desde:** 2006.

**Nº de traballadores da organización:** 7.
**Nº de socios:** Non hai (Padroado da Fundación).
**Colaboradores (voluntarios):** 5.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 100/120.
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):**

- En piso de 6 meses a 1 ano.
- Indefinido como Apoio e Inclusión social.

**Outra información de interese sobre a organización:**
Organización creada no País Basco.
Fai parte da REDEss.
Non aceitan doazóns e si prestacións de servizo.
Teñen establecido un convenio co Concello de Vigo e coa Xunta de Galicia para programas específicos.
Programas:

- Programa Tesela de dinamización de competencias sociopersoais e acompañamento social: Dirixido a facilitar a inclusión socio-laboral a persoas en situación e/ou risco de exclusión social mediante o desenvolvemento das competencias socio-persoais e hábitos pré-laborais. Inclúe itinerarios formativos e tutorías individuais coa posibilidade de prácticas en empresas.
- Programa Rol para a inserción social e empoderamento de persoas en situación de risco de exclusión social: Procura contribuír para a promoción e inserción social das persoas afectadas por diferentes formas de exclusión, fomentando a adquisición de maiores níveis de autonomía persoal e a capacidade de participación no medio social. Promóvese o adestramento das actividades da vida diaria para aumentar a autonomía persoal mediante a simulación dunha actividade produtiva e o desempeño de diferentes papeis. Facilítase orientación e acompañamento, en coordenación coa rede de servizos sociais municipais e outros axentes de intervención social.
- Programa Vía de transición á Vida Autónoma: Programa de carácter residencial que visa promover a inclusión social mediante unha estrutura convivencial, estábel, normalizada e integrada na comunidade, o adestramento e mellоría das competencias persoais e sociais básicas para as actividades da vida diaria, o desenvolvemento de itinerarios de inserción personalizados, o apoio profesional e o acompañamento activo.

Páxina web: www.emaus.com

## FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

**Responsábel:** Elvira Rivas Gómez.
**Destinatarios:** Drogodependentes e familias.
**Servizos que presta:**
SIORT:

- Servizo de información e orientación xurídica a persoas con problemas de drogodependencias.
- Programas de intervención en centros penitenciarios.

PFIS (Programa de Formación e Integración Social):

- Prevención. En centros educativos con menores. Obradoiros de pais e, as veces, con profesores.
- Programa de respiro familiar: para familias do entorno, co obxecto de que podan integrarse con outras persoas do barrio.

*TRES VIVENDAS DE APOIO AO TRATAMENTO.*
**Instalacións disponíbeis:** Tres vivendas e un local. Sede na Av. Martínez Garrido, 21 (interior), 36205 Vigo.
**En funcionamento desde:** 1985.
**Nº de traballadores da organización:** 21.
**Nº de socios:** 190.
**Colaboradores (voluntarios):** 2.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 700 e en prevención 1.125.
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):**

- En pisos 1 ano.
- No SIORT 6 meses.

**Outra información de interese sobre a organización:**
Páxina web: www.fundacionerguete.org

## ASOCIACIÓN FARAXA

**Responsábel:** Carmen Lago.
**Destinatarios:** Persoas prostituídas e mulleres inmigrantes.
**Servizos que presta:** Centro de día e unidade móbil.
**Instalacións disponíbeis:** Centro de día na R. Ronda de Don Bosco, 18 de Vigo.
**En funcionamento desde:** maio 2009.
**Nº de traballadores da organización:** 2.
**Nº de socios:** 53.

**Colaboradores (voluntarios):** 7.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 700.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Esta asociación emerxeu a partir dun grupo interdisciplinar de profesionais para dar cobertura ás mulleres que exercen a prostitución, un dos colectivos máis discriminados e esquecidos pola sociedade.
Obxectivo:
Dar cobertura asistencial a colectivos en risco de exclusión social, actuando sobre tres liñas prioritarias: mulleres inmigrantes, prostitución e mocidade.
Instalacións:
No ámbito sanitario, e coa axuda dunha unidade móbil, percorren os centros de prostitución ofrecendo información e asesoramento socio-sanitario "in situ" para a prevención de infeccións de transmisión sexual e condutas sexuais de risco.
No plano social e en coordenación coa rede de servizos sociais de atención primaria preténdese a integración socio-laboral das persoas que exercen a prostitución através de asesoramento xurídico, social, laboral e psicolóxico.
Finalmente, no ámbito educativo traballan para educar e sensibilizar á poboación en xeral por medio de seminarios formativos a fin de previr condutas de risco e educar en igualdade.
Para dar a coñecer as súas actividades anualmente celebra unha xornada de portas abertas.
Convenio anual coa Xunta de Galicia e concorren a subsidios de determinados proxectos.
Páxina web: www.actiweb.es/asociacionfaraxa/

### FASE DE ENCONTRO

**Responsábel:** José Angel Liñares.
**Destinatarios:** Enfermos VIH.
**Servizos que presta:** Coidado Integral.
**Instalacións disponíbeis:** Casa de Acollemento. Sede en Cño. Cortiñas, 7 Lavadores-Vigo.
**En funcionamento desde:** 1995.
**Nº de traballadores da organización:** 6.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** 3.

**Número de persoas que atenden (media anual):** aprox. 10 persoas.
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):** Non se pode medir.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Concorren a convocatorias de subvencións anuais ou convenios, fundamentalmente da Xunta de Galicia.

### FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO

**Responsábel:** María Pérez González.
**Destinatarios:** 30.000 persoas.
**Servizos que presta:** Asesoramento sobre os problemas colectivos da veciñanza e o funcionamento das asociacións, consultas como problemas urbanismo, ambientais, servizos sociais, consulta problemas privados veciñanza, como conflictos comunidades de veciños, vivenda, igualdade, asesoramento legal,... e sobre os dereitos da cidadanía ante os poderes públicos.
**Instalacións disponíbeis:** Local sito na Praza da Princesa, 7-2º, de Vigo.
**En funcionamento desde:** Finais de abril do ano 1987.
**Nº de traballadores/as da organización:** 0.
**Nº de socios:** 35 asociacións veciñais asociadas.
**Colaboradores (voluntarios):** 10 persoas.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 100.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Páxina web: www.eduardochao.org

### FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR

**Responsables:** Noelia Soto Solana e Juan José Pino Bañón.
**Destinatarios:** Persoas inmigrantes.
**Servizos que presta:** Proxecto centro intercultural social e laboral.
**Instalacións disponíbeis:** Centro de atención a inmigrantes.
**En funcionamento desde:** 2005.
**Nº de traballadores/as da organización:** 5.
**Colaboradores (voluntarios):** 24.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 950.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Proxecto Teranga, pertencente á Fundación Juan Soñador cofinanciado pola Obra Social de Novacaixagalicia.

Centro de apoio dirixido á orientación social, xurídica e laboral aos inmigrantes.
Entre os seus servizos figuran aulas de español.
Concorren ás convocatorias de axudas institucionais en nível estatal e local.
Esta Fundación salesiana conta con centros en León, Asturias e Galicia.
Páxina web: www.fundacionjuans.org

### FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS

**Presidenta:** Victoria Sanmartín.
**Destinatarios:** O cuarto mundo, isto é, os pobres próximos do noso país.
**Servizos que presta:**
O Banco de Alimentos é unha institución sen ánimo de lucro que busca alimentos gratuítos, almacénaos, clasifica e logo distribúe a Centros Asistenciais que teñan como fin proporcionar axuda aos necesitados e teñan asinado un convenio co Banco. Abranxe tanto a centros oficiais como privados, relixiosos ou leigos, isto é, calquera Centro, con tal que atenda dignamente aos necesitados. Non entrega nunca alimentos a particulares. Tamén non ao Terceiro Mundo, xa que axudamos a quen está ao noso lado, na nosa cidade ou na nosa provincia. Somente en casos excepcionais de catástrofes enviamos alimentos a calquera punto de España, por medio do Banco de Alimentos máis próximo ao lugar da desgraza.
**Instalacións disponíbeis:** Baixo na rúa Pino, nº 38 de Vigo.
**En funcionamento desde:** O Banco de Alimentos de Vigo creouse en xaneiro de 1995 para suprir as necesidades da provincia de Pontevedra, aínda que as súas actividades non se iniciaron até xuño do mesmo ano, en que atenderon a 25 Centros e Asociacións repartindo 35 toneladas de alimentos.
**Nº de traballadores de la organización:** 1 administrativa.
**Nº de socios:** 39.
**Colaboradores (voluntarios):** 25 .
**Número de persoas que atenden (media anual):** Repártense máis de 12.000 racións de alimentos aos Centros Asistenciais.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Non procede.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Os Bancos de Alimentos (BA) comezaron nos EUA no ano 1964 para aproveitar alimentos non comercializábeis mais si eran aptos para o consumo (os próximos á súa data de validade, excedentes de produción, con fallas de etiquetaxe ou de presentación,...). O fin dos BA é facer chegar estes alimentos ás persoas carenciadas.

O primeiro na Europa ábrese en París en 1984 e, en España, en 1987 en Barcelona. En 1993 constitúese en Madrid a Fundación de Bancos de Alimentos de España que promove a aparición doutros novos BA en todo o estado. En 1997 dita Fundación e 32 Bancos de Alimentos existentes entón reúnense para constituía a Federación Española de Bancos de Alimentos. Esta Federación é membro da Federación Europea de Bancos de Alimentos, sediada en París.

Os BA funcionan en todo o mundo. Na actualidade hai máis de 500 Bancos no mundo. En España existe un en cada provincia que atende, de modo autónomo, as necesidades da súa cidadanía.

É preciso insistir ás empresas distribuidoras de alimentos perecedouros que existe un Banco de Alimentos que pode entregalos aos necesitados, cando estea cerca ao final da súa comercialización (validade). Alén diso, ao ser unha Fundación podemos emitir certificados a ditas empresas que nos entreguen produtos comercializábeis ou non, obtendo unha dedución fiscal importante (35%). Pedir a calquera empresa que contribúa materialmente, mensal, trimestral ou anualmente. Deste modo pódense adquirir alimentos que estean en défice. Ao mesmo tempo aplicaríase a mesma dedución fiscal do 35%.

Integrado no proxecto REDEss promovido pola Concellaría de Benestar Social.

Non teñen convenios específicos coas administracións, aínda que receben pequenos subsidios por parte da Xunta, Deputación provincial e Concello.

Páxina web: http://bancodealimentos.devigo.org

### HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES

**Responsábel:** Hno. José Antonio Donaire.
**Destinatarios:** Homes e mulleres maiores de idade.
**Servizos que presta:** Acollemento integral (Residencial e Técnico).
**Instalacións disponíbeis:**

- Casa de Acollemento.
- Albergue.
- Vivenda compartillada.

**En funcionamento desde:** 1961.
**Nº de traballadores da organización:** 30.
**Nº de socios:** aprox. 300.
**Colaboradores (voluntarios):** aprox. 20.

**Número de persoas que atenden (media anual):** 2.000.

**Outra información de interese sobre a organización:**

- Casa de Acollemento: 154 vagas de longa estancia.
- Equipa Técnica para integración.
- Albergue homes: 38 camas, 10 noites ao mes.
- Albergue mulleres: 15 camas.
- Vivenda compartillada para ex-toxicómanos (12 vagas).

Programas:

- Programa Casa de Repouso “A Nosa Señora da Saúde”: Casa de acollemento para homes de 18-65 anos, con recursos económicos insuficientes, cunha doenza física e/ou psíquica, con deficiencia leve ou moderada, problemas de dependencia de álcool e problemas de autoxestión de medicación pautada. Proporciona aloxamento en rexime de pensión completa (almorzo, xantar e cea) así como servizos de lavaxe, roupeiro e barbearía. Dispón de atención sanitaria á demanda (un médico localizado, dúas enfermeiras, unha supervisora e tres auxiliares de clínica), psicolóxica e social (un animador social e unha educadora social). A teor dun convenio co SERGAS o centro fornécese dos fármacos precisos e conta cun farmacéutico unha vez á semana. Existen tamén talleres ocupacionais e actividades lúdicas así como servizo de orientación laboral e itinerarios de inserción. Conta con 154 vagas residenciais asistidas por persoal técnico e voluntarios. Sistema de copagamento. Desde o ano 2008 o seu nível de ocupación é practicamente total de forma que en ocasións, por falta de vagas, algúns usuarios teñen que durmir en cadeiras habilitadas.
- Programa Albergue “A Nosa Señora da Saúde”: Dirixido a dar aloxamento en rexime de media pensión (almorzo e cea) para homes e mulleres maiores de 18 anos sen recursos económicos. O tempo de permanencia é limitado a un máximo de 10 días ao mes con posibilidade de prorrogación en casos excepcionais. Conta con servizo de lavandaría, roupeiro, barbearía a demanda así como atención sanitaria e social. O número de vagas é 50 (38 para homes e 12 para mulleres). A maioría dos seus usuarios (71%) son españois.

  As vagas para mulleres están dirixidas para persoas sen lar e que responden a un perfil dunha complexa problemática social e familiar (prostitución, drogadicción, violencia de xénero, explotación,...). O seu ingreso en rexime de albergue é por unha duración de 10 noites podendo, a diferenza dos homes, gozar dun réxime residencial comparábel aos dos internos

da Casa de Repouso se ao final dese período se valorar a necesidade de prorrogar a súa estancia.

- Programa Casa da Esperanza: Casa de acollemento para apoio a procesos terapéuticos. Dirixido para homes de 18-65 anos con recursos económicos insuficientes, drogodependentes con adecuada adherencia aos tratamentos. Aloxamento en rexime de pensión completa, lavaxe, roupeiro e barbearía, conta con atención sanitaria, psicolóxica e social. Talleres ocupacionais e actividades lúdicas. Orientación laboral e itinerarios de inserción. Dispón de 12 vagas, asistidas por persoal técnico e voluntarios. Sistema de copagamento.

Forma parte de la REDEss.
Páxina web: www.hermanosmisioneros.org

## FOGAR SANTA ISABEL

**Responsábel:** Pilar Hoyos Ibañez.
**Destinatarios:** Mulleres preñadas ou con fillos menores de dous anos en situación de risco social.
**Servizos que presta:**

- Casa de Acollemento.
- Atención residencial.
- Orientación e apoio.
- Escola infantil.
- Itinerario personalizado de inserción social.

**Instalacións disponíbeis:** Residencia e xardín infantil. Sede en la R. Dr. Corbal, 33 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1975 (escola infantil desde 1979)
**Nº de traballadores da organización:** 2.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** 1.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 30 nais cos seus fillos.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** De 6 meses a 1 ano.
**Outra información de interese sobre a organización:**
En función das convocatorias concorren a convenios e axudas da Deputación Provincial e Xunta de Galicia.
Trátase dun Instituto relixioso feminino da Diócese de Tui-Vigo.

### INTERMON OXFAM

**Coordinador:** Alberto Gómez.
**Destinatarios:** Persoas en situación de pobreza.
**Servizos que presta:**

- Cooperación con países do Sul.
- Emerxencias.
- Comercio xusto.
- Sensibilización.

**Instalacións disponíbeis:** Establecemento de comercio xusto e escritorio na R. Ecuador, 31 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1991.
**Nº de traballadores da organización:** Voluntarios.
**Nº de socios:** 1.544.
**Colaboradores (voluntarios):** 28.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 100.000.000 (mundo).
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Non.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Páxina web: www.intermonoxfam.org

### LA SAL DE LA TIERRA

**Responsábel:** José Luis Moracho Cupido.
**Destinatarios:** Xente sen recursos.
**Servizos que presta:** Comedor de almorzo de luns a venres.
**Instalacións disponíbeis:** Local da R. Manuel de Castro nº 9 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1996.
**Nº de traballadores/as da organización:** 2.
**Nº de socios:** 0.
**Colaboradores (voluntarios):** 15.
**Número de persoas que atenden (media anual):** aprox. 250 á semana, unha media anual de 13.000, das cais 7.000 son novas.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Programas:

- Programa comedor: Proporciona comidas ao mediodía.
- Outros: Información, axuda e seguimento personalizado de problemáticas detectadas en asistentes ao comedor social.

Non establecen convenios coas administracións públicas.
Demandan traballos e realizan operacións de restauración de mobilia, entre outras cousas.
Fai parte da REDEss.
Páxina web: www.betania.org.es/lasaldelatierra/Vigo.htm

### MÉDICOS DO MUNDO

**Responsábel:** María Nieves Turienzo Río.
**Destinatarios:** Persoas en situación de exclusión social (persoas con uso problemático de drogas, persoas en situación administrativa irregular, persoas en situación de prostitución, persoas sen abrigo).
**Servizos que presta:** Intervención e asesoramento socio-sanitario, servizo de hixiene básica, aula de educación para a saúde, sala de calor e café, atención na rúa,…
**Instalacións disponíbeis:** Unidade móbil e centro fixo na R. Illas Baleares, 15 – baixo de Vigo.
**En funcionamento desde:** Unidade móbil desde 1995 e o centro fixo desde 2001.
**Nº de traballadores da organización:** 4.
**Nº de socios:** 40 (cota mensal).
**Colaboradores (voluntarios):** 30.
**Número de persoas que atenden (media anual):** O número de persoas atendidas entre 1/1/2009 e 2/2/2011, por colectivos foi:

- CEREDA: 1354 usuarios diferentes (685 novos e 669 en seguimento); 73,3% homes, 24,5% mulleres e 2,2% transexuais.
- Drogadición: 831 usuarios diferentes (502 en seguimento e 329 novos); 83,5% homes, 15,5% mulleres e 1,0% transexuais.
- Prostitución: 750 usuarios diferentes (490 novos e 260 en seguimento); 87,5% mulleres, 6,8% transexuais e 5,7% homes.
- Sen abrigo: 441 usuarios diferentes (258 novos e 153 en seguimento); 91,7% homes e 8,3% mulleres.
- Outros: 399 usuarios diferentes (265 novos e 134 en seguimento); 81,7% homes, 16,8% mulleres e 1,5% transexuais.

**Outra información de interese sobre a organización:**
Programas:

- Programa intervención socio-sanitaria: Intervencións individualizadas para facilitar e mellorar o acceso aos recursos sanitarios e sociais norma-

lizados. Inclúe avaliación social, información e asesoramento, derivación para outros recursos e coordinación posterior. Entre outras actuacións están o seguimento, acompañamento, mediación e apoio para a tramitación de documentos.

- Programa calor e café, hixiene persoal e lavandaría: Dirixido a proporcionar un espazo de referencia para interacción entre iguais que facilita a intervención profesional. Inclúe sala de encontro, comidas, servizo de máquina de lavar e secadora, duchas, materiais de hixiene persoal (escobas de dentes, máquinas de barbear, xabón, pensos hixiénicos,…) e servizo de barbearía. Disponíbel os luns, mércores e venres de 8-13:30h.
- Programa de intervención na rúa: Establece contacto activo con potenciais usuarios no seu medio habitual. Proporciona información sobre a oferta de programas e intervención no medio aberto en función da problemática detectada. Accións de acompañamento e mediación comunitaria. Desenvólvese os martes e xoves de 8-15h.
- Programa de prevención e intercambio de material preventivo: Programa destinado a promover o desenvolvemento de condutas preventivas mediante o consello, a formación e a troca de material preventivo. Inclúe preservativos, cremas lubrificantes, tubos e bocas para o consumo hixiénico de drogas.
- Programa de educación para a saúde con axentes de saúde: Fomenta a adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes para establecer cambios de condutas para a promoción da saúde, a redución do dano e a adherencia aos tratamentos. Dispón de talleres formativos, formación de axentes de saúde entre iguais, coordenación con recursos sanitarios, entrega de materiais de hixiene e prevención.
- Programa aula de habilidades sociais: Dirixido a promover o establecemento de relacións empáticas e de mutuo respecto. Inclúe talleres sobre aspectos psicoemocionais, atención individualizada e a parellas. As intervencións poden ser individuais ou grupais.
- Programa VIHtalízate: Grupo de autoaxuda de persoas que viven co VIH, cunha organización mínima, que un día ou dous á semana en sesións grupais tratan temas de interese relacionados co VIH. As sesións grupais teñen unha duración mínima de 90 minutos e son nun lugar determinado (no local de Médicos do Mundo de Vigo) e cun horario estábel.

- Programa de mobilización social comunitaria e denuncia social: Participación en plataformas, foros, xornadas e congresos, contactos cos medios de comunicación, celebración de "días internacionais", publicacións de estudos e investigacións, denuncia social, asemblea permanente de persoas en situación de exclusión social nas que debater e compartillar as situacións de vulnerabilidade que podan vivir co obxectivo de as testemuñar e poder canalizar a mobilización social.

O perfil dos usuarios do Centro de Redución de Danos en Drogas (CEREDA) é o dun consumidor de drogas, home solteiro sen fillos, de 39 anos, con nacionalidade española, con estudos primarios, desempregado, con ingresos mensais medios inferiores aos 350€, consumidor de substancias (principalmente policonsumidor), que vive de alugueiro en pensións e hostais ou na rúa e que fundamentalmente é unha persoa sen lar (no 84% dos casos).

Fai parte da REDEss.

Para o seu financiamento establece convenios co Concello e concorren a outras convocatorias de axudas públicas.

Páxina web: www.medicosdelmundo.org

### MISIÓN DO SILENCIO

**Responsábel:** Padre Carlos Olivares.

**Destinatarios:** Marxinados.

**Servizos que presta:**

- Aloxamento.
- Comida.
- Salón de cabeleireiro.
- Sala de proxeccións.
- Casa de baño.
- Cafetaría: almorzos e merendas.
- Lavandaría.
- Atención psicolóxica e social.
- Enfermaría.
- Deficientes auditivos (xordomudos).

**Instalacións disponíbeis:**

Marqués de Valterra (6).

Urzáiz (39).

**En funcionamento desde:**

- Valterra desde o ano 2000.
- R. Urzáiz desde o ano 1979.

**Nº de traballadores/as da organización:** 9.
**Nº de socios:** (non piden).
**Colaboradores (voluntarios):** 7.
**Número de persoas que atenden (media anual):** Dados ano 2010.
Comedor "Virxe de Lurdes": 35.000 servizos de comida (120-130 persoas cada día, 50 procedentes de Vigo).
Albergue "Xoán Paulo II":

- Aloxamento: 6.763 persoas
- Almorzos e café-merenda: 19.700 servizos.
- Servizo hixiene-duchas: 10.110 servizos.
- Sala de proxeccións de filmes: 1856 persoas en 6 meses.
- Servizo de lavandaría: 143 persoas en 5 meses.
- Servizo de cabeleireiro: 94 persoas en 5 meses.
- Servizo de atención psicolóxica: 254 persoas.
- Prestacións económicas para axudas de emerxencia: 3500 euros a persoas e familias.

**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** 5 días si, 1 semana non; 5 días si (máximo de 15 días ao mes).
**Outra información de interese sobre a organización:**
Programas:

- Programa Albergue e Centro de Día Xoán Paulo II: Trátase dun predio de titularidade municipal cedido en 2002 por un período de dez anos. A súa xestión corresponde á Misión do Silencio. Os seus usuarios poden pernoitar un máximo de 18 días ao mes, con estancias máximas de 7 días seguidos, debendo intercalar sete días entre as estancias. Non fecha durante os fins de semana. O horario de entrada é até as 21h, estando marcada a saída por volta das 8:15h. A partir das 8:30h os usuarios e non usuarios poden ficar no Centro de Día. Aínda que se admiten usuarios de ambos os sexos, é maioritaria a presenza masculina. No albergue non se admiten parellas, grupos familiares nen persoas que podan alterar o convivio e está prohibido fumar. Os servizos prestados abranxen aloxamento, almorzo, merenda, ducha, lavandaría, cabeleireiro e un lugar para estar. A congregación relixiosa xestora do albergue e centro de día ofrece o servizo de comedor no Comedor Social Virxe de Lurdes. Logo dun acordo entre a Xunta de Galicia e a Congregación o número de vagas do alber-

gue ascende a 50, que non se acostuman completar na súa totalidade. A Orde de 25 de xaneiro de 2008 da antiga Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar contribuíu para que, entre outras cousas, se profesionalizase a xestión dos centros mediante a contratación dun traballador social e un psicólogo e a implantación do requisito de identificación para súa admisión.

- Comedor Social Virxe de Lurdes: Situado na Rúa Urzáiz, está a disposición das persoas sen abrigo de luns a venres desde as 13h. Fecha nos fins de semana e días feriados, permanecendo fechado durante o mes de agosto. Non dispensa servizo de almorzo nen de cea.

En 2009 realizou unha enquisa anónima a moitas das persoas que pasaron polo centro, tirándose as seguintes conclusións:

A maioría esmagadora dos usuarios son de sexo masculino.

O rango de idade en que se moven estas persoas está maioritariamente entre os 30 e 60 anos, sendo predominantes os usuarios entre os 40 e 50 anos (41%).

En relación ao seu estado civil, aproximadamente metade deles é solteiro (45%) e a outra metade estivo casado ou con parella. Case a metade deles ten algún fillo (43%).

A maior parte dos usuarios son de nacionalidade española (case un 70%), sendo frecuente tamén os portugueses, marroquinos e actualmente persoas do leste de Europa.

Un bo número das persoas que acoden ao centro (case o 60%) carece de recursos económicos, tendo ingresos irregulares e traballos esporádicos moitos deles aínda que, a maior parte das veces, sen contrato.

Ao redor dun terzo dos inquiridos recebe algún tipo de prestación económica (RISGA, RAI, PNC, AES,…).

Con respecto ao aloxamento, o máis habitual é atoparse con persoas sen abrigo, é dicir, persoas que carecen de aloxamentos que non cumpren os criterios de habitabilidade humana comunmente aceitados. A maioría deles (entre 70-75%) dormen na rúa, albergues, pisos/casa abandonadas, choupanas, coches, barcos abandonados,… Aproximadamente o 25% dos usuarios do Centro vive en pensións ou cuartos e un número mínimo reside en vivenda alugada ou ten casa propia.

A problemática que expresan actualmente está relacionada, principalmente, con estar sen abrigo (aproximadamente o 50%) e sen traballo (60%). En menor número aparece o non dispor de recursos económicos (36%), os problemas de

saúde (20%) e aqueles relacionados con dependencia de substancias (15%). Un aspecto a destacar é que xeralmente acostuman referir máis dunha problemática, isto é, non adoitan declarar un único problema senón varios relacionados.
Indagando as causas que orixinaron a situación e problemática na que se achan actualmente estas persoas, detéctase que a razón principal e maioritaria é a desestruturación familiar (43%) motivada por problemas familiares e separacións matrimoniais. O desemprego (35%), os problemas co álcool e as drogas (16%) son causas tamén desencadeamentos da situación en que viven.
O tempo que levan nesta situación é variábel. Un 20% máis de 5 anos, ao redor dun 37% entre 1 e 5 anos e o 32% menos dun ano. Aquelas problemáticas máis asociadas á dependencia de substancias, problemas familiares e separacións arrástranse desde hai máis tempo. Aqueloutras relacionadas co desemprego ou estar sen abrigo son de menor duración.
Case o 60% dos entrevistados expresa a crenza de que van saír desta situación, un terzo aproximadamente cre que é posíbel saír e o 7% cre que non vai saír.

### MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO

**Responsábel:** Miguel González Santos.
**Destinatarios:** Xente necesitada.
**Servizos que presta:**

- Cursos de: Soldaxe, alvenaría, procura de emprego.
- Obradoiros de Educación para nais novas e nenos.
- Alimentos.
- Roupa.
- Duchas.

**Instalacións disponíbeis:** Rua do Ribeiro, 6 - Cabral (Vigo).
**En funcionamento desde:** 2004.
**Nº de traballadores da organización:** Non.
**Nº de socios:** 25 - 30.
**Colaboradores (voluntarios):** 25.
**Número de persoas que atenden (media anual):**
Repartición de alimentos (20,3 Toneladas):

- 223 familias (671 persoas).
- 137 familias inmigrantes.
- 5 anos: 90 persoas.

- 5 a 16 anos: 144 persoas.
- Menores de 65 anos: 431 persoas.
- Maiores de 65 anos: 6 persoas.

Repartición de roupa, calzado e outros.

**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Non.

**Outra información de interese sobre a organización:**

- PROBLEMAS DE INTEGRACIÓN XITANOS: sacalos da mendicidade, xa que se teñen afeito a ela.
- INMIGRACIÓN: Que non se integra e vive na mendicidade.
- XUSTIFICAR AS AXUDAS RECEBIDAS: Non establecen convenios con nengunha administración pública.

Programas:

- Programa de alimentos: Dirixida a entregar alimentos procedentes do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e do Banco de Alimentos de Vigo con cita previa unha vez ao mes.
- Programa de roupa e utensilios: Entréganse roupas e apetrechos procedentes de doazóns particulares con cita previa.

Documentación a entregar para ser beneficiario de alimentos na Misión Evanxélica Urbana de Vigo:

1. Fotocopia DNI, NIE o pasaporte (libro de familia) de todos os membros da unidade familiar.
2. Certificado de empadroamento de todos os membros da unidade familiar.
3. Fotocopia del último recibo de aluguer ou do empréstimo da habitación.
4. Fotocopia da nómina, pensión ou documento onde figuren os ingresos.
5. Declaración xurada de ingresos.
6. Fotocopia da última declaración da renda ou certificado de non estar obrigado a declarar.
7. Do INEM: certificado de non estar a receber calquera axuda económica e fotocopia coa carta de desempregado.
8. Do INSS: certificado de non estar a receber calquera axuda económica e certificado de vida laboral.

NOTA: Será necesaria la entrega dos documentos 1 e 5 para usuarios en situación irregular e do 1 ao 8 para o resto de usuarios.

Gostarían de ter un albergue.

Forma parte da REDEss.

### FUNDACIÓN MONTE DO GOZO - PROXECTO HOME

**Responsábel:** Ramón Gómez Crespo.
**Destinatarios:** Drogodependentes.
**Servizos que presta:** Programas de rehabilitación de toxicómanos através de 2 programas:

1.- “Programa de cocaína” para externos.
2.- “Programa Acougo”, dirixido a doentes psiquiátricos diagnosticados que consomen algunha substancia. (O tratamento é residencial e sen tempo establecido).

**Instalacións disponíbeis:** Av. Ramón Nieto, 245 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 23 de xaneiro de 1990.
**Nº de traballadores da organización:** 14.
**Nº de socios:** 503.
**Colaboradores (voluntarios):** 53.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 256.
**Tempo medio de estancia no centro (de proceder):**

1.- “Programa de cocaína” = 2 anos e medio
2.- “Programa Acougo” = sen tempo limitado.

**Outra información de interese sobre a organización:**
Páxina web: www.proxectohome.org

### RED MADRE

**Presidenta:** María del Carmen Areses Vidal (Directora da Área Social).
**Destinatarios:** Mulleres preñadas e nais sen recursos con menores de tres anos.
**Servizos que presta:**

- Atención personalizada por parte de profesionais (traballadora social, psicólogas) nos escritorios de Red Madre de Vigo e Pontevedra.
- Información e asesoramento sobre recursos públicos e privados disponíbeis de apoio á maternidade.
- Voluntarios de acompañamento e atención psicosocial.
- Apoio social, psicolóxico, médico e legal.
- Axuda material, após valoración das necesidades da muller e os seus fillos (papas, cueiros, utensilios bebé, alimentación, roupa,...)
- Conciliación familiar.

- Axuda en trámites administrativos para obtención de axudas públicas, infantarios, axuda de procura de emprego,…
- Coordenación e derivación para outras institucións e organismos (centros de acollemento, cursos de formación e capacitación profesional,…)
- Asistencia psicolóxica a mulleres que sofren as consecuencias dun aborto espontáneo ou provocado.

**Instalacións disponíbeis:** ede Social escritorio REDMADRE na R. Gran Vía, 2 1º Oficina 4 36203 Vigo

**En funcionamento desde:** xaneiro de 2008.

**Nº de traballadores da organización:** 3 (traballadora social e dúas psicólogas).

**Nº de socios:** 42.

**Colaboradores (voluntarios):** 30.

**Número de persoas que atenden (media anual):** 100 mulleres e os seus fillos.

**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** 8 meses.

**Outra información de interese sobre a organización:**

REDMADRE dispón dunha equipa multidisciplinar (contratado e voluntario) formado por dúas traballadoras sociais, dúas psicólogas, unha pediatra, unha parteira, unha psiquiatra, dous xinecólogos, alén dun amplo grupo de voluntarios de acompañamento a xestantes. O noso obxectivo é apoiar á muller na súa maternidade, de maneira que non se sinta só ou desamparada, e poda vivila en condicións dignas, compatibilizando o seu desenvolvemento persoal e laboral co coidado dos seus fillos. Para isto ofrecémoslles información, un mapa de axudas personalizado e asistencia (legal, psicolóxica, material,…). Este labor realízase en toda a provincia en coordinación con outras ONG e institucións locais. Existe coordenación coa Fundación REDMADRE e o resto de asociacións REDMADRE que existen en España (máis de 30 nesta altura).

Loitamos para que ningunha muller sexa discriminada pola súa familia e entorno social, ou perda oportunidades de desenvolvemento persoal, laboral ou social, por razón do seu embarazo. Loitamos para que nengunha muller sexa submetida a violencia ou abandono e poda atender os seus fillos en condicións dignas. Loitamos para que a maternidade sexa dignificada como un ben social a apoiar e protexer.

Para o financiamento das súas actividades establece un convenio con Novacaixagalicia.

Participan na convocatoria de subsidios das administracións públicas.

Páxina web: www.redmadregalicia.org

### REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS

**Responsábel:** Rosa Fontaiña.
**Destinatarios:** Mulleres maltratadas e en trámites de separación.
**Servizos que presta: Atencións a mulleres maltratadas.**

1. Orientación: Deriva ás mulleres para as entidades que mellor as podan atender.
2. Acompañamento nos trámites que desexen iniciar.
3. Seguimento dos casos atendidos.
4. Denuncia da violencia na midia, na rúa, nos xuízos, en xornadas e actos públicos.

**Instalacións disponíbeis:** 2 escritorios. Sede na R. Oliva, 12. 36202 Vigo.
**En funcionamento desde:** 1998.
**Nº de traballadores da organización:** 3.
**Nº de socios:** 40.
**Colaboradores (mediadoras):** 150.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 170-180.

### REMAR GALICIA

**Responsábel:** Pedro Noves.
**Destinatarios:** Problemática drogas, álcool e marxinación.
**Servizos que presta:**
3 Casas de Acollemento e entrega de alimentos.
2 Casas en Pontevedra:

- Familias e nais con fillos.
- Reinserción toxicómanos.

1 en Vilalonga.
**Instalacións disponíbeis:** Casa de Acollemento. Sede na R. Menéndez Pelayo, 28 baixo de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1996.
**Nº de traballadores da organización:** Non.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** 20 para os centros de acollemento e a repartición de alimentos.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 1535.
60 en acollemento (uns 100 ao ano), en casas de Acollemento.

500 persoas alimentos (desde hai 2 años).
**Tempo medio de estancia no seu centro (se proceder):**

- As Casas de Acollemento non teñen limite.
- Moitos usuarios despois tórnanse voluntarios.

**Outra información de interese sobre a organización:**
Presenza en 60 países en temas de pobreza e exclusión.
Axuda social.
Fai parte da REDEss, iniciativa que consideran útil para unir esforzos e se coñecer.
Non establece convenios con calquera institución, recebendo contributos privados.
Rehabilitan mobilia usada que posteriormente é vendida.
Programas:

- Programa Xosé de repartición de alimentos: Programa de repartición gratuíta de alimentos frescos a familias necesitadas os martes e sábados pola mañá.

Foron beneficiarios directos 362 familias (aproximadamente 1.535 persoas).
O 80% das familias atendidas son inmigrantes que teñen serios problemas económicos e aínda que nalgún dos casos algún membro traballa, os salarios son moi baixos e váiselles en pagos de servizos básicos tais como aluguer, luz, auga,…
O 80% restante son familias españolas que atravesan serios problemas económicos. Durante o ano 2010 estimaron un notábel aumento no número de familias españolas que veñen solicitar axuda, apesar de ter algunhas delas vínculos familiares na cidade ven na necesidade de pedir axuda, pois non teñen recursos económicos ou os que teñen son mínimos.
Durante o ano 2010 puidemos atender de forma periódica a 214 familias mensalmente, o que supuxo uns 430 lotes de alimentos frescos cada mes, pois a cada familia correspóndelle un lote cada quince días, e sempre se fai algún a mais por se aparece alguén a última hora non se teña que ir cunha man chea de nada e outra cousa de ningunha.
O total de alimentos repartidos ao longo do ano, foi o seguinte:

- Aprox. 33.500 Kg de fruta fresca
- Aprox. 15.000 Kg de verdura e hortalizas frescas
- Aprox. 1.000 ducias de ovos
- Aprox. 1.200 polos frescos
- Aprox. 6.700 Kg de carne de porco en filetes
- Aprox. 1.500 litros de aceite de xirasol en garrafas de 1 litro.

Grazas a unha doazón que Benestar Social lles deu en decembro de 2009, puidemos comprar durante o ano diversas partidas de filetes de xamón de porco, aceite de xirasol, polos e ovos, que posteriormente foron repartidos entre os beneficiarios do noso "Proxecto Xosé", sendo estes recebidos con grande ledice e agradecemento por parte deles.

### RETO – ASOCIACIÓN RETO Á ESPERANZA

**Responsábel:** Manuel Lugardo.
**Destinatarios:** Toxicómanos e alcoólicos.
**Servizos que presta:** Programas de desintoxicación, deshabituación e rehabilitación, reinserción.
**Instalacións disponíbeis:** Casa de Acollemento no municipio de Mos. Sede na Av. das Camelias, 28 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1993.
**Nº de traballadores da organización:** 7.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** 30.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 80 persoas.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** 8 meses.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Non solicitan subsidios.
Páxina web: www.asociacionreto.org

### ASOCIACIÓN SAN CAYETANO

**Responsábel:** Paz Del Palacio.
**Destinatarios:** Xente sen recursos.
**Servizos que presta:** Alimento, roupa e utensilios.
**Instalacións disponíbeis:** Local da R. Vázquez Varela 54-56 de Vigo.
**En funcionamento desde:** más ou menos desde 1940.
**Nº de traballadores/as da organización:** 0.
**Nº de socios:** 100 máis ou menos, que dan cantidades simbólicas, alcanzando a recadación en torno a 2000 €/ano.
**Colaboradores (voluntarios):** Entre 10 e 12 persoas.
**Número de persoas que atenden (media anual):** aprox. 1000 persoas ao mes. Entre 1200-1500 persoas novas ao ano.

**Outra información de interese sobre a organización:**
No ano 1950, xa aprobada polo Prelado a "Asociación de damas de Providencia", sob a advocación de San Caetano, noméase unha xunta directiva, sendo un dos puntos principais do regulamento desta asociación o socorrer aos tuberculosos necesitados. Iniciaron as súas actividades as Damas de Providencia visitando semanalmente aos doentes tuberculosos da Parroquia da Nosa Sra. de Fátima aos que levan coa esmola que a Asociación designa a cada pobre, a súa xenerosa achega persoal e o consolo e axuda espiritual da caridade cristiá. Alén da esmola semanal, veñen entregando aos pobres, vales para carne, ovos e leite, xestos que se sosteñen grazas ás esmolas dos devotos do Santo e á achega mensal dos socios protectores. Ao longo do ano seguinte continúan as actividades establecidas por esta Asociación en beneficio dos seus pobres doentes, aos que se suman, constantemente, novos simpatizantes ou membros activos que desexan pertencer a ela para exercer a caridade.
Unha vez ao mes damos 400 sacos de alimentos. Se alguén precisar máis durante o mes dáselle.
O diñeiro para comprar os alimentos obtémolo de subsidios, cantidades simbólicas dos donativos de particulares; con iso compramos o leite, aceite, azúcar, mais particularmente a grande cantidade de alimentos recibímola do plano 2010 de axuda da UE ás persoas máis necesitadas (envía bolachas, fariña, pasta, cacau, etc.).
Este ano, ao final non puidemos obter as subvencións da Deputación porque non tiñamos os papeis en regra, porque agora son máis esixentes para os subsidios.
Levan o control da xente a través duns ficheiros, e o primeiro que se lle pide é un certificado da parroquia conforme non reciben axuda, para evitar a duplicidade.
Sabe que as igrexas Evanxelistas están a axudar moito, e non levan control, porque aínda non saben a picaresca e, ademais porque todos os fregueses dan donativos sempre que van á Igrexa.
Programas:

- Programa de alimentos: Entréganse alimentos procedentes da UE, do Banco de Alimentos de Vigo e adquiridos pola Asociación. A entrega é realizada unha vez ao mes con cita previa.
- Programa de roupeiro: Entregase, previa cita, roupas e utensilios procedentes de doazóns particulares en xornadas de luns, mércores e venres de 17-20h.

Fai parte da REDEss.

Para o seu financiamento non establecen convenios nen co Concello, Deputación e Xunta. Colaboración coa UE para a distribución de alimentos.

## FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

**Responsábel:** Santiago González Avión.
**Destinatarios:** Persoas preferentemente xitanas.
**Servizos que presta:** Emprego, educación familiar, apoio escolar, prevención de drogas.
**Instalacións disponíbeis:** Escritorio, Salas de aula, Gabinetes. Sede na R. de Burgos, 9 de Vigo.
**En funcionamento desde:** xaneiro de 2001 (sede aberta).
**Nº de traballadores/as da organización:** Vigo (12).
**Nº de socios:** Non hai socios, é unha Fundación.
**Colaboradores (voluntarios):** 12.
**Número de persoas que atenden (media anual):**

- Adultos: 201.
- Nenos: 80.

**Outra información de interese sobre a organización:**
Desde a creación do Secretariado Xitano en Vigo e o primeiro convenio de colaboración co Concello, a inicios de 2001, máis de 240 familias da comunidade xitana/cigana foron atendidas por algún dos servizos que presta esta entidade.
Páxina web: www.gitanos.org

## SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE

**Responsábel:** Beatriz Herrero.
**Destinatarios:** Atención de doentes a domicilio.
**Servizos que presta:**

- Entrega de bocadillos e roupa.
- Atención a doentes.

**Instalacións disponíbeis:** R. Urzáiz, 60 de Vigo.
**En funcionamento desde:** 1888.
**Nº de traballadores da organización:** 2.
**Nº de socios:** 0.
**Colaboradores (voluntarios):** 0.

**Número de persoas que atenden (media anual):** 35-40 (maior porcentaxe de inmigrantes).

**Outra información de interese sobre a organización:**

Programa de bocadillos: Programa consistente na elaboración e repartición de bocadillos.

Para o seu financiamento reciben subsidios do Concello.

Fai parte da REDEss.

Páxina web: www.siervasdejesus.com

### SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL

**Presidente:** Humberto González Vázquez.

**Destinatarios:** Persoas necesitadas.

**Servizos que presta:**

- Pan e leite.
- Pacote á semana e ao mes a familias.
- Medicamentos ao exterior através de Pamplona.
- Pagamento recibos en caso de necesidade.

**Instalacións disponíbeis:** 3 locais en propiedade. Sede na R. Palencia, 26 baixo de Vigo.

- Roupeiro.
- Escritorios.
- Taller de cociña para levar a cabo cursos de formación.
- Consultorio legal.
- Depósito de medicamentos.

**En funcionamento desde:** 1950.

**Nº de traballadores/as da organización:** 1.

**Nº de socios:** 100.

**Colaboradores (voluntarios):** 450 (contribúen con diñeiro e/ou traballos) e Fillas da Caridade.

**Número de persoas que atenden (media anual):**

- 900 (Fixos).
- 400 (Ocasionais).

**Outra información de interese sobre a organización:**

Programas:

- Programa de asistencia alimentaria xeneralizada: Asistencia alimentaria e, en casos excepcionais, dinerarias para satisfacer necesidades do lar

familiar (recibos de auga, luz, alugueiro, compra de alimentos,…) a todas as persoas sen excepción através do contacto persoal para procurar a integridade e dignidade humana. Está presente en sete parroquias (San Paulo, Corazón de María, Inmaculada, Santa Teresa, Santa Cristina, Fátima e Santa Clara). Cada parroquia ten un día para a repartición de alimentos e atención persoal.

- Programa de taller pré-laboral de cociña: Elaboración de pratos típicos españois dirixido a persoas inmigrantes co obxecto de lles facilitar a súa integración laboral. Impártense aulas os martes e xoves con horario de 19-21h, en cursos de duración trimestral. A comida elaborada repártese entre os alumnos do curso entregándose ao final do mesmo un certificado acreditativo e unha bolsa para gastos de transporte e outros.
- Programa feira da ladra de caridade: Dirixido a atender ás persoas a roupa que precisan de luns a venres en horario de 10-12h. Cada peza é vendida a 0,50€ salvo nos casos de prendas enviadas polas parroquias ou de outras entidades benéficas como Cáritas, Cruz Vermella,...
- Programa de consultadoría legal: Asesoramento legal dirixido á persoas en situación de exclusión social.

Organización de tipo internacional que traballa na Franza desde 1833, recoñecidos polo Vaticano como Asociación de Fieis Leigos. En España desde 1853, Compositoir Santiago. Ten presenza en 130 países con 400.000 socios activos.

Foi un referente de axuda á pobreza até a chegada de Cáritas en 1950.

Traballan en pequenos grupos chamados conferencias.

Asociación benéfica e de actividade pública.

En Pontevedra contan cun albergue e un obradoiro de reparación de móbeis (Betania para toxicómanos e persoas en situación de prostitución).

Ofrecen visita e amizade aos atendidos.

Fai parte da REDEss.

Para o seu financiamento non establecen convenios coas administracións públicas, mais concorren ás convocatorias específicas de axudas.

Páxina web: www.ssvp.es

## ASOCIACIÓN STOP

**Presidente:** Ángel Jesús Muñiz Rodríguez.
**Destinatarios:** É un colectivo dedicado á protección e axuda do marxinado, doente físico ou psíquico e ao alcoólico. Dirixido á prevención, tratamento e reinserción social do doente e da súa familia.
**Servizos que presta:** Nace co obxectivo principal de auxiliar por medio de accións, palestras, terapias e presenza en actos pontuais ás persoas que sofren discriminación por doenza física e psíquica ou dependencia de calquera substancia tóxica, con especial atención ao colectivo dos afectados por doenzas como o alcoolismo, drogas ou calquera trastorno psicolóxico.
**Instalacións disponíbeis:** Os propios lares dos membros e colaboradores, instalacións de centros cos que colabora e os lares dos usuarios. Están a tramitar que o Concello lles proporcione un local.
**En funcionamento desde:** 2008.
**Nº de traballadores/as da organización:** 4.
**Nº de socios:** Non.
**Colaboradores (voluntarios):** Conta con diferentes profesionais, voluntarios, médicos, psicólogos, terapeutas, comunicadores, artistas, técnicos de marketing social,… que desinteresadamente colaboran coa Asociación, así como antigos usuarios que ofrecen as súas experiencias aos novos usuarios.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 400.
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** Non.
**Outra información de interese sobre a organización:**
STOP pretende desde os seus inicios defender o concepto de dependencia alcoólica ou drogadicción como doenza e ao alcoólico como doente, sendo a súa prioridade axudar ao doente alcoólico e á súa familia na recuperación e conservación da abstinencia.
Outros fins da asociación son participar en actos de carácter asistencial, solidario, cívico, educativo, científico, cultural, sanitario, de cooperación para o desenvolvemento, defensa do ambiente, fomento da economía social e a investigación e promoción do voluntariado social, destinados a conseguir unha mellor calidade de vida para todos.
Todas as persoas que participan neste proxecto son voluntarios con ampla experiencia en campos como:

- Terapias de alcoolemia.
- Mediación de violencia doméstica.

- Marketing social.
- Probución e Coordinación de eventos solidarios.
- Accións pontuais de auxilio social.
- Creación de proxectos solidarios.
- Campañas de promoción da solidariedade.

Entre os seus obxectivos específicos figuran:

- Reducir a vulnerabilidade a continuar un proceso de dependencia nos experimentadores/as e consumidores/as habituais.
- Iniciar un proceso de abstinencia e de rehabilitación en dependentes a substancias psicoactivas.
- Xerar consciencia na familia dos doentes con respecto á súa participación na problemática en que están inseridos, como parte dunha estrutura que pode modificarse co fin de iniciar mudanzas que reforzan o consumo do usuario, alén de os involucrar no tratamento integral do familiar-dependente e a corresponsabilidade.
- Resignificar o consumo da substancia co fin de construír outras formas de entender o mundo.
- Xerar sistemas de referencia e contrarreferencia a fin de elevar a efectividade dos tratamentos.

Son partidarios de conseguir unha rápida solución para o conflito do albergue/Centro de Inclusión de desfavorecidos.
Non teñen subsidios oficiais, limitándose a receber doazóns de particulares.

### UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

**Responsábel:** Antonio Juste Iglesias.
**Destinatarios:** Traballadores filiados e, alén diso, inmigrantes e persoas con problemas.
**Servizos que presta:** Asesoramento a traballadores, inmigrantes e orientación laboral en colaboración co INEM.
**Instalacións disponíbeis:** Edificio da R. García Barbón nº 67 de Vigo e 4 delegacións na comarca (Cangas, Ponteareas, Porriño y A Guarda).
**En funcionamento desde:** A legalización de los sindicatos (1975).
**Nº de traballadores/as da organización:** 25.
**Nº de socios:** 16.000.
**Colaboradores (voluntarios):** 0.

**Número de persoas que atenden (media anual):** aprox. 25.000.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Establecen convenios coa Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá en proxectos de reinserción social. Realizan actividades de formación (aprox. 3 anos de duración).
Os fondos que teñen son de carácter finalista.
Páxina web: www.ugtgalicia.org

### ASOCIACIÓN VIDA DIGNA

**Dirección:** Roberto Gotilla Crespo e Ricardo Misa.
**Coordenadora:** Silvia Mª Montes Castro.
**Destinatarios:** Persoas en risco de exclusión social.
**Servizos que presta:**
Área de Cooperación Internacional: Programa de Apadriñamento.
Área de Voluntariado: Voluntariado.
Área de Intervención Social:

- Familia e Infancia: Bolsa de alimentos, roupeiro, programa "pequeñines", aula de apoio e integración socioeducativa, atención e asesoramento.
- Inmigrantes: Atención e asesoramento, aulas de español.
- Persoas sen lar: Bolsa de alimentos, roupeiro, casa-lar Betania, intervención socioeducativa.
- Comedor social: Restaurante fin de semana.

**Instalacións disponíbeis:** Escritorio, 2 aulas con uso múltiplo, 1 roupeiro e 1 restaurante. Sede na R. Vázquez Varela, 21 baixo de Vigo e en Purificación Saavedra, 52.
**En funcionamento desde:** 2005.
**Nº de traballadores da organización:** 1.
**Nº de socios:** Apenas Xunta Directiva.
**Colaboradores (voluntarios):** 150 voluntarios.
**Número de persoas que atenden (media anual):** 2000 (no seu comedor social atenden cada fin de semana unhas 230 persoas).
**Tempo medio de estancia no centro (se proceder):** 3 meses.
**Outra información de interese sobre a organización:**
Programas:

- Programa de atención, información, asesoramento e acompañamento: Dirixido á atención, información, asesoramento ou derivación de usuarios

que o demanden aos recursos sociais, educativos, sanitarios, económicos, de lecer da súa comunidade e zona de iniciativa pública ou privada. Inclúe asesoramento legal, orientación psicolóxica e emocional. O acompañamento abranxe a procesos de trámites sociais e legais e de seguimento en procesos de doenza.

- Programa de bolsa de alimentos: Proporciona a familias con escasos recursos unha bolsa de alimentos básicos cunha periodicididade quincenal. Servizo de entrega de documentación os luns de 17-20h. A repartición de alimentos é realizada os luns de 17:30-20h.
- Programa roupeiro e utensilios ara familias: Dirixido a proporcionar roupa para a cobertura de necesidades básicas de vestido e mobilia básica de segunda man para o lar a familias con escasos recursos. As reparticións realízanse os luns de 17:30-20h. A subministración de apetrechos é realizada segundo as doazóns existentes.
- Programa "Pequeñines": Dirixido á cobertura de necesidades básicas de alimento, hixiene e vestido dos nenos. Cada quincena entrégase roupa, cueiros, alimentación, mobiliario,... na medida das posibilidades. As familias poden receber información e asesoramento en materia de recursos sociais, axudas, centros, infantarios,...
- Programa Aula de Apoio e Integración Socioeducativa: Servizo favorecedor da integración socioeducativa de nenos e nenas en idade escolar que se achen en risco de exclusión social por razóns socioeconómicas, migración e/ou pertenza a un colectivo minoritario. Inclúe apoio escolar e educativo (mércores e venres en horario de tarde), actividades trimestrais de lecer, acampamento urbano en xullo e entrega dun pacote escolar básico no mes de setembro, coincidindo co inicio do curso académico.
- Programa de atención e intervención socioeducativa a persoas sen abrigo: Dirixido a informar e asesorar en nível social, sanitario, de centros e recursos,... ás persoas sen abrigo. Inclúe intervención socioeducativa para persoas sen abrigo que demandan axuda e apoio. Con cita previa, esta atención realízase os martes de 16-19h.
- Programa bolsa de alimentos para persoas sen abrigo: Dirixido a fornecer unha bolsa de alimentos básicos que non precisan cociña a persoas sen abrigo. A atención realízase os martes de 17-19h.
- Programa Roupeiro de Rúa: Fornece roupa para a cobertura de necesidades básicas de vestido a persoas sen abrigo, incluíndo mantas, roupa de

abrigo no inverno, sacos de durmir, tupperwares, cantís e mochilas. A atención realízase os martes de 17:30-19:30h.

- Programa Comedor Social: Ofrécese comida quente os fins de semana e algunhas datas natalicias para persoas sen recursos (non exclusivamente sen abrigo). Facilítase información sobre recursos propios e doutras entidades e expídese un cartón-vale trimestral. O horario de atención é de 13:14h.
- Programa de acollemento para emigrantes: Dirixido a atender, informar, asesorar ou derivar para os recursos sociais, educativos, sanitarios, económicos e de lecer. Inclúe asesoramento legal e acompañamento en procesos de trámites sociais e legais.
- Programa clases de castelán: Dirixido ao aprendizado e mellora neste idioma oficial através de grupos adaptados ao nível durante o curso académico. Proporciónase libro, CD e diploma acreditativo.
- Programa en activo: Información e asesoramento en materia de emprego (ofertas, empresas), elaboración de currículo, cartas de presentación, procura activa de emprego, mediación. Facilita a inscrición en bolsa de emprego, acceso a Internet e telefone. Aténdese os mércores de 17-19h con cita previa.
- Programa talleres de formación práctica para o emprego: Talleres convocados cun mes de anticipación para grupos de 25 persoas e con entrega de diploma. Os programados para o ano 2010 foron de cociña española, camareiro e atención de persoas idosas.
- Outros: Disponse de vagas para a realización de traballos en beneficio da comunidade, voluntariado e cooperación internacional na Guiné Ecuatorial. Envío de alimentos para a atención de nenos desnutridos e familias carenciadas así como de material escolar, sanitario, roupa e outras doazóns.
- Posúen o único comedor que funciona no municipio que abre os sábados e domingos.

Membro de REDEss.

Convenios coa Deputación Provincial e co Concello de Vigo así como con Novacaixagalicia para sufragar o alugueiro das súas instalacións.

## RED SOCIAL GALICIA SUR

A Rede Galicia Sur[1], é un grupo de organizacións (ONG, asociacións, cooperativas,...) do ámbito da acción social e outras de cooperación internacional de Vigo

e da súa zona que na altura de 2005 se puxo en marcha como Foro Social Galicia Sul para mobilizarse conxuntamente para dar a coñecer a Campaña Pobreza Cero, sensibilizar á cidadanía sobre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e facer incidencia política para os conseguir. Desde a súa formación no outono de 2005 o Foro Social Galicia Sul ten desenvolvido e participado, entre outras, en actividades como a Campaña Mundial pola Educación ou os actos do Día Internacional contra a Pobreza.

Sob o lema "Rebélate contra a pobreza. Máis feitos, menos palabras" desde o ano 2007 ven convocando manifestacións para lle mostrar á clase política que a erradicación da pobreza é unha cuestión que preocupa á sociedade civil e que o combate á pobreza faga parte da axenda política e dos programas electorais dos partidos políticos. A Rede Social Galicia Sur ven a reclamar á administración local e ao goberno da Xunta desde hai anos a abertura e posta en marcha dun Centro de Inclusión Social que atenda ás persoas sen abrigo de Vigo. Este colectivo social insiste en reclamar á Xunta de Galicia que destine o edificio coñecido de “A Gota de Leite”, xa que este inmóbel está perfectamente habilitado para este fin logo da realización de obras nel co fin de dotalo de todos os servizos necesarios (entre outros, albergue, comedor, centro de día e centro de acollemento nocturno). Na actualidade nestas instalacións a Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia está a realizar obras para dotar á Gota de Leite dunha escola infantil e dun centro de apoio ao empregador.

O relatorio “Derechos a la intemperie: Dificuldades para hacer valer los derechos económicos, sociales y culturales en España”, que la ONG Amnistía Internacional recentemente fixo público, recolle a cifra de 37 persoas sen abrigo falecidas nas rúas de Vigo nos últimos 12 anos, segundo o grupo de Autoapoio O Imán, e destaca o traballo das asociacións da Rede Social Galicia Sur que reclaman un Centro de Inclusión Social na cidade de Vigo para as persoas que se encontran expostas a padecer a intemperie.

Relativamente a este tema, a Alcaldía de Vigo mantivo unha xuntanza coa Rede Social Galicia Sur para abordar conxuntamente o novo albergue provisorio que

1) As organizacións que fan parte da Rede Social Galicia Sur son: Abertal, Cáritas Diocesana Tui-Vigo, Comité Oscar Romero, Educación Sen Fronteiras, Emaús Fundación Social, Entreculturas Vigo, Érguete Fundación Social, Grupo O Imán, Intermón-Oxfam, Médicos do Mundo, Fundación Proclade, Parroquia Cristo da Victoria e Solidariedade Internacional.

As organizacións que colaboran coa Rede Galicia Sur en determinadas actividades ou que se suman aos seus manifestos son: Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia, Fundación Balms para a Infancia, Fundación Secretariado Xitano, Fundación Xovens e Desenvolvemento, Implicadas no desenvolvemento, Seminario Galego de Educación para a Paz e Taller de Solidariedade-Vigo.

o goberno municipal proxecta na antiga Escola de Hostalaría. Recentemente asinouse un convenio con Emaús Fundación Social para a reforma e xestión do mesmo e unha comisión de seguimento coa Rede Social Galicia Sur sobre o albergue. Ao mesmo tempo, o Concello continúa a busca dunha localización para a sede definitiva dese Centro de Inclusión Social.

## EQUIPAMENTOS DA INICIATIVA SOCIAL

### PERSONAS MAIORES

Residencias
- Las Angélicas: 87 vagas
- Santa Marta: 148 vagas

Centros de día
- Cruz Vermella Vigo: 70 vagas

### INCLUSIÓN

Albergues
- Xoán Paulo II: 28 vagas
- Nosa Señora da Saúde: 38 vagas

Centro de acollemento básico
- Fase de Encontro: 7
- Santa Isabel: 15

Comedores sociais
- Virxe de Lurdes: 120 vagas

Centro de acollemento- apoio social a procesos terapéuticos
- Acougo: 34 vagas
- Érguete I, II, III: 21 vagas
- Madro: 6 vagas

### PERSOAS CON DEFICIENCIAS

Centros de día
- Aspanaex-Centro Asistencial: 50 vagas
- APAMP: 50 vagas

Residencias de deficientes adultos
- Residencia San Rafael: 104 vagas

Centros ocupacionais
- Fogar e Clínica San Rafael: 205 vagas

- Fundación Igual Arte: 25 vagas
- Aspanaex: 80 vagas
- APAMP: 10 vagas
- Integra-T: 10 vagas

**INFANCIA E FAMILIAS**

Centros de día de menores

- Esperanto: 15 vagas
- Arela e outras medidas xudiciais de medio aberto: 12 vagas
- Cáritas: 16 vagas
- Integra – R. Nicaragua: 15 vagas
- Alborada: 20 vagas
- Aragón: 25 vagas

Casas de familia

- Sta. Xoaquina de Vedruna: 8 vagas
- Arela-Bembrive: 8 vagas
- Arela-Atlántida: 8 vagas
- Casa Fogar Berce 1 e 2: 18 vagas
- Nicaragua, 8 3ºA e D: 16 vagas
- R. Bolivia: 6 vagas
- Aldeas Infantís SOS Esperanto 17A e B: 14 vagas
- García Barbón: 8 vagas
- Berce O Perello: 8 vagas
- Rosalía de Castro Faibén: 8 vagas

09

PARTE VI

# Opinión dos profesionais e voluntarios dos colectivos e as institucións privadas

## 1. Enquisa sobre a situación da pobreza e a exclusión social.

Para determinar a multiplicidade de factores que concorren na realidade da pobreza e da exclusión social no municipio de Vigo, a Oficina do Valedor do Cidadán decidiu manter unha entrevista cos profesionais, traballadores/as ou voluntarios/as das entidades, públicas, sociais ou privadas implicadas no combate á pobreza e á exclusión social en nível local.

Desta maneira, como ferramenta de análise, aplicouse unha enquisa (ver Anexo I) a fin de reflectir o coñecemento experto deste colectivo de traballadores/as envolvidos de primeira man. A tal efecto, foron remetidos os cuestionarios aos/ás

profesionais e responsábeis dos colectivos e centros analisados, obténdose unha elevada taxa de resposta (95,6%).

Para recoller as respostas ás cuestións formuladas (preguntas 2 e 3), solicitouse ao inquirido que clasificase cada un dos aspectos consultados segundo unha escala de 0 a 10, sendo o 10 a nota asociada ao maior grao de satisfacción co aspecto consultado, e 0 o da nota referida á menor satisfacción. Eliminouse a opción 5, xa que soe ocultar un NS/NR na elección desta opción, enmascarando unha expresión da realidade.

Para expresar os níveis de satisfacción procedeuse posteriormente a unha recodificación das opcións de resposta en orixe utilizando a seguinte conversión: cualificacións de 0, 1 e 2 (moi insatisfeito), 3 e 4 (insatisfeito), 6 e 7 (satisfeito) e 8, 9 e 10 (moi satisfeito). Esta recodificación segue un criterio académico aprobado pola comunidade de investigadores sociais, alén de amplamente utilizada.

A seguir reprodúcense as consideracións extraídas:

**1. Ordene dous dos seguintes aspectos segundo o grao de importancia que considere para diminuír a situación de pobreza e da exclusión social no municipio de Vigo.**

A mellora do emprego preséntase como o principal aspecto determinante á hora de combater á pobreza e á exclusión social, seguido da educación, tal como se mostra na seguinte figura.




Para coñecer os resultados da importancia relativa asignada polos profesionais/voluntarios das entidades, asociacións e colectivos entrevistados aos diferen-

tes aspectos que contribuirían para diminuír a situación de pobreza e da exclusión social no municipio de Vigo, adoptáronse os criterios de ponderación 2:1.

Desta maneira obtense un único valor representativo asociado a cada aspecto mediante a seguinte ecuación: 2 x nº primeiro lugar + 1 x nº segundo lugar. O resultado, expresado na seguinte gráfica, é o obtido por ponderación da cantidade de veces que ese aspecto foi sinalado en primeiro e segundo lugar polos inquiridos.

Ao obter a ponderación outorgada polos participantes, obsérvase como a maior importancia recae sobre a mellora do emprego, seguido da mellora da vivenda.




**2. Sobre as actuacións das Administracións no combate á pobreza e á exclusión social:**

*A) Valore do 0 ao 10 (excluído o 5) o nível de compromiso mostrado polas Administracións para combater a pobreza e a exclusión social.*

O grao de compromiso mostrado reflíctese nunha satisfacción do 37,5% contra unha insatisfacción do 62,7% (18,6% moi insatisfeito e 44,1% insatisfeito). A valoración alcanza unha media de 4,19.




*B) Valore do 0 ao 10 (excluído o 5) o nível de eficiencia-eficacia das medidas implementadas polas Administracións para combater a pobreza e a exclusión social.*

Neste caso, o nível de satisfacción con relación á eficiencia-eficacia apenas supera un cuarto (25,6%) dos profesionais entrevistados implicados no combate á pobreza e exclusión social. O grao de insatisfacción alcanza o 74,4% (37,3% moi insatisfeitos e 37,1% insatisfeitos). No total, a valoración media é de 3,51.




**3. Valoración, nunha escala do 0 ao 10 (excluído o 5) o nível de comunicación existente entre os colectivos que se dedican a combater a pobreza e a exclusión social no municipio de Vigo.**

Nese aspecto, o grao de satisfacción dos participantes é de case dous terzos (61,9%), a metade mostrouse satisfeito e o 11,9% moi satisfeito. O grao de insatisfacción atinxiu o 38,1%. A media obtida é de 5,52.

| Puntuacións posíbeis | Porcentaxe na asignación |
|---|---|
| Puntuación 0 | 2,4 |
| Puntuación 1 | 0,0 |
| Puntuación 2 | 2,4 |
| Puntuación 3 | 7,1 |
| Puntuación 4 | 26,2 |
| Puntuación 6 | 28,6 |
| Puntuación 7 | 21,4 |
| Puntuación 8 | 7,1 |
| Puntuación 9 | 4,8 |
| Puntuación 10 | 0,0 |
| Total | 100,0 |

**4. Como pensa que se comportará a situación da pobreza e da exclusión social no municipio de Vigo no curto e medio prazo?**

As expectativas móstranse pesimistas, situándose as maiores proporcións de resposta nas opcións "aumentará de forma moderada" e "considerabelmente", con valores do 51,1% e 28,9%, respectivamente. No total, a porcentaxe de inquiridos que considera que diminuirá é de 6,6%.

| Puntuacións posíbeis | Porcentaxe na asignación |
|---|---|
| Seguirá igual | 2,2 |
| Aumentará levemente | 6,7 |
| Aumentará de forma moderada | 51,1 |
| Aumentará considerabelmente | 28,9 |
| Diminuirá levemente | 2,2 |
| Diminuirá de forma moderada | 2,2 |
| Diminuirá considerabelmente | 2,2 |
| Total | 100,0 |

# 2. Opinións mediante unha entrevista

Neste apartado inclúense literalmente as respostas dos colectivos, nos mesmos termos en que cada entidade se pronunciou, a un cuestionario sobre a pobreza e a exclusión social (ver Anexo II).

**1. Cais cre que son hoxe as principais causas de pobreza no noso entorno?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
O desemprego, e que a xente tirou do que non tiña.

**ALBORADA**
Desexo de evasión-festa-lecer. Problemas persoais.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Falla o emprego.

**ASVIDAL**
Empregos precarios, fracaso escolar, deixar os estudos prematuramente para procurar traballo. Instaurouse na Administración e na sociedade a idea de que a pobreza se perpetúa de xeración en xeración.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
A falta de emprego polo desmoronamento de diversas actividades, a cultura do diñeiro fácil que fixo con que moita xente nova deixase os seus estudos por un emprego que logo perdeu e non pode reincorporarse ao mercado laboral por falta de formación.

**CÁRITAS**
Falta de emprego, endebedamento das familias, precariedade laboral, fracaso escolar, conflitos familiares e a má educación.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Falta de emprego.

**CEDRO – O IMÁN**
Fracaso escolar, baixa preparación laboral, transtornos de dependencias.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
A falta de recursos e a desigualdade social por mor do capitalismo e o sistema produtivo non sustentábel.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Falta de traballo e vivenda.

**CRUZ VERMELLA**
A crise económica.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
A crise económica.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Faltan políticas integradas para emprego, vivenda, coordenación co sistema público, benestar e saúde.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
La crisis económica y la mala gestión política.

**ÉRGUETE**
Falta de formación por non ter estudos, o que leva a non poder acceder a un traballo.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Adicións, falta de recursos e traballo.

**FASE DE ENCONTRO**
Falta de enraizamento familiar e o desemprego.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Desemprego.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Socio-laborais.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Falta de emprego e de canles de integración.

**FOGAR SANTA ISABEL**
A falta de emprego e a dificuldade de acceder á vivenda.

**INTERMON OXFAM**
A situación de crise.
As políticas erróneas no relativo a estes temas.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Falta de emprego e os que hai son eventuais e con salarios moi precarios.
É significativo que cando se cobra o desemprego ou os subsidios baixa a afluencia de persoas ao comedor.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Difícil acceso á vivenda, acompañado de ingresos económicos e saúde.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Valores familiares e éticos.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Falta de emprego.

**PROXECTO HOME**
A falta de emprego.

**RED MADRE**
Falta de emprego. Escaseza e baixa contía das axudas sociais.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
As desigualdades sociais, a má distribución dos recursos.

**REMAR GALICIA**
Inmigración, drogas e desemprego.

**RETO**
Desintegración familiar.
Consumo de estupefacientes.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Falta de traballo, excesivo endebedamento das familias por falta de senso común, por vivir por en cima das súas posibilidades, polas separacións e porque os bancos deron de mais.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Escasa formación, entorno de relación moi fechado (pouco permeábel).

**PROGRAMA SEREOS**
Desemprego, rendas de inserción baixas de mais, drogadicción, dificuldade de acceso á vivenda.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
A falta de traballo.

**SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL**
Educación.
Falta de filiación á Seguranza Social.
Fallos na FP
Incapacidade para traballar dos doentes ou accidentados.
Falta de adaptabilidade laboral.

**ASOCIACIÓN STOP**
A crise e a falta de emprego, as persoas beben para esquecer e para se socializar. É posíbel que o fenómeno do garrafeo (botellón) e o alcoolismo asociado aumente debido á aplicación da lei do tabaco que fai que a xente se agrupa e beba na rúa.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
O desemprego.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
O desemprego, o sistema de prestacións, a organización económica das familias,

a doenza, o prezo da vivenda que é desmedido con relación aos soldos.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**

O desemprego, a dificuldade de acceso á vivenda, a precariedade laboral, a má atención das doenzas mentais, a falta de formación, a escaseza de recursos e a lentitude de resposta da administración.

**UTS SUR**

O desemprego, as rendas sociais baixas.

**UTS TEIS**

Vulnerabilidade do sistema económico e de falta de apoio social.

**UTS TRAVESÍA**

Perda de emprego e paralelamente vivenda, ingresos, perda de apoio de familiares e amigos.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - O CASTRO**

Multifactorial. (Falta de cualificación persoal, empregos precarios, falta política vivenda, situación actual crise económica,...).

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**

Falta emprego, prezos (vivenda, vida en xeral) e educación.

**2. Identifique os colectivos en risco de pobreza.**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**

Mulleres separadas, familias con subsidios pequenos, inmigrantes con ou sen papeis, empregadas do lar, que non teñen dereito a desemprego.

**ALBORADA**

Mozos, fracaso escolar, desemprego, aumenta a idade media.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**

O mundo obreiro.

**ASVIDAL**

Os desempregados/as. O traballo é unha actividade que normaliza, no momento en que desaparece ou se torna instábel e con condicións non adecuadas, a persoa vese máis exporta ao risco da pobreza.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**

Os desempregados de máis de 40 anos e os de longa duración.

**CÁRITAS**

Desempregados de longa duración.
Familias monoparentais.
Inmigrantes sen papeis.
Maiores con pensións baixas.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**

Os novos desempregados, os desempregados de longa duración, as persoas de idade avanzada e os máis novos.

**CEDRO – O IMÁN**

Trastornos aditivos, xuventude, desempregados de longa duración e mulleres.

**COMEDOR DA ESPERANZA**

Os novos sen perspectiva de traballo. Os desempregados, se fican sen axuda familiar.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**

Os inmigrantes, desempregados e traballadores/as con problemas para pagar as hipotecas.

**CRUZ VERMELLA**

Inmigrantes e novos desempregados.

**ASOCIACIÓN DE AYUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**

Inmigrantes, colectivos con doenzas crónicas e anciáns.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**

Menores tutelados pola Administración: fracaso, maiores de 40-50 anos, desempregados, reclusos, adicións varias.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Os desempregados, os doentes e os pensionistas non contributivos.

**ÉRGUETE**
Os drogodependentes, presos, persoas con deficiencias, inmigrantes, mulleres, maiores, sen abrigo e desempregados.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Inmigrantes, persoas con adicións e maiores de 60 anos.

**FASE DE ENCONTRO**
Marxinais, persoas con adicións, mulleres con familia monoparental, inmigrantes e os novos pobres causados pola crise.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Inmigrantes, desempregados de longa duración e mulleres.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Todos, calquera persoa pode estar en risco de pobreza.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Todos, mormente os xa cualificados como colectivos.

**FOGAR SANTA ISABEL**
As familias uniparentais (muller con fillos), os mozos, os desempregados de longa duración.

**INTERMON OXFAM**
Persoas sen lar.
Parados de longa duración.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Desempregados, xente con subsidios. Os mendigos teñen recursos nesta cidade. Fan o que se chama o roteiro do vagabundo, van por todos os albergues da comunidade pernoitando o tempo que lles é permitido.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Poboación xeral, nomeadamente inmigrantes en situación administrativa irregular, persoas usuarias de drogas, persoas en situación de prostitución, persoas transexuais, persoas con pensións mínimas e todas aquelas con escaseza de recursos económicos.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Drogados, álcool, doentes mentais e familias desestruturadas.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Inmigrantes e xitanos.

**PROXECTO HOME**
Parados de longa duración, inmigrantes en situación de irregularidade, maiores en situación de desamparo e toxicómanos sen enraizamento.

**RED MADRE**
Desempregados, inmigrantes en situación irregular, persoas con deficiencias, mozos con poucos estudos, mulleres embarazadas sen apoio familiar e da parella (adolescentes, sen recursos, deficientes), parellas novas en desemprego con fillos, anciáns sen apoio da familia.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
As mulleres maltratadas, as mulleres en trámite de separación e os nenos.

**REMAR GALICIA**
Inmigrantes e xente nova.

**RETO**
Novos desempregados alén dos colectivos que a veñen padecendo.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Emigrantes, cada vez hai máis marroquinos, esta última vez por volta de 30 das 400 persoas máis ou menos.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Minorías étnicas, estranxeiros, persoas con deficiencias, persoas criadas en luga-

res pobres, xubilación, mulleres soas con cargas (especialmente no seu colectivo).

**PROGRAMA SEREOS**
Toxicodependentes, persoas maiores que sempre viviron dos subsidios. Son basicamente os colectivos que acoden a Sereos, aínda que no último ano entrou outro perfil de usuario que exporei na seguinte cuestión.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
desempregados

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Mozos, anciáns e nenos pequenos.

**ASOCIACIÓN STOP**
A xente nova que práctica o garrafeo e que por imitación aos adultos e favorecida pola cultura do álcool na nosa sociedade bebe máis e máis antes: moitos casos de menores de 13 e 14 anos que acaban con coma etílico nos hospitais, parecéndolle normal aos seus pais.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Novos desempregados, mulleres con fillos a cargo,…

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Desempregados de longa duración, persoas con deficiencias, doentes crónicos, mulleres sós con fillos ao seu cargo.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Mulleres novas con cargas familiares non compartilladas.
Inmigrantes recén chegados.
Desempregados de longa duración.
Colectivos con doenzas e adicións.
Persoas con escasa capacitación laboral.
Pensionistas con pensións mínimas.

**UTS SUR**
Familias con proxenitores de idade media, con fillos en idade escolar.

**UTS TEIS**
Persoas maiores, nenos, mulleres,...

**UTS TRAVESÍA**
Máis do que colectivos, existen zonas de vulnerabilidade.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
Persoas con doenzas mentais e dependentes, familias uniparentais, desempregados de longa duración e drogodependentes.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Persoas sen lar.
Familias monoparentais.

**3. Hai novos pobres, cais e porque?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Traballadores da construción, autónomos, homes separados en desemprego e debido ás causas enumeradas na primeira cuestión.

**ALBORADA**
Sí, alcoólicos.

**ALCOHÓLICOS ANÓNIMOS**
Sí, os novos desempregados por causa da situación económica.

**ASVIDAL**
Desempregados/as con ou sen prestacións. O sistema capitalista que permitiu que a riqueza se sustente coa adquisición de bens. Os gastos que tenden a superar os seus ingresos (pobres envergoñados de alto nível).

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Pequenos empresarios e autónomos e os seus traballadores que encerran negocios, familias atadas a hipotecas impagábeis.

**CÁRITAS**
Persoas que perderon o seu traballo e os traballadores autónomos.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
A xuventude e os desempregados de moita idade e pouca cualificación.

**CEDRO - O IMÁN**
Ídem anterior cuestión.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Autónomos en pequenas empresas que se ven absorvidos polos grandes centros. Teñen que fechar.
Os que traballan na construción.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Os inmigrantes, desempregados debido á imposibilidade de optar a unha vivenda e traballo digno.

**CRUZ VERMELLA**
Desempregados de longa duración.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Incremento dos prezos e do nível de vida superan ao incremento das rendas mínimas.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Familias de nível elevado.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Si, as familias monoparentais, os novos desempregados. Porque a administración non tutela os dereitos de forma efectiva, hai atraso e ineficacia do poder xudicial e os subsidios de desemprego son insuficientes.

**ÉRGUETE**
Os novos desempregados.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Si. Os maiores de 50 anos que despiden e non encontran un novo emprego.

**FASE DE ENCONTRO**
Os afectados pola crise.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Sí. Desempregados que fican sen calquera clase de axuda e non encontran traballo.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
As persoas sen traballo, sen prestacións.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Os novos desempregados.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Os novos desempregados e os que non chegaron a se incorporar ao mercado laboral. Por falta de emprego ou porque esgotan as prestacións.

**INTERMON OXFAM**
Si, novos desempregados, porque as medidas que toma a administración non axudan.

**LA SAL DE LA TIERRA**
A xente que ficou sen traballo. Hai moitos profesionais, xente que lle ía ben e agora non teñen para nada, pensaban que nunca lles ía tocar a eles.
Os homes separados con fillos e sen emprego, mormente de 40-50 anos o están a pasar mal, fican sen casa, sen recursos e tendo que pasar unha pensión de alimentos.

**MÉDICOS DO MUNDO**
A poboación xeral, especialmente as persoas con dificuldades para acceso ao traballo e sen recursos económicos suficientes.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Si, consecuencia do desemprego e da desestruturación familiar.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Non o observaron entre os seus usuarios.

**PROXECTO HOME**

Desempregas de longa duración que esgotaron todas as axudas de apoio mentres non encontran un traballo, e seguen sen poder acceder ao mundo laboral.

**RED MADRE**

Si, novos desempregados, en especial familias novas con fillos pequenos ou persoas maiores de 40 anos. Novas formas de discriminación da muller por ser nai. Mulleres novas embarazadas que perden o seu traballo, estudos ou o apoio familiar e da parella por decidir culminar o seu embarazo (en especial adolescentes e inmigrantes). Mulleres embarazadas sen recursos e con outros fillos pequenos, que mal encontran recursos sociais suficientes que lles axuden a sacar adiante a súa familia, encontrando en ocasións incomprensión se deciden culminar o seu embarazo. Mulleres sen recursos que esperan un fillo incapacitado ou deficiente e deciden culminar o seu embarazo, enfrentándose á incomprensión da súa familia, parella e, en ocasións, tamén do persoal médico. Mulleres que se ven coaccionadas e obrigadas a renunciar ao fillo que esperan e desexan pola súa parella, familia, empregador, esta é unha forma máis de violencia contra a muller, que moi poucas veces se denuncia.
Moitos anciáns que viven sós por falta de apoio familiar, teñan ou non recursos económicos.
Menores en lares desestruturados e instábeis, que mal receben atención emocional por parte dos seus coidadores.
A Soedade é pobreza. Ter de renunciar a un fillo, é pobreza. A desesperación é pobreza, e esta reflíctese a cada vez máis no índice de suicidios de adolescentes, mulleres e anciáns.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**

Si. As persoas que non teñen prestacións, por esta razón.

**REMAR GALICIA**

Non, debería ser maior.

**RETO**

Por falta de traballo.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**

A xente que ficou no desemprego e a que se endebedou de máis.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Perda de emprego, perda de domicilio familiar.

**PROGRAMA SEREOS**
Persoas maiores de 50 anos en desemprego, que tiñan unha vida normalizada e nunca acudiran aos servizos sociais.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Si. Os desempregados, porque hai menos traballo.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Xubilados con pensións non contributivas e analfabetos.

**ASOCIACIÓN STOP**
Ao non ter traballado caese en adicións varias para "superalo", principalmente persoas que perderon o seu traballo e apesar de ter baixa cualificación profesional tiñan grandes salarios, que xa non teñen e non poden manter o seu nível de vida elevado e se refuxian no álcool.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Os novos desempregados, que era xente normal que nunca recorrera a axudas e hoxe moitos están na indixencia.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Si, desempregados como consecuencia da situación económica actual. Familias estruturadas que só teñen o problema económica.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Si, autónomos e novos desempregados. Os autónomos non teñen dereito a prestacións.

**UTS SUR**
Persoas maiores.
Por falta de compromiso da administración, pola falta de oportunidades que dá a sociedade e polo encarecemento da vida.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
Familias normalizadas que perderon o emprego.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Familias sen traballo ou sustentadas principalmente,

### 4. É suficiente a renda mínima de inserción?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Non se pode dar todo ou manter á xente. Deben ser temporais no tempo e debería obrigarse a ir aos cursos de formación.

**ALBORADA**
Non.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Non.

**ASVIDAL**
Non para persoas que teñen un aluguer ou persoas ao seu cargo. Hai que dignificalo e valorar ben como receben e usan o diñeiro para vivir dignamente.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Ao menos evita a próxima exclusión social, mais é insuficiente e mesmo acaba sendo como un estigma social, xa que en moitas ocasións non consegue unha inserción.

**CÁRITAS**
Non.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Non.

**CEDRO - O IMÁN**
Non. Pouca contía; non dá para acceder á vivenda.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Non.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Non, pois é limitado ou pagas vivenda ou a comida mais non dá para todo.

**CRUZ VERMELLA**
Non.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Non.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Non. Nen economía nen co acompañamento.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Non.

**ÉRGUETE**
Non.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Non.

**FASE DE ENCONTRO**
Non.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Non.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Non.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Non.

**HOGAR SANTA ISABEL**
Non.

**INTERMON OXFAM**
Non.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Non.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Non.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Non, é preciso seguir o uso do diñeiro e que se xestione adecuadamente.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Insuficiente e de difícil xustificación.

**PROXECTO HOME**
E un apoio importante mais considerámola insuficiente.

**RED MADRE**
Non, non o é.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Non, por favor!

**REMAR GALICIA**
Si, bastante.

**RETO**
Non.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Non é suficiente e non a teñen todos.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**

Creo que non son suficientes, mais non deben de ser maiores, están moi axustados a unha renda de inserción.

**PROGRAMA SEREOS**

Non, non chega para unha vida digna.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**

Non. Non chega.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**

Escasa.

**ASOCIACIÓN STOP**

Coa cantidade de diñeiro que ofrece non se pode ter unha vida digna nen integrarse en todos os aspectos da sociedade, alén disto, nalgúns casos acaba creando unha dependencia e unha renuncia a buscar un emprego: persoas que se conforman con iso e déixanse levar.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**

Non é suficiente, é unha pequena axuda, máis ben hoxe en día a xente recorre á axuda familiar.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**

Non, é incoherente que sexa menor ao salario mínimo.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**

Non.

**UTS SUR**

Non, é ridícula.

**UTS TEIS**

Debería de haber outras cousas asociadas ao RISGA.

**UTS TRAVESÍA**
Economicamente é suficiente. Para moitas persoas é suficiente; depende do gasto que teñan.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
É insuficiente para situacións reais de necesidade.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Non.

**5. A crise financeira, é a causa de máis pobreza?, en que medida?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Si, debido ao crecemento do desemprego e aos problemas coa vivenda.

**ALBORADA**
Problemas persoais.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Si, por egoísmo do capitalismo.

**ASVIDAL**
Si, porque afecta a máis xente.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
O acoso dos medios financeiros e mediáticos é o que deu cabo do entorno social das familias e levounas á pobreza.

**CÁRITAS**
Si, na medida en que destrúe emprego.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Si, na medida en que destrúe emprego.

**CEDRO - O IMÁN**
Sí.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
En parte si, na medida que os bancos non dan empréstimos ás empresas e estas, á súa vez, non poden xerar postos de traballo.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Si aumentouna debido a que se favorece a diferenza entre ricos e pobres.

**CRUZ VERMELLA**
Si, na medida que se destrúe emprego.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Si, mormente polas perdas de postos de traballo.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Si, moitas familias en desemprego.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Si, a crise págana os máis desfavorecidos.

**ÉRGUETE**
Si, na medida en que produce desempregados.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Sí.

**FASE DE ENCONTRO**
Si, en grande parte.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Si. Encarécese a vida e os salarios non soben.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Si, a maior causa en todas as medidas (cortes laborais, sociais,...).

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Axuda en canto; se non hai emprego non se pode saír do círculo da pobreza.

**HOGAR SANTA ISABEL**
Si, porque hai moitos sectores que non están activos (por exemplo, a construción) e que atraían moitos traballadores non cualificados.

**INTERMON OXFAM**
Si. As axudas insuficientes non evitan a caída no círculo da pobreza.

**LA SAL DE LA TIERRA**
É a causa do aumento da pobreza, porque pobreza xa existía.

**MÉDICOS DO MUNDO**
A crise financeira fai que o investimento social, as infraestruturas, traballo, os créditos sexan menores e de acceso máis difícil.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Si.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Si e a nosa falta de previsión e aforro.

**PROXECTO HOME**
Si. A crise financeira supuxo unha parada de movemento de activos, que fixo que moitas medianas e pequenas empresas quebraran, levando consigo un grande número de persoas activas que non conseguiron voltar ao mundo laboral. A isto hai que engadir os reaxustes económicos que non axudaron demasiado á xa esquilmada economía dunha grande parte da poboación.

**RED MADRE**
Si. Parellas con fillos que vivían ben, outras que xa estaban no limiar da pobreza, todas agora están desesperadas. Familias inteiras que viven da pensión dun dos avós.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Si, na medida en que hai persoas que non receben nada das institucións.

**REMAR GALICIA**
Sí. Bastante.

**RETO**
Si. Por falta de traballo, de posibilidades.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Parte diso si, debido á falta de traballo que trouxo.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Si. Cinco pontos por cento de base sobre a poboación total. Está a crecer nun cinco por cento máis con respecto á poboación pobre que había antes.

**PROGRAMA SEREOS**
Sí.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Si. Na medida que destrúe emprego.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Si, totalmente. O diñeiro fácil acabouse.

**ASOCIACIÓN STOP**
Si, totalmente, a xente ao perder o seu nível de vida refúxiase en diversas adicións para esquecer, mais as penas non se esquecen co álcool, ao contrario: afortálanse.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Neste país foi o que provocou a pobreza, a xente perdeu os seus traballos, sen moitas posibilidades de encontrar outro.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Si, o sistema bancario deu facilidades para acceder a empréstimos e hipotecas que a crise económica non permite afrontar, especialmente, pola perda de emprego.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Si, na medida que destrúe emprego.

**UTS SUR**
Si, é unha das causas porque leva á perda do emprego, á falta de poder adquisi-

tivo e á perda de dereitos sociais.

**UTS TEIS**
Que pasa, que a pobreza é só económica?

**UTS TRAVESÍA**
A pobreza é só económica?

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
Si.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Si. Existen menos recursos e máis necesidade.

**6. Estima adecuado o tratamento da pobreza nos medios de comunicación?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Considero que as cifras que dan non son exactas, xa que hai una falta de coordenación entre as asociacións e organizacións, mesmo hai persoas que viven e se benefician de varias asociacións, hai moita picaresca, en moitas familias a muller anótase a nunha e o marido noutra.

**ALBORADA**
Sensacionalismo.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Non, só se ve certa sensibilización.

**ASVIDAL**
Non, manipulan e terxiversan e non se documentan, parciais e non rigorosos.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
É lamentábel e sensacionalista, preocupándose por vender noticias de catástrofes e non se fixan nas que xa desde hai anos temos no noso entorno: familias na rúa, na miseria,...

**CÁRITAS**
Dan un tratamento un pouco sensacionalista.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Non, abusa do sensacionalismo e dos estereotipos.

**CEDRO - O IMÁN**
Non. Moi tendenciosa a escándalos ou noticias morbosas.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
En momentos pontuais si: catástrofes, manifestacións,...

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Non, é moi sensacionalista, xa que traballan para o capitalismo.

**CRUZ VERMELLA**
Non. É amarela.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Non, debería existir máis atención ao tema.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Non. Sensacionalista, discriminatorio. Están a facer un manual de boas prácticas para tratalo en medios.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Non.

**ÉRGUETE**
Non, debería dar máis cobertura.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Non.

**FASE DE ENCONTRO**
Non. Limítase a dar dados e non achega solucións.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Deberían incidir máis nun problema que cada día afecta a máis persoas.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
No, en relación ao noso colectivo (inmigración) aínda menos.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Non, fan un tratamento mediático.

**HOGAR SANTA ISABEL**
Non, trátao ou faino dunha maneira estereotipada.

**INTERMON OXFAM**
Non. Non está ao lado dos marxinados.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Si, polo menos están a informar. Os xornalistas que veñen polo comedor son xente amábel, polo menos motivan á xente para que dean alimentos.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Non.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Escaso tratamento e ao facelo sensacionalízase.

**PROXECTO HOME**
Non, unicamente a nível informativo. Deberían facer un traballo mais profundo a nível de concienciación.

**RED MADRE**
Non, os medios de comunicación moitas veces ignoran, outras frivolizan co drama humano da pobreza e exclusión social. Non denuncian todos os tipos de pobreza, só algúns. Por exemplo, rara vez se denuncia a cantidade de mulleres preñadas que son abocadas a abortar pola presión da súa parella, familia ou empregadores ou son abandonadas ás súas circunstancias, ou de maltrato a anciáns e a nenos. Ás veces permítense facer anuncios que se rin dos ancián (ancián abandonados en gasolineiras). Tamén non se fala demasiado da

explotación sexual e reprodutiva da muller. Ao lado dun artigo magnífico denunciando a violencia contra a muller e a infancia, preséntanse páxinas de contactos onde se explota á muller ou ao menos son capaces de respectar horarios infantís.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Non, non falan dela.

**REMAR GALICIA**
Sensacionalismo en ocasiones ocasións, xa que só van a noticias de impacto.

**RETO**
Non. Falan para ter algo que dicir mais non achegan nada positivo.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Fican con moitas cousas no tinteiro.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Non é mao, mais é mellorábel.

**PROGRAMA SEREOS**
Maioritariamente non, considera que se dá a noticia mais con morbo, non se lle dá o tratamento adecuado.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Nen falan dese tema.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Ás veces superficial.

**ASOCIACIÓN STOP**
Deberían informar máis sobre os riscos do álcool e limitalo nos medios; alén disto, que é iso de beber con moderación? A moderación é non beber.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Ocúltase, tería de haber máis información de como está a xente na realidade.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Non, trata este tema de forma superficial, non fai unha reflexión crítica sobre esta cuestión.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Non, as noticias son escasas, sensacionalistas e mal documentadas.

**UTS SUR**
En xeral, si.

**UTS TEIS**
Non, mais como moitos temas máis.

**UTS TRAVESÍA**
Non, como en moitos outros temas.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
Non, existe un descoñecemento da situación real.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Sí.

**7. Hai consciencia suficiente entre a poboación xeral sobre a pobreza no noso municipio ou cremos que é algo doutros países?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
No Nadal, despois esquécense. E este nadal foi moi fraca.

**ALBORADA**
Si, na teoría.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Non, porque non somos solidarios.

**ASVIDAL**
Non, crese que son problemas doutros países e esquécese o cuarto mundo.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Comeza a haber un clima baseado no "mañá pode pasarme a min": aumenta o número de pobres ver embarazosos que fai que a xente pense niso.

**CÁRITAS**
Non, hai moita consciencia.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Si, cada vez hai máis consciencia porque todos teñen algún desempregado no seu entorno.

**CEDRO - O IMÁN**
Non, o mesmo dun modo deformado e coa crenza de que son molestos.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Si que hai consciencia, visualizámola todos os días.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Non somos conscientes a non ser que nos toque de cerca.

**CRUZ VERMELLA**
Sí, haina.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Normalmente existe a crenza de que é algo que afecta a outros países.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Cremos que é algo de fora.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Non. Suficiente.

**ÉRGUETE**
Pouca, téntase crear unha consciencia social a este respecto.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Non, non hai consciencia.

**FASE DE ENCONTRO**
Si, mais hai certa insensibilidade colectiva. Mentres non nos afecte miramos para outra parte.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Hai máis conciencia que antes, mais aínda deberíamos conscienciarnos moito máis.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Agora mesmo si, porque nestes momentos todos temos alguén próximo nesta situación.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Falta de consciencia en canto que nunha poboación de 300 mil habitantes non hai albergue.

**HOGAR SANTA ISABEL**
Si, porque a todo o mundo lle toca ou lle pode tocar.

**INTERMON OXFAM**
Si, a poboación está sensibilizada porque a pobreza toca de cerca a moitas persoas, mais non suficientemente.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Si. Particularmente polo que dixen antes, de que agora a xente o está a ver na súa propia carne ou en xente moi próxima, veno de cerca e iso aproxímaos máis da realidade.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Non é suficiente, mais comeza a haber máis consciencia xa que cada vez “toca máis de cerca”.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Comézase a tomar consciencia.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Esquecémonos dos nosos pobres.

**PROXECTO HOME**

Hai conciencia de que a situación non é allea, porque moitos dos cidadáns de Vigo xa o senten nas súas propias familias e iso fai que teñan unha obrigada consciencia da situación económica actual.

**RED MADRE**

Entre a poboación cada vez hai máis esa conciencia. Todos coñecemos persoas que perderon o seu traballo e o están a pasar mal. Todos vemos nas rúas persoas a pedir a axuda,...

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**

Hai consciencia.

**REMAR GALICIA**

Comeza a tomar consciencia.

**RETO**

Si, porque vese na rúa. Mais, até que ponto a entenden como pobreza?

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**

Non hai consciencia. Nas últimas manifestacións en favor do albergue en Vigo non había moita xente e a demais pasaba.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**

Están sensibilizados co desemprego, coas hipotecas e os alugueiros. Indirectamente está relacionado coa pobreza.

**PROGRAMA SEREOS**

Si, cada vez hai máis consciencia e iso porque antes críase que os drogodependentes ou os que non tiñan lar estaban nesa situación porque querían, agora como cada vez ven que afecta a un sector da poboación normalizado, veno máis de cerca e que a todo o mundo lle pode acontecer.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Non, non hai.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Preocúpanos o de fora.

**ASOCIACIÓN STOP**
Non hai conscienciación e ao ser parte da nosa cultura cremos que o álcool non é un problema e que todos controlamos.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Polo dito na resposta anterior, non hai consciencia suficiente.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Non hai consciencia.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Non hai consciencia do que hai na cidade.

**UTS SUR**
Non hai consciencia, crese que é algo doutros países ou de colectivos marxinais.

**UTS TEIS**
Non, en xeral.

**UTS TRAVESÍA**
Non en xeral. Considero que é unha cuestión interesante en nível sociolóxico.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
Si, porque está a afectar a familias próximas.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Neste momento hai conciencia.

**8. Cre que se discrimina ás minorías/ mulleres/ drogodependentes/reclusos/ maiores/ inmigrantes/ desempregados/deficientes/sen abrigo... Por que?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
En Afán non, ao contrario, canto máis raros son, máis son axudados para que non se sintan mal. Mais en canto á xente considero que hai moita hipocrisía, nas proximidades de Afán ninguén quer ver a xente e ninguén os quer ter perto, e isto estase a ver en canto á localización do albergue, que está a ter problemas coas asociacións de veciños que se opoñen.

**ALBORADA**
Si.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Si, por descoñecemento da problemática e por medo.

**ASVIDAL**
Si, hai máis dificuldade para acceder ao emprego digno e os recursos en xeral, non se contemplan as diferenzas e singularidades.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Eles son o cuarto mundo, son os nosos pobres e por iso mesmo son discriminados.

**CÁRITAS**
Si, non teñen fácil acceso ao traballo e á vivenda.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Si, porque o propio mercado de traballo discrimina.

**CEDRO - O IMÁN**
Moito, falta información e descoñecemento da saúde sociocomunitaria.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Creo que si, no fondo non acreditamos na súa reinserción.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Si, debido a que ven imposto socialmente e por educación, pola falta de traballo e por estética por seren diferentes.

**CRUZ VERMELLA**
Non, hai máis consciencia de que todos somos iguais, alén disto, trabállase este aspecto desde a educación primaria.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Si, porque existe unha imaxe parcial destes sectores, unicamente vese o lado negativo.

**EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL**
Si. Descoñecemento, medo.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Si, porque non hai proporción no tratamento das súas necesidades en relación con outros aspectos non tan importantes.
Por exemplo: temos moitas flores e granito nas rúas e pouca atención ás persoas.

**ÉRGUETE**
Si. No que respecta a toxicómanos, reclusos e inmigrantes por medo, os restantes grupos son discriminados por razóns económicas, pénsase que son menos rentábeis.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Si. A xente non se quer misturar con esas persoas. Existe moita discriminación.

**FASE DE ENCONTRO**
Os drogodependentes, reclusos e persoas con deficiencias porque teñen un estigma. As mulleres, os idosos e os inmigrantes por razóns culturais e sociais.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Si. Porque se cre que son colectivos que poidan ter responsabilidades familiares, compatibilidade de horarios.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**

Son discriminados en xeral, depende da característica que teñas.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**

Si. Porque se parte dunha situación interior de capacidades, isto é, prexúlgase.

**FOGAR SANTA ISABEL**

Si,porque non existe igualdade con respecto a outros colectivos ou tense reticencias en relación a certos grupos. Non se valoran os individuos, etiquétase globalmente.

**INTERMON OXFAM**

Si. Son poucos e "pasan" por iso.

**LA SAL DE LA TIERRA**

Si, discrimínase. Mais en canto ás mulleres, considero que teñen vantaxes para saír adiante, a xente está máis sensibilizada coas mulleres, alén disto, está máis preparada para afrontar as cousas. Os homes sen traballo derrúbanse e refúxianse no álcool ou noutras substancias.

**MÉDICOS DO MUNDO**

Si, porque se lles piden moitos requisitos, moita motivación,... e non existen recursos básicos onde se podan apoiar en todo o proceso. Séguese compartimentalizando a pobreza, cando os recursos son escasos e non hai perfís puros de pobreza, onde as persoas excluídas fican case sempre excluídas por partida dupla.

**MISIÓN DO SILENCIO**

Falta integración. Procurar traballo.

**MISIÓN EVANGÉLICA URBANA DE VIGO**

Sí, por egoísmo.

**PROXECTO HOME**

Mellorouse dunha maneira moi notábel a atención a estes colectivos, de feito pode constatarse con resultados obtidos en todas as asociacións que tratan con algún destes colectivos, de todos modos os recursos seguen a ser limitados.

**RED MADRE**

Si, claro que se discriminan. Discrimínanse en especial ás minorías, aos drogodependentes, reclusos, inmigrantes. En menor medida cremos que aos desempregados. A muller é discriminada e en especial cando é pobre e está preñada, alén de ter xa outros fillos pequenos. Tamén se discrimina ás persoas con deficiencias, mesmo xa antes de nacer, basta ver a nosa lei do aborto, denunciada por colectivos de persoas con deficiencias (CERMI).

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**

Sí, ás mulleres porque a sociedade é machista.
Os drogodependentes porque non son aceitados como doentes.
Os inmigrantes: depende do país de orixe.
Os desempregados: non se lles da oportunidades de traballo.
As persoas con deficiencias: nen sequera se lles facilita a mobilidade na cidade.
Os sen abrigo: non se lles da un sitio de acollemento.

**REMAR GALICIA**

Sí.

**RETO**

Si, por estar desintegrados socialmente.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**

Si, discrimínase.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**

Si, hai discriminación, mais hoxe en día é menor.
Existe unha certa consciencia, mais aínda existen prexuízos con respecto ás minorías.

**PROGRAMA SEREOS**

Si, por falta de información, ignorancia, conscienciación.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**

Si. Aos toxicodependentes porque son considerados un desfeito e, en xeral, porque estamos nunha época de consumo; se produces, ben, se non, sobras.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Sí.

**ASOCIACIÓN STOP**
Totalmente de acordo, xa que cremos que non nos vai pasar a nós pois controlamos co álcool.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Si, e en canto ás mulleres vese na diferenza de salarios relativamente aos homes que aínda hai neste país, algo superado apenas na Administración, na empresa privada segue a haber discriminación.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Si, basicamente porque non se adaptan ao padrón convencional e por prexuízos culturais.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Si, discrimínase ás persoas por non ter un nível económico.

**UTS SUR**
Non, son empurrados á automarxinación.

**UTS TEIS**
Sí.

**UTS TRAVESÍA**
Si. Mais na Administración hai discriminación positiva.

**UTS CENTRO - CASCO VELLO - CASTRO**
Desde este servizo, non.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Ás veces, pola aparencia e os prexuízos.

## 9. Como evitar esa discriminación a respecto das minorías/ mulleres/ drogodependentes/reclusos/ maiores/ inmigrantes/ desempregados/deficientes/sen abrigo...?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Educándoos desde cativos, fomentando a non discriminación, o respecto, a axuda ao necesitado ou desfavorecido, e o traballo.

**ALBORADA**
Non se permite adecuada integración-antecedentes.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Dar máis información á poboación e desde a escola aprender a non discriminar.

**ASVIDAL**
Pondo en práctica a discriminación positiva, vixente nas diversas normativas.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Actuando en redes de apoio e integración diferenciadas mais unidas: Cáritas axuda economicamente, Emaús aloxando.

**CÁRITAS**
Coa educación e a denuncia social.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
A información obxectiva e veraz é unha boa ferramenta.

**CEDRO – O IMÁN**
Que a xente coñeza a realidade de cada problema e maior prevención e integración.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Cunha boa información e o acompañamento das persoas que levasen a cabo a súa inserción.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Mediante a educación para a igualdade e integración, programas de compromiso da administración dando formación e facilitando un traballo e experiencia profesional tutelada.

**CRUZ VERMELLA**
A educación cidadá e as campañas de sensibilización.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Si, mormente con campañas de divulgación.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Sensibilización, administración e medios de comunicación.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Con políticas claras e medidas económicas.

**ÉRGUETE**
Si.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Con concienciación á poboación.

**FASE DE ENCONTRO**
Falta de sensibilización colectiva.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Sensibilización da sociedade mediante políticas sociais e programas de integración e inclusión social.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Con educación, sensibilización, controlando os medios de comunicación, habería que endurecer a Lei

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Consciencіación da sociedade e maiores canais de empregabilidade.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Individualizando a problemática.

**INTERMON OXFAM**
Interesar máis á administración e á poboación.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Axilizando os trámites. Por exemplo, para o recoñecemento dunha deficiencia existe unha demora de 15 meses para a valoración e portanto case 18 meses para a solicitude da pensión non contributiva dunha persoa cunha deficiencia superior ao 65% que carece de ingresos. Entretanto, onde vive?
Eliminando as trabas administrativas que impiden o acceso das persoas sen recursos a determinados servizos. Por exemplo, unha persoa sen DNI, que custa 10 euros, non pode acceder a empadroarse se carece de domicilio e, portanto, non pode solicitar calquera documentación para acceder a unha renda básica.
Coordenándose os recursos, facililtando unha "xaneliña única". Neste sentido só habería que copiar o modelo do Concello de Bilbao para calquera situación de emerxencia social.
Garantindo o abrigo e a manutención das persoas doentes.
Creando o Centro de Inclusión Social que garanta a atención integral das persoas cando así o requirir a situación, conectándoa coa rede social normalizada.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Seguimento e Integración.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Máis educación e sensibilización.

**PROXECTO HOME**
Cunha melloría na atención integral dos individuos que tamén pasa por una melloría na coordenación dos diferentes recursos que tratamos con diferentes colectivos. Talvez os recursos disponíbeis se utilizarían con mais efectividade, aforrando en recursos pero non en resultados obtidos. Tamén reaxustando os recursos disponíbeis.

**RED MADRE**

Con campañas de sensibilización social, con denuncias nos casos de abusos, con leis máis xustas e maior protección social. Cunha maior educación nos mozos.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**

Ofrecendo servizos que cubran as súas necesidades.

**REMAR GALICIA**

Políticas de integración y máis solidariedade.

**RETO**

Tratar de integralos.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**

Educando.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**

Con campañas de sensibilización, asistencia ás vítimas de discriminación.

**PROGRAMA SEREOS**

Con educación e conscienciación.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**

Non sei.

**ASOCIACIÓN STOP**

É preciso que desde nenos nos mostren o perigo do álcool.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**

Con lexislación, através da prevalencia para postos de traballo e educación, principalmente, para mudar a actitude das persoas, e iso para que esa lexislación se poda cumprir.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**

Con educación, políticas de integración, máis recursos económicos e de servizos e conciliación familiar.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Facilitando medios económicos e de apoio ben desenvolvidos.

**UTS SUR**
Ofrecendo máis oportunidades.

**UTS TEIS**
Con educación e sensibilidade.

**UTS TRAVESÍA**
Con educación e sensibilidade.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Mediante unha correcta educación en valores e unha educación para a cidadanía e o convivio.

### 10. Ten aumentado a afluencia de persoas en situación de pobreza nos últimos tempos á súa entidade?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Si, mais puideron ser atendidos grazas a unha empresa de conxelados que se comportou moi ben e a que en 2010 o Concello deu bastantes axudas de diñeiro ás asociacións.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Si.

**ASVIDAL**
Si.

**AYUVI-PROVIDA**
Si, bastante (25-30%)

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Entre 2009 e hoxe aumentaron un 50% as peticións de alimentos dos centros colaboradores.

**CÁRITAS**
Si, un 40%.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Non.

**CEDRO – O IMÁN**
Non.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Si, considerabelmente desde 2009.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Si moita xente ven a informarse de axudas e de lugares onde poder recoller alimentos.

**CRUZ VERMELLA**
Si, moito.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
En xeral incrementouse a afluencia de xente, mais por moitos factores, non exclusivamente polo factor da situación de pobreza.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Levan pouco tempo en Vigo.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Si.

**ÉRGUETE**
As persoas en situación de pobreza non son o noso obxectivo. Mais si colaboramos con outros colectivos e propomos medidas conxuntamente, entre outras, o albergue e o centro de inclusión social.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Si.

**FASE DE ENCONTRO**
Non.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Si.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Si, hai moita xente, nos últimos anos máis.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Si, vai mudando o perfil en función das necesidades sociais do momento.

**INTERMON OXFAM**
Si.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Ten aumentado moito.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Si.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Si.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Levamos pouco tempo na nova sede para valoralo correctamente.

**PROXECTO HOME**
Máis ou menos mantense.

**RED MADRE**
Si, duplicouse con respecto ao ano anterior.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Si.

**REMAR GALICIA**
Si, por iso a repartición de alimentos.

**RETO**
Non, segue igual.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Ten aumentado moito.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Si. No ano 2007 tíñamos 150 traballos contratados; no ano 2010 só tivemos 51 traballos contratados.

**PROGRAMA SEREOS**
Si. En 2009 atendéronse 526 persoas e en 2010 a cifra baixou a 1176 persoas. Entre os colectivos destinatarios, os drogodependentes e os maiores mantivéronse igual; o incremento foi debido aos novos pobres referidos antes.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Si.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Si.

**ASOCIACIÓN STOP**
Si, xa que o álcool non entende de crise pois por 30 céntimos pódese comprar no supermercado.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Si, estamos a ver situacións verdadeiramente dramáticas, mesmo que non é habitual temos dado axuda económica a xente moi necesitada.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Si.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Si. Moitísimo en atención primaria, en estranxeiría pouco.

**UTS SUR**
Si. Moitísimo, desde o 2007 foi un crecemento esmagador.

**UTS TEIS**
Si.

**UTS TRAVESÍA**
Si.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
Si.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Si, moito.

### 11. Como mellorar a atención ao colectivo que atende a súa entidade: que propostas fai a súa organización?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Precísase máis diñeiro, máis subsidios.

**ALBORADA**
Axuda administracións para saúde, familia, convivio social e coordenación entre entidades.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Automantéñense e autoxestiónanse.
Non queren propor nada.

**ASVIDAL**
Aumentar o abano de recursos que na actualidade son escasos.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**

Dispor dunha nave en condicións para o Banco de Alimentos, xa que están de aluguer e é pequena, aumentar o número de socios, colaboradores e doadores, mentalizar á administración das necesidades operativas das entidades dedicadas ao combate á pobreza e á exclusión social.

**CÁRITAS**

Con máis diñeiro para contratar máis profesionais.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**

Facémolo negociando a lei de estranxeiría en todos os seus aspectos e participando no ámbito institucional.

**CEDRO – O IMÁN**

Orzamento prevención.
Proxectos de integración.
Avaliación científica do uso dos recursos.

**COMEDOR DA ESPERANZA**

Atención máis personalizada.
Responder ás denuncias administrativas.
Comedor, baño adaptado.
Rampa accesíbel, etc.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**

Máis implicación da administración.

**CRUZ VERMELLA**

Alargando os horarios de atención ao público e os servizos con máis voluntarios.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**

Particularmente deben ser incrementados os recursos.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**

Políticas emprego e benestar social.
Rede sector sanitario.

Máis vivendas accesíbeis.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Con aumento de orzamento e de persoal e unha utilización dos recursos máis racional.

**ÉRGUETE**
Non, estamos a sofrer uns cortes enorme que poñen en perigo o desenvolvemento dos programas que temos en funcionamento.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Máis recursos económicos.

**FASE DE ENCONTRO**
Complementándoa con outros recursos.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Programas de inclusión social, formación ocupacional para favorecer a integración destes colectivos.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Máis recursos (económicos, persoais,...), para poder facer máis cosas das que podemos facer.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Cun maior número de persoal e máis financiamento.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Máis recursos en escolas infantís e centro de día.
Intermediación laboral e máis formación profesional.

**INTERMON OXFAM**
Dedicando a administración máis diñeiro á cooperación internacional. España contribúe con pouco e Vigo é a cidade que menos contribúe a esta cooperación.

**LA SAL DE LA TIERRA**

A xente que acode non fica sen comer. O necesario sería que se axudase á xente con emprego e con máis axudas para que non tivesen que recorrer ao comedor.

**MÉDICOS DO MUNDO**

Axilizar tempos, varrendo as trabas administrativas, facilitando o acceso, aumentando os recursos económicos e humanos na atención aos colectivos, creando un centro de inclusión social,...

**MISIÓN DO SILENCIO**

Con respecto á opinión que teñen en xeral os usuarios sobre os servizos que presta a Misión do Silencio, máis da metade, un 55%, cualifícaa de moi boa, un 39% de boa e un 7% de regular. Non existe nengún usuario que a cualifique como má ou moi má. Portanto, un 93% cualifícaa de boa ou moi boa.

O Gabinete de Psicoloxía pretende proporcionar un espazo de escoita e apoio psicolóxico para as persoas que acoden ao noso centro. Ofrécese o apoio e orientación profesional especializada precisa para que podan afrontar, da mellor maneira posíbel, as demandas e inquedanzas que nos presentan.

Pretendemos potenciar os recursos e as capacidades das persoas para favorecer mudanzas, tornándonos máis, nun facilitador de recursos, do que nun "sanador". Este ponto de vista implica traballar con "persoas", con xente que se sente "estancada" no seu desenvolvemento vital e non con "doentes".

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**

Falta de persoal cualificado de axuda.

**PROXECTO HOME**

Un pouco incidir sobre o bo uso dos recursos, e unha maior colaboración entre as entidades públicas.

**RED MADRE**

Propomos que se desenvolva o antes posíbel a lei aprobada no noso parlamento autonómico de creación dunha rede pública de apoio á muller preñada con dificuldades. Propomos que se poñan en marcha axudas para que unha adolescente ou universitaria preñadas podan continuar cos seus estudos sen ter que abandonalos para poder traballar e atender do seu fillo cando

non contan co apoio da súa familia. Propomos dotar máis recursos para que as inmigrantes e as persoas con deficiencias sen apoio familiar ou sen recursos podan vivir a súa maternidade en condicións dignas. Maior cobertura social para as parellas con fillos e sen recursos.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Tendo máis servizos, darlles calidade de vida.

**REMAR GALICIA**
Gostaríamos de alcanzar a máis de 214 familias mensalmente e niso estamos a traballar, para conseguir máis empresas que nos doen alimentos, porque o que nestes momentos recollemos non nos dá para atender a máis, xa que diminuiría a cantidade de fruta e verdura que se pon en cada lote.
Presentóusenos un serio problema na temporada de primavera e verán por causa da calor, pois nas instalacións que temos non hai cámara de frío, e tivemos unhas diminucións grandísimas de produtos (lembrar que traballamos con fruta, verdura e hortalizas frescas), e o que repartíamos ía nunhas condicións non tan óptimas como gostaríamos, xa que apesar de ir boa cantidade de alimentos, estes tiñan de ser consumidos nun curto período de tempo, e hai que ter en conta que cada beneficiario ven cada quince días. Este é outro ponto sobre o que estamos a traballar e facer xestións a fin de conseguir instalar unha cámara de frío industrial onde poder gardar e conservar o produto até o día da súa repartición.

**RETO**
Máis persoal e máis medios económicos.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Máis medios por parte das administracións, e tamén precisaríase de voluntarios novos que nos podan ir substituíndo.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Mellorar a educación ou a formación par ao emprego.

**PROGRAMA SEREOS**
Aumentar o número de traballadores e mudar a un certo máis acorde co número de asistentes.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Recebendo máis axudas estatais e municipais.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Con máis medios económicos e máis profesionalización.

**ASOCIACIÓN STOP**
Precisamos un local, educar aos nenos nos perigos do álcool, restrinxir o seu consumo especialmente no medio rural, xa que neste a cultura do álcool está moi enraizada.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Máis axudas por parte das Administracións, xa que pasan persoas en situacións moi precarias. Logo, precisaríanse máis medios económicos, humanos e materiais. Gostaríamos de colaborar e contar cun asistente social para así poder axudar ás persoas que nos demandan asistencia.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Reducir o número de persoas atendidas por cada profesional e aumentar a contía económica destinada a axudar ás familias.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Máis medios económicos e recursos humanos e tecnolóxicos.

**UTS SUR**
Contratando máis persoal e creando novos servizos.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
É necesario o alargamento dos recursos humanos, equipas interdisciplinares, recursos materiais.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Creación de vivendas económicas e emprego.

**12. Son suficientes os programas e recursos que as administracións públicas destinan a terminar coa pobreza no ámbito que traballa o seu colectivo? Como evoluíron?**

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Son insuficientes e, alén disto, chegan moi tarde, tendo que ás veces adiantar o diñeiro, reparando en que son as asociacións as que sacan a miseria da rúa.

**ALBORADA**
Suficientes en comparación con outros, mais falta incorporación social. Emprego, formación e integración.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Esta asociación non recebe subsidios nen os admite.

**ASVIDAL**
Non son suficientes nen evoluiron.

**AYUVI-PROVIDA**
Non. Están a fechar dependencias das axudas.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Son insuficientes e en ocasións actúan baixo un total partidismo político.

**CÁRITAS**
Non. Son pouco efectivos e evolúen negativamente.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Non, positivamente.

**CEDRO – O IMÁN**
Non.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Hai máis sensibilización, cercanía mais as medidas económicas seguen a ser insuficientes.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Poucos e limitados e van a pior pois hai menos recursos e máis necesitados.

**CRUZ VERMELLA**
Son escasos, hai un corte de orzamentos por parte das administracións. Tiveron auxe desde o ano 2000 ao 2010, mais desde 2011 teñen un corte.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Non, en Vigo non se incrementaron os recursos destinados a pésoas con saúde mental desde o ano 2006.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Non. Fai falta maior integración e coordenación.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Insuficientes aínda que aumentaron. O gasto en servizos sociais é insuficiente.

**ÉRGUETE**
Non. A pior.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Non, melloramos un pouco mais a prostitución é un colectivo esquecido pola administración.

**FASE DE ENCONTRO**
Non. Como consecuencia da crise hai retroceso nos subsidios.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Non. Lentamente debería destinarse máis orzamento para estas axudas.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Non, non son suficientes. Hai novas cousas mais a situación non mellora.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Non.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Non, positivamente mais non son suficientes.

**INTERMON OXFAM**
Cada ano hai menos orzamento. O Concello de Vigo dedica o 0,04.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Teñen evoluído ben, mais non son suficientes. O goberno tería que fomentar o emprego, e dar máis axudas, trátase de arranxar a base para evitar que cada vez máis xente estea pior.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Non son suficientes e cos cortes no investimento social fai con que os poucos que existen acaben morrendo (por exemplo, as casas de acollemento para persoas seropositivas en fase terminal).

**MISIÓN DO SILENCIO**
Nunca son suficientes. Non hai marxinación cero.

**PROXECTO HOME**
Evoluíron positivamente nos últimos anos (Risga, Prestacións non contributivas, lei de dependencia) aínda que en ocasións seguimos atopando situacións de desamparo.

**RED MADRE**
Non, en cuestións como axudas á maternidade e conciliación familiar estamos a anos luz dos países máis desenvolvidos da Europa. O cheque bebé mellorara un pouco a situación, mais agora estamos como antes, case sen nada que ofrecer ás nais en dificuldades durante a preñez, e ás veces tamén despois de ter o fillo.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Non, algúns negativamente.

**REMAR GALICIA**
Poucos medios, aínda que melloran.

**RETO**
Non recibimos axudas nen as pedimos.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Non.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
En xeral, a evolución das políticas sociais coa poboación xitana é moi positiva. Porén, en relación coa crise as medidas adoptadas resultan regresivas.
Córtanse dereitos de acceso aos cursos de formación ocupacional a persoas sen formación básica (sen título de graduado da ESO ou superior).
Córtanse as medidas de igualdade de oportunidades na educación.
Hai máis competencia polos recursos sociais (RISGA, AES,...).

**PROGRAMA SEREOS**
Non son suficientes, mais evoluíron, aínda lle resta moito camiño por diante.
Hai unha mudanza importante mais non se nota polas circunstancias actuais de crise, hoxe nada chega nen é suficiente.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Non, non son suficientes. Dan pouquísimo.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Son escasos e reducíronse.

**ASOCIACIÓN STOP**
Non son suficientes e dificúltase a función dos colectivos de loita e apoio.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Non son suficientes.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Non, a evolución do servizo de benestar social ten sido máis lenta do que o aumento das necesidades da poboación atendida.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Non, evoluíron negativamente.

**UTS SUR**
No, foron crecendo progresivamente.

**UTS TEIS**
Non evoluíron.

**UTS TRAVESÍA**
Se fosen suficientes acabaríase coa pobreza.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO –CASTRO**
Si.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Non, non chega.

### 13. Cumpren a súa función e son suficientes os programas de axuda económica, familiar, de emerxencia social, as rendas mínimas de inserción ou as pensións non contributivas?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Serían suficientes, se como son denominadas son de emerxencia, mínimas; o que non poden ser é un sustento de por vida. Como xa indiquei, ten que haber máis educación en administración de recursos ás familias.

**ALBORADA**
Suficientes en comparación con outros, mais falta incorporación social. Emprego, formación e integración.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Non. Tería que mellorar.

**ASVIDAL**
Son só paliativos e insuficientes.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Cumpren parte da súa función xa que seguen a ser insuficientes.

**CÁRITAS**
Non. Son escasas e tardan en seren concedidas.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Si, mais só conxunturalmente.

**CEDRO – O IMÁN**
Non. Pouca contía; non dá para acceder á vivenda. Está mal visto o RISGA.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Son escasas, e creo que non hai unha supervisión e ás veces non tan ben empregadas.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Xa se falou con anterioridade que son limitadas.

**CRUZ VERMELLA**
Si, cumpren a súa función e son suficientes.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Si.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Non. O RISGA fomenta a economía paralela, debe ser compatíbel con algúns tipos de traballo.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Cumpren a súa función insuficientemente.

**ÉRGUETE**
Nen son suficientes nen cumpren a súa función adecuadamente.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Cumpren a súa función insuficientemente.

**FASE DE ENCONTRO**

Insuficientes, non cumpren a súa función, son remendos. Tería de haber unha integración efectiva porque en casos só serven dúas solucións temporarias.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**

Non, porque se duplicaron as persoas que necesitan estas axudas.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**

Cumpren a súa función, mais non son suficientes. Por exemplo, o tempo de espera é esaxerado no caso do RISGA. A AES tamén tarda bastante.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**

Non a cumpren porque a contía económica non é suficiente e a súa función é unicamente asistencial.

**FOGAR SANTA ISABEL**

Non, son escasas, tardan en tramitarse e non cumpren o seu fin.

**INTERMON OXFAM**

Non.

**LA SAL DE LA TIERRA**

Non son suficientes.

**MÉDICOS DO MUNDO**

Non cobren. Habería que asimilar as rendas básicas polo menos no Salario Mínimo Interprofesional.

**MISIÓN DO SILENCIO**

É preciso vixiar o seu uso: que sexa destinada á pensión e comida, mais non destinada a álcool e droga.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**

Son insuficientes e paliativos. O máis necesario é que sexan inclusivos.

**PROXECTO HOME**
Son unha axuda importante aínda que insuficiente.

**RED MADRE**
Si cumpren a súa función, mais son insuficientes.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Son insuficientes.

**REMAR GALICIA**
Son escasos.

**RETO**
Non.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Non son suficientes.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Si, cumpren a súa función, mais son insuficientes.
Practicamente non hai apoio familiar, despois da crise, somos o penúltimo país da Europa dos 25 en apoio familiar.

**PROGRAMA SEREOS**
Nen son suficientes nen para o que están destinadas cumpren a súa función, xa que o RISGA, que ascende a 336€, só serve para sobrevivir. Nestes momentos as axudas de emerxencia social, que se outorgan unha vez ao ano para, por exemplo, comprar utensilios do lar, roupa,... a xente está a usala para o pagamento das rendas de aluguer. Desta maneira, se receben 1000€ extra, polo menos xa teñen varios meses de alugueiro pagos.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Non son suficientes.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Escasa.

**ASOCIACIÓN STOP**
Non son suficientes e non están ben xestionadas nen se sabe o fin que lle dan os seus usuarios: son usadas para beber???

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Non son suficientes. É como un círculo vicioso, cada vez hai máis desemprego e portanto menos ingresos para o Estado e requírese máis destas axudas, que non son suficientes, e que dificilmente se poden incrementar.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Non, son moi baixas.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Non.

**UTS SUR**
Cumpren a súa función porque dan certa cobertura, mais non son suficientes.

**UTS TEIS**
Si para recursos mínimos.

**UTS TRAVESÍA**
Cumpren a súa función de recursos mínimos.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
Non son suficientes e non cumpren os seus obxectivos.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Non, e tardan moito en ser concedidas ou denegadas.

### 14. As redes de traballo social están suficientemente dotadas e coordenadas?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Si funcionan ben.

**ALBORADA**

Si.

**ALCOHÓLICOS ANÓNIMOS**

Mantemos unha conexión fluída con outras redes.

**ASVIDAL**

Non, faría falta equipas interdisciplinares nas Unidades Básicas de Atención social-sanitaria e que se realice un traballo social comunitario. Son reveladores os dados do Plano Comunitario de Teis que demostra a súa rendibilidade.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**

Agora estanse a dar pasos para a integración e colaboración e non queremos esperar á administración para iso.

**CÁRITAS**

Non están dotadas e si coordenadas.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**

Non están dotados e si están coordenados.

**CEDRO – O IMÁN**

O programa REDEss leva pouco tempo. A coordenación aínda non é correcta.

**COMEDOR DA ESPERANZA**

Tivemos dúas reunións xuntos.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**

Parece que cada unha vai pola súa conta e non unen esforzos.

**CRUZ VERMELLA**

Non.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**

A coordenación é mellor que a doutros servizos.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Non. Pouco articulada e só asistencial.
Falta Integración.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Non.

**ÉRGUETE**
Non están dotados e poderían estar mellor coordenados.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Non están dotadas e si coordenadas.

**FASE DE ENCONTRO**
Non están dotadas nen coordenadas. Ás veces aparecen bloqueos e demoras nas relacións entre as asociacións.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Poderían mellorar.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Cremos que están suficientemente dotadas e coordenadas.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Non, son insuficientes e descoordenadas, tendo en conta o ritmo de aumento da pobreza.

**HOGAR SANTA ISABEL**
Non están dotadas nen coordenadas.

**INTERMON OXFAM**
Non están dotados e podería facerse máis pola súa coordenación.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Non.

**MÉDICOS DO MUNDO**

Non. Mentres a coordenación responda só á boa intención das entidades non se garante a coordenación. Coordenación e supervisión dos casos, o traballo en equipa,... facilita a obxectividade nos procesos.

**MISIÓN DO SILENCIO**

Os marxinados en ocasións séntense “asediados” por eles.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**

Non.

**PROXECTO HOME**

Bastante satisfeitos no traballo coa nosa entidade.

**RED MADRE**

Non, claramente que non. Véxase o que acontece no tema da dependencia.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**

Non.

**REMAR GALICIA**

O proxecto REDEss será importante.

**RETO**

Non están dotadas e si coordenadas.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**

Non teñen moitos medios, por exemplo, a Lei de dependencia funciona moi mal.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**

Nen ben dotadas, nen ben coordenadas.

**PROGRAMA SEREOS**

Si, aínda que todo é mellorábel.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**

Non están dotadas nen coordenadas.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Progresando.

**ASOCIACIÓN STOP**
Cada unha tira polo seu lado, apesar das boas palabras do proxecto REDEss.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Si, considero que están coordenadas mais non o suficientemente dotadas, neste momento de crise, xa que están desbordadas de xente que atender.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Non.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Non están dotadas e están pouco coordenadas.
Sálvanse pola boa fe e o bo facer das profesionais.

**UTS SUR**
Están coordenados e escasamente dotados.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
Non funcionan.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
En Vigo, camíñase para iso mais falta moito camiño.

### 15. Sería necesario un plano integral de inclusión social e unha lei específica? Por que?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Si, particularmente dando cursos de formación á xente para que aprendan a administrarse e a vivir con menos.

**ALBORADA**

Si, para potenciar que a administración contrate con beneficios empresas de inserción. Patoloxía Dual-Esquizofrenía- Coca= Rehabilitación e Integración difícil.

**ALCOHÓLICOS ANÓNIMOS**

Se, estaría ben unha lei.

**ASVIDAL**

Non porque son dereitos fundamentais.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**

De nada serve unha lexislación que non se cumpre e que se ve atrancada pola propia administración. É por iso que remarcamos a necesidade de coordenar os esforzos das diferentes entidades non politizadas implicadas no combate á pobreza e á exclusión social.

**CÁRITAS**

As leis soas non serven, hai que dotalas.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**

Non o sabemos.

**CEDRO – O IMÁN**

Son suficientes as que hai mais que se apliquen.

**COMEDOR DA ESPERANZA**

Sería moi importante.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**

Sería necesaria mais que fose funcional pensando no colectivo a quen vai dirixida e axudándoos a integrarse.

**CRUZ VERMELLA**

Si, porque se establecerían as medidas necesarias para combater á pobreza e teríase unha análise previa da realidade.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Si. O problema é que nesa lei hai que tocar outros como sanidade, dependencia,...

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Sí. Hai proxecto de reforma da Lei Inclusión.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Si, hai que afrontar os problemas con dereitos, con orzamentos e seguranza. É preciso obrigar ás administracións a cumprir.

**ÉRGUETE**
Si. Habería uns obxectivos e uns medios para os conseguir.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Si. Se houbese unha lei habería máis planos específicos e concretos.

**FASE DE ENCONTRO**
Si, mais deberían buscarse resultados obxectivábeis.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Si. Porque axudaría á integración destes colectivos.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Si. Porque as focaxes que hai son moi diferentes, mais é moi difícil lexislar todo. Esta Lei tería que marcar liñas xerais.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Si, porque unha lei específica é máis eficaz que unha lei xeral.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Si, que regule os servizos e adopte medidas concretas para resolver as situacións de pobreza.

**INTERMON OXFAM**
Unha lei sen dotación económica non serve de nada.

**LA SAL DE LA TIERRA**

Hai lexislación. En Vigo está ben. O proxecto REDEss de Benestar Social está a facer reunións e tamén está o proxecto do albergue en marcha. Para alén das axudas económicas estanse a dar cursos e iso é importante.

**MÉDICOS DO MUNDO**

O II Plan de Inclusión Social 2007-13 existe, onde está? En servizos sociais existe a nova Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, cúmprese?

**MISIÓN DO SILENCIO**

Si e unha mudanza de valores.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**

Sí, mais de verdadeira aplicación.

**PROXECTO HOME**

Sí, precisamente para eses desaxustes dos que falabamos antes..... para conseguir unha maior coordenación entre entidades, administracións e usuarios. Para chegar dunha maneira máis eficaz ás persoas en situación de exclusión social e para conseguir aforrar recursos á vez que se logra una melloría na atención.

**RED MADRE**

No caso do noso colectivo si existe e é precisa esa lei, mais falta póla en marcha.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**

Non se precisan máis leis, hai que dotar as que temos con orzamentos suficientes para desenvolvelas.

**REMAR GALICIA**

Sería o ideal, mais é complexo conseguilo.

**RETO**

Si, mais unha lei que non estea só no papel, unha lei que comporte compromisos.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Non.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Si, porque é a única maneira de garantir que os planos seguen un proceso apesar dos cortes económicos e as mudanzas políticas.

**PROGRAMA SEREOS**
Todo o que está regulado facilita o traballo porque fai seguir a todos a mesma liña. En nível local destaca o proxecto REDEss.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Sería moi bo porque se podería axudar, educar e escoitar ás persoas.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Non, a asistencia social debe converterse nun dereito subxectivo.

**ASOCIACIÓN STOP**
Si, mais contando coas opinións e experiencias dos colectivos implicados e dos propios afectados.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Xa existe lexislación, o que sería preciso é máis medios e mecanismos para poder levar adiante a lexislación e os planos.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Si, por todas as carencias descritas. Un plano integral daría unha perspectiva de todas as carencias e marcaría obxectivos e accións temporalizándoas, tamén facilitaría a coordenación de profesionais e organizacións.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Sería necesario dotalas e desenvolvelas adecuadamente.

**UTS SUR**
É necesario, mais fai falta moito máis que iso. Fai falta un plano que abranxa as necesidades sociais de todos os colectivos.

Si, porque ten que existir un marco normativo que regule as accións das organizacións que traballan cos colectivos necesitados.

**UTS TEIS**
Existe regulación suficiente.

**UTS TRAVESÍA**
Hai regulación suficiente.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
Existen, mais non se aplican.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Si. Para ter unhas directrices xerais e que fomentan o traballo coordinado e en rede.

### 16. Cais son as principais dificuldades que encontra a súa organización no seu traballo?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Falta de recursos económicos e de subsidios.

**ALBORADA**
Financeiras e para a incorporación sociolaboral.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
A falta de información.

**ASVIDAL**
Cronificación da situación multiproblemática, problemas de saúde mental que condicionan a demanda do doente.
Hándicap para acceder ao emprego.

**AYUVI-PROVIDA**
Falta de apoio institucional, subsidios tardíos e escasos.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
A falta de voluntariado novo, somos todos xubilados e moi maiores.

**CÁRITAS**
Falta de medios e exceso de persoas que atender.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Regularizar a situación administrativa dos inmigrantes.

**CEDRO – O IMÁN**
Falta orzamento e políticas mal enfocadas.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Carecemos de permiso de inicio de actividade.
Non podemos acceder a subsidios estatais.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Non é a nosa tarefa principal.

**CRUZ VERMELLA**
Non podemos atender toda a demanda que temos.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
A coordenación cos centros de saúde.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Estabilidade en financiamento.
Cortes (até + 40%)

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Insuficiente persoal e orzamento, inadecuada organización e má xestión.

**ÉRGUETE**
Falta estabilidade, recursos económicos para darlles continuidade aos planos.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Financiamento.

**FASE DE ENCONTRO**
Falta de medios económicos (subsidios).

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
De persoal.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Falta de recursos en xeral para a xente, moitas persoas que demandan o servizo. Discriminación na linguaxe da noticia nos medios de comunicación.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Ausencia de medios, de recursos humanos e materiais. Falta de alternativas.

**FOGAR SANTA ISABEL**
Falta de recursos, falta de opcións laborais que ofertar aos usuarios e resolver las situacións de pobreza.

**INTERMON OXFAM**
A coordenación coa Administración. Hai demasiada burocracia.

**LA SAL DE LA TIERRA**
O financiamento. Ao haber máis xente que acode ao comedor temos menos tempo e menos xente para poder dedicar a nosa fonte de financiamento, a obter ingresos, que o facemos recollendo móbeis, arranxándoos e vendéndoos.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Falta de recursos integrais e polivalentes, carencia de traballo en equipa desde a administración que fai con que as diferenzas sexan notábeis, lentitude na tramitación de axudas, prexuízos profesionais en materia de exclusión social,...

**MISIÓN DO SILENCIO**
Económicas e de persoal.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Financiamento, colaboración e coordenación.

**PROXECTO HOME**
Moitas veces problemas en nível de coordinación con outras entidades (aínda que moi mellorada nos últimos tempos) e falta de recursos económicos que limitan as nosas actuacións.

**RED MADRE**
Falta de recursos materiais que ofrecer ás usuarias, a dificuldade para que as nosas usuarias encontren emprego, a dificuldade de que moitas mulleres coñezan o labor que realizamos, a falta de vagas de urxencia en garderías e en centros de acollemento de xestantes.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Dificuldades económicas.

**REMAR GALICIA**
Económicas.
Loxística para repartir e conseguir alimentos.
Agradecen o traballo dos voluntarios.

**RETO**
As armadillas burocráticas e que as persoas non responden como se quixera.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Falta de medios económicos e de voluntarios.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Especialmente, convencer á xente que se poña no camiño que se ten que pór. (Formarse a traballar).
Convencer aos usuarios dos servizos, de que estes usuarios queren traballar.

**PROGRAMA SEREOS**
Número elevado de usuarios e escaso número de traballadores, é incompatíbel.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Falta de diñeiro e de persoal.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Económicas e falta de voluntariado.
Responsabilidade social.

**ASOCIACIÓN STOP**
Falta de recursos e que o álcool está ben visto.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Seguir a loitas por unha loita de clases, que aínda existe. Aínda existen moitos empresarios ou mandos que consideran que os traballadores lles pertencen.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Insuficiencia de persoal, de dotación orzamentaria, falta de sensibilidade nos políticos que no lle dan a importancia que merece ao Departamento de Benestar Social con relación a outros departamentos do Concello.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Falta de organización, de persoal y de medios de apoio.

**UTS SUR**
O tempo, la escaseza de recursos e o volume de persoas que temos que atender.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
Escaseza de recursos, falta de protocolos de actuación, carga de traballo e o peso burocrático no traballo diario.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
A falta de recursos para atender as demandas básicas.

## 17. Traballa en coordenación abondo con outros colectivos?

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Non o suficiente e gostaría de que se pelexase por iso, na última reunión que mantivemos no Concello, precisamente para crear unha rede de coordena-

ción, viuse que non lle interesaba a moitos. Moitas organizacións non levan nengún control, nen fan fichas aos solicitantes. As parroquias lévano máis coordenado e só atenden aos seus parroquianos.

**ALBORADA**
Si.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Tentámolo.

**ASVIDAL**
No noso protocolo contémplase a coordenación para aumentar a eficiencia.

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Insisto, estamos a organizarnos.

**CÁRITAS**
Si, mais o esforzo faino Cáritas.

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**
Si.

**CEDRO – O IMÁN**
Pódese mellorar.

**COMEDOR DA ESPERANZA**
Relativamente á axuda material, información si, o demais cada un ao seu.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Non é a nosa tarefa principal.

**CRUZ VERMELLA**
Existe coordenación mais poderíase mellorar.

**ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA)**
Podería ser mellor.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
É básico mais é difícil. Hai intención.

**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**
Non suficientemente.

**ÉRGUETE**
Si, o noso traballo depende da coordenación con outras entidades.

**ASOCIACIÓN FARAXA**
Si.

**FASE DE ENCONTRO**
Non, ás veces complementa a súa actividade con outras asociacións.

**FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO EDUARDO CHAO**
Tentámolo, é moi positivo compartillar experiencias e traballos, a unión fai a forza.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**
Si, o que se pode.
Coordenación telefónica.

**HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES**
Depende do recurso ou organismo en rede do que falemos.

**HOGAR SANTA ISABEL**
Non, só o básico.

**INTERMON OXFAM**
Si, especialmente a "Rede Social Galicia Sul" que está a facer un bo traballo desde o ano 2005. nesta rede caben todo tipo de colectivos que traten temas de pobreza no ámbito internacional e local.
Agora fálase, -en Vigo- do albergue porque sacou o tema esta Rede.
No Concello montouse o "O Consello Local de Cooperación e Solidariedade Internacional". É un órgano consultivo que inclúe calquera axente social (ONG, partidos políticos, asociacións veciñais, sindicatos, Universidade, obra

social das Caixas,...) y conseguimos 30.000 euros para sensibilización en temas de cooperación internacional....
Isto demostra que hai que traballar en rede para obter frutos.

**LA SAL DE LA TIERRA**
Si, asistimos ás reunións do proxecto REDEss do Concello.

**MÉDICOS DO MUNDO**
Si.

**MISIÓN DO SILENCIO**
Non.

**MISIÓN EVANXÉLICA URBANA DE VIGO**
Mellorando.

**PROXECTO HOME**
Non, só cando é necesario.

**RED MADRE**
Cremos que si, mais seguro que precisamos mellorar, xa que hai pouco que se creou esta asociación en Vigo.

**REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MAOS TRATOS**
Suficiente, non. Precísase máis coordenación.

**REMAR GALICIA**
Poderíase mellorar.
Entidades que cada una tira para o seu lado.

**RETO**
Non, traballamos cunha coordenación mínima, salvo con prisións que traballamos moito. Atendemos A Lama e Pereiro de Aguiar en Ourense.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**
Si e tamén asistimos ás reunións do proxecto REDEss do Concello.

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
Participamos en todas as redes en nível español e europeu, local e autonómico.

**PROGRAMA SEREOS**
O suficiente.

**SERVAS DE XESÚS DA CARIDADE**
Si, algo. Non suficientemente.

**SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAUL**
Progresando.

**ASOCIACIÓN STOP**
Tentámolo mais algúns non son receptivos.

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT)**
Esta situación estanos a desbordar e non temos tempo para traballar con outros.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Non, por falta de tempo.
Nos gustaría estar más coordinados.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Si, poderíase mellorar.
Non nos coordenamos adecuadamente por falta de tempo.
As xestións e os trámites son
Las xestións y los trámites son embarazosos e lentos.

**UTS SUR**
Existe na medida do posíbel.

**UTS TEIS**
Si, ao 100%.

**UTS TRAVESÍA**
Si, ao 100%.

**UTS CENTRO – CASCO VELLO – CASTRO**
Téntase, mais non é suficiente.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**
Si, moito.

## 18. Indique outras Suxestións e Opinións que considere.

**ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO – AFÁN**
Reparte cada 15 días, 400 bolsas de alimentos, bolsas de axuda, non de sobrevivencia. No último reparto 20 persoas listadas non acudiron, moitas non deron explicación e outras ás que simplemente lles veu mal o día marcado.
Moitos veñen falando polo tlm e pedindo alimentos.
Nais que cando recollen a bolsa, din que o seu fillo só toma leite de cartón, ou que a fruta non a leva porque o seu fillo non gosta dela.
Considero que até os pobres están mal educados e mimados e debería ensinarse á xente a saber administrarse, vivir con menos, priorizar gastos, cursos de cociña económica,...
Hai outras persoas que realmente o están a pasar mal e non acoden por vergoña, e outros veñen moi agresivos, porque xa foron a un montón de sitios e tratáronos mal e non os axudaron, e nós tentamos escoitalos e axudalos. Este perfil acostuma ser de homes sós ou separados, en desemprego e que máis ou menos viñan dunha situación económica desafogada.
Unha das carencias que observa é a falta de cursos de formación ou ensinanza dun oficio a xente sen graduado escolar e sen calquera formación, mesmo algúns mal saben ler e escreber. Os fondos da UE para cursos non inclúen a estas persoas, xa que se require o graduado escolar. Atende a xente que demanda cursos para sacarse a carta de condución e non os hai, ou para aprender unha profesión, e non os hai, e con isto considero que se sacaría a moita xente adiante. Coñezo unha iniciativa en Ourense que dá cursos a xente sen oficio nen calquera formación.

**ALBORADA**
Responsabilidade social en todos os níveis de falta de integración socio-labo-

ral. Mudar o modelo socio-económico consumista.

**ALCOÓLICOS ANÓNIMOS**
Todo é mellorábel.

**ASVIDAL**
É vergoñoso que nunha cidade como Vigo non exista un centro de emerxencia social público, alén de usarse como arma política.

**AYUVI-PROVIDA**
De 87 formadas, 53 delas traballan.
Faltan garderías.
Eliminouse o programa de axuda de dar leite.
Coordenación colectivos.
Risco causa dependencia

**FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS**
Incluír aos que piden na porta dos supermercados ou igrexas nalgunha organización que os asista a eles, e posibelmente, ás súas familias para evitar o "acomodo" a un sistema ao que non se enxerga solución en si mesmo.

**CEDRO – O IMÁN**
Es un problema premente, o Valedor debería intervir sobre o Concello para que o partidismo no afecte aos marxinados.
Conseguir consenso co Albergue.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
Que se apoie a creación de empresas de economía social, defender o dereito a saúde de todos e todas e favorecer a integración dos colectivos desfavorecidos na sociedade.

**EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL**
Articulación de políticas de apoio e acceso á vivenda e traballo, así como Rede Socio-sanitaria.
Máis implicación das administracións na economía sustentábel.
Cláusulas sociais nos concursos coa administración.

**ASOCIACIÓN FARAXA**

O colectivo de prostitución está moi esquecido. A prostitución creceu entre os españois. Notamos que ten decrecido nas persoas estranxeiras, xa que debido á crise parten para outros países, mais si que ten habido un aumento da prostitución en nível nacional.

**FASE DE ENCONTRO**

Todas as medidas deberían procurar resultados obxectivábeis e perdurábeis.

**FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR**

Centro de inclusión social, XA.
Como previr coa educación.
Poucos recursos.

**INTERMON OXFAM**

Oxalá esta entrevista contribúa para mudar este mundo que é o obxectivo que deberíamos perseguir todos.

**MÉDICOS DO MUNDO**

Centro de Inclusión Social XA.
Deberíamos obrigar ás contratas do Concello a ter unha cota de contratados que veñan de colectivos en exclusión social, de forma que podan ir capacitándose e desenvolvendo habilidades para a súa inclusión na sociedade.

**PROXECTO HOME**

Conseguir precisamente esa coordenación para mellorar os recursos existentes que son potencialmente moi positivos e importantes no noso municipio.

**REMAR GALICIA**

Paréceme moi boa idea a iniciativa deste libro.

**ASOCIACIÓN SAN CAYETANO**

Relativamente ao albergue, considero que sería preciso non un albergue, mais un lar, para que esta xente, para alén de ter un sitio onde vivir, tamén obradoiros ocupacionais, zonas de recreo no espazo,... Un bon lugar sería pola zona do antigo cárcere. Non nas zonas residenciais, onde ao final estarían nos parques tirados todo o día.

Necesidade de residencias para maiores e que estas estean no centro, non nos arrabaldes, porque a xente maior quer que os visiten os familiares.
Creación de máis vivendas de protección oficial ou vivendas máis accesíbeis para as persoas que teñen que vivir con moi pouco.
Deberíase ensinar á xente a aproveitar os alimentos que lle son dados, moita xente cando se daba leite en po tirábano porque non sabían para que valía. Ensinar a se organizar, a cociñar,... Dependendo da nacionalidade queren ou non uns alimentos ou outros, por exemplo, os marroquinos queren fariña.
Hai moita xente necesitada nestes momentos que por vergoña ou descoñecemento non acoden, por isto dicimos aos veciños se saben de xente necesitada, que nolo transmitan.
Chama a atención as prioridades da xente, moitos veñen de coche a recoller alimentos, outros co tlm,...

**FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**
É de abondo a opinión exposta anteriormente ao longo do cuestionario.

**PROGRAMA SEREOS**
Relativamente ao novo perfil referido no cuestionario (homes en situación prolongada de desemprego) que está a acudir a Sereos, xente que levaba unha vida normal e agora está cos "marxinados de sempre", todos misturados e tratados da mesma aneira, como é lóxico, para evitar a discriminación. Mais considero que pode chegar a ser perigoso, xa que están a adaptarse a esta nova vida (almorzan en Sereos, fan fila para os comedores, merendan) e para despois poder saír hai que ter a mente moi ben posta e as ideas moi claras. Moitos refúxianse no álcool, ás veces temporariamente, mais outros caen, e despois teñen dous problemas: a situación económica-laboral e a dependencia ao álcool.

**UTS DE CASTRELOS E COIA**
Queremos insistir en que todas as prestacións sociais deberían ter a mesma contía que o salario mínimo interprofesional.

**UTS DE LAVADORES, CABRAL CANDEAN, R. ATIENZA, DEPENDENCIA E PERSOAS ESTRANXEIRAS**
Queremos insistir en que todas las prestacións sociais deberían ter a mesma contía que o salario mínimo interprofesional.

**UTS SUR**

Faría falta que se publicase o traballo que fan os servizos sociais para que a poboación tome consciencia de que estes servizos son para todos os cidadán e non só para persoas marxinais.

**ASOCIACIÓN VIDA DIGNA**

Debería crearse unha ferramenta tipo base de dados das persoas coas que traballamos para fomentar a documentación e integral atención e evitar a duplicidade de accións e Intervencións sociais e educativas co colectivo.

10 PARTE VII

# Enquisa sobre a experiencia da pobreza

## 1. Introdución

Para completar un estudo sobre a pobreza e a exclusión social no municipio de Vigo como o levado a cabo nesta obra era necesario coñecer, de forma fidedigna, a percepción das persoas que a experimentan en primeira persoa.

A tal efecto, a Oficina do Valedor do Cidadán, tendo en conta os itens da Enquisa Eurobarómetro sobre Pobreza e Exclusión Social realizada pola Comisión Europea, elaborou un cuestionario co obxecto de se aproximar da subxectividade desta temática a partir das respostas dadas polas persoas que a viven máis de cerca.

Deste xeito, grazas á inestimábel e altruísta colaboración dos/as profesionais e voluntarios/as dos colectivos e institucións privadas consultados na realización deste estudo, encamiñouse esta enquisa para as persoas usuarias dos seus recursos a fin de que a respondesen de forma totalmente anónima.

O cuestionario aplicado (ver Anexo III) inquire, a partir dos factores persoais, sobre os motivos da pobreza, identifica os grupos sociais nos que se sitúan estas persoas usuarias dos recursos da iniciativa social, institucións públicas e privadas. Alén disto, solicítase a súa opinión sobre a eficiencia-efectividade das políticas e programas públicos destinados a axudar ás persoas en situación de pobreza, así como identifica as áreas ás que, ao seu xuízo, o goberno debería dar prioridade para axudar a saír da situación de pobreza.

Finalmente, co obxecto de coñecer mellor as circunstancias da exclusión social severa, perguntouse sobre as razóns que poderían explicar o feito de que algunhas persoas se tornen en “sen abrigo”.

Non se realizou mostraxe, xa que a enquisa foi entregada por persoal dos colectivos e entidades que decidiron colaborar desinteresadamente nesta iniciativa[1]. No total, recolléronse 254 enquisas, o que supón unha mostra suficientemente representativa para se aproximar da experiencia da pobreza através das persoas que a experimentan nun grao ou outro.

1) En función do ámbito de actuación destas entidades e a efectos de análise determinouse a seguinte tipoloxía de usuario:
- Drogodependencia e alcoholismo: Alborada, Alcohólicos Anónimos, Asvidal, Cedro-O Imán, Érguete e Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home.
- Exclusión social: Cruz Vermella, Emaús Fundación Social, Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, Médicos do Mundo, Misión Evanxélica Urbana de Vigo, Atención Social en Emerxencias Grupo 5 (Programa Sereos), Servas de Xesús e Vida Digna.
- Inmigracións e minorías étnicas: Fundación Juan Soñador e Fundación Secretariado Xitano
- Outros: Fogar Santa Isabel.

# 2. INFORME DE RESULTADOS

## 2.1 CARACTERIZACIÓN DOS SUXEITOS

### 1. Xénero

| | Homes | Mulleres |
|---|---|---|
| Global | 75,8 | 24,2 |
| *Idade* | | |
| 18-30 | 65,0 | 35,0 |
| 31-45 | 73,9 | 26,1 |
| 46-60 | 74,4 | 25,6 |
| >60 | 76,5 | 23,5 |
| *Tipoloxía de usuario* | | |
| Drogodependencia e alcoholismo | 79,6 | 20,4 |
| Exclusión social | 76,3 | 23,7 |
| Inmigración e minorías étnicas | 34,6 | 65,4 |
| Outros | 64,3 | 35,7 |
| *Situación laboral* | | |
| Desempregado/a con prestacións | 78,1 | 21,9 |
| Desempregado/a sen prestacións | 82,2 | 17,8 |
| Traballo non remunerado (dona de casa,...) | 0,0 | 100,0 |
| Traballador/a en activo | 63,2 | 36,8 |
| Xubilado/a | 77,8 | 22,2 |
| Outra | 52,3 | 47,7 |

## 2. Idade

| | 18-30 | 31-45 | 46-60 | >61 |
|---|---|---|---|---|
| Global | 15,8 | 44,4 | 32,9 | 6,7 |
| *Xénero* | | | | |
| Homes | 14,3 | 45,1 | 33,5 | 7,1 |
| Mulleres | 20,6 | 42,6 | 30,9 | 5,9 |
| *Tipoloxía de usuario* | | | | |
| Drogodependencia e alcoholismo | 21,2 | 52,2 | 23,9 | 2,7 |
| Exclusión social | 7,1 | 35,4 | 44,4 | 13,1 |
| Inmigración e minorías étnicas | 19,2 | 50,0 | 30,8 | 0,0 |
| Outros | 28,6 | 35,7 | 28,6 | 7,1 |
| *Situación laboral* | | | | |
| Desempregado/a con prestacións | 12,1 | 50,0 | 36,5 | 1,4 |
| Desempregado/a sen prestacións | 22,2 | 45,6 | 28,9 | 3,3 |
| Traballo non remunerado (ama de casa,…) | 25,0 | 25,0 | 25,0 | 25,0 |
| Traballador en activo | 15,8 | 47,4 | 36,8 | 0,0 |
| Xubilado | 0,0 | 10,5 | 31,6 | 57,9 |
| Outra | 13,6 | 50,0 | 34,1 | 2,3 |

## 3. Tipoloxía de usuario

| | Drogodependencia e alcoholismo | Exclusión social | Inmigración e minorías étnicas | Outros |
|---|---|---|---|---|
| Global | 45,3 | 39,0 | 10,2 | 5,5 |
| *Xénero* | | | | |
| Home | 49,5 | 40,7 | 4,9 | 4,9 |
| Muller | 33,8 | 33,8 | 25,0 | 7,4 |
| *Idade* | | | | |
| 18-30 | 60,0 | 17,5 | 12,5 | 10,0 |
| 31-45 | 52,7 | 31,3 | 11,6 | 4,5 |
| 46-60 | 32,5 | 53,0 | 9,6 | 4,8 |
| >60 | 17,6 | 76,5 | 0,0 | 5,9 |
| *Situación laboral* | | | | |
| Desempregado/a con prestacións | 55,3 | 36,8 | 5,3 | 2,6 |
| Desempregado/a sen prestacións | 35,6 | 47,8 | 5,6 | 11,1 |
| Traballo non remunerado (ama de casa,…) | 25,0 | 75,0 | 0,0 | 0,0 |
| Traballador en activo | 68,4 | 15,8 | 10,5 | 5,3 |
| Xubilado/a | 31,6 | 68,4 | 0,0 | 0,0 |
| Outra | 45,5 | 18,2 | 34,1 | 2,3 |

## 4. Situación laboral

| | Desempregado con prestacións | Desempregado sen prestacións | Traballo non remunerado | Traballador/a en activo | Xubilado/a | Outra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Global | 30,0 | 36,0 | 1,6 | 7,5 | 7,5 | 17,4 |
| *Idade* | | | | | | |
| 18-30 | 22,5 | 52,5 | 2,5 | 7,5 | 0,0 | 15,0 |
| 31-45 | 33,0 | 36,6 | 0,9 | 8,0 | 1,8 | 19,6 |
| 46-60 | 32,9 | 31,7 | 1,2 | 8,5 | 7,3 | 18,3 |
| >60 | 5,9 | 17,6 | 5,9 | 0,0 | 64,7 | 5,9 |
| *Xénero* | | | | | | |
| Homes | 31,5 | 41,4 | 0,0 | 6,6 | 7,7 | 12,7 |
| Mulleres | 23,5 | 23,5 | 5,9 | 10,3 | 5,9 | 30,9 |
| *Tipoloxía de usuario* | | | | | | |
| Drog-alc | 36,5 | 28,7 | 0,9 | 11,3 | 5,2 | 17,4 |
| Excl. soc | 28,6 | 43,9 | 3,1 | 3,1 | 13,3 | 8,2 |
| Inmigr | 15,4 | 19,2 | 0,0 | 7,7 | 0,0 | 57,7 |
| Outros | 14,3 | 71,5 | 0,0 | 7,1 | 0,0 | 7,1 |

## 2.2 RESULTADOS DA ENQUISA

### 1. O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Identificación persoal con grupos sociais con maior risco de caír na pobreza (cuestión cunha única opción de resposta).



## 2. AS CAUSAS DA POBREZA

### 2.1 PERCEPCIÓN DAS CAUSAS PERSOAIS DA POBREZA (CUESTIÓN CON DÚAS OPCIÓNS DE RESPOSTA).



## 2.2 CAUSAS POLAS QUE ALGUNHAS PERSOAS SE CONVERTEN EN SEN ABRIGO (CUESTIÓN CON TRES OPCIÓNS DE RESPOSTA).



## 3. OPINIÓNS XERAIS SOBRE A POBREZA E AS SÚAS POSÍBEIS SOLUCIÓNS

### 3.1 AS OPINIÓNS SOBRE AS POLÍTICAS E OS PROGRAMAS PÚBLICOS DESTINADOS A AXUDAR ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA.



### 3.2 OPINIÓN SOBRE AS ÁREAS ÁS QUE O GOBERNO DEBERÍA DAR PRIORIDADE PARA AXUDAR A SAÍR DA POBREZA (CUESTIÓN CON CATRO OPCIÓNS DE RESPOSTA)




# 3. TENDENCIAS OBSERVADAS

## 3.1 CARACTERIZACIÓN DOS SUXEITOS

### Xénero

É maior a proporción de homes (75,8%) que de mulleres (24,2%), situación que se reproduce en todos os grupos de idade. No entanto, en función da tipoloxía de usuario, constátase unha maior proporción de mulleres (65,4%) entre as persoas que recorren aos servizos relacionados coa inmigración e minorías étnicas. O

colectivo de persoas formado por aquelas que realizan traballos non remunerados está conformado integramente por mulleres.

## Idade

Máis de dúas terceiras partes das persoas entrevistadas (77,5%) encádrase nos tramos de idade comprendidos entre 31-60 anos (44,4% entre os 31-45 e 32,9% entre os 46-60). O tramo de idade menor de trinta anos (15,8%) duplica ao de poboación maior (6,7%). No total, o 60,2% das persoas inquiridas son menores de 45 anos.

O colectivo comprendido entre os 31 e 45 anos é o maioritario no caso das persoas que asisten a centros de tratamento de drogodependencia e alcoolismo (52,2%) e de inmigración e minorías étnicas (50,0%). O tramo predominante nos centros de axuda a necesitados (exclusión social) é o de 46-60 anos (44,4%), seguido polos de 31-45 (35,4%).

Igualmente o tramo de 31-45 anos é o predominante entre as persoas desempregadas que reciben prestacións (50,0%), entre os que non as reciben (45,6%) e de traballadores activos (47,4%). Os maiores de 60 anos constitúen o 57,9% das persoas xubiladas.

## Situación laboral

Até unhas dúas terceiras partes (66,0%) considéranse desempregados (36,0% sen prestacións e 30,0% con elas). O resto distribúese entre traballadores activos e xubilados (7,5% ambos os grupos) e persoas que realizan traballos non remunerados (1,6%). A proporción de persoas que se identifican con outra situación laboral ascende a 17,4%.

Os homes son maioría (72,9%) entre as persoas desempregadas inquiridas, face ás mulleres (47,0%). A situación de desemprego é maioritaria entre os máis novos (75,0%), os comprendidos entre 31-45 anos (69,6%) e entre 46-60 (64,6%), sendo a circunstancia de desempregado sen prestacións a situación laboral predominante entre os máis novos (52,5%) e os comprendidos entre 31-45 anos (36,6%). Os parados que reciben prestacións representan un terzo das persoas comprendidas entre 31 e 60 anos.

As persoas que se consideran traballadores activos son na súa maioría homes (63,2%) e de idades comprendidas entre os 31-60 anos (84,2%).

Máis de tres cuartas partes das persoas xubiladas son homes (77,8%) e, salvo un 42,1% de persoas con idades comprendidas entre os 41-60 anos, a maioría (57,9%) dos/as xubilados/as inquiridos teñen máis de 60 anos.

## Última actividade profesional remunerada

Tal como se observa no seguinte cadro, existen diferenzas no perfil dos desempregados no caso de que gocen, ou non, dunha prestación por desemprego. Aínda que entre os primeiros predominan actividades de asalariado por conta allea (76,3%), nos segundos é maior a proporción de traballadores independentes (17,7% contra 13,1%) así como a de persoas que nunca exerceron unha actividade profesional remunerada (11,1% contra 7,9%).

| Actividade | Con prestacións | Sen prestacións |
|---|---|---|
| Obreiro/a cualificado/a | 35,5 | 22,2 |
| Empregado/a nalgún servizo (hostalaría, hospital, policía, bombeiro,…) | 21,1 | 22,2 |
| Obreiro/a non cualificado | 14,5 | 15,6 |
| Nunca exerceu unha actividade profesional remunerada | 7,9 | 11,1 |
| Mariñeiro/a | 5,3 | 8,9 |
| Industrial ou propietario dunha empresa | 3,9 | |
| Empregado dunha oficina | 2,6 | 1,1 |
| Mando dentro dunha empresa | 2,6 | 2,2 |
| Comerciante, artesán ou propietario dun comercio | 2,6 | 2,2 |
| Profesional liberal | 1,3 | 8,9 |
| Agricultor/a | 0,0 | 1,1 |

Entre as persoas que recoñecen ser traballadores en activo predomina a ocupación de obreiro cualificado (21,1%), empregado nalgún servizo, de oficina e industrial/propietario dunha empresa (15,8% en ambas as actividades), mando dentro dunha empresa e comerciante, artesán ou propietario dun comercio (10,5% en ambos os casos) así como o exercicio dunha profesión liberal (5,3%).

No caso dos xubilados, entre as últimas actividades profesionais remuneradas destaca a de obreiro cualificado e mariñeiro (21,1% en ambas as actividades),

empregado nalgún servizo e mando dentro dunha empresa (15,8% en ambas as dúas), empregado dunha oficina e agricultor (o 5,3% en ambos os casos).

Tres cuartas partes das persoas que declararon realizar traballos non remunerados nunca exerceron unha actividade profesional remunerada. Áté 25,0% restante manifestou ser comerciante, artesán ou propietario dun comercio.

Até 39,1% dos inquiridos que escolleron a opción “outra” para descreber a súa situación laboral declarou non exercer nunca unha actividade profesional remunerada. Para o 29,5% foi a de obreiro non cualificado, obreiro cualificado (9,1%) e profesión liberal (4,6%).

## Tipoloxía de usuario

As persoas que asisten a centros de tratamento de drogodependencias e alcoholismo representan o 45,3% dos inquiridos, seguidos polos que recorren a centros de exclusión social (39,0%). A maior distancia áchanse os relacionados con colectivos de inmigración e minorías étnicas (10,2%). Pola súa baixa representatividade e procedencia diversa (por exemplo, maternidade e infancia), a efectos da súa análise, o 5,5% das enquisas recibidas foron clasificadas como noutra situación.

A relación das persoas inquiridas con centros de tratamento de drogodependencias e alcoolismo é maior entre os máis novos (60,0% dos comprendidos entre 18-30 anos e 52,7% entre os de 31-45) e entre as persoas activas (68,4%), desempregados que reciben prestacións (55,3%) e noutra situación (45,5%). Entre as persoas de maior idade, predomina a relación con centros de combate á exclusión social (76,5% das persoas maiores de 60 anos e 53,0% das comprendidas entre 46-60), así como entre os/as que realizan un traballo non remunerado (75%), xubilados (68,4%) e desempregados sen prestacións (47,8%)

## 3.2 ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA

### 3.2.1 O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Ao seren preguntados sobre a identificación persoal das persoas entrevistadas cos grupos da poboación con máis probabilidades de caír na pobreza, definidos na enquisa do Eurobarómetro "Pobreza e Exclusión Social", máis dunha cuarta parte (28,0%) responden á situación de desempregados e case un de cada cinco (18,1%) á de persoas con dependencias (drogas, álcool ou outras).

Outros grupos sociais son as persoas con baixo nível de educación, formación ou habilitacións (7,9%), mulleres (7,5%), persoas con deficiencias ou que padecen doenzas crónicas (6,3%), inmigrantes (5,1%) e persoas da terceira idade con pensión mínima (4,3%).

A maior distancia sitúanse as persoas en situación de prostitución e con problemas mentais (2,0% en ambos os colectivos), con traballo precario (1,6%), xuventude con traballos precarios e xitanos (1,2% en ambos os casos) e familias monoparentais (0,8%).

O seguinte cadro mostra a identificación de homes e mulleres cos diferentes colectivos de risco:

| | % homes | % mulleres |
|---|---|---|
| Desempregados/as | 34,1 | 13,2 |
| Persoas con dependencias (drogas, álcool ou outras) | 21,4 | 10,3 |
| Persoas cun nivel baixo de educación, formación e habilitacións | 7,1 | 10,3 |
| Mulleres | - | 26,5 |
| Persoas con deficiencias ou que sofren doenzas crónicas | 6,6 | 4,4 |
| Inmigrantes | 4,4 | 7,4 |
| Terceira idade con pensión mínima | 6,0 | 0,0 |
| Persoas en situación de prostitución | 0,0 | 7,4 |
| Persoas con problemas mentais | 1,6 | 0,0 |
| Persoas con traballo precario | 1,6 | 1,5 |
| Mozos con traballo precario | 1,1 | 1,5 |
| Xitanos | 1,1 | 1,5 |
| Familias monoparentais | 0,0 | 2,9 |
| Resto (NS/NR, nengún grupo en particular, outras) | 15,0 | 20,5 |

Como se pode comprobar, a proporción de homes que se identifican como desempregados ou como persoas con dependencias supera á de mulleres (34,1% e 21,4%, respectivamente, contra 13,2% e 10,3%). Polo contrario, as mulleres presentan maior proporción de persoas que declaran ter un nível inferior de formación (10,3% contra 7,1% de homes), de inmigrantes (7,4% contra 4,4%) e de pais ou nais solteiros (2,9% contra 0,0%). A situación de prostitución afecta ao 7,4% das mulleres inquiridas.

Por idades, a situación preponderante nos menores de 30 anos é a de persoas con dependencias (25,0%), seguido da de desempregado (20,0%), inmigrante (12,5%), con baixo nível de estudos, formación ou capacitación e situación de prostitución (5,0% en ambos os casos). No caso dos comprendidos entre 31 e 45 anos destaca o grupo de desempregados (33,9%) e dependentes de sustancias (18,8%), seguido polas persoas con baixo nível formativo e con deficiencias ou doenzas crónicas (9,8% en ambos os grupos), a condición de muller (5,4%) e inmigrantes (2,7%). Entre os comprendidos entre 46 e 60 anos predomina a condición de desempregado (28,9%) e dependentes de substancias (16,9%), seguido pola condición de muller e baixo nível formativo (8,4% en ambos os grupos) así como deficientes e inmigrantes (o 6,0% en ambos os casos). A proporción de persoas en situación de prostitución destes dous últimos tramos de idade referidos é, respectivamente, de 1,8% e 1,2%. Finalmente, entre os maiores de 60 anos é maior o grupo da terceira idade con pensión mínima (52,9%) contra o da muller (11,8%), desempregado ou persoa con dependencias (5,9% en ambos os casos).

O seguinte cadro mostra a identificación cos diferentes colectivos de risco en función da situación laboral:

| | Desempregado con prestacións | Desempregado sen prestacións | Traballador/a en activo | Xubilado/a | Outra |
|---|---|---|---|---|---|
| Desempregados | 36,8 | 44,4 | - | - | 4,5 |
| Persoas con dependencias (drogas, álcool ou outras dependencias) | 17,1 | 14,4 | 36,8 | 15,8 | 20,5 |
| Persoas cun nivel baixo de educación, formación e habilitacións | 7,9 | 4,4 | 15,8 | - | 15,9 |
| Mulleres | 2,6 | 4,4 | 15,8 | 15,8 | 13,6 |
| Deficientes ou persoas que sofren doenzas crónicas | 10,5 | 3,3 | - | 10,5 | 4,5 |
| Inmigrantes | 1,3 | 6,7 | 10,5 | - | 6,8 |
| Terceira idade con pensión mínima | 3,9 | - | - | 42,1 | 0,0 |
| Persoas en situación de prostitución | 1,3 | 1,1 | 0,0 | 0,0 | 6,8 |
| Persoas con problemas mentais | 3,9 | 0,0 | 0,0 | 5,3 | 2,3 |
| Persoas con traballo precario | 0,0 | 2,2 | 0,0 | 0,0 | 4,5 |
| Mozos con traballo precario | 0,0 | 2,2 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Xitanos | 1,3 | 1,1 | 0,0 | 0,0 | 2,3 |
| Familias monoparentais | 1,3 | 1,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Resto (NS/NR, nengún grupo en particular, outras) | 12,1 | 14,7 | 21,1 | 10,5 | 18,3 |

Tal como se pode observar, as persoas que se consideran traballadores activos son as que presentan unha maior afectación pola dependencia de substancias tóxicas (36,8%), seguido polos que xulgan que o seu nível de educación, formación e habilitacións é insuficiente (15,8%). A maior identificación feminina co grupo de mulleres prodúcese entre os traballadores activos e xubilados (15,8% en ambos os casos). A maior proporción de inmigrantes prodúcese entre os traballadores activos (10,5%) contra 1,3% dos parados con prestación.

Segundo a enquisa realizada, recorren a centros especializados no seguimento de situacións de drogodependencia e alcoholismo a totalidade das mulleres en situación de prostitución, o 82,6% das persoas dependentes de sustancias (drogas, álcool ou outras), 80,0% das que teñen problemas mentais, 66,7% dos mozos con traballos precarios, 50,0% dos que non se identificaron con ningún grupo en particular, 42,1% das mulleres, 32,4% dos desempregados e o 9,1% das persoas maiores con pensión mínima.

Polo contrario, o perfil dos/as asistentes aos centros de inclusión social e de axuda ao necesitado responde ao 90,9% das persoas maiores con pensión mínima, 62,5% das persoas con deficiencias ou con doenzas crónicas, 61,5% dos inmigrantes, 56,3%

dos desempregados, 35,7% das persoas que non se identifican con nengún grupo en particular, 33,3% das persoas de etnia xitana, 25,0% das persoas con traballo precario, 21,1% das que aludiron á súa condición de muller e 20,0% das que manifestaron ter problemas mentais así como un baixo nível de estudos, formación e capacitación e o 15,2% das persoas dependentes de substancias.

Entre os asistentes a centros para inmigrantes e minorías étnicas áchase un 75,0% das persoas con traballo precario, 66,7% das persoas de etnia xitana, 31,6% das mulleres, 30,0% das persoas con baixo nível formativo e un 23,1% dos inmigrantes.

### 3.2.2 AS CAUSAS DA POBREZA

#### 1. Percepción das causas persoais da pobreza

Os motivos persoais máis comúns son as dependencias (álcool, drogas,...), referida polo 29,1% dos inquiridos, o facto de non ser suficientemente apoiados polos seus familiares ou amigos cando necesitaron (27,2%), a falta de educación, formación ou habilitacións (25,2%) e o feito de proceder dunha familia pobre (23,2%).

A existencia de problemas de saúde, doenzas crónicas ou deficiencias, a discriminación ou a pobreza é un fenómeno inevitábel, son referidas polo 18,1%, 15,4% e 6,7%, respectivamente. Entre outros factores menores figuran o feito de vivir acima das súas posibilidades (6,7%), ter problemas de saúde mental (5,5%), ter moitos fillos para sustentar (4,7%) ou non poder traballar por ter que tomar conta de familiares (4,3%).

Até 10,2% considera que os motivos recoñecidos para vivir na pobreza se achan noutros factores e un 1,6% non se identifica con nengún dos formulados.

Por características socio-demográficas constátase o seguinte:

- Dependencia de substancias tóxicas: Sen significación estatística ($p > 0,05$)[1], é destacábel a maior proporción de homes que se identifican con este factor (32,4% contra 22,1% de mulleres). En función da situación labo-

1) Coeficiente de correlación de Pearson (p).

ral tamén non existe dependencia estatística, situándose a identificación con este factor entre o 35,5% dos desempregados con prestación e o 26,7% dos que non a teñen.

- A falta de axuda por parte de familiares e amigos é referida polo 28,6% de homes e 25,0% de mulleres. Segundo a situación laboral, son os desempregados os que mostran unha maior identificación con este factor (32,9% no caso dos que teñen prestación e 24,4% no dos que non a teñen), contra xubilados (15,8%) e traballadores activos (21,1%).

- Carecer do nível necesario de educación, formación ou habilitacións presenta unha relación de significancia estatística por xénero, sendo maior a proporción de homes (25,8%) que de mulleres (20,6%). Os traballadores activos manifestan unha identificación con este factor (31,6%) superior ao de xubilados (20,6%) e desempregados (25,0% no caso dos que gozan de prestación e 27,8% dos que non).

- A pobreza herdada: Neste caso, é superior a identificación das mulleres (27,9% contra 21,4% de homes). Por idades presenta unha relación de dependencia estatística ($p<0,05$), sendo maior a proporción rexistrada nas persoas comprendidas entre 31 e 60 anos (proporcións entre 19-20%) face á expresada polos sectores máis novos e maiores (entre 16-17%). Porén, entre os xubilados alcanza o 36,8%.

- Os problemas de saúde ou deficiencias: As mulleres presentan un nível de identificación (19,1%) superior ao dos homes (17,6%).

- Imposibilidade de traballar por ter de tomar conta de persoas: Existe unha maior proporción de mulleres (8,8%) que de homes (2,7%).

- O feito de ter moitos fillos que sustentar é referido polo 7,4% de mulleres contra o 3,8% de homes.

- Vivir acima das súas posibilidades: Similar identificación de homes (6,0%) e mulleres (5,9%). No entanto, por idades presentan unha maior identificación as persoas maiores de 60 anos (11,8%) contra o 3,6% expresado polos comprendidos entre 46 e 60 anos.

- Existencia de problemas de saúde mental: Semellante proporción en homes (5,5%) e mulleres (5,9%).

**2. Causas polas que algunhas persoas se tornan en sen abrigo**

A opinión máis habitual que explica porque é que algunhas persoas se tornan en sen abrigo é a perda do emprego e a imposibilidade de arranxar outro (55,9%) e a dificuldade para pagar unha vivenda (53,5%). Até 44,5% pensa que é debido a que son persoas dependentes de substancias tóxicas e 28,0% a que non teñen acceso ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda.

A maior distancia sitúanse: persoas con problemas de débedas (18,5%), con problemas de saúde ou con deficiencias (16,1%) ou de saúde mental (13,8%), ou debido a que son inmigrantes ilegais (9,1%), ou que sofreron a separación ou a perda dun familiar próximo (8,3%), ou que escolleron vivir así (7,1%) ou a súa vivenda foi destruída por unha catástrofe (6,7%).

Entre as respostas espontáneas, un ,1% declararon "outras". Apenas o 5,5% non respondeu á cuestión.

Por características socio-demográficas constátanse as seguintes relacións de significancia estatística:

- Perderon o seu emprego e non conseguen arranxar outro: opción coa que se identifican máis os homes (61,0%) que as mulleres (45,6%), así como nas persoas desempregadas sen prestación (68,9%) e traballadores activos (57,9%) que en xubilados (47,4%) e desempregados que gozan de prestación (53,9%).

- Non teñen acceso ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda: as mulleres presentan un maior nível de identificación (38,2%) que os homes (24,7%).

- O seu estado de saúde non é bo, teñen unha doenza crónica ou unha deficiencia: os xubilados están de acordo con este factor en maior proporción (31,6%) do que os desempregados (21,1% no caso de gozar de prestación e 11,1% de non facelo).

- Teñen problemas de saúde mental: son as persoas maiores (23,5%) as que máis se identifican con este factor, contra os comprendidos entre 46 e 60 (9,6%) e os máis novos (12,5%).

- A súa vivenda foi destruída por unha catástrofe: por idades son os comprendidos entre 46 e 60 anos (8,4%) e os máis novos (7,5%) os que máis se corresponden con esta causa contra 0,0% dos maiores de 60 anos.

### 3.2.3 OPINIÓNS XERAIS SOBRE A POBREZA E AS SÚAS POSÍBEIS SOLUCIÓNS

**1. As opinións sobre as políticas e os programas públicos destinados a axudar ás persoas en situación de pobreza**

Con relación aos programas públicos aplicados no combate á pobreza, case dúas en cada cinco persoas inquiridas (39,4%) opinan que estas políticas e programas mellorarían a situación, mentres o 42,5% cre que non teñen moito efecto. Até 7,5% cre que as agravarían.

| Resultados en % | Melloran as cousas | Non teñen moito efecto | Agravan as cousas | NS/NR |
|---|---|---|---|---|
| Global | 39,4 | 42,5 | 7,5 | 10,6 |
| *Xénero* | | | | |
| Home | 37,9 | 44,0 | 7,1 | 11,0 |
| Muller | 43,2 | 41,8 | 7,5 | 7,5 |
| *Idade* | | | | |
| 18-30 | 47,5 | 32,5 | 2,5 | 17,5 |
| 31-45 | 44,1 | 45,9 | 4,5 | 5,4 |
| 46-60 | 34,9 | 42,2 | 12,1 | 10,8 |
| Máis de 60 | 5,9 | 52,9 | 17,6 | 23,6 |
| *Situación laboral* | | | | |
| Desempregado con prestación | 52,0 | 37,3 | 4,0 | 6,7 |
| Desempregado sen prestación | 39,6 | 41,8 | 4,4 | 14,2 |
| Traballador en activo | 42,1 | 47,4 | 0,0 | 10,5 |
| Traballo non remunerado | 50,0 | 25,0 | 0,0 | 25,0 |
| Xubilado | 10,5 | 42,1 | 26,3 | 21,1 |
| Outra | 29,5 | 54,5 | 13,6 | 2,3 |
| *Tipoloxía de usuario* | | | | |
| Drogodependencia e alcoolismo | 42,6 | 46,1 | 2,6 | 8,7 |
| Exclusión social | 38,8 | 37,8 | 12,2 | 11,2 |
| Inmigración e minorías étnicas | 38,5 | 42,3 | 11,5 | 7,7 |

Aínda que, tal como figura no cadro, non se producen relacións de significancia estatística por xénero e tipoloxía de usuario, é maior a proporción de persoas que asisten a centros de exclusión social (12,2%) ou de atención a inmigrantes e minorías étnicas (11,5%) que pensan que os programas e políticas das administracións públicas contribúen para agravar o estado das cousas.

En función da variábel idade e situación laboral detéctanse as seguintes relacións de dependencia estatística ($p<0,05$):

- Os grupos de maior idade son os que se mostran máis críticos coas políticas e programas públicos ao rexistrar as maiores proporcións de inquiridos que pensan que estas accións agravan a situación (17,6% no caso dos maiores de 61 anos e 12,1% nos comprendidos entre 46 e 60).

- Os grupos de menor idade son os máis optimistas ao considerar o 47,5% dos menores de 30 anos e 44,1% dos comprendidos entre 31-45 que melloran as cousas contra o 5,9% dos maiores de 61 anos.

- A maioría das persoas maiores de 61 anos, os comprendidos entre 46-61 e entre 31-45 sitúanse en maior proporción na posición central de "non teñen moito efecto".

- Atendendo á situación laboral, os xubilados (26,3%) e noutra situación (13,6%) son os máis críticos coas políticas e programas públicos de combate á pobreza e á exclusión social.

- A maioría das persoas desempregadas con prestación (52,0%) e traballadores con traballos non remunerados (50,0%) consideran que estas accións contribúen para as mellorar contra 10,5% dos xubilados.

## 2. Opinión sobre as áreas ás que o goberno debería dar prioridade para axudar a saír da pobreza

O Distrito 7 é o que ten maior proporción de desempregados, de traballadores que realizan actividades non remuneradas e a menor taxa de actividade. O Distrito 8, semellante ao 7, aínda que en menores proporcións cuantitativas, ten a menor taxa de xubilados. O Distrito 1 destaca polo seu baixo porcentual de persoas que realizan traballos non remunerados, así como tamén pola súa percepción de que a pobreza está menos xeneralizada do que no resto de distritos.

## 3.2 ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA

### 3.2.1 GRAO DE PERCEPCIÓN DA POBREZA E DA EXCLUSIÓN SOCIAL

#### 1. DEFINICIÓN DA POBREZA PREFERIDA POLA CIDADANÍA VIGUESA

Segundo o estudo realizado, os/as vigueses/as teñen diferentes percepcións da noción da pobreza. Para máis dun terzo dos inquiridos (34,6%) pobreza significa non poder comprar bens de primeira necesidade (alimentación, habitación, roupa,...). Un 17,7% identifícaa cando os recursos dunha persoa son limitados ao ponto de as impedir de participar activamente na sociedade en que viven. Unha minoría non desprezábel de vigueses/as (11,8%) é da opinión de que as persoas son pobres se viven con menos rendementos por mes do que os definidos polo limiar da pobreza. Para o 7,4% ser pobre é depender de institucións de caridade ou de subsidios do Estado.

A resposta "é imposíbel definir a pobreza nunha só frase", de tipo espontáneo, foi escollida polo 19,8% das persoas entrevistadas. A opción de que unha persoa é pobre cando ten un status social moi baixo na nosa sociedade, independente-

mente dos seus recursos, foi respondida polo 3,8%. A opción "outra" obtivo un 2,6% de respostas. Un 2,2% das persoas inquiridas non responderon a esta pregunta.

Ao analisar os grupos socio-demográficos en nível municipal, constátase que non existe unha significancia estatística por idades e xénero. No entanto, si se dá por situación laboral, sendo os estudantes os que máis se identifican coa definición de que é pobre quen non se pode satisfacer as necesidades básicas da vida (44,3%) contra os desempregados (24,8%).

Por zonas, os entrevistados na urbana (39,0%) son máis numerosos a pensar que unha persoa é pobre cando non pode comprar bens de primeira necesidade, seguidos polos da rural (33,3%) e semiurbana (28,7%). Os distritos onde os inquiridos son maioría en definir a pobreza desta maneira son o 4 (51,3%), e 5 (49,3%) contra o 7 (23,1%) e 3 (26,9%).

Os inquiridos na zona urbana tamén son os que en maior proporción opinan que unha persoa é pobre cando os seus recursos son limitados ao ponto de as impedir de participar activamente na sociedade en que viven (19,2%), contra os da semiurbana (16,3%) e rural (15,6%). Por distritos esta definición é máis aceitada no 3 (27,5%) e 7 (21,9%) contra o 5 (4,3%) ou 2 (10,4%).

Coa definición de que unha persoa é pobre cando vive con menos rendementos mensais do que os definidos polo limiar da pobreza (estimado en 500 euros), a comunmente admitida para definir a taxa de risco da pobreza, existe unha maior concordancia na zona rural e semiurbana (18,3% en ambos os casos) contra a urbana (5,7%). Por distritos, o grao de identificación é maior no 7 (26,9%) e 8 (22,5%) contra o 6 (0,0%) e 4 (2,6%).

**Definición en función dos ingresos mensais**

Na seguinte figura expóñense os dados orixinados ao pesquisar ao conxunto da cidadanía onde situaría a marxe económica a partir da cal unha persoa se pode considerar en situación de pobreza. Até 61,1% situou esta marxe nuns rendementos mensais inferiores a 600 euros e o 13,0% fíxoo en 700 euros.




## 2. A PERCEPCIÓN DA AMPLITUDE DA POBREZA EN VIGO

Máis de dous terzos dos inquiridos (67,2%) achan que a pobreza no municipio de Vigo está bastante (50,0%) ou moito (17,7%) xeneralizada; mentres un cuarto (27,1%) é da opinión inversa e un 5,8% declara non saber.

A medida en que os/as vigueses/as pensan que a pobreza está xeneralizada varía fortemente dunha zona e dun distrito ao outro. Por zonas, cerca de tres en cada catro cidadáns da zona semiurbana (75,3%) e rural (73,6%) estiman que está xeneralizada, encanto que na urbana o 59,9% dos inquiridos son desta opinión. Por distritos, consideran que a pobreza está xeneralizada ao menos no 80% nos Distritos 9 e 2 (83,5% e 82,5%, respectivamente), entre 70-80% nos Distritos 5, 7 e 6 (76,8%, 75,0% e 74,8%, respectivamente), máis de 50% nos Distritos 8, 3 e 4 (62,9%, 57,0% e 53,9%, respectivamente). O Distrito 1 (43,6%) é o que considera que a pobreza está menos xeneralizada.

No seguinte cadro (resultados expresados en %) precísanse as respostas por grupos socio-económicos:

| | Xeneralizada | Non xeneralizada | NS/NR |
|---|---|---|---|
| Vigo | 67,2 | 27,1 | 5,8 |
| *Xénero* | | | |
| Home | 64,8 | 30,0 | 5,2 |
| Muller | 69,2 | 23,5 | 6,3 |
| *Idade* | | | |
| 18-30 | 56,3 | 37,0 | 6,6 |
| 31-45 | 66,6 | 27,2 | 6,3 |
| 46-60 | 68,7 | 24,7 | 5,6 |
| Máis de 60 | 73,0 | 22,1 | 4,8 |

| *Situación laboral* | | | |
|---|---|---|---|
| Estudante | 54,8 | 40,0 | 5,2 |
| Desempregado/a | 70,4 | 21,0 | 8,6 |
| Traballo non remunerado | 71,7 | 24,4 | 3,9 |
| Traballador/a en activo | 64,2 | 30,0 | 5,8 |
| Xubilado/a | 73,4 | 21,9 | 4,7 |

Se ben por xénero non existe significancia estatística, as mulleres (69,2%) teñen máis tendencia do que os homes (64,8%) a crer que a pobreza está xeneralizada. Por grupos de idade e situación laboral existe relacións de dependencia significativa. En termos de idade, as principais diferenzas obsérvanse entre os máis novos (56,3%) e os grupos de maior idade (73,0%). Estas diferenzas manifféstanse entre as situacións laborais: 73,4% dos xubilados e 70,4% dos entrevistados sen emprego pensan que a pobreza está xeneralizada en Vigo (contra 54,8% dos estudantes e 64,2% dos traballadores activos).

Esta diferenza é aínda maior cando ollamos para a situación financeira dos inquiridos. De facto, o 75,4% dos que manifestan capacidade a chegar con diñeiro ao fin do mes de forma difícil pensan que a pobreza está xeneralizada, contra o 69,0% dos que chegan con diñeiro ao fin do mes de forma fácil.

### 3. EVOLUCIÓNS DA POBREZA NO DECURSO DOS ÚLTIMOS ANOS

Máis de nove en cada dez vigueses estiman que a pobreza aumentou en España (93,6%), na Galicia (91,9%) e en Vigo (91,2%); mentres o 85,9% pensan se incrementou no mundo e o 71,4% declaran que o fixo no conxunto da UE.

Por zonas, a opinión de que aumentou supera ese 90% na rural (94,7%) e semiurbana (94,4%) contra a urbana (88,1%). Tamén existe unha maioría dos entrevistados en cada distrito a pensar que a pobreza aumentou no municipio de Vigo. Salvo os Distritos 1 (73,4%) e 3 (86,5%), practicamente todos os entrevistados concordan con esta opinión, nunha proporción superior a 90%. Os distritos onde se produciu unha proporción superior a dous terzos de persoas que consideran que a pobreza "aumentou moito" son o 8 (71,9%), 4 (70,4%) e 3 (68,4%).

Na seguinte gráfica "aumentou" representa a suma de "aumentou moito" e "aumentou" e "diminuíu" a da suma de "diminuíu" e "diminuíu moito".




A opinión pública en nível local relativa á evolución da pobreza nos últimos anos mostra pequenas diferenzas en función do xénero, da idade e situación laboral. Por xénero, sen existir significancia estatística, pensan que a pobreza aumentou un 91,7% dos homes e 90,7% de mulleres. Os novos, e máis particularmente os estudantes, distínguense do resto xa que son menos numerosos a crer que a pobreza aumentou en Vigo (84,8% de mozos, 80,0% de estudantes) contra o 93,5% da poboación de idade superior aos 60 anos (93,8% no caso dos xubilados).

A situación financeira mostra unha relación de dependencia estatística coa percepción do incremento da pobreza, sendo os entrevistados que teñen dificuldades en chegar con diñeiro ao fin do mes os que están máis convencidos do aumento da pobreza (95,5%) que os que non atravesan por ese apuro (90,5%).

### 4. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN DA POBREZA NOS PRÓXIMOS MESES

O pesimismo da cidadanía de Vigo relativamente á melloría do comportamento da situación da pobreza no municipio ao longo dos próximos meses ponse de manifesto no feito de o 68,1% dos entrevistados acreditar que esta se verá incrementada, contra o 22,3% que opina que se irá manter estábel, 5,5% que diminuirá e un 4,0% que non se pronuncia.

Se ben non existe dependencia estatística por xénero, si se dá por grupos de idade e situación laboral. As previsións máis negativas rexístranse nos grupos de idade comprendidos entre 46-60 anos (73,1%) e entre 31-45 (70,1%) contra os máis novos (56,0%) e os máis vellos (69,7%). As persoas que realizan traballos non remunerados son máis pesimistas (76,3%) do que os traballadores en activo (70,8%), desempregados e xubilados (68,1% en ambos os grupos) contra os estudantes (43,5%).

Existe significancia estatística por zonas e distritos. A análise por zonas mostra que as estimativas de que a pobreza se verá incrementada é maior na semiurbana (72,8%) do que na rural (64,5%) e urbana (65,9%). Por distritos as estimacións negativas son maiores no 5, 7, 8 e 4 (88,4%, 78,8%, 77,5%, 75,2%, respectivamente) que no 3, 9 e 6 (48,2%, 52,6% e 52,7%, respectivamente).

## 5. PERCEPCIÓNS DO NÚMERO DE PERSOAS SEN ABRIGO EN VIGO

### 5.1 A disponibilidade de vivenda a prezos razoábeis

Un 67% dos europeus consideran que as habitacións son moi caras no lugar de morada e algo máis dun cuarto (27,0%) pensan que é fácil encontrar unha habitación decente a un prezo razoábel. Vigo non é unha excepción, toda vez que o 66,8% considera difícil encontrar unha vivenda a prezo razoábel, contra o 24,5%.

### 5.2 Estimación do número de persoas sen abrigo na zona de morada do entrevistado

A despeito do pesimismo no relativo á accesibilidade de vivendas a un prezo razoábel, os/as vigueses/as non cren que haxa moitas persoas sen abrigo no seu lugar de morada. De forma xeral, un en cada cinco vigueses/as (20,5%) afirma que non existe nengunha persoa sen abrigo onde viven, mentres que o 8,4% cre que hai moitas persoas nesa situación. Case un terzo (32,7%) dos entrevistados estima que hai algunhas persoas e algo máis dun cuarto (27,0%) pensa que hai poucos sen abrigo onde viven.

A percepción do número de persoas sen abrigo presenta algunhas diverxencias estatisticamente significativas por zonas e dun distrito a outro. Así sendo, é na zona urbana onde maior proporción manifestan que existen moitas persoas sen

abrigo onde viven (10,6%) contra o 0,5% rexistrada na rural e o 8,5% na semiurbana. Por distritos, o 5, 2 e 1, co 25,2%, 20,1% e 14,9%, respectivamente, mostran esta situación. Obsérvase tamén unha percepción considerábel nos Distritos 7 (34,6%), 9 (34,0%) e 5 (30,4%).

Segundo o seguinte cadro, os/as vigueses/as mostran opinións significativamente diferentes en función da súa idade e da súa situación laboral. Practicamente a metade das persoas maiores de 60 anos (50,2%) pensan que existen moitas ou algunhas persoas sen abrigo onde viven, contra o 34,5% da cidadanía con idades comprendidas entre 18-30 anos e o 37,4% dos comprendidos entre 31 e 45 anos. Os estudantes (33,0%) e as persoas que realizan traballos non remunerados (36,2%) son os que en menor proporción compartillan esta opinión. Esta percepción é algo superior (41,2%) entre as persoas que chegan con diñeiro ao fin do mes con dificuldade.

| Resultados en % | Moitas persoas | Algunhas persoas | Poucas persoas | Nengunha persoa | NS/NR |
|---|---|---|---|---|---|
| Vigo | 8,4 | 32,7 | 27,0 | 20,5 | 11,4 |
| *Idade* | | | | | |
| 18-30 | 4,9 | 29,6 | 30,5 | 22,6 | 12,3 |
| 31-45 | 6,5 | 31,9 | 29,1 | 22,6 | 9,8 |
| 46-60 | 9,3 | 30,3 | 24,8 | 23,2 | 12,4 |
| Máis de 60 | 12,2 | 38,0 | 24,1 | 14,2 | 11,6 |
| *Situación laboral* | | | | | |
| Estudante | 6,1 | 27,0 | 40,0 | 25,7 | 8,7 |
| Desempregado/a | 8,6 | 30,0 | 20,7 | 25,7 | 17,5 |
| Traballo non remunerado | 5,9 | 30,3 | 25,0 | 26,3 | 12,5 |
| Traballador/a en activo | 6,5 | 31,6 | 28,6 | 22,1 | 11,1 |
| Xubilado/a | 12,5 | 41,6 | 24,1 | 10,1 | 8,9 |

### 5.3 Evolución do número de persoas sen abrigo no decurso dos últimos anos

Cerca de tres cuartas partes dos vigueses/as (73,1%) cren que o número de persoas sen abrigo aumentou no municipio no decurso dos últimos anos, o 16,5% pensa que ficou igual e o 2,4% consideran que diminuíu. Até 8,0% dos inquiridos non responderon esta pregunta, o que indica en que nível se sitúa o grao de coñecemento da materia.

Este parámetro non mostra unha significancia estatística por zonas, situándose as proporcións das persoas que consideran que ten aumentado entre o 70,9% da

semiurbana, 73,9% da urbana e o 75,8% da rural. Porén, as opinións varían dunha forma significativa dun distrito a outro, indo dun mínimo de 26,1% no 5 até 85,7% no 2, 85,6% no 9 ou 80,9% no 6.

De resto, non se constatan importantes diferenzas significativas en función da situación laboral e do grupo de idade. Dependendo da súa situación laboral, todos os colectivos analisados consideran que se incrementou o número de persoas sen abrigo onde viven, porcento que vai do 67,0% dos estudantes ao 76,3% dos xubilados. No entanto si se observan diferenzas significativas por xénero, sendo maior a proporción das mulleres (75,8% contra 70,0% de homes) que afirman que o seu número ten aumentado. Esta consideración atinxe un 72,8% entre os que manifestan chegar con dificuldades ao fin do mes con diñeiro.

## 3.2.2 O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

### 1 GRUPOS SOCIAIS DE MAIOR RISCO DE CAÍR NA POBREZA

Case dúas terceiras partes dos vigueses/as (63,6%) acha que os desempregados corren máis riscos de seren pobres. Un 35,9% acreditan que son os traballadores precarios os máis vulnerábeis e o 33,7% ven maior risco entre as persoas dependentes de substancias (álcool, drogas ou outras). Outros grupos sociais vistos como máis vulnerábeis son as persoas maiores (22,2%), con baixo nível de educación, formación ou habilitacións (20,2%), os inmigrantes (19,8%), con problemas de saúde mental (13,0%) e os deficientes ou os doentes crónicos (12,8%). Até 18,6% das persoas entrevistadas consideraron que non existe nengún grupo en particular en risco de ser pobre, podendo ser todos.

A maior distancia, tamén corren este risco os xitanos (11,2%), os novos (10,4%), os pais/nais solteiros/as (7,5%), as persoas en situación de prostitución (5,2%), as mulleres (4,8%) e os menores (4,0%).

O inquérito mostra tamén que a idade dos inquiridos é determinante (con relación de significancia estatística) na opinión que teñen sobre a vulnerabilidade dos mozos: o 15,6% dos/as vigueses/as máis novos, isto é, con menos de 30 anos, achan que a xuventude corre máis riscos de seren pobres, mentres apenas o 5,4% das persoas maiores de 60 anos pensan da mesma forma. No caso da vulnerabi-

lidade dos desempregados, son as persoas maiores as que mostran menos sensibilidade (57,2%) contra as proporcións de 65-66% dos outros grupos de idade. O mesmo acontece coa vulnerabilidade das persoas con emprego en precario (29,5% nas persoas maiores e 32,9% dos máis novos) contra o 39-40% do resto de grupos de idade. O risco de ser pobre das persoas con baixo nível de educación, formación ou habilitacións é valorado en maior proporción polas persoas de maior idade (21,5% no caso das comprendidas entre 46-60 anos e 21,2% no dos maiores de 60 anos) que nos tramos de idade máis novos (14,8% nos menores de 30 anos e 18,6% nos comprendidos entre 31-45). A vulnerabilidade da terceira idade, sen relación de significancia estatística, é maior no grupo de idade de 46-60 anos (22,9%) e no dos maiores de 60 (22,7%) que no comprendido entre 18-45 (por volta do 21%).

En función da situación laboral existen relacións de significancia estatística no caso da vulnerabilidade da xuventude, das persoas con emprego precario, das mulleres, dos pais solteiros, das persoas con baixo nível de educación, formación ou de habilitacións e das persoas dependentes de substancias. No caso da mocidade é maior a sensibilidade mostrada polos estudantes (21,7%) do que os xubilados (4,3%). Para as persoas con emprego precario é maior a mostrada polos desempregados (42,4%) e traballadores con traballo non remunerado (41,4%) que os xubilados (28,4%). No caso das mulleres é maior a identificación producida nas persoas que realizan traballos non remunerados (8,6%) que o mostrado polos estudantes (1,7%). Os desempregados e persoas con traballos non remunerados (11,9% e 10,5%, respectivamente) mostran tamén maior identificación coa vulnerabilidade dos pais solteiros. Apenas o 11,0% dos desempregados valora a vulnerabilidade das persoas con baixo nível de educación, formación ou de habilitacións contra o resto de colectivos que se sitúan entre un 18-24%. A identificación coa vulnerabilidade perante a pobreza das persoas dependentes de substancias flutúa entre un 24-25% dos desempregados e persoas que realizan traballos non remunerados e un 38-39% declarado por estudantes e traballadores en activo. Alén diso, o inquérito mostra que o 68,6% das persoas desempregadas considéranse en risco de seren pobres, tan só superada pola proporción rexistrada entre os estudantes (68,7%).

Existe unha relación de significancia estatística por zonas e distritos. Por zonas, na rural o 71,5% dos inquiridos manifestan que os desempregados son os máis vulnerábeis, seguidos pola urbana (65,0%) e semiurbana (58,5%). Por distritos, a

excepción do 6 (40,5%), máis da metade dos inquiridos estiman que os desempregados teñen maior vulnerabilidade, situándose entre as porcentaxes dos Distritos 5 (94,2%) e 9 (76,3%) e as do 1 (54,3%) e 2 (56,5%). De facto, o Distrito 6 é o único que refere (55,7% das respostas) que nengún grupo social ten especial vulnerabilidade, podendo ser calquera persoa.

## 2. A VULNERABILIDADE PERANTE A POBREZA

Se ben os/as vigueses/as achan que a pobreza está moito xeneralizada e que esta se encadra nunha tendencia ascendente, a maioría non considera estar en risco de seren pobres. Relativamente a unha serie de "controles de avaliación do risco", tal como o sentimento de non poder realizar os seus pagamentos ou de tornarse nun sen abrigo, a maioría da cidadanía entrevistada confía no estado da súa situación persoal.

### 2.1 O risco de non poder realizar os seus pagamentos

Este estudo mostra que a maioría de persoas entrevistadas enfrentadas a problemas financeiros, expresados nas dificuldades para chegar ao fin do mes con diñeiro, cren estar en risco de non poder realizar os seus pagamentos nunha proporción superior ao do conxunto da cidadanía entrevistada. Aproximadamente case dous en cada cinco persoas deste grupo afirman correr o risco de non poder pagar a alimentación ou outros bens de consumo habituais.

Risco de non estar en condicións de pagar...

| | Global | Os que teñen dificuldades para chegar ao fin de mes |
|---|---|---|
| O aluguer a tempo | 16,2 | 45,7 |
| A hipoteca a tempo | 16,6 | 28,1 |
| Un gasto imprevisto de 500€ | 55,1 | 77,9 |
| Os créditos ao consumo | 34,4 | 51,8 |
| As facturas da vivenda | 17,9 | 45,7 |
| A alimentación ou outros bens de consumo habituais | 14,1 | 37,9 |

No entanto, a maioría dos entrevistados non xulgan correr o risco de non poder pagar a alimentación ou outros bens de consumo habituais (82,0%), as facturas da súa vivenda (76,8%) ou os seus créditos ao consumo (51,4%). Os inquiridos que

pensan que poden facer frente a un gasto inesperado ou dun montante elevado son menos numerosos (40,9%).

Nos itens pagar o aluguer ou a hipoteca a tempo produciuse unha elevada proporción de persoas que non responden (44,0% e 47,5%, respectivamente), talvez porque non se veren afectadas por estas circunstancias.

Alén diso, a enquisa revela grandes desigualdades (de significancia estatística) entre as zonas e distritos. Así sendo, por zonas, os residentes na semiurbana son os que manifestan maiores problemas para facer frente a unha despesa inesperada (72,0%) contra os da urbana (44,1%) e rural (53,2%). Por distritos, estes impedimentos son maiores no 6 (77,9%) e 7 (74,6%) contra os Distritos 2 (35,0%) e 3 (37,8%). O risco de non poder pagar as facturas da vivenda a tempo é tamén superior na zona semiurbana (24,4%) que na rural (14,0%) e urbana (14,6%). Por distritos, este risco é maior nos Distritos 5 (33,3%), 1 (33,0 %) e 7 (32,3%) que no 6, 9 e 2 (3,9%, 5,2% e 6,5%, respectivamente). Finalmente, a zona semiurbana é tamén a que presenta un maior risco relativamente ao pagamento da alimentación ou outros bens de consumo habituais (20,4%) contra o 10,2% da rural e 10,5% da urbana. Os distritos que presentan un maior risco son, novamente, o 5 (30,4%) e 1 (26,6%) e 7 (5,2%) contra o 6, 9 e 3 (3,1%, 5,2% e 5,7%, respectivamente).

## 2.2 O risco de tornarse nun sen abrigo

A percepción do risco de tornarse nunha persoa sen abrigo é considerábel entre a cidadanía viguesa. Así sendo, até 20,6% (suma de moi e algo probábel) pensan que algún día poderían verse nesta situación. No total, o 71,3% manifesta non sentirse nunha situación de risco (38,0% nada probábel e 33,3% pouco probábel) e un 8,3% non respondeu á cuestión.

Nalgunhas zonas e distritos esta percepción é algo máis elevada. Logo, é considerada inferior ao 10% nos Distritos 6, 5 e 3 (4,6%, 7,2% e 9,9, respectivamente). Os dos Distritos 7 (50,4%) e 8 (34,9%) son os máis inclinados a pensar na existencia deste risco. Por zonas, o risco é maior na semiurbana (30,9%) que na urbana (12,8%) e rural (23,2%).

| Resultados en % | Probábel | Non probábel | NS/NR |
|---|---|---|---|
| Vigo | 20,6 | 71,3 | 8,1 |
| *Idade* | | | |
| 18-30 | 22,2 | 69,5 | 8,3 |
| 31-45 | 24,8 | 66,1 | 9,1 |
| 46-60 | 20,5 | 71,5 | 8,0 |
| Máis de 60 | 14,7 | 77,6 | 7,7 |
| *Situación laboral* | | | |
| Estudante | 12,2 | 79,1 | 8,7 |
| Desempregado/a | 41,9 | 46,2 | 11,9 |
| Traballo non remunerado | 25,7 | 65,1 | 9,2 |
| Traballador/a en activo | 17,0 | 74,8 | 8,2 |
| Xubilado/a | 12,1 | 83,3 | 4,6 |

Tal como figura no cadro anterior, existen relacións de significancia estatística en función do grupo socio-demográfico. Así, os desempregados (41,9%) son máis numerosos que as outras categorías socio-demográficas a pensar que este risco podería ser real (12,1% no caso dos xubilados, 12,2% no caso dos estudantes, 17,0% nos traballadores en activo e 25,7% no caso das persoas que realizan traballos non remunerados). O nível de risco dos que declararon chegar dificilmente con diñeiro ao fin do mes é do 24,4%. Non existe dependencia estatística por xénero.

### 3.2.3 AS IMPLICACIÓNS DA POBREZA E DA EXCLUSIÓN SOCIAL

A pobreza e a exclusión social teñen pesadas consecuencias. Neste capítulo examinarase un dos problemas derivados da pobreza e da exclusión social.

#### 1. OS EFECTOS SOBRE A SATISFACIÓN DE ASPECTOS DA VIDA

Os/as vigueses/as con dificuldades en ter diñeiro até o fin do mes ou que non teñen emprego están ben menos satisfeitos coas súas vidas do que a media do municipio de Vigo e están tamén menos satisfeitos coa súa vida familiar.

% de Satisfacción con

| | Media Vigo | Desempregados | A capacidade de ter diñeiro ao fin do mes Fácil* | Mediana** | Difícil*** |
|---|---|---|---|---|---|
| ... o nível de vida actual | 80,5 | 48,6 | 83,8 | 89,6 | 42,7 |
| ... saúde persoal | 90,9 | 94,3 | 90,5 | 91,1 | 90,5 |
| ... a vida familiar | 93,3 | 86,6 | 96,0 | 95,1 | 81,9 |

*moi facilmente e facilmente

**relativamente con facilidade e con algunhas dificuldades

***con dificuldade e con moita dificuldade

A elevada media de satisfacción co nível de vida actual oculta grandes diferenzas entre as zonas e distritos do municipio. Así sendo, a zona urbana (88,1%) e os Distritos 6 (95,4%), 2 (92,8%) e 3 (91,2%) alcanzan os graos de satisfacción máis elevados para este indicador. Polo contrario, a semiurbana (69,8%) e os Distritos 5 e 7 (55,1% e 60,6%, respectivamente) rexistran as proporcións máis fracas.

## 2. A EXCLUSIÓN FINANCEIRA

A maioría dos/as vigueses/as entrevistados di non ter atrancos no acceso a servizos financeiros, mais o panorama é moito diferente entre os máis vulnerábeis. (Cf. o seguinte cadro).




Nove en cada dez vigueses/as desempregados/as (93,4%) achan difícil conseguir unha hipoteca, mentres que a media viguesa de persoas con esas dificuldades é

do 76,2%. Un 86,7% dos desempregados, en comparación coa media viguesa de 63,1%, teñen problemas para conseguir empréstimos, e o 31,0% achan difícil conseguir un cartón de crédito (a media viguesa é de 14,6%). Os impedimentos para acceder a unha conta bancaria (18,1%) triplican ás que encontra o resto da poboación (6,9%).

Até 84,9% dos/as vigueses/as con dificuldades en ter diñeiro até ao final de mes achan difícil conseguir unha hipoteca, 75,8% obter un empréstimo/crédito ao consumo e o 22,2% un cartón de crédito.

Por zonas, non se producen diferenzas estatisticamente significativas en relación á obtención dunha conta bancaria, mais si no resto de servizos bancarios. Así sendo, por zonas, a semiurbana é a que presenta maiores impedimentos para obter un cartón de crédito (18,0% contra 13,8% da urbana e 7,6% da rural) e unha hipoteca (88,4% contra 87,7% da rural e 63,1% da urbana). A zona rural presenta maiores dificuldades para acceder a un empréstimo ao consumo (68,8%) contra a semiurbana (67,2%) e urbana (51,8%).

Unha comparación entre os distritos do municipio mostra as disparidades. Máis da metade dos/as vigueses/as de todos os distritos encontran dificuldades para obter un empréstimo hipotecario, nunha proporción que vai do mínimo do 54,6% e de 57,9% nos Distritos 2 e 6, respectivamente, aos máximos do 96,1% e 96,2% rexistradas, respectivamente, nos Distritos 7 e 8. A proporción de persoas que estiman que é difícil obter un crédito ao consumo varía do 31,2% no Distrito 2 e 49,1% no 1 a non menos do 75% nos Distritos 7 (83,1%) e 6 (75,6%). O estudo tamén mostra que o número de persoas confrontadas á dificuldades de obter un simples cartón de crédito varía do 1,6% no Distrito 6 ao 31,8% no 5.

### 3.2.4 AS CAUSAS DA POBREZA

En función do descrito até agora, este traballo mostrou que a cidadanía viguesa estaba consciente do alcance da pobreza e da exclusión social na sociedade contemporánea. Porén, este capítulo céntrase na percepción das causas da pobreza, que é descrita através de factores sociais e persoais.

## 1. PERCEPCIÓN DAS CAUSAS SOCIAIS DA POBREZA

O elevado desemprego (62,9%) e os salarios baixos (40,6%) son as explicacións sociais máis comúns para a pobreza, ás que se xuntan a insuficiencia das prestacións sociais/pensións (28,4%) e o elevado custo dunha vivenda digna (21,5%). A maior distancia sitúanse as inxustizas existentes na sociedade (12,4%) ou a inevitabilidade da pobreza (7,7%). Con menor importancia, causas referidas ao feito de que as persoas en situación de pobreza son preguiceiras ou que carecen de vontade (4,2%) ou son desafortunadas na vida (4,1%). O feito de os servizos de saúde, especialmente os de prevención, seren demasiado caros é referido polo 2,2% das persoas entrevistadas. Até 9,4% sitúa as causas sociais noutros motivos e un 3,8% non se identifica con calquera das opcións formuladas no cuestionario.

Existen variacións socio-demográficas significativas:

- Os xubilados é o colectivo que cre que a existencia de demasiado desemprego é o principal factor da pobreza (74,7%) seguido polo dos traballadores en activo (63,5%) contra a percepción dos que realizan traballos non remunerados (52,6%), estudantes (55,7%) ou mesmo o colectivo de desempregados (58,1%).

- O feito de que os salarios sexan demasiado baixos é referido en maior proporción polos desempregados (46,2%), persoas que realizan traballos sen remuneración (42,1%) e estudantes (40,9%) que polos traballadores en activo (39,8%) e xubilados (37,0%), usufruidores, respectivamente, de rendas do traballo e de prestacións.

- O colectivo que en maior proporción pensa que a existencia da pobreza é debida a que as prestacións sociais ou pensións son baixas de máis é o dos traballadores non remunerados (37,5%), seguido polos xubilados (32,7%), desempregados (27,6%), traballadores en activo (26,6%) e estudantes (17,4%).

Se o desemprego elevado é considerado como unha explicación social que conduce á pobreza pola maioría da cidadanía viguesa, esta consideración é superior na zona semiurbana (67,6%) que na urbana (59,5%) e rural (63,4%). Por dis-

tritos, este parámetro é maior no 6 (96,9%) e 9 (79,4%) que no 8 (46,1%) e 7 (48,5%).

Os salarios baixos preocupan máis aos habitantes da zona semiurbana (47,0%) que aos da rural (30,6%) e urbana (39,0%). Por distritos, este aspecto alcanza os máximos rexistros no 7 (53,1%) e 2 (49,4%) contra o 9 (22,7%) e 4 (32,6%). Os Distritos 8 (37,1%) e 7 (36,2%) mostran as proporcións máis importantes de veciños/as que pensan que existen persoas en situación de pobreza porque as prestacións sociais ou pensións non abondan para poder vivir. A proporción máis importante de persoas entrevistadas que manifestan que existen pobres porque as vivendas dignas son caras de mais encóntrase nos Distritos 6 (38,2%) e 9 (32,0%) contra a rexistrada no 7 (5,8%) e 8 (9,0%).

## 2. OS FACTORES PERSOAIS

Os motivos persoais máis comúns son as dependencias de substancias (álcool, drogas ou outras), referida polo 26,3% dos entrevistados, a falta de educación, formación ou habilitacións (22,2%), o feito de non seren suficientemente apoiados pola familia ou polos amigos cando precisaron (19,6%) e a existencia de problemas de saúde, doenzas crónicas ou deficiencias (16,2%).

A discriminación, o feito de viviren acima das súas posibilidades, ou de viren de familias pobres son referidas polo 13,4%, 13,1% e 12,5%, respectivamente. Entre outros factores menores, figuran teren moitos fillos para sustentar (6,8%), non poder traballar por teren de tomar conta de familiares (6,4%), a pobreza é inevitábel (7,5%) e teren problemas de saúde mental (5,6%).

Até 14,4% consideran que os motivos recoñecidos para a existencia de pobreza áchanse noutros factores e un 8,3% non se identifica con calquera dos formulados.

Por características socio-demográficas, atéstanse as seguintes relacións de significación estatística:

- As persoas son pobres porque son dependentes de substancias: Esta afirmación presenta un grao de identificación maior entre os xubilados (32,7%), estudantes (31,3%) e traballadores en activo (27,1%) que nos des-

empregados (17,6%) e persoas que realizan traballos non remunerados (20,4%).

- As persoas son pobres porque non teñen o nível adecuado de educación, formación ou habilitacións: Esta idea está particularmente xeneralizada entre os traballadores en activo (25,7%), estudantes (24,3%), persoas que realizan traballos non remunerados (23,0%), xubilados (19,5%) e desempregados (13,8%). Por idades, entre as persoas comprendidas entre 46-60 anos (27,9%) e entre 31-45 (25,4%) máis que nos maiores (16,1%) e novos (18,1%).

- As persoas son pobres porque non foron suficientemente apoiadas pola familia ou polos amigos cando precisaron: Esta opinión é citada en maior proporción polos xubilados (29,2%). No resto de colectivos sitúase entre o 16,3% dos traballadores en activo e o 19,1% dos que realizan traballos non remunerados. Por idades, os maiores de 60 anos (27,8%) e os comprendidos entre 46-60 (21,1%) tamén se identifican en maior grao con este motivo do que os máis novos (11,6% entre os comprendidos entre 31-45 e 18,9% entre os de 18-30 anos).

- Co parámetro as persoas son pobres porque teñen moitos fillos para sustentar encóntrase máis proporción de mulleres (8,3%) que de homes (5,2%).

- Sobre a inevitabilidade da pobreza constátase unha maior proporción de homes (9,8%) que de mulleres (5,5%).

- O ter problemas de saúde, doenzas crónicas ou deficiencias é identificado máis polas persoas do tramo de máis idade (21,5%) que polos máis novos (11,9%).

Por zonas, non existe significación estatística en relación ao parámetro de dependencia de substancias mais si por distritos: os entrevistados nos Distritos 6 (39,7%), 9 (36,1%) e 3 (35,8%) opinan que este factor é unha das principais causas persoais da pobreza. A falta de educación, formación ou habilitacións atinxe o 25,3% na zona urbana contra 16,7% da rural e o 19,8% da semiurbana. Por distritos, este parámetro é referido por máis dun terzo dos entrevistados no Distrito 6 (34,4%) e 2 (33,8%). Os inquiridos na zona urbana (24,3%) e nos Distritos

3 (37,8%) e 6 (25,2%) consideran en maior proporción as ligazóns familiares e da comunidade como causantes da pobreza. A existencia de problemas de saúde, doenzas crónicas ou deficiencias é referida polo 29,6% das persoas inquiridas na zona rural, atinxindo as maiores proporcións nos Distritos 8 (37,8%) e 9 (24,7%).

## 3. CAUSAS POLAS QUE ALGUNHAS PERSOAS SE TORNAN EN SEN ABRIGO

A opinión máis habitual que explica porque algunhas persoas se tornan en sen abrigo é a perda do emprego e a imposibilidade de arranxar outro (64,9%). Máis de dúas persoas en cada cinco achan que é debido a que non poden pagar unha vivenda (44,3%) ou por causa das súas débedas (43,4%). As dúas seguintes razóns son referidas por máis dun cuarto das persoas: son dependentes de substancias (29,3%) e non teñen acceso ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda (28,4%).

A maior distancia sitúanse outros aspectos como a inmigración ilegal (14,7%), a súa vivenda foi destruída por unha catástrofe (10,3%), teñen problemas de saúde ou deficiencias (9,2%) ou de saúde mental (8,0%), sofreron a separación ou a perda dun familiar próximo ou porque escolleron vivir así (4,9% en ambos os casos).

Entre as respostas espontáneas o 5,6% declararon "outras" e un 1,8% nengunha. Apenas o 1,7% non respondeu á pregunta.

A opción "escolleron vivir así" é referida en maior proporción (7,2%) polos homes que polas mulleres (3,0%).

Por situación laboral, existe significancia estatística entre o parámetro "a perda de emprego e a incapacidade de encontrar outro", de tal maneira que os xubilados (70,8%) e desempregados (70,5%) son os que máis se identifican con este motivo contra os estudantes (51,3%). Igualmente, o feito de non se poderen pagar unha vivenda, é aludido polo 52,1% dos xubilados contra o 40,3% dos traballadores en activo. Por causa das débedas é referida tamén en maior proporción polos xubilados (50,2%) que polas persoas que realizan traballos non remunerados (28,3%).

Segundo as idades, os comprendidos entre 46-60 anos identifícanse en maior grao co motivo da perda do emprego contra o 60,3% dos situados entre 31-45; os

maiores de 60 anos coa incapacidade de poder pagarse unha vivenda (49,0%) contra o 40,3% dos máis novos. Porén, non existe significación estatística co parámetro por causa das débedas.

Máis unha vez, existen variacións dunha zona/distrito a outro. A proporción de entrevistados que pensan que algunhas persoas se tornan en sen abrigo por causa das súas débedas obtén unha taxa de resposta no rural (27,4%) inferior á semiurbana (46,1%) e urbana (45,9%). Tamén aparecen grandes diverxencias relativas a opinións segundo as cais algunhas persoas se tornan en sen abrigo porque son dependentes de substancias, variando neste caso as cifras do 21,0% na rural, 25,0% na semiurbana ao 34,6% na urbana. A idea segundo a cal algunhas persoas se tornan en sen abrigo porque non teñen acceso ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda alcanza o 24,9% na urbana, 29,6% na rural e o 33,0% na semiurbana, mentres que a idea de que unha persoa se torna en sen abrigo por ser inmigrante ilegal obtén na zona rural e urbana (19,9% e 18,8%, respectivamente), porcentaxe superior á semiurbana (6,7%). A diferenza do resto de zonas, a rural presenta unha maior proporción dos que pensan que unha persoa se torna en sen abrigo por causa dunha catástrofe que deu cabo da súa vivenda (11,3% contra 3,0% da urbana e 5,0% da semiurbana) ou por teren problemas de saúde ou deficiencias (17,2% contra 7,2% da semiurbana e 8,3% da urbana).

Por distritos, a proporción dos que pensan que a causa é ter perdido o seu emprego e non dar conseguido outro varía entre o 47,3% do Distrito 6 e o 88,4% do 5. O parámetro de non seren capaces de pagarse unha vivenda oscila, igualmente, entre o 17,6% do Distrito 6 e o 63,8% do 5. O forte endebedamento é referido polo 80,9% dos inquiridos no Distrito 6 contra o 18,8% rexistrado no 5. Finalmente, a dependencia de substancias é referida polo 67,2% no Distrito 6 contra o 6,7% no 8.

### 3.2.5 A SITUACIÓN ECONÓMICA DOS VIGUESES

Para mellor comprendermos as percepcións da pobreza e da exclusión social é importante examinar o contexto económico en que viven as persoas entrevistadas. Este apartado presenta os resultados das cuestións colocadas na enquisa a xeito de "avaliación de risco" e que permiten coñecer a situación actual dos/as vigueses/as.

## 1. A CAPACIDADE DE TER DIÑEIRO AO FIN DO MES

Preguntouse aos entrevistados se o seu lar era capaz de ter diñeiro até ao fin do mes co seu agregado de rendemento mensal total. Tres vigueses en cada dez afirman que o seu lar é capaz de lle facer facilmente (5,5% moi facilmente e 24,8% facilmente). Polo contrario, o 15,1% afirma chegar con diñeiro ao fin do mes con dificuldades (6,6% con moita dificuldade, 8,5% con dificuldade). A maioría de entrevistados (53,1%) seleccionaron as dúas categorías centrais (30,5% relativamente con facilidade e 22,6% con algunhas dificuldades).

Un agregado familiar pode ter varias fontes de rendemento e o contributo de varios membros. Tendo en conta o rendemento mensal do seu agregado, este chega con diñeiro ao fin do mes de forma...




No seguinte cadro pormenorízase (en %) a capacidade para chegar con diñeiro ao fin do mes en función dos grupos socio-demográficos analisados:

| | Fácil | Mediana | Difícil | NS/NR |
|---|---|---|---|---|
| Vigo | 30,3 | 53,2 | 15,1 | 1,4 |
| Xénero | | | | |
| Home | 29,7 | 52,7 | 16,2 | 1,5 |
| Muller | 31,0 | 53,3 | 14,2 | 1,4 |
| Idade | | | | |
| 18-30 | 32,9 | 51,4 | 14,0 | 1,6 |
| 31-45 | 29,4 | 52,5 | 17,0 | 1,0 |
| 46-60 | 34,0 | 47,9 | 17,1 | 0,9 |
| Máis de 60 | 26,3 | 59,5 | 11,9 | 2,3 |
| Situación laboral | | | | |
| Estudante | 32,2 | 58,3 | 7,0 | 2,6 |
| Desempregado/a | 27,2 | 38,6 | 33,4 | 1,0 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Traballo non remunerado | 28,3 | 54,6 | 14,5 | 2,6 |
| Traballador/a en activo | 33,1 | 53,7 | 12,7 | 0,5 |
| Xubilado/a | 27,3 | 60,3 | 9,7 | 2,7 |

De resto, o inquérito mostra que os desempregados (33,4%) son os/as vigueses/as que máis dificuldades teñen para chegar con diñeiro ao fin do mes, tres veces máis que os xubilados (9,7%) e case quintuplicando á proporción dos estudantes (7,0%).

Máis unha vez, constátanse variacións entre as zonas e distritos do municipio. Así sendo, por zonas, a semiurbana é a que presenta maior proporción de persoas que manifestan chegar facilmente con diñeiro ao fin do mes (34,5%) seguida pola urbana (29,2%) e rural (25,6%). Os da zona urbana son os que teñen maiores dificuldades (16,2%), seguida pola rural (15,2%) e semiurbana (13,6%). A maioría dos entrevistados seleccionaron as categorías centrais da escala proposta na cuestión: 59,2% na rural, 52,7% na urbana e 51,1% na semiurbana.

A metade dos entrevistados no Distrito 2 (51,3%) e 39,8% dos do 8 din que o seu lar chega con diñeiro até ao fin do mes con facilidade. De facto, no 2 até 14,5% estiman que o seu lar chega moi facilmente con diñeiro ao fin do mes. Polo contrario, máis da metade das persoas entrevistadas no Distrito 5 (53,6%), 34,1% no 1 e 27,1% no 9 indican que no seu chégase con dificuldade. No Distrito 5 case tres en cada dez persoas (29,0%) afirma facelo con moita dificuldade.

## 2. EXPECTATIVAS A CURTO PRAZO

Pediuse á cidadanía que participou no inquérito que indicase cais eran as súas expectativas a curto prazo (para este ano) relativamente á súa situación económico-financeira.

Dunha maneira xeral, os entrevistados teñen a tendencia a pensar que a súa situación vai ficar igual (46,4%) mentres que os entrevistados que esperan que a súa situación se vai agravar (32,0%) son máis numerosos dos que pensan o contrario (19,3%). Isto indica que, en xeral, a opinión pública viguesa é pesimista relativamente á economía.

Tal como figura no seguinte cadro, obsérvanse diferenzas importantes en función da situación laboral dos entrevistados. Consoante a súa situación laboral, case a

metade dos desempregados (47,1%) cren que a súa situación vaise ver agravada nos próximos doce meses.

Resultados en %

| | Mellores | Piores | Iguais | NS/NR |
|---|---|---|---|---|
| Vigo | 19,3 | 32,0 | 46,4 | 2,3 |
| *Xénero* | | | | |
| Home | 20,4 | 34,0 | 42,7 | 2,9 |
| Muller | 18,3 | 30,3 | 49,6 | 1,7 |
| *Idade* | | | | |
| 18-30 | 28,0 | 28,8 | 39,9 | 3,3 |
| 31-45 | 21,6 | 31,9 | 44,2 | 2,3 |
| 46-60 | 18,0 | 31,6 | 48,0 | 2,5 |
| Máis de 60 | 11,9 | 34,8 | 51,8 | 1,4 |
| *Situación laboral* | | | | |
| Estudante | 33,9 | 18,3 | 43,5 | 4,3 |
| Desempregado/a | 18,6 | 47,1 | 30,0 | 4,3 |
| Traballo non remunerado | 15,1 | 36,2 | 46,7 | 2,0 |
| Traballador/a en activo | 22,0 | 26,4 | 49,7 | 1,9 |
| Xubilado/a | 9,7 | 36,2 | 53,3 | 0,8 |

Até 45,0% dos que manifestaron chegar con dificuldade ao fin do mes temen unha deterioración da súa situación económica para este ano.

Dúas zonas e tres distritos presentan máis de un terzo de persoas entrevistadas que pensan que a súa situación económico-financeira se vai deteriorar: a rural (42,9%), semiurbana (37,5%) e os Distritos 6 (43,4%), 8 (46,6%) e 9 (39,6%). A zona urbana (26,0%) e o Distrito 3 (38,2%) son os únicos puntos onde máis dun cuarto dos entrevistados pensan que a súa situación vai mellorar.

### 3. A SEGURANZA DE CONSERVAR O SEU EMPREGO

A maioría dos vigueses/as que traballan (58,2%) esperan conservar o seu emprego nos próximos meses. Porén, tal como mostra a gráfica, case un terzo dos entrevistados (32,3%) non teñen a impresión de gozar da seguranza no seu emprego.




As diferenzas máis importantes nos graos de confianza obsérvanse na capacidade de chegar con diñeiro ao fin do mes. Os traballadores entrevistados que teñen esta dificuldade (44,6%) manifestan unha falta de confianza relativa á capacidade de conservar o seu emprego case dúas veces máis elevada que aqueles que non teñen este tipo de dificuldades (24,4%). A totalidade das persoas con emprego que chegan moi facilmente con diñeiro ao fin do mes están moi seguras (27,5%) ou algo seguras (70,0%) de conservar o seu emprego.

Se ben non existe significancia estatística, as mulleres que traballan mostran unha maior confianza (58,7%) do que os homes (57,6%) sobre o seu futuro laboral. Por idades, existe relación de significancia estatística, sendo maior a confianza en conservar o seu emprego nos próximos meses nas persoas comprendidas entre 31-45 anos (62,5%) e entre 46-60 (59,3%) que a dos maiores de 61 anos (50,9%) e os situados entre 18-30 (48,2%).

Das tres zonas analisadas, apenas na urbana existe unha maioría que se sente segura de conservar o seu emprego (72,6%) contra a semiurbana (39,0%) e rural (46,0%). Por distritos, tamén existen importantes diferenzas, xa que o grao de confianza varía do 7,5% no Distrito 8 ao 88,9% no 9. De facto, máis da metade da poboación entrevistada nos Distritos 1 (50,0%), 3 (68,4%), 5 (68,8%) e 4 (74,6%) está moi confiada en conservar o seu emprego nos próximos meses. Nos Distritos 9 e 2 esa proporción alcanza o 88,9% e 87,7%, respectivamente.

O optimismo está menos xeneralizado en tres distritos, principalmente da zona rural e semiurbana. Así sendo, dentre os entrevistados que teñen un traballo, 7,5% no Distrito 8, 21,8% no 7 e 46,4% no 6 non están seguros de conservar o seu emprego.

## 3.2.6 OPINIÓNS XERAIS SOBRE A POBREZA E AS SÚAS POSÍBEIS SOLUCIÓNS

Este inquérito mostrou que os/as vigueses/as están particularmente conscientes da amplitude da pobreza e da exclusión social na sociedade. Este capítulo analisa á vez as súas opinións e actitudes relativamente a este problema, así como as solucións que estiman posíbeis.

### 1. A POBREZA E AS DESIGUALDADES SOCIAIS

Existe un amplo consenso (94,8%) de que a pobreza no noso país é un problema que requer a acción urxente do goberno. A cidadanía viguesa tamén concorda que hoxe en día as diferenzas de ingresos entre as persoas son moi importantes (89,7%) e, en consecuencia, as máis abastadas deberían pagar máis impostos para que o goberno teña máis recursos para combater á pobreza (77,0%) e que o goberno debería, alén diso, asegurar que as riquezas do país se distribuísen equitativamente ente todos (69,3%).

Constátase igualmente un forte grao de desacordo coas seguintes afirmacións: a pobreza existirá sempre polo que non fai sentido combatela (65,6%) ou que as desigualdades de ingresos son necesarias para o desenvolvemento económico (59,5%). No entanto, os/as vigueses/as están máis divididos cando se trata de saber se a pobreza irá desaparecer cando o país experimentar un crecemento económico, pois o 52,0% desacorda con esta afirmación contra o 46,6%.

As variacións de opinión sobre este aspecto están ligadas ás diferentes percepcións relativamente á amplitude da pobreza. Desta maneira, o estudo mostra que os inquiridos convencidos de que a pobreza está bastante xeneralizada en Vigo achan que a pobreza é un problema que requer unha acción urxente do goberno en maior proporción (95,9%) que os que pensan que non está nada xeneralizada (83,3%).

## 2. AS OPINIÓNS SOBRE AS POLÍTICAS E OS PROGRAMAS PÚBLICOS DESTINADOS A AXUDAR ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA

Relativamente aos programas públicos aplicados no combate á pobreza, o 22,9% dos/as vigueses/as pensan que estas políticas e programas mellorarían a situación, mentres que o 59,1% pensa que non teñen moito efecto. Até 14,0% considera que agravarían as cousas.

| Resultados en % | Melloran as cousas | Non teñen moito efecto | Agravan as cousas | NS/NR |
|---|---|---|---|---|
| Vigo | 22,9 | 59,1 | 14,0 | 4,0 |
| *Xénero* | | | | |
| Home | 20,8 | 59,9 | 14,7 | 4,6 |
| Muller | 24,6 | 58,5 | 13,4 | 3,6 |
| *Idade* | | | | |
| 18-30 | 20,6 | 60,5 | 14,4 | 4,5 |
| 31-45 | 21,4 | 59,3 | 15,8 | 3,5 |
| 46-60 | 20,4 | 61,6 | 13,0 | 5,0 |
| Máis de 60 | 28,3 | 55,8 | 12,5 | 3,4 |
| *Situación laboral* | | | | |
| Estudante | 23,5 | 53,9 | 16,5 | 6,1 |
| Desempregado/a | 13,3 | 61,9 | 19,5 | 5,2 |
| Traballo non remunerado | 24,4 | 59,9 | 15,1 | 2,6 |
| Traballador/a en activo | 22,0 | 61,9 | 12,2 | 3,9 |
| Xubilado/a | 32,7 | 52,5 | 11,7 | 3,1 |

Tal como figura no cadro, aínda que non se producen relacións de significancia estatística por xénero e grupo de idade, as mulleres e as persoas de maior idade tenden a considerar, en maior proporción, que as políticas e programas públicos aplicados no combate á pobreza tenden a mellorar as cousas. Polo contrario, en función da situación laboral si que existen relacións de dependencia estatística, sendo o colectivo de desempregados o que en maior proporción (19,5%) pensa que estas políticas contribúen para agravar as cousas. A proporción de persoas xubiladas que pensan que melloran as cousas (32,7%) máis que duplica a percepción dos desempregados (13,3%).

No entanto, é preciso notar algunhas diverxencias de opinión ligadas á situación financeira do inquirido e ás súas percepcións e actitudes xerais relativamente á pobreza.

Así sendo, segundo a percepción da extensión da pobreza, o 28,7% dos/as vigueses/as que estiman que a pobreza está pouco xeneralizada e o 22,2% dos que cren que non está nada xeneralizada emiten unha opinión favorábel sobre as políticas implementadas para combater á pobreza, contra os que consideran que agravan as cousas (33,3% entre os que achan que non está nada xeneralizada e 19,5% entre os que o está moito).

Segundo a súa situación financeira persoal, con base na facilidade para chegar con diñeiro ao fin do mes, o 31,1% dos inquiridos que declara vivir nun lar relativamente sen dificuldades, xunto co 23,3% dos que chegan moi facilmente e o 21,1% facilmente dan unha avaliación positiva estas políticas e programas, contra o 10,3% e 15,2% dos que viven, respectivamente, con moitas dificuldades ou con dificuldade.

Por zonas, as políticas e programas públicos son apreciados máis na urbana (24,9%) e semiurbana (23,5%) do que na rural (13,0%). Por distritos, destacan no 6 (56,6%) e, a maior distancia, o 3 (29,3%) e 1 (28,6%).

A afirmación segundo a cal as políticas e programas públicos non teñen moita incidencia é particularmente popular na zona urbana (62,4%) contra a rural (56,0%) e semiurbana (55,9%). Por distritos, rexistra porcentaxes elevadas no 5 (72,5%), 2 (70,4%) e 4 (61,0%).

Consecuentemente, os entrevistados na rural son os que en maior proporción consideran que estas políticas contribúen para agravar as cousas (27,2%) contra a urbana (9,1%) e semiurbana (16,0%). Por distritos, os inquiridos nos Distritos 8 e 9 son os máis negativos, xa que o 33,0% e 21,9%, respectivamente, pensan que as políticas e programas públicos deterioran a situación.

## 3. GRUPOS QUE DEBERÍAN RECEBER UNHA ATENCIÓN SOCIAL PRIORITARIA

Unha visión das persoas que, segundo os/as vigueses/as, deberían receber unha atención social prioritaria mostra que o 72,9% acha que cabería darlla aos

menores abandonados ou vítimas dos maos tratos, antes que ás persoas sen abrigo (66,5%). Alén diso, pensan que as persoas desempregadas (59,7%) e as de idade (49,1%) tamén se deberían beneficiar desta prioridade.

A maior distancia encóntranse as persoas que padecen algunha deficiencia (38,7%) e as que son dependentes de substancias (29,0%).

No entanto, son poucos a considerar que a xuventude delincuente (13,3%), inmigrantes (19,3%) ou as familias monoparentais (22,2%) deberían beneficiarse dunha asistencia social.

Por xénero, as mulleres presentan, de forma estatisticamente significativa, un maior grao de identificación que os homes nos seguintes aspectos:

- As persoas sen abrigo: 69,4% contra 63,2%.
- Os desempregados: 62,9% contra 56,0%.
- As persoas maiores: 51,8% contra 46,1%.
- As persoas que padecen unha deficiencia: 43,8% contra 32,9%.
- As persoas dependentes de substancias: 31,6% contra 26,1%.

Por grupos de idade, é significativas a maior prioridade que os máis novos prestan á atención ás persoas sen abrigo (72,8%) contra o 62,3% das persoas de maior idade.

En función da situación laboral, constátanse as seguintes relacións de significación estatística:

- Os menores abandonados ou vítimas de maos tratos son considerados prioritariamente polos estudantes (82,6%) frente aos desempregados (64,8%).
- Os desempregados son valorados polos propios desempregados (62,4%) e traballadores en activo (62,3%) que polos que realizan un traballo non remunerado (50,0%) ou os estudantes (50,4%).

- As persoas maiores receben máis prioridade por parte do colectivo de xubilados (58,0%) e traballadores en activo (52,3%) que polos desempregados (36,7%) e persoas que realizan traballos non remunerados (40,1%).

- Para os inmigrantes, encóntrase entre os estudantes (22,6%) e traballadores en activo (22,5%) que entre xubilados (14,0%) ou desempregados (15,7%).

- En relación aos pais solteiros, sitúase entre o colectivo de desempregados (28,1%) contra os xubilados (16,0%).

- As persoas con deficiencias son máis valoradas polos xubilados (43,6%) que polos desempregados (29,5%).

## 4. VALORACIÓN DO GASTO DAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS PARA AXUDAR ÁS PERSOAS SEN ABRIGO

Unha esmagadora maioría dos/as vigueses/as entrevistados participan maioritariamente, e de forma semellante, da opinión de que os gobernos consagran pouco ou nengún medio financeiro para axudar os sen abrigo: o 81,3% no caso do Goberno español, 81,2% no caso do municipal e o 80,1% no do galego.

A análise por zonas e distritos achega importantes diverxencias de opinión. Os entrevistados na zona semiurbana e rural son os máis insatisfeitos coas despesas actualmente concedidas polo Goberno español (89,8% e 89,2%, respectivamente) contra o 73,2% da urbana. Por distritos, a satisfacción é maior no 1 (15,4%) e 2 (15,1%) que no 8 (1,1%) ou 9 (3,1%).

Por zonas, a insatisfacción coas despesas do Goberno galego é maior na semiurbana (87,3%) e rural (83,1%) que na urbana (74,4%). Relativamente ao Concello de Vigo, a insatisfacción segue unha secuencia semellante: 88,0% na semiurbana, 84,2% na rural e 76,1% na urbana. Por distritos, a satisfacción coa despesa municipal para este fin alcanza valores do 13,2% e 11,3% nos Distritos 1 e 8, respectivamente, contra o 0,0% e 4,3% dos Distritos 6 e 5, respectivamente.

## 3.2.7 O COMBATE Á POBREZA E Á EXCLUSIÓN SOCIAL

Son levadas a cabo moitas accións a fin de combater a pobreza e a exclusión social en nível da UE, dos estados-membros, dos gobernos autónomos e locais, as ONG ou institucións de beneficencia, as empresas privadas e a propia cidadanía. Este capítulo analisa aqueles que os/as vigueses/as consideran como os principais actores do combate á pobreza e as súas expectativas a despeito dos diversos actores envolvidos.

### 1. QUEN INSPIRA MÁIS CONFIANZA EN MATERIA DE COMBATE Á POBREZA

O inquérito mostra que en materia de combate á pobreza, os/as vigueses/as confían máis nas accións das ONG ou institucións de beneficencia (58,4%) que na propia cidadanía (54,2%) ou as institucións relixiosas (45,9%). Aínda que unha maioría esmagadora do 94,5% desexa que os gobernos actúen rapidamente, apenas o 35,1%, 32,6% e o 25,6% confían, respectivamente, nas accións da UE, Goberno galego e Goberno español de combate á pobreza, o que representa un nível de confianza superior ao que se ten polas empresas privadas (19,1%). As accións do Concello de Vigo (27,4%) obteñen nesta materia mellores resultados que as do Goberno central.

| Grao de confianza (%) | Concello de Vigo | ONG e orgs.. Beneficencia | Instit. Relixiosas | Empresas privadas | Cidadanía |
|---|---|---|---|---|---|
| Vigo | 27,4 | 58,4 | 45,9 | 19,1 | 54,2 |
| *Xénero* | | | | | |
| Home | 27,7 | 55,9 | 43,8 | 17,8 | 52,4 |
| Muller | 27,2 | 60,6 | 47,7 | 20,3 | 55,8 |
| *Idade* | | | | | |
| 18-30 | 21,4 | 59,7 | 36,2 | 19,3 | 50,2 |
| 31-45 | 22,1 | 60,6 | 39,2 | 16,8 | 53,3 |
| 46-60 | 30,7 | 54,5 | 48,0 | 21,1 | 56,7 |
| Máis de 60 | 34,6 | 58,6 | 58,1 | 19,8 | 55,8 |
| *Situación laboral* | | | | | |
| Estudante | 25,2 | 64,3 | 34,8 | 13,0 | 45,2 |
| Desempregado/a | 22,4 | 51,0 | 30,5 | 19,5 | 45,2 |
| Traballo non remunerado | 30,9 | 45,4 | 40,8 | 25,0 | 48,7 |
| Traballador/a en activo | 25,7 | 60,7 | 45,1 | 18,5 | 58,3 |
| Xubilado/a | 34,2 | 64,2 | 68,1 | 19,5 | 59,5 |

Tal como referido no cadro, a confianza nas accións do Concello e, en xeral, do resto de administracións, é máis alta nas persoas con maior idade (34,6%) do que nas máis novas (21,4%).

O colectivo de desempregados é o que mostra menor confianza nas accións do Concello de Vigo para o combate á pobreza (22,4%) que nas das institucións relixiosas (30,5%) e as da propia cidadanía (45,2%). No entanto, os xubilados tenden a confiar en maior proporción que o resto dos grupos analisados nas accións do Concello de Vigo (34,2%), nas institucións relixiosas (68,1%) e na propia cidadanía (59,5%).

Os máis novos son os que mostran unha menor confianza nas accións de combate á pobreza das institucións relixiosas (36,2%). No caso dos estudantes esta confianza redúcese ao 34,8%.

O nível de confianza nas accións dos gobernos é menos elevada entre as persoas que chegan dificilmente con diñeiro ao fin do mes. Así sendo, o 13,8% mostra confianza nas do Concello de Vigo no caso dos que chegan con moita dificuldade e o 26,8% nos que chegan con dificuldade. Polo contrario, aqueles que chegan con máis facilidade son os máis confiantes (34,2% nos que chegan moi facilmente e 28,1% nos que o fan facilmente).

O mesmo acontece relativamente ás accións de combate á pobreza do Goberno español: o 12,5% entre as persoas que chegan con dificuldades e 13,8% nas que teñen moita dificuldade contra o 32,9% e 27,5% dos que chegan, respectivamente, moi facilmente ou facilmente. Con respecto ás accións do Goberno galego, a cidadanía entrevistada tende a confiar, en maior grao, entre os que chegan moi facilmente (41,1%) e facilmente (37,6%) con diñeiro ao fin do mes, que os que o fan con moita dificuldade (16,1%) ou con dificuldade (20,5%).

A confianza nas accións do Concello de Vigo varía do 33,7% na zona urbana, 22,3% na rural e o 20,8% na semiurbana. Os distritos que exprimen o grao de confianza máis elevado no goberno local son o 3 (41,9%), 4 e 8 (30,7% ambos) e 2 (30,3%). O que menos son o 6 (6,1%) e 9 (14,4%).

## 2. QUEN DEBE DIRIXIR O COMBATE Á POBREZA

Apesar do fraco nível de confianza nas súas accións, os/as vigueses/as pensan en maior proporción que a responsabilidade primaria da redución ou da prevención da pobreza cabe ao goberno do Estado (49,7%) máis do que á UE (17,5%). A responsabilidade do Concello de Vigo (1,3%) ou do Goberno galego (4,5%) pola redución ou prevención da pobreza expresada polos entrevistados é inferior á depositada nas ONG ou institucións de beneficencia (9,9%), institucións relixiosas (4,9%) ou a propia cidadanía (5,4%). A responsabilidade nas empresas privadas situouse no 0,7%.

A diferenza entre a falta de confianza no Goberno español e a convicción da súa responsabilidade no tratamento da pobreza pon de manifesto a existencia de expectativas insatisfeitas no que respecta ás accións emprendidas por este. Este estudo mostra que se os/as vigueses/as estiman que o goberno estatal é o primeiro responsábel do combate a un problema que precisa unha intervención rápida, xa que a pobreza é percebida como moito xeneralizada, a cidadanía tende a non confiar nas súas accións. Talvez este impasse está ligado ao feito de a pobreza existir desde sempre e non ser erradicada facilmente.

Por zonas, a proporción de persoas que pensan que o Goberno español é o principal responsábel polo combate á pobreza varía do 65,7% na zona urbana a 15,8% na zona rural (39,9% na semiurbana). Por distritos flutúa do 75,9% e 70,2% nos 3 e 4, respectivamente, ao 1,0% no 9. (A responsabilidade do Goberno galego entre o 0,0% dos Distritos 6 e 8 ao 24,6% do 5).

## 3. ACCIÓNS DA CIDADANÍA PARA AXUDAR ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA

A "boa acción" máis referida polos/as vigueses/as ao seren inquiridos polo que fan para axudar ás persoas en situación de pobreza é a doazón de roupa (56,3%). Tamén son bastantes os que manifestan facelo coa entrega de alimentos (38,7%) ou diñeiro (32,0%). Case unha cuarta parte manifesta dar diñeiro a organizacións de beneficencia ou ás asociacións de axuda aos pobres (23,4%).

A maior distancia, áchanse accións como comprar xornais ou calquera outro ben vendido polas persoas en situación de pobreza (13,9%), ser voluntario ou socio de organizacións de beneficencia ou de axuda aos pobres (10,4%) ou axudar ás persoas en situación de pobreza a encontrar/acceder a un servizo ou unha organización de axuda (8,6%).

Un en cada dez vigueses (11,3%) declarou non axudar nunca aos pobres.

Dar roupa aos pobres é unha práctica corrente en todas as zonas e distritos analisados, particularmente na urbana (60,5% contra 51,6% da rural e 52,2% da semiurbana), así como nos Distritos 4 (71,3%), 6 (68,7%) e 2 (61,0%). Esta práctica é menos frecuente nos Distritos 5 (21,7%), 1 (40,4%) e 8 (46,1%).

Os Distritos 8 e 9 son os máis reservados a axudar ás persoas en situación de pobreza, xa que cerca dunha cuarta parte (24,7% en ambos os distritos) declaran non facelo nunca. Tamén son considerábeis as taxas de resposta producidas nos Distritos 7 (18,5%) e 5 (17,4%). Por zonas, a rural é a que declara en maior proporción non axudar nunca ás persoas pobres (11,9%) que a urbana (2,4%). Na semiurbana rexístrase un 8,2%.

Dar alimentos ás persoas en situación de pobreza é unha práctica particularmente corrente nos Distritos 2 (48,1%) e 8 (40,4%) contra o 5 (11,6%). Por zonas, esta acción de axuda é máis elevada na urbana (44,0%) que na semiurbana (31,7%) e rural (37,1%).

## 3.3 COMPARATIVA ENTRE VIGO, UNIÓN EUROPEA E ESPAÑA

### 3.3.1 Grao de percepción da pobreza e da exclusión social

#### 1. DEFINICIÓN DA POBREZA PREFERIDA POLA CIDADANÍA

Segundo o Eurobarómetro, para un cuarto dos europeus (24%), unha persoa é pobre cando os seus recursos son limitados ao ponto de as impedir participar activamente na sociedade en que viven. Porén, a definición da pobreza preferida polos vigueses (35%) e españois (34%) é que unha persoa non se pode comprar bens de primeira necesidade (escollida como segunda opción polos euro-

peus co 22%). A definición preferida polos europeus obtén o 22% en España e un 18% en Vigo.

Mentres que para un 21% de europeus e 18% de españois é pobre quen depende de institucións de caridade ou de subsidios do Estado, esta definición alcanza o 7% na cidadanía viguesa.

Unha minoría non desprezábel do 18% en nível europeu, 14% do español e 12% do de Vigo opina que son pobres aqueles conforme á definición teórica da taxa de risco da pobreza; isto é, aquelas persoas que viven con menos rendementos por mes do que os definidos polo limiar da pobreza.

A diferenza da UE (5%) e España (3%), até un en cada cinco vigueses (20%) optou pola reposta espontánea de que é imposíbel definir a pobreza nunha só frase.

## 2. EVOLUCIÓNS DA POBREZA NOS ÚLTIMOS ANOS

Máis de nove en cada dez vigueses (91%), contra o 57% de españois e 53% de europeus, opinan que a pobreza aumentou na súa zona de residencia nos últimos anos.

Con respecto á evolución da pobreza en nível estatal, vigueses (93%) e españois (91%) concordan en considerar que esta ten aumentado. Máis de oito en cada dez europeus (84%) tamén son da opinión de que se incrementou no seu país.

A opinión dos vigueses entrevistados sobre o incremento da pobreza na UE coincide coa dos europeus (72%) contra 81% dos españois.

Os españois son os máis pesimistas sobre o incremento da pobreza experimentado no mundo nos últimos anos (90%) contra o 86% de vigueses e 82% de europeus.

### 3. PERCEPCIÓNS DO NÚMERO DE PERSOAS SEN ABRIGO

### 3.1 Estimación do número de persoas sen abrigo na zona de residencia do entrevistado

A proporción de vigueses (8%) e de españois (7%) que consideran que hai moitas persoas sen abrigo na zona en que viven duplica á europea (3%). Aínda que en España e Europa predomina a opinión de que non hai nengunha persoa na súa zona de residencia (42% e 37%, respectivamente, contra 21% de Vigo), a opción predominante dos vigueses/as (un terzo) é que existen algunhas persoas.

### 3.2 Evolución do número de persoas sen abrigo nos últimos anos

Case tres cuartas partes dos vigueses (73%) consideran que o número de persoas sen abrigo aumentou nos últimos anos, contra o 37% dos españois e 30% de europeus.

A grande diferenza de resultado existente entre Vigo e a media europea e española pode ser debida aos diferentes momentos en que foron realizadas as enquisas (entre febreiro e marzo de 2011 no caso de Vigo e entre agosto e setembro de 2009 no caso da UE e España), con percepcións diferentes sobre o alcance da crise económica.

## 3.3.2 O risco de pobreza e de exclusión social

### 1. GRUPOS SOCIAIS CON MAIOR RISCO DE CAÍR NA POBREZA

Con diferente proporción, vigueses, europeus e españois(64%, 56% e 51%, respectivamente) concordan en opinar que os desempregados teñen máis probabilidades de caír na pobreza. Por outro lado, a diferenza de Vigo (22%), europeus e españois coinciden en indicar (cunha proporción do 41% en ambos os casos) que a terceira idade é o grupo máis vulnerábel. Os europeus valoran máis a importancia da educación, formación ou habilitacións, xa que un 31% dos inquiridos, contra o 20% de Vigo e 17% de España, sitúa nese colectivo un risco maior. As persoas con empregos precarios é outro grupo social que os vigueses (36%), europeus e españois (29%) consideran máis vulnerábeis. O risco dos deficientes ou persoas que sofren doenzas crónicas é valorado en maior proporción polos europeus (29%) que por españois (21%) e vigueses

(13%). No entanto, 34% dos vigueses sinalan ás persoas dependentes de substancias con maior risco, contra españois (14%) e europeus (26%).

#### 2. A VULNERABILIDADE PERANTE A POBREZA

#### 2.1 O risco de non poder realizar os seus pagos

Os españois mostran un maior risco de non poder pagar a tempo a hipoteca (25%) ou aluguer (21%) que os europeus (13% en ambos os casos) e vigueses (17% e 16%, respectivamente). Porén, estes mostran os maiores índices de risco no referente a facer frente a un gasto imprevisto que alcance o limiar da pobreza (55%) ou a pagar a tempo os créditos ao consumo (34%). Europeus (19%) e vigueses (18%) presentan unha taxa de risco de falta de pagamento de facturas de subministracións da vivenda inferior á dos españois (24%). O risco de non cubrir a alimentación ou outros bens de consumo habituais é semellante entre españois (15%), vigueses (14%) e europeus (13%).

#### 2.2 O risco de tornarse nun sen abrigo

O risco que recoñecen os vigueses entrevistados de se tornar nun sen abrigo (21%) triplica ao manifestado por españois e europeus.

### 3.3.3 As implicacións da pobreza e da exclusión social

#### 1. OS EFECTOS SOBRE A SATISFACCIÓN DA SÚA VIDA

En xeral, os vigueses entrevistados expresaron un nível de satisfacción superior ao de europeus e españois en cada un dos parámetros analisados: un 93% coa súa vida familiar, 80% co seu traballo, 91% coa súa saúde e o 81% co seu nível de vida actual.

#### 2. A EXCLUSIÓN FINANCEIRA

Case tres en cada catro cidadáns europeus con dificuldades para chegar con diñeiro ao fin do mes (72%) téñenas tamén para obter unha hipoteca, un 64% ten problemas para conseguir un crédito e o 55% para acceder a un cartón de crédito. As dificuldades dos cidadáns en Vigo son do 85%, 76% e 22%, respectivamente.

No caso dos desempregados, o 70% dos europeus nesta situación teñen apuros para obter unha hipoteca, mentres que a media europea é do 49%. En Vigo, esta situación representa o 93% e 76%, respectivamente. (A media global española é do 90%).

Na UE até 58% dos desempregados teñen problemas para obter empréstimos, contra unha media europea do 34% (en Vigo esta dificuldade é do 87% contra a media viguesa do 63%). Neste caso, a media global española é tamén superior (78%).

Nótese as maiores dificuldades coas que se acha a cidadanía viguesa nos casos descritos, dificuldade que, en todo o caso, é menor á española.

Finalmente, o 27% dos europeus ten dificuldades para obter un cartón de crédito e 16% para unha conta bancaria contra unha media española do 55% e 26%, respectivamente. Neste caso, as facilidades de acceso, nas dúas circunstancias, son maiores en Vigo (14% e 7%, respectivamente).

### 3.3.4 As causas da pobreza

#### 1. PERCEPCIÓN DAS CAUSAS SOCIAIS E PERSOAIS DA POBREZA

Como indicado neste estudo, a pobreza pode deberse a factores sociais e persoais.

A alta taxa de desemprego é a causa social máis aparente da pobreza expresa tanto por españois e vigueses (63% en ambos os casos) como polos europeus (52%). A seguir, sitúase a precariedade dos soldos e salarios, referida polo 49%, 43% e 41% de europeus, españois e vigueses entrevistados, respectivamente. A proporción de entrevistados que opinan que a pobreza está ligada ao alto custo da vivenda alcanza o 27% en España, 26% na UE e o 22% en Vigo.

Entre as causas persoais destacan o baixo nível de educación, formación e habilitacións (37% de media europea contra 23-22% de España e Vigo) ou as dependencias, referida como primeira causa persoal polos vigueses (26%) contra un 23% e 20% da media europea e española, respectivamente.

O factor da pobreza herdada, isto é, identificar as persoas pobres coa súa orixe social, é a primeira causa da pobreza referida polos españois (37%) contra un 25% de europeus e 13% de vigueses. Desta maneira, a media viguesa, do mesmo xeito que a dos países nórdicos, afástase de considerar ante todo a pobreza como un problema herdado, característica dos países do sul da Europa entre os que se acha España. Os europeus meridionais tamén fan fincapé nos lazos familiares e dentro da comunidade (por exemplo, até o 25% dos inquiridos en España opinan que as persoas caen na pobreza porque non receberon apoio suficiente dos seus familiares ou amigos cando precisaron, contra o 14% da media europea e 20% da viguesa).

#### 2. CAUSAS POLAS QUE ALGUNHAS PERSOAS SE TORNAN EN SEN ABRIGO

Españois (69%), vigueses (65%) e, en menor proporción, europeus (51%) concordan en situar a perda do emprego e a incapacidade de arranxar outro como a principal causa pola que algunhas persoas poden chegar a tornarse en sen abrigo. En segundo lugar, sitúase o alto custo da vivenda, manifestado polo 44%, 42% e 40% de vigueses, europeus e españois, respectivamente. O sobreendebedamento é referido por unha proporción considerábel de cidadáns (43% de vigueses, 40% de europeus e 39% de españois). A importancia da dependencia da sustancias tóxicas é referida por 39% de europeus contra vigueses (29%) e españois (25%).

A proporción de inquiridos no municipio de Vigo (28%) que sitúan na exclusión ás prestacións sociais ou aos servizos de axuda duplica á media española (14%) e europea (15%). A asociación do risco de tornarse nun sen abrigo coa inmigración ilegal alcanza o 16% en España, 15% en Vigo e 13% no conxunto da cidadanía entrevistada na UE.

### 3.3.5 A situación económica da cidadanía

#### 1. A CAPACIDADE DECLARADA DE CHEGAR CON DIÑEIRO AO FIN DO MES

A facilidade coa que os lares vigueses, europeus (30% en ambos os casos) e españois (28%) declaran chegar con diñeiro ao fin do mes é semellante. Aínda así, son os lares vigueses os que declaran padecer unha situación máis difícil (15%) contra europeus (12%) e españois (10%).

**2. EXPECTATIVAS A CURTO PRAZO**

As persoas entrevistadas en Vigo declararon ser máis pesimistas do que a media europea e española con base nunha maior proporción das que consideran que as súas expectativas serán piores (32%) contra o 12% e 17% da media española e europea, respectivamente.

**3. A SEGURANZA DE CONSERVAR O SEU EMPREGO**

A confianza en conservar o seu emprego nos próximos meses é superior no conxunto da UE (78%) e España (75%) do que a manifestada polas persoas entrevistadas no municipio de Vigo (58%). A proporción de vigueses que manifestan non estar nada seguros co seu futuro laboral (16%) quintuplica á media española (3%) e triplica á europea (5%).

### 3.3.6 Opinións xerais sobre a pobreza e as súas posíbeis solucións

**1. A POBREZA E AS DESIGUALDADES SOCIAIS**

De media, un 89% dos europeus, 91% de españois e o 95% de vigueses piden aos gobernos estatais que tomen medidas urxentes para combater á pobreza. De forma semellante, o 90% de vigueses, 88% de europeus e o 87% de españois consideran que na actualidade as diferenzas de ingresos entre as persoas son moi importantes.

A proporción de vigueses que xulgan que o goberno debería asegurar que as riquezas do país sexan distribuídas de forma equitativa entre toda a cidadanía é inferior (69%) á media española (90%) e europea (82%).

A opinión de que as persoas abastadas deberían pagar máis impostos de maneira que o goberno contase con máis medios para combater á pobreza é xeneralizada en toda a Europa (75%), cun grao de consenso máis elevado en España (83%) do que en Vigo (77%).

A percepción de que a pobreza irá desaparecer cando o país experimentar crecemento económico obtén en Vigo maior consenso (47%) do que na Europa (34%) e España (31%).

## 2. AS OPINIÓNS SOBRE AS POLÍTICAS E OS PROGRAMAS PÚBLICOS DESTINADOS A AXUDAR ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA

A maioría das persoas entrevistadas na Europa (64%), Vigo (59%) e España (53%) consideran que as políticas e programas públicos destinados a axudar ás persoas en situación de pobreza non teñen moita efectividade. No entanto, os vigueses entrevistados móstranse máis pesimistas (14%) do que os españois (11%) e europeus (10%).

## 3. GRUPOS QUE DEBERÍAN RECIBIR UNHA ATENCIÓN SOCIAL PRIORITARIA

Case tres cuartas partes dos vigueses (73%) e dous terzos de europeus (65%) e españois (64%) concordan en identificar aos menores abandonados ou vítimas de maos tratos entre os grupos máis vulnerábeis que deberían receber unha atención social prioritaria.

Máis da metade de vigueses (67%) e españois (61%) consideran que as persoas sen abrigo son o segundo grupo en receber unha atención prioritaria, mentres que a media europea se sitúa no 46%. De forma semellante áchanse os desempregados, referidos polo 60% de vigueses, 51% de españois e 47% de europeus.

A diferenza da media viguesa e española, a europea mostra unha maior sensibilidade polas persoas que padecen algunha deficiencia (55%) e polas familias uniparentais (49%).

## 4. VALORACIÓN DA DESPESA DAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS PARA AXUDAR ÁS PERSOAS SEN ABRIGO

A media da cidadanía viguesa entrevistada que considera que o gasto das institucións públicas estatais non axuda en nada ás persoas sen abrigo é superior (32%) á española e europea (12% en ambos os casos).

### 3.3.7 O combate á pobreza e á exclusión social

#### 1. QUEN INSPIRA MÁIS CONFIANZA EN MATERIA DE COMBATE Á POBREZA

O grao de confianza nas institucións europeas para combater á pobreza é maior entre os españois (54%) que entre os europeus (45%) e vigueses (35%). Aínda que existe unha opinión xeneralizada de desconfianza no papel dos gobernos estatais neste combate, o grao mostrado polas persoas inquiridas en Vigo é menor (26%) ao de españois (40%) e europeus (36%). Igualmente, os gobernos autónomos e locais obteñen as medias máis baixas.

A confianza no papel das ONG ou institucións benéficas é xeneralizada, con medias que van do 67% da española ao 58% da viguesa. De igual maneira, os vigueses entrevistados son os que menos confían na acción da propia cidadanía (54%) contra o 57% de europeus e 69% de españois.

Aínda que os europeus tenden a confiar nas institucións relixiosas (51%), esta confianza que inspiran a españois e vigueses é do 45% e 46%, respectivamente.

A confianza no papel das empresas privadas é moi baixo na Europa, España (32% en ambos os casos) e Vigo (19%).

#### 2. QUEN DEBE DIRIXIR O COMBATE Á POBREZA

A maioría dos inquiridos en toda España (67%), Europa (53%) e Vigo (50%) opina que os gobernos estatais son os principais responsábeis á hora de combater á pobreza. Tamén se sinala a responsabilidade doutro colectivo chave:

- Por volta dun en cada cinco vigueses (18%) e o 14% de españois manifesta que este combate debería ser responsabilidade da Unión Europea.

- Un en cada dez vigueses cre que é, ante todo, responsabilidade das ONG ou institucións de beneficencia contra o 1% de España e o 7% da UE.

- Un 13% de europeus, contra o 5% de vigueses e 4% de españois, consideran que este combate é prioridade da propia cidadanía.

- En Vigo, o 5% comparte a opinión de que son as institucións relixiosas as chamadas a protagonizar o combate á pobreza, contra a media europea de 2% e española de 1%.

### 3. ACCIÓNS DA CIDADANÍA PARA AXUDAR ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA

Dar roupa ás persoas en situación de pobreza é a acción preferida pola cidadanía entrevistada tanto na Europa e España (57% en ambos os casos) como en Vigo (56%).

A media española (41%) e viguesa (39%) que declara dar alimentos a estas persoas é superior á europea (28%). No entanto, a media europea (36%) é superior á viguesa (23%) e española (28%) á hora de contribuír economicamente coas institucións de beneficencia ou asociacións de axuda aos pobres.

A opción de dar diñeiro directamente ás persoas en situación de necesidade é máis referida polos españois (42%) que por vigueses (32%) e europeus (30%).

# 12
# Conclusións xerais

Para un mellor acompañamento das tendencias observadas e para unha visión sintética das diferentes partes analisadas, logo a seguir resumimos as principais achegas deste estudo conforme á orde seguinte:

En primeiro lugar, a modo de introdución, expóñense brevemente as definicións de pobreza obxectiva, subxectiva, absoluta e relativa así como de exclusión social, xa que son conceptos importantes para entender os dados incorporados nas conclusións.

No segundo apartado recóllense as conclusións relacionadas coa percepción que ten a cidadanía viguesa sobre a pobreza e a exclusión social, ao mesmo tempo que se comparan estas opinións cos dados obtidos na UE e en España segundo o estudo do Eurobarómetro.

O terceiro ponto recolle as respostas prioritarias ás cuestións que formulamos aos/ás profesionais e voluntarios/as dos colectivos relacionados co combate á pobreza e á exclusión social.

En cuarto lugar analísase a experiencia persoal da pobreza e da exclusión social a partir das opinións das persoas acollidas nalgúns destes centros.

Finalmente, no quinto e último apartado, resúmense os pontos en común e as diverxencias de opinión entre estes tres colectivos sociais analisados neste estudo: a cidadanía viguesa, os profesionais das organizacións relacionadas co combate á pobreza e á exclusión social, e as persoas que sofren unha situación de pobreza ou de exclusión.

De acordo con esta formulación, a seguir desenvólvense cada unha destas partes.

## 1. Conceptos xerais

No seu significado tradicional e máis corrente, a pobreza está ligada a un agravamento das condicións económicas e refírese fundamentalmente tanto á falta de recursos para abarcar as necesidades básicas dunha persoa como á carencia de medios disponíbeis para participar de forma activa na sociedade. En sociedades complexas como a nosa caben, no entanto, matices e definicións máis precisas como as seguintes:

**Pobreza subxectiva:** Percepción que teñen as propias persoas ou lares sobre a súa situación económica.

**Pobreza obxectiva:** Información que provén de dados obxectivábeis e medíbeis referidos a ingresos e gastos, nível de vida e consumo dos lares.

**Pobreza absoluta:** Situación na que unha persoa non ten capacidade suficiente para cubrir as súas necesidades básicas ou servizos como a alimentación, a vivenda ou a saúde. Está relacionada co concepto de miseria.

**Pobreza relativa:** Situación dunha persoa en relación e dependendo do contexto económico e social e do nível medio de ingresos da sociedade na que vive, facendo imposíbel a súa participación de forma activa ou normal nela. Para o seu cálculo téñense en conta os ingresos totais brutos das persoas ou dos lares. As medicións oficiais que se levan a cabo na UE fixan o limiar de pobreza relativa dunha persoa ou dunha familia no 60% do ingreso medio disponíbel polo conxunto da sociedade do país no que vive.

**A exclusión social:** É un termo máis amplo, que non se concentra unicamente en determinados colectivos marxinais, mais que pode afectar a persoas de distinta extracción social en calquera momento da súa vida. Comprende, por tanto, multitude de factores como o desemprego, a educación, a precariedade laboral, o acceso á vivenda, a deficiencia ou a doenza...

# 2. Percepción cidadá sobre a pobreza e a exclusión social

## 2.1 PERCEPCIÓN DA CIDADANÍA VIGUESA

Da enquisa local levada a cabo despréndese que a cidadanía viguesa é consciente do alcance da pobreza e a exclusión social na sociedade actual e de que se trata dun problema que requere unha acción urxente. Este estudo contribúe tamén para comprender mellor a vulnerabilidade das persoas en situación de pobreza e as vítimas da exclusión social e clarifica algunhas das consecuencias máis evidentes de ambos os fenómenos.

### PERCEPCIÓNS DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A concepción máis habitual da pobreza por parte da cidadanía consiste en non poder satisfacer as necesidades básicas da vida (34,6%), carecer dos recursos necesarios para participar plenamente na sociedade en que vive (17,7%) ou ter menos de 500€ ao mes para poder vivir (11,8%). Porén, o 19,8% dos inquiridos considera que é imposíbel definir a pobreza cun só destes criterios.

A cidadanía viguesa está moi consciente do alcance da pobreza e a exclusión social na sociedade actual: máis de dúas en cada tres persoas (67,2%) opinan que a pobreza está moi xeneralizada no seu municipio, aínda que as opinións varían considerabelmente dunha zona a outra (75,3% na semiurbana, 73,6% na rural e 59,9% na urbana). Este resultado debe ser interpretado no contexto das consecuencias da crise económica actual.

O desemprego (62,9%) e a precariedade dos salarios (40,6%) son as causas sociais máis visíbeis da pobreza. Outras das referidas pola cidadanía viguesa son a insu-

ficiencia das prestacións sociais ou pensións (28,4%) e o elevado prezo da vivenda (21,6%).

Catro en cada dez vigueses/as (41,1%) afirman que existen persoas sen abrigo no seu lugar de residencia e case tres cuartas partes (73,1%) son da opinión de que o seu número se incrementou durante os últimos anos. Unha proporción maior de entrevistados asegura que, en comparación cos últimos anos, a pobreza ten aumentado en España (93,6%), Galicia (91,9%) e Vigo (91,3%). A percepción sobre o incremento da pobreza no mundo alcanza un 85,9% e o 71,4% na UE.

Os factores persoais de pobreza máis citados son as dependencias (26,3%), a carencia de educación, formación ou habilitacións (22,2%) e a falta de axuda por parte de familiares e amigos cando precisaron (19,6%).

## O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

A enquisa confirma a imaxe de vulnerabilidade dos desempregados: case dous en cada tres vigueses/as (63,6%) cren que os desempregados teñen máis probabilidades de caír na pobreza. De facto, máis da metade (59,7%) acha que os desempregados deberían ter prioridade á hora de receber asistencia social. Outros grupos sociais como as persoas con emprego precario, con dependencias, e as da terceira idade son considerados vulnerábeis á pobreza polo 35,9%, 33,7% e 22,2%, respectivamente.

De acordo con determinados "elementos de control da avaliación de riscos", tais como a capacidade para chegar con diñeiro ao fin do mes, a seguranza de conservar o emprego ou mesmo o risco de se tornar nunha persoa sen abrigo, a maioría dos/as vigueses/as confían na manutención da súa situación persoal actual. Así sendo, un 60,8% manifesta chegar facilmente ao fin do mes, o 58,2% das persoas con emprego confían en conservalo nos próximos meses e un 71,3% considera pouco ou nada probábel tornarse nunha persoa sen abrigo.

Alén diso, a maioría dos entrevistados non ten impedimento para acceder a unha conta bancaria (91,1%) ou un cartón de crédito (81,7%). Non obstante, o grao de confianza redúcese ao 27,8% no caso de obter un crédito ao consumo e ao 13,5% no dunha hipoteca.

## AS EXPERIENCIAS DAS PERSOAS POBRES E SOCIALMENTE EXCLUÍDAS

Máis dun terzo dos/as vigueses/as entrevistados (37,7%) ten dificuldades para chegar con diñeiro ao fin do mes, o 55,1% tenas para facer frente a un gasto imprevisto de 500€, 34,4% para pagar os créditos ao consumo, 17,9% se son as facturas da súa vivenda e o 14,1% no caso da alimentación ou outros bens de consumo habituais.

Os desempregados pensan que teñen máis probabilidades de caír na pobreza do que o resto dos/as vigueses/as. En concreto, o 41,9% dos desempregados inquiridos cren que o risco de tornarse en persoas sen abrigo pode ser real contra 17,0% dos traballadores activos ou o 12,1% da poboación xubilada. O estudo indica, por exemplo, que o 84,9% das persoas con problemas para chegar con diñeiro ao fin do mes ten problemas para conseguir unha hipoteca, 75,8% no caso de empréstimos e un 22,2% no dun cartón de crédito. Neste sentido, a situación dos desempregados non é mellor, xa que as dificultades que achan tanto para conseguir unha hipoteca, obter un préstamo ou conseguir un cartón de crédito é do 93,4%, 86,7% e 31,0%, respectivamente.

Estas estatísticas teñen consecuencias importantes. A cidadanía viguesa con dificuldades para chegar ao fin do mes ou que non ten emprego está moito menos satisfeita coas súas vidas do que a media dos habitantes e moito máis preocupada polos problemas relativos á súa saúde e vida familiar.

Alén diso, a pobreza inflúe nas perspectivas das persoas no relativo ás súas expectativas a curto prazo. Así sendo, se case unha terceira parte da poboación (32,0%) espera unha deterioración da súa situación, este pesimismo elévase ao 47,1% no caso dos parados e ao 45,0% dos que chegan con dificuldade ao fin do mes.

## A NECESIDADE DE AXIR CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A poboación viguesa entrevistada considera que a pobreza é un problema que requere medidas urxentes: máis de nove en cada dez (94,8%) opina que lles corresponde aos gobernos tomar esas medidas. Case a metade dos inquiridos considera que o Goberno español é o principal responsábel pola prevención e combate á pobreza, moi por acima da responsabilidade atribuída á UE (17,5%), ao Goberno galego (4,5%) ou ao Concello de Vigo (1,3%).

Este estudo mostra que os/as vigueses/as teñen máis confianza nas accións das ONG ou institucións benéficas (58,4%) para combater á pobreza, que nas iniciativas da propia cidadanía (54,2%), das institucións relixiosas (45,9%) ou das autoridades públicas europeas (35,1%), autonómicas (32,6%), locais (27,4%) e estatais (25,6%).

O inquérito tamén revela unha visión crítica das políticas e dos programas públicos destinados a mellorar a condición das persoas pobres, xa que case seis en cada dez vigueses (59,1%) afirman que estes programas e políticas non teñen moito efecto sobre a situación e máis de oito en cada dez pensan que os gastos dos gobernos non son suficientes para axudar ás persoas sen abrigo (81,3% no caso do Goberno español, 81,2% no do local e 80,1% no do galego).

A cidadanía viguesa sinala varias accións para axudar ás persoas pobres: máis da metade (56,3%) declaran dar roupa, máis dun terzo (38,7%) alimentos e o 32,0% realiza contributos en metálico.

Os menores abandonados ou vítimas de maos tratos son para case tres en cada catro vigueses/as (72,9%) o grupo social que debería receber unha atención social prioritaria, seguidos das persoas sen abrigo (66,5%), os desempregados (59,7%) e a terceira idade (49,1%). En menor proporción sitúan aos delincuentes xuvenís (13,3%) e aos inmigrantes (19,3%).

## 2.2 COMPARACIÓN ENTRE VIGO, UE E ESPAÑA

**DEFINICIÓNS PREFERIDAS DA POBREZA (%):**
Non se poden cubrir as necesidades básicas da vida: Vigo (35), España (34), UE (22)
É imposíbel definir a pobreza nunha só frase: Vigo (20), UE (5), España (3)

**PERCEPCIÓN DO SEU ALCANCE (%):**
Moi/bastante xeneralizada: UE (73), Vigo (67), España (66)

**EVOLUCIÓN DA POBREZA NOS ÚLTIMOS ANOS (%):**
Aumentou: Vigo (81), España (57), UE (53)

**GRUPOS SOCIAIS DE MAIOR RISCO DE CAÍR NA POBREZA (%) (VARIAS OPCIÓNS)**

1- Desempregados: Vigo (64), UE (56), España (51)
2- Persoas con emprego precario: Vigo (36),UE. (29), España (29)
3- Persoas con dependencias (drogas, álcool ou outras): Vigo (34), UE (26), España (14)
4- Terceira idade: UE (41), España (41), Vigo (22)

**RISCO DE NON PODER REALIZAR OS SEUS PAGAMENTOS (%)**

Facer frente a un gasto imprevisto de 500€: Vigo (55), España (44), UE (37)

*Pagar o aluguer a tempo:*

España (21), Vigo (16), UE (13)

*Pagar a hipoteca a tempo:*

España (25), Vigo (17), UE (13),

**RISCO DE TORNARSE EN "SEN ABRIGO" (%):**

Pouco probábel + nada probábel:

UE (89), España (88), Vigo (71)

**DIFICULDADES PARA OBTER UN EMPRÉSTÍMO/CRÉDITO AO CONSUMO (%):**

España (78), Vigo, (63) UE (34)

**DIFICULDADES PARA OBTER HIPOTECA (%):**

España (90), Vigo (76), UE (49)

**CAUSAS DA POBREZA (%)**

- Hai demasiado desemprego: Vigo (63), España (63), UE (52)
- Os salarios non bastan para saír adiante: UE (45), España (43), Vigo (41)
- Os seus familiares e amigos non lles apoiaron o suficiente cando precisaron: España (21), Vigo (20), UE (14)
- Teñen dependencias (drogas, álcool ou outras): Vigo (26), UE (24), España (20)
- Perderon o seu emprego e non conseguen arranxar outro: España (69), Vigo (65), UE (51)
- Non poden pagarse unha vivenda: Vigo (44), UE (42), España (40)
- Por causa das súas débedas: Vigo (43), UE (40), España (39)

**SITUACIÓN ECONÓMICA DA CIDADANÍA (%)**

- Facilidade de chegar con diñeiro ao fin do mes tendo en conta os ingresos mensais do agregado doméstico (facilmente e medianamente): España (88), UE (86), Vigo (83)
- Seguranza de conservar o seu emprego (moi e algo seguro) para traballadores en activo: UE (78), España (70), Vigo (58)

**OPINIÓNS E POSÍBEIS SOLUCIÓNS SOBRE A POBREZA E DESIGUALDADES SOCIAIS (%)**

- É un problema que o goberno debe abordar con urxencia: Vigo (95), España (91), UE (89)
- Os programas públicos destinados a axudar ás persoas en situación de pobreza non teñen moito efecto: UE (60), Vigo (59), España (53)
- Os grupos que deberían receber unha atención social prioritaria son:
  a) Os menores abandonados ou vítimas de maos tratos: Vigo (73), UE (65), España (64)
  b) As persoas sen abrigo: Vigo (67), España (61), UE (47)
  c) Os desempregados: Vigo (60), España (51), UE (47)
  d) Terceira idade: UE (55), España (55), Vigo (49)
- Os gastos das institucións públicas para axudar ás persoas sen abrigo (pouco + nada): Vigo (81), Galicia (80), España (64), UE (56)

**O COMBATE Á POBREZA E Á EXCLUSIÓN SOCIAL (%)**

Para a cidadanía de Vigo inspira máis confianza: as ONG e institucións benéficas (58), a propia cidadanía (54), as institucións relixiosas (46), a UE (35), o Goberno local (33)

Este combate debe ser dirixido por: Goberno estatal (50), a UE (18), ONG e institucións benéficas (10)

As accións que a cidadanía viguesa emprega para axudar ás persoas en situación de pobreza son en orde de preferencia:

1) Dar roupa: (Vigo (56) igual que a UE e España)
2) Dar alimentos: (España (41), supera levemente a Vigo (39) e á UE (28))
3) Dar diñeiro ás persoas: (España (42) supera a Vigo e UE (30 en ambos os casos))

# 3. Opinións dos profesionais e voluntarios dos colectivos relacionados co combate á pobreza e á exclusión social

## 1.- RESPOSTA ÁS PREGUNTAS FORMULADAS CON VARIAS OPCIÓNS:

**1) ACTUACIÓNS PARA DIMINUÍR A SITUACIÓN DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL**

- Con mellorías do emprego (principalmente), da vivenda e da educación

**2) GRAO DE SATISFACCIÓN COAS ACTUACIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS NO COMBATE Á POBREZA E Á EXCLUSIÓN SOCIAL.**

- Nível de compromiso satisfactorio (37,7%). Nunha escala de 0-10, a valoración alcanza unha media de 4,2.
- Nível de eficacia–eficiencia das medidas implementadas polas Administracións. Satisfacción: 25,6%. Nunha escala de 0-10, a valoración alcanza unha media de 3,5.

**3) VALORACIÓN DO NÍVEL DE COMUNICACIÓN EXISTENTE ENTRE OS CENTROS.**

- Satisfacción: 61,9%. Nunha escala de 0-10, a valoración alcanza unha media de 5,5.

**4) COMPORTAMENTO DA POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO, A CURTO E MEDIO PRAZO:**

- Aumentará de forma moderada (51,1%), aumentará considerabelmente (28,9%), diminuirá (6,6%).

## 2.- RESPOSTA PRIORITARIA ÁS CUESTIÓNS ABERTAS FORMULADAS:

**1) CAIS CRE QUE SON AS PRINCIPAIS CAUSAS DA POBREZA NO NOSO CONTORNO?**
O desemprego.

**2) IDENTIFIQUE OS COLECTIVOS EN RISCO DE POBREZA.**
Desempregados de longa duración

**3) HAI NOVOS POBRES, CAIS E POR QUE?**
Novos desempregados (que nunca recorreran a axudas)

